



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 150

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de abril de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Proxectos de lei

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia (doc. núm. 44821, 09/PL-000033)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 634, do 19.04.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 634, do 19.04.2016

1.2 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei da economía social de Galicia (doc. núm. 45722, 09/PL-000034)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 2. Comparecencias en pleno

49704 (09/PPP-000430)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a situación dos pacientes a tratamento por hepatite C crónica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Acumúlanse na anterior as seguintes:

49688 (09/PPP-000426)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos dezoito deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para que informe sobre a acusación que realiza a Fiscalía en relación coa negación de tratamento a enfermos de hepatite C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

49697 (09/PPP-000428)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. Mixto, en relación coa acusación por parte da Fiscalía de presunto homicidio imprudente e prevaricación en relación co atraso na administración dos novos fármacos da hepatite C por parte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 3. Mocións

3.1 49649 (09/MOC-000175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de seguimento da situación do sector lácteo en Galicia e os cometidos que deberá ter. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41836, publicada no BOPG nº 527, do 30.09.2015, e debatida na sesión plenaria 12.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

3.2 49670 (09/MOC-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl

Sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 48707, publicada no BOPG nº 623, do 30.03.2016, e debatida na sesión plenaria 12.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

3.3 49674 (09/MOC-000177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 623, do 30.03.2016, e debatida na sesión plenaria 12.04.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 42048 (09/PNP-003057)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

4.2 45173 (09/PNP-003274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar e co conxunto das forzas políticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 13.01.2016

4.3 46289 (09/PNP-003355)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.4 48884 (09/PNP-003561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

4.5 49036 (09/PNP-003577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.6 49115 (09/PNP-003582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.7 49134 (09/PNP-003584)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.8 49225 (09/PNP-003595)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis
Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, no ano 2016, dun plan galego de atención ao ictus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 32122 (09/INT-001168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de ambiente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 06.02.2015

5.2 45608 (09/INT-001736)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 48413 (09/INT-001864)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a política do Goberno galego en materia de atención, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 49687 (09/POPX-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis
Sobre a acusación da Fiscalía referida ás restricións impostas pola Administración galega para o tratamento cos novos fármacos contra a hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

6.2 49692 (09/POPX-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a denuncia da Fiscalía referida á demora da dispensación de fármacos a doentes de hepatitis C por razóns orzamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

6.3 49696 (09/POPX-000184)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón
Sobre a dilación na dispensa de medicamentos a doentes de hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48752 (09/POP-004702)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva
Sobre a agresión homófoba padecida por un cidadán no mes de febreiro de 2016 nun establecemento comercial de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

7.2 48210 (09/POP-004644)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis
Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.3 49027 (09/POP-004746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan Pexga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.4 49198 (09/POP-004773)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade das condicións da concesión administrativa outorgada á empresa adjudicataria das instalacións e equipamento da antiga fábrica de armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

ORDE DO DÍA

7.5 49686 (09/PUP-000269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo relativa á anulación do concurso eólico de 2008

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.6 48846 (09/POP-004722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Defensa da paralización da poxa de tres parcelas situadas no Campo da Estrada, na Maestranza, na cidade da Coruña, prevista para o día 27 de abril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.7 49691 (09/PUP-000270)

Grupo Parla

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para eliminar os problemas de desamparo de menores e o maltrato infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.8 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas ao proxecto de lei que os grupos parlamentarios manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 10.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura (Mouriño Villar).* (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 11.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 14.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 17.), *Sr. Vázquez Blanco (S)* (Páx. 20.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 27.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 28.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 29.), *Sr. Vázquez Blanco (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 32.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas ao proxecto de lei que os grupos parlamentarios manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 33.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Rodríguez-Vispo Rodríguez).* (Páx. 33.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 34.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 37.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 40.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 43.) e *Sra. Cancelo Márquez (P)*. (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 48.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 49.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 50.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 51.) e *Sra. Cancelo Márquez (P)*. (Páx. 52.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da transacción sobre a emenda número 22 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia: *aprobada por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 7 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación da transacción sobre as emendas números 47 do G.P. dos Socialistas de Galicia, 180 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda e 157 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, puntos 1, 2, 3, 4 e 6, en relación co artigo 122 do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49625): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49632): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49626): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49629): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación do texto transaccionado do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación da transacción sobre a emenda número 14, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia. (doc. núm. 49667): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia. (doc. núm. 49669): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia. (doc. núm. 49672): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.(doc. núm. 49668): *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación do texto transaccionado do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Tereixa Paz Franco, sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de seguimento da situación do sector lácteo en Galicia e os cometidos que deberá ter. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 58.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 59.), *Sr. García García (S)* (Páx. 60.) e *Sra. García Pacín (P).* (Páx. 61.)

Nova intervención da señora Paz Franco (BNG). (Páx. 62.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández, sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 65.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 66.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 67.) e *Sr. Goldar Güimil (P).* (Páx. 68.)

Nova intervención do señor Fernández Fernández (S). (Páx. 69.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 74.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 75.) e *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 77.)

O señor Val Alonso (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 78.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a Tereixa Paz Franco, sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de seguimento da situación do sector lácteo en Galicia e os cometidos que deberá ter: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández, sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para solicitar a votación dos puntos da moción por separado, solicitude que non é aceptada polo grupo proponente. (Páx. 79.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

O señor presidente anuncia a acumulación para o debate de tres comparecencias da orde do día. (Páx. 80.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a situación dos pacientes a tratamento por hepatite C crónica en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos dezaoto deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para que informe sobre a acusación que realiza a Fiscalía en relación coa negación de tratamento a enfermos de hepatite C. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. Mixto, en relación coa acusación por parte da Fiscalía de presunto homicidio imprudente e prevaricación en relación co atraso na administración dos novos fármacos da hepatite C por parte da Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)* (Páx. 80.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 83.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 85.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 87.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 90.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 92.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)* (Páx. 94.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 97.). Nesta rolda interveñen a Sra. Martínez García (M) (Páx. 97.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 98.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 100.), Sra. Acuña do Campo (S) (Páx. 101.), Sr. Núñez Centeno (P) (Páx. 102.) e o Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña) (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 107.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. García García (S) (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 110.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 112.) e Sr. Balseiro Orol (P) (Páx. 113.)

O señor Fajardo Recouso (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar e co conxunto das forzas políticas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Docasar Docasar (S) (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. (Páx. 117.), Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 118.) e Sr. Fariñas Sobriño (P) (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 120.)

O señor Docasar Docasar (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 121.)

Suspéndese a sesión ás oito e media do serán.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Ábrese a sesión.

Xustificou a inasistencia a deputada dona Cristina Romero Fernández.

Comezamos cos textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o Pleno as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura, don Antonio Mouriño.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA (Mouriño Villar): Grazas, presidente.

Señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, señorías, como presidente da Comisión 4ª, de Educación e Cultura, teño a ben presentar a este Pleno o Ditame do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia.

O proxecto tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 4 de decembro de 2015. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 9 de decembro de 2015, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o día 29 de decembro para as emendas á totalidade e o 29 de xaneiro de 2016 para as emendas ao articulado. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 4ª, de Educación e Cultura.

As emendas á totalidade, cualificadas pola Mesa da comisión na sesión do 27 de xaneiro de 2016 e publicadas no

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 591, do 28 de xaneiro de 2016, foron un total de tres: unha do Grupo Parlamentario Mixto, unha do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda e unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Todas foron rexeitadas na sesión plenaria do 9 de febreiro de 2016.

As emendas ao articulado presentadas e cualificadas pola Mesa da comisión na sesión do 10 de febreiro de 2016 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 599, do 11 de febreiro de 2016, foron un total de 633: 204 do Grupo Parlamentario Mixto, 201 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 176 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 50 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 4ª, de Educación e Cultura, na sesión do día 25 de abril de 2014, designou os seguintes ponentes:

Polo Grupo Parlamentario Popular, don Agustín Baamonde Díaz, titular, e don Cesar Manuel Fernández Gil, suplente.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Emilio Vázquez Blanco, titular, e dona María Concepción Burgo López, suplente.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Belén Pontón Mondelo, titular, e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, suplente.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, don José Javier Ron Fernández, titular, e don Ramón Vázquez Díaz, suplente.

E polo Grupo Parlamentario Mixto, dona María Consuelo Martínez García, titular, e dona Mónica Fernández Rodríguez, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 2 de marzo de 2016, e nela fixéronse a metodoloxía e o calendario de traballo.

As seguintes reunións tiveron lugar os días 21, 28, 30 e 31 de marzo, e 6 e 8 de abril de 2016. Analizáronse as emendas presentadas e o texto do proxecto.

A derradeira reunión tivo lugar o día 8 de abril de 2016, e nela rematouse o informe; informe que foi obxecto de debate e votación na sesión da Comisión 4ª, do 14 de abril, na que se recolleron todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe.

O texto articulado do ditame está estruturado en 141 artigos, distribuídos nun título preliminar e 10 títulos.

O título I establece a clasificación dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Delimita o entorno de protección e regula a zona de amortiguamento. Neste título tamén se crea o Censo do Patrimonio Cultural.

No título II regúlase o réxime xenérico de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

No título III introdúcense as precisións con respecto ao réxime de protección específico para os bens declarados de interese cultural.

No título IV establécese o réxime específico de protección dos bens do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

No título V inclúense as peculiaridades propias do patrimonio inmaterial.

O título VI recolle e regula o réxime de protección dos Camiños de Santiago.

No seguinte título, o título VII, regúlase os distintos patrimonios específicos integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

O título VIII establece o réxime dos museos e crea a Rede e o Sistema de Museos de Galicia.

O título IX regula o fomento do patrimonio cultural de Galicia, establecendo as medidas esenciais para a súa disposición e para favorecer a súa conservación.

Por último, o título X regula a actividade inspectora e o réxime sancionador.

Na parte final do texto inclúense unha serie de previsións destinadas a ordenar e definir os compromisos de desenvolvemento regulamentario e de posta á disposición da cidadanía

e os instrumentos de publicidade dos bens integrantes de patrimonio cultural, así como a establecer as normas de transitoriedade necesarias e a delimitar a entrada en vigor das diferentes obrigas recollidas nesta.

Ata aquí un resumo do labor encomendado á Comisión 4ª, que eu presido. Correspóndeme hoxe aquí someter o seu Ditame á súa consideración plenaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Mouriño.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame, e se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós mantivemos as emendas. Presentamos 203 emendas, das que foron aceptadas 16 e transaccionadas 7; polo tanto, mantemos as restantes 179 emendas.

Non podo defender cada unha delas, polo que as agruparei en función do motivo das mesmas e explicarei algunha delas.

Hai emendas relacionadas co obxecto a protexer, como as emendas 13, 15, 16 e 17 ao artigo 9, para incluír como bens a protexer a biodiversidade, as carballeiras, as fragas e o monte atlántico, que coinciden coa emenda 26 ao artigo 10, que pretende a catalogación como ben de interese cultural das paisaxes autóctonas.

Tamén mantemos, en relación co obxecto a protexer, as emendas 23 a 25 ao artigo 10, que pretenden ter en conta, ademais do interese histórico e arquitectónico, o interese social, no que quedarían incluídos, por exemplo, os lavadoiros. Esta emenda complementase coas emendas 142 e 144 ao artigo 92, para aplicar aos lavadoiros a protección que se aplica para hórreos, cruceiros e petos de ánimas.

Consideramos que os lavadoiros, aínda que non se teñan en conta no texto do proxecto de lei, contan a historia, funda-

mentalmente, das mulleres galegas. Nos lavadoiros era onde se xuntaban e onde articulaban moitas das accións que levaron a cabo na historia.

Tamén as emendas 137 a 141 ao artigo 91, que engaden como patrimonio etnolóxico os peiraos, faros, sinais marítimos, útiles mariñeiros ou cancións populares. Todos os aparellos de agricultura e pesca tradicional deberían formar parte do patrimonio cultural.

Tamén a emenda 155 ao artigo 10, para definir o patrimonio bibliográfico que queda sen definir.

Presentamos e mantemos tamén as emendas relacionadas coa participación, dereitos e deberes da cidadanía, como a emenda 4 ao artigo 5, que inclúe a obriga de calquera cidadán de comunicar o perigo de deterioración ou de destrución de bens patrimoniais, así como a obriga da Administración de comprobar a veracidade da denuncia. Non se pode permitir, e a lei debería de recoller a obriga de que calquera cidadán deba poñer en coñecemento da Administración o perigo de deterioración ou destrución do patrimonio e a obriga da propia Administración de actuar inmediatamente en resposta a estas denuncias, porque consideramos que é a única forma de frear a deterioración do patrimonio.

Tamén a emenda 53 ao artigo 23, as 55 e 56 ao artigo 25 e a 62 ao artigo 29, que solicitan que se faga pública a información sobre a propiedade de bens patrimoniais cando pertencen a unha empresa, fundación, organización ou entidade relixiosa. Entendemos que algúns datos están protexidos; datos dos propietarios que non se poden poñer en coñecemento público, pero cando estes datos son de sociedades, organizacións ou entidades relixiosas debería ser pública a súa pertenza.

Tamén mantemos a emenda 71 ao artigo 34, que reclama a exposición pública de todos os plans, programas e proxectos que poidan afectar o patrimonio cultural, e que deba ser sometido a un período de información pública. Calquera actuación que poida levarse a cabo e poida afectar o patrimonio debería contar cun período de exposición pública para que as persoas poidan pronunciarse sobre esa afectación.

Mantemos tamén as emendas relacionadas coa Igrexa católica. Podemos dicir que esta lei, tal como vén contemplado

o seu texto, podíamos chamala unha lei confesional. Polo tanto, presentamos e mantemos a emenda 5 ao artigo 6, que obriga a Xunta a realizar unha relación do patrimonio cultural a nome da Igrexa católica e a reclamar a devolución –de habelas– das propiedades indebidamente inscritas ao seu nome. En Galiza non consta ningunha relación das propiedades a nome da Igrexa, en que ano foron adxudicadas á Igrexa e se esa adxudicación é lexítima ou non. Polo tanto, trátase de establecer esa relación e de reclamar aquelas propiedades que lexitimamente estean adscritas e rexistradas a nome da Igrexa católica.

Tamén mantemos a emenda 6 ao artigo 7, que elimina a Comisión Mixta Xunta-Igrexa como órgano asesor e consultivo en materia de patrimonio cultural, e a emenda 14 ao artigo 9, que pretende limitar como ben patrimonial os usos sociais, rituais, cerimoniais ou festivos. E nós engadímoslle que non teñan carácter confesional. As cerimonias, ritos ou actos relixiosos non poden formar parte do patrimonio cultural, senón que, en todo caso, son patrimonio de cada confesión relixiosa.

Emendas tamén relacionadas cos órganos asesores e consultivos, como a emenda 11 ao artigo 7, para que sexa incluída a Comisión Técnica de Museos entre os órganos asesores. Non entendemos por que se negan a aceptar esta emenda cando ata este momento formaba parte desta comisión a Comisión Técnica de Museos.

Tamén a emenda 12 ao artigo 7, para que todas as reais academias e universidades galegas formen parte dos órganos consultivos. Algo que non entendemos é por que, por exemplo, a Real Academia da Lingua non forma parte dos órganos consultivos, cando a lingua forma parte do patrimonio inmaterial galego.

A emenda 79 ao artigo 44, que reclama que para eliminar algunha construción das épocas pasadas nun ben debe constar informe favorable dos órganos consultivos. No artigo 44 di que o silencio administrativo permitiría destruír os bens patrimoniais, e nós consideramos que, en todo caso, nunca se pode, se non hai un informe favorable dos órganos consultivos, eliminar ou destruír patrimonio.

Tamén a emenda 91 ao artigo 52, que establece a necesidade do visto bo dos órganos consultivos para o traslado dos bens

inmóbles que formen parte do patrimonio cultural. Non falamos de bens móbiles, senón de bens inmóbles; polo tanto, de destruír unha construción e trasladala de lugar, e para iso parécenos importante que os órganos consultivos actúen, porque en toda lei se nomea os órganos consultivos pero non se lles dá ningunha función a eses órganos consultivos, e despois non actúan en ningunha das decisións que hai que tomar, e a maioría delas soluciónanse por silencio administrativo.

Mantemos tamén as emendas relacionadas coa protección do patrimonio, xa que o proxecto de lei é excesivamente desprotector. Así, mantemos a emenda 34 ao artigo 14, para corrixir o texto do proxecto de lei, xa que este elimina calquera deber de protección, mantemento e conservación dos bens que forman parte do Censo do Patrimonio Cultural de Galiza. Entendemos que calquera ben que forme parte do Censo, aínda que non forme parte do Catálogo, debería –en principio e preventivamente– estar sometido a protección, mantemento e conservación.

Tamén mantemos a emenda 35 ao artigo 14, que establece como pertinente a autorización da consellería competente en materia de patrimonio para actuar sobre calquera ben incluído non Censo do Patrimonio Cultural, e a emenda 128 ao artigo 85, para prohibir, sen excepcións, a destrución de bens integrantes do patrimonio artístico. É incomprendible que unha lei que en teoría nace para protexer o patrimonio estableza o permiso para a súa destrución; é a primeira vez. As leis son para protexer, e aquí hai unha lei que di que por non ter interese social, por non ter determinadas cuestións moi subxectivas –que tampouco marca quen ten que definir esas cuestións; non se sabe quen o definiría–, se pode destruír patrimonio ou bens que estean incluídos dentro do Censo do Patrimonio Cultural.

Mantemos tamén as emendas relacionadas co silencio administrativo para cambiar o seu sentido, xa que entendemos que este é empregado contra o interese de salvagarda do patrimonio. Así, mantemos a emenda 36 ao artigo 16, onde o silencio administrativo desestima a declaración do ben. En todo caso, o silencio administrativo nunca pode desprotexer o ben. Se o silencio administrativo desestima a declaración do ben estase dicindo que ese ben pode ser destruído, modificado e abandonado. Polo tanto, é un correr un risco de destruír algo que teña valor simplemente por non actuar a Administración no tempo que ten establecido na propia lei.

Tamén a emenda 58 ao artigo 26 e a emenda 60 ao artigo 28, onde o silencio administrativo desestima a inclusión dun ben no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza. Outra vez o silencio administrativo serve para desprotexer e para autorizar, polo tanto, a destrución do patrimonio. Polo tanto, entendemos que o silencio administrativo debería en todo caso de, se non limitar, prolongar a conservación e a protección do ben.

Mantemos a emenda 72 ao artigo 34, onde o silencio administrativo permite a actuación dos concellos en zonas con bens culturais a salvagardar sen o informe vinculante da consellería competente e, por suposto, sen un informe dos órganos asesores e consultivos. É dicir, que se pode destruír con obras nos concellos patrimonio simplemente por deixamento da propia Xunta.

E a emenda 152 ao artigo 108, que permite a destrución de bens integrantes do patrimonio científico e técnico sen a autorización da consellería competente.

Polo tanto, podemos afirmar que o silencio administrativo nesta lei vai dirixido en todos os casos a desprotexer o patrimonio e a permitir, polo tanto, a súa destrución ou modificación.

Mantemos tamén as emendas relacionadas coas actuacións da Administración galega, como a emenda 70 ao artigo 33, que engade o deber de protección, conservación e enriquecemento do patrimonio cultural galego por parte da Administración. Algo increíble é que a Xunta non acepte nunha lei que a súa función é protexer, conservar e enriquecer o patrimonio, non sei se porque o obxecto da Xunta é outro.

Tamén mantemos a emenda 74 ao artigo 35, que engade a sinatura de protocolos entre Xunta e concellos para garantir a protección e a conservación do patrimonio cultural. Tampouco entendemos por que se negan a establecer estes protocolos de conservación do patrimonio. E a emenda 77 ao artigo 43, sobre a asunción de responsabilidades políticas por danos e perdas no patrimonio cultural, porque todo este silencio administrativo e todas as medidas de desprotección dende logo si que inclúen sancións para as persoas, pero non hai ningunha sanción nin ningunha asunción de responsabilidades políticas por deixamento de funcións e abandono do patrimonio.

Tamén mantemos a emenda 86 ao artigo 47, que engade un novo artigo que regula a obtención de licenzas para realizar obras no patrimonio. E a emenda 90 ao artigo 50, que establece que os bens patrimoniais catalogados propiedade da Comunidade Autónoma son imprescritibles, inembargables e inalienables; algo que tampouco foi aceptado polo Goberno, polo Partido Popular.

Mantemos as emendas en relación co patrimonio inmaterial, como a emenda 107, que engade un novo artigo de definición do patrimonio cultural inmaterial, que está sen definir na lei; a emenda 108 ao artigo 168, que obriga a Xunta a garantir o uso da toponimia en todos os ámbitos, institucións e entes da Administración –sobre todo por non ter que volver escoitar a Rajoy que estivo en “*Sanjenjo*” e pasou polo *Ghrove*, esas cousas que nos di o señor Rajoy en televisión–. Tamén a emenda 109 ao artigo 69, para que a Radio-Televisión de Galiza emita programas que poñan en valor o patrimonio cultural inmaterial. Négase outra vez o Partido Popular a empregar a Radio-Televisión de Galiza como un medio audiovisual cultural que transmita a cultura e os valores do noso país.

Tamén mantemos as emendas 118 e 119, que engaden dous novos artigos en relación coa lingua galega como patrimonio inmaterial e coas medidas urxentes respecto da mesma. E a emenda 158 ao artigo 122, para fomentar no ensino obrigatorio o uso normalizado do galego e o coñecemento do patrimonio, a historia e a cultura de Galiza. Isto si que é un escándalo, que o Partido Popular, o partido que sustenta o Goberno, se negue a fomentar no ensino o uso normalizado do galego e o coñecemento do patrimonio, da historia e da cultura de Galiza. Xa me explicarán por que se negan vostedes.

Moitas emendas pretenden tamén converter en obrigas as múltiples indefinicións de actuacións que poderán ou non levarse a fin. Esas indefinicións aparecen nas emendas 43, 44, 82, 83, 85, 96, 110, 113, 114, 133 e 146. Todas elas falan de que poderán facerse cousas, pero non establece cando se poderá, en que condicións, quen poderá... Polo tanto, o que di é que non se fagan as cousas.

Mantemos as emendas relacionadas co réxime de faltas e sancións, que consideramos excesivamente benevolente, e mantemos todas as emendas aos artigos 129 a 131 e 144, relacionados coa cualificación das faltas, que considero que

son escasamente coercitivas. Realmente hai faltas gravísimas cualificadas como leves; faltas graves, moi graves hai poucas; e hai faltas que se consideran como leves e que, sen embargo, destrúen o patrimonio. Polo tanto, as nosas emendas o que pretenden é establecer unha maior gravidade para as faltas; unha maior protección do patrimonio e unha maior responsabilidade tanto de quen procede á destrución do patrimonio como das responsabilidades políticas de quen permite as ditas actuacións.

En definitiva, votaremos en contra deste proxecto de lei porque, máis que protexer, desprotexe o patrimonio cultural e despreza o patrimonio cultural inmaterial, obstaculizando o coñecemento da nosa cultura e do noso idioma polos nosos xoves e a través da escola, e por non utilizar esta lei para pór en valor e protexer o patrimonio cultural material e inmaterial e non protexer a biodiversidade nin as paisaxes galegas.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

É a terceira vez que discutimos este texto e, como dixemos cando procedemos a defender o texto de devolución á totalidade, hoxe temos que dicir que seguimos denunciando as mesmas eivas, denunciando o proceso final resultante do ditame de ponencia, porque no substancial nada se modificou, nin no epistémico nin no xurídico-administrativo, na taxonomía, desde o punto de vista da ideoloxía e desde o punto de vista da introdución do libre mercado; nada de nada se modificou e todo segue igual. Polo tanto, nós presentamos 201 emendas, e a gran xenerosidade do Partido Popular aceptou 14, e 2 transaccionadas. Polo tanto, como vemos, pois está claro que a vontade de diálogo era bastante cativa, bastante inexistente.

Aceptamos desde a Alternativa Galega de Esquerda que, lóxicamente, a nosa postura ideolóxica con respecto ao patrimonio cultural é totalmente diferente á que defende o Partido Popular, á que defende a dereita, que, como dixemos, quere converter o noso patrimonio nun ben de interese

turístico, nun ben de interese mercantil, e nós dicimos que a cultura non é unha mercadoría. Por iso desde a primeira emenda, desde as emendas 1 e 2 ao título do artigo 1, nós propoñemos mudar radicalmente a definición que fai o Partido Popular da cultura, do patrimonio cultural. Nós propoñemos unha definición ampla, envolvente, social, inclusiva, participativa, que afonde na responsabilidade máxima da Xunta de Galicia como administración pública á hora de garantir a tutela, a protección, a restauración, a conservación, a salvagarda, a investigación, a divulgación e a difusión do noso patrimonio histórico, cultural e natural.

E tamén facemos constar desde aí e ata o final das 201 emendas o expreso recoñecemento do dereito da cidadanía a participar na toma de decisións, na súa accesibilidade, no coñecemento e gozo do patrimonio histórico-cultural e natural, incorporando a dimensión do patrimonio cultural ao ben social e ecolóxico que temos a obriga de transmitir. Falamos moitas veces dunha riqueza cultural agochada e silenciada que require –como di o especialista en Teoría do Patrimonio Cultural, González Varas– “dun acto de vontade para ser exhumada das brumas do esquecemento”. E vostedes, claro, están moi cómodos deixándoa no esquecemento, porque así o mercado e esas leis de mercado poden facer o que queren co noso patrimonio histórico, cultural e natural; no fondo, coa nosa historia, coa nosa memoria.

O patrimonio permite comprender o que somos, pero non hai que confundirse, non podemos converter en sinónimos cultura e patrimonio cultural. O patrimonio cultural é unha selección crítica de testemuños significativos, tanto materiais como inmateriais, culturais e naturais do noso pasado; unha selección crítica que depende de valoracións sociais, ideolóxicas e intelectuais, que fala da nosa relación desde o presente co noso pasado. Por iso, ao ser unha selección, esta non pode ser froito dun proceso de participación eivado, como é o que acontece hoxe, precisa da máis ampla participación na súa definición e conformación. Este feito é fundamental para situar o patrimonio cultural no seu contexto, na súa comunidade, superando enfoques propios do século XIX que pivotaban ao redor do monumentalismo e do museo como institucións dominantes e que nos envían a un enfoque elitista, excluínte e feito desde arriba.

Non será preciso que recordemos que en 1954 a Convención da Haia introduciu a noción de ben cultural para superar pre-

cisamente ese enfoque decimonónico, pois procura ser máis inclusiva e abrangue máis aspectos que van máis aló da materialidade do monumentalismo. A selección coa participación de toda a comunidade no seu sentido máis extenso, iso é o que defendemos nas nosas emendas, porque iso será o que permita que un obxecto cultural se converta en ben cultural. Esta selección só pode chegar a bo porto se existe un traballo histórico, e este feito só ten sentido nunha sociedade que teña institucionalizado o coñecemento histórico na educación e que estea presente tamén nos medios de comunicación social. Pois ben, nós podemos dicir claramente que na educación non está presente, e a través do exercicio de emendas que vostedes rexeitaron pois seguirá sen estar presente. E, se non está presente na educación, dificilmente poderemos sensibilizar sobre a importancia que ten o noso pasado; o noso pasado neste presente, para explicarnos precisamente e non cometer os erros que estamos cometendo.

Por iso o texto resultante é dirixista e paternalista, ao mesmo tempo que excluínte, e de forma análoga ao século XIX está pensado desde arriba. De aí que a nosa preocupación emendante se dirixise a incorporar en todo momento a participación desde a emenda 4 ao artigo 1, garantir o dereito de acceso á cultura e á participación da cidadanía e das comunidades locais. Vostedes rexeitan iso. Da emenda 14 ao artigo 4, acceso e coñecemento e gozo do patrimonio cultural de Galicia no exterior a través de todos os medios oportunos, incluíndo os tecnolóxicos, para coñecer desde aquí o que temos fóra e que foi creado pola nosa diáspora. Tamén se negan a iso, é moi complicado. Da emenda 17 ao artigo 5, o dereito da cidadanía ao acceso e á participación na toma de decisións, de abaixo a arriba, en todos os órganos. Vostedes tamén se negan. Da emenda 20 ao artigo 6, onde introducimos a obriga por parte da Igrexa católica de favorecer o acceso e a participación da cidadanía das comunidades locais na toma de decisións. Tampouco, vostedes seguen coa prerrogativa á Igrexa católica. Recordemos que hai máis de 4.000 igrexas parroquiais en Galicia, ¡máis de 4.000! ¿E quen está sacando do lodo e do esquecemento esas igrexas? ¿É a propia Igrexa católica? ¿É a Administración pública? Non, son as comunidades locais, que se esforzan para mantelas vivas. E vostedes negan sequera esa participación e negan ese dereito.

Nas emendas 22, 23 e 25 ao artigo 7, de participación académica institucional, fixemos un compendio amplo para

incorporar todas as comisións técnicas que son oportunas desde o punto de vista das disciplinas académicas e todos os organismos que se dedican a estudar, a traballar e a afondar no noso patrimonio histórico, cultural e natural en todas as súas dimensións.

Na emenda 77 ao apartado 1 do artigo 36 defínese o acceso, e nós pedimos unha vez máis a firme vontade por parte do lexislador para que a Administración pública competente estableza as medidas oportunas para permitir o dito coñecemento, acceso e gozo, porque vostede se negan.

E para iso vou dicir que unha das emendas que, desde logo, a nós nos produce máis anoxo que non a acepten é a emenda 201, onde queremos adicionar unha nova disposición e facemos constar e pedimos que no prazo de dous anos desde que entre en vigor a presente lei se proceda a realizar, en cooperación coas entidades representativas da diversidade funcional en Galicia, un mapa dos principais bens de intereses cultural e catalogados para que se realicen neles as pertinentes actuacións de localización, sinalética, itinerarios peonís, manexabilidade, información, comprensibilidade e amigabilidade, para que cumpran coas normas de accesibilidade universal e para que ningunha persoa quede excluída do coñecemento e gozo do noso patrimonio histórico, cultural e natural. Unha emenda de difícil calado, desde logo, para vostedes, que prefiren que parte da cidadanía non poida acceder ao coñecemento do noso patrimonio histórico, cultural e natural. Iso para nós é discriminación. E vostedes seguen amparados na súa maioría para facelo.

A emenda 106 ao apartado 3 do artigo 43 fala de proxectos de intervención e de memoria final. Nós aí solicitamos que participen as persoas con coñecemento das disciplinas científicas e profesionais implicadas na investigación, conservación, restauración ou rehabilitación. Vostedes aceptaron só unha. Non entendemos por que vostedes non aceptan ese diálogo de dúas reunións; un diálogo que imos manter aquí para que acepten a participación plena dos profesionais do sector, para que non se vexan agraviados por ese famoso decreto de Turismo que os obriga a habilitarse. É un sentido absoluto que vostedes non actúen nese sentido.

Mais tamén de forma imperiosa unha lei ten que ter que ver co noso patrimonio histórico, cultural e natural, ten que dialogar coa ciencia; aspecto este, desde logo, que está ausente

na Xunta de Galicia, porque vostedes hai que recordar que son quen de vencer as diferenzas sistemáticas e científicas para converter en augas termais todas as augas mineromedicinais frías por mero reclamo turístico e mercantil, tal e como están facendo vostedes cos bens de interese cultural, sobre os que pende neste proxecto de lei a conversión en bens de interese turístico e mercantil. Esa é a finalidade deste proxecto de lei.

Aí está tamén o artigo 38, polo que nada pode impedir as iniciativas de libre mercado. Pero, no libre mercado fronte ao patrimonio cultural, sempre perde o patrimonio cultural e perde a nosa identidade como pobo.

Por iso nós non podemos defender esta absoluta falta de ciencia, de carácter científico, que vostedes demostran no capítulo I do título I. É certo que poden existir diferenzas e matices, pero hai moitos aspectos que quedan eivados, que quedan seriamente degradados desde o punto de vista científico e desde o punto de vista da complexidade burocrática. Vostedes fan todo máis complexo burocráticamente. Converte aspectos seguros en inseguros xuridicamente e manteñen confusións conceptuais e epistémicas que son graves desde un punto de vista, ao noso entender, académico. Por iso AGE ofrece un amplo abano de emendas, desde a 27 á 38, que intentan darlles unha forma máis acaída aos artigos 8 e 14, para incorporar unha taxonomía máis científica e académica ao mesmo tempo que máis garantista e menos complexa desde o punto de vista da burocracia, e outros aspectos que xa enunciámos.

Por exemplo, a este respecto, queremos destacar algunhas. É imposible falar de todo, pero no patrimonio arqueolóxico subacuático –emendas 163 a 166 ao artigo 102, onde se define ese patrimonio– nós introducimos unha definición do que se debe entender por Carta arqueolóxica subacuática de Galicia e onde recolleemos as obrigas da consellería competente a este respecto en cooperación coas universidades públicas galegas para a reconstrución documental, o inventario exhaustivo dos naufraxios, realizar a base de datos e accións de sensibilización e recoñecemento do sistema educativo. Vostedes non aceptaron nada, só aceptaron o nome, si, o de Carta arqueolóxica subacuática, porque vostedes non a tiñan, pero a costa galega é importante desde o punto de vista do patrimonio arqueolóxico subacuático, e hai que traballalo ben, traballalo cientificamente e traballalo desde o

punto de vista da sensibilización para que non aconteza o que vostedes fan coa ponte de Rande, que se cargaron o que, loxicamente, figura nos pés, nos piares desa ponte.

Por exemplo, poderíamos falar do patrimonio etnoantropolóxico e inmaterial, onde nós, a través da nosa emenda 34, consideramos unha definición moito máis acaída. Vostedes, de feito, aí non definen, quedan na superficie, como en case todo. Desde logo, nós entendemos que o patrimonio cultural inmaterial é fundamental e por iso tamén pedimos na emenda 126 ao artigo 69 que se introduzan nos deseños e materiais curriculares como formación do profesorado o título oficial de grao e de máster.

Pero, por iso —está rematando este tempo, quedan dous minutos, vou saltar—, un aspecto que nós consideramos fundamental é a importancia da dimensión da natureza na definición do ben cultural. Nós defendémola, non só a través do cambio de título do proxecto de lei e na mellora das definicións da taxonomía, senón tamén coas emendas 113 e 114 ao artigo 59, onde se fala de instrumentos específicos de protección das paisaxes culturais e territorios históricos. Solicitamos que se teña en conta o Convenio Europeo da Paisaxe do ano 2000 —é fundamental— e introducimos a necesidade de que na protección das paisaxes culturais se salvagarden as prácticas socioculturais propias do espazo como patrimonio etnoantropolóxico e inmaterial, formas de cultivo, edificación tradicional, agricultura sostible, atendendo, por suposto, á dialéctica entre a sociedade dese entorno e a paisaxe.

Vostedes —repiro— preséntannos un texto eivado, un texto que é menos garantista incluso que o anterior; un texto a un proxecto de lei, o anterior, o 8/1995, co que non dialogan criticamente, e así temos a situación do patrimonio. Non podemos dicir que a situación actual do patrimonio estea ben. Ese inventario —aquí o discutimos no último plenario—, o Catálogo de Bens de Interese Cultural, é un catálogo secuestrado, é un catálogo silenciado, porque así se permitiu que o 30 % dos bens que figuran nel fosen demoucados, fosen arrasados, e que permanezan para sempre no silencio da destrución. E nós, coas nosas emendas, coa nesa negativa a este texto resultante, o que queremos dicir é que queremos salvar o noso patrimonio histórico, cultural e natural das intencións depredadoras do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

Eu quixera, en primeiro lugar, empezar polos agradecementos: agradecemento primeiro ás persoas que seguen este debate, que están interesadas en que estamos debatendo neste Parlamento sobre esta Lei de patrimonio cultural; agradecemento tamén desde o Bloque Nacionalista Galego a todas as persoas e a todas as entidades que nos fixeron aportacións, porque quero salientar que unha boa parte das emendas que nós presentamos recolle o sentir de profesionais da cultura, de xente que está traballando no patrimonio e que ve as grandes eivas que ten esta lexislación e os problemas que vai crear no futuro; e, en terceiro lugar, tamén un agradecemento tanto ao Servizo Xurídico da Cámara como a todos os membros da ponencia, porque teño que recoñecer que facilitaron, polo menos, o traballo en ponencia, aínda que ao mesmo tempo tamén digo con toda clareza que os seus resultados son claramente insatisfactorios desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego.

¿E por que son insatisfactorios estes resultados? Porque realmente o Partido Popular volve facer unha política de ouvidos xordos, de queremos tapar os ollos ante a realidade, aprobando en solitario unha nova norma que en realidade empeora a lexislación en materia de patrimonio; unha nova norma que realmente o que recolle é unha concepción fosilizada do que é o noso patrimonio e que, ademais, representa, polo tanto, unha oportunidade perdida para o noso país. Nós entendemos que o problema da desprotección que ten o patrimonio en Galiza non está situado na lexislación, que mesmo temos unha lexislación que, se se desenvolvera dunha maneira clara, con recursos, con apoio técnico por parte da Administración, ten cousas moi boas. Non negabamos a posibilidade de poder adaptar a lexislación aos novos tempos, non negabamos a posibilidade de ter unha nova lei de patrimonio que realmente comprendera que o patrimonio é un valor social, que é un valor cultural e que é tamén un valor, polo tanto, de cohesión e de desenvolvemento do noso país. Lamentablemente, temos

unha norma que é un paso atrás na desprotección do patrimonio e que non nace do consenso.

Quero salientar isto por unha cousa, porque a lexislación que tiña Galiza foi unha lexislación aprobada por unanimidade nesta Cámara. E o que lamentamos é que o PP, sen facer unha análise crítica de cales son os problemas da desprotección do patrimonio, faga unha nova lei que claramente é un paso atrás en relación co noso país.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego, non só anunciamos o noso voto en contra a esta lei porque desprotexe e desgaleguiza a lexislación en materia de protección do patrimonio, senón que tamén asumimos un compromiso, e é que é necesario que na próxima lexislatura derroguemos esta lei e que traíamos unha nova lei de patrimonio cultural que realmente sexa unha lei adecuada aos tempos, a unha concepción moderna da xestión do patrimonio e que estea consensuada co sector, que estea dotada economicamente, porque vostedes seguen na política-ficción dicindo que se pode protexer o patrimonio sen recursos, e unha vez máis denunciámos que esta lei vén acompañada dunha memoria que é unha vergoña, porque nos di que con 400.000 euros se vai aplicar anualmente esta lei. ¿Como imos aplicar unha nova lei que signifique un paso adiante na protección do patrimonio se non ten recursos? Explíquenlo porque, de verdade, cremos que é un enigma por resolver.

E tamén, desde logo, cremos que é importante apostar pola recuperación do patrimonio do noso país como un elemento de autoestima, como un elemento de cohesión, como un elemento de desenvolvemento, e cremos que vostedes teñen aí unha cegueira que está non só provocando a destrución do patrimonio, senón limitando as posibilidades de desenvolvemento económico.

Tamén lamentamos que a maior parte das emendas que presentamos a esta lei non foran aceptadas. Eran emendas parciais que, evidentemente, non poden modificar o que é unha estrutura e unha concepción que, desde o noso punto de vista, non é a que neste momento necesita o patrimonio do noso país, pero si queremos, en todo caso, salientar que o máis relevante que se nos aprobou é, precisamente, no artigo 14: que se elimine esa referencia escandalosa a que o feito de que se inclúa no Censo do Patrimonio Cultural non signifique a súa conservación física. Evidentemente, voste-

des danse conta de que é unha aberración que aparecera que o feito de que un ben estivera no Censo non implicaba a súa conservación. Eliminar esa referencia para nós é algo positivo, aínda que, como dicimos, non ten a substancia suficiente esta cuestión como para que poidamos modificar ou haxa unha modificación substancial desta lei.

É unha lei que, como xa dixemos, desgaleguiza a lexislación en materia de patrimonio, que baleira de facto as competencias da Xunta de Galiza. Vostedes están sempre nesa política de querer desresponsabilizarse e, polo tanto, aquí hai un paso atrás importante na protección do patrimonio, que vai ser maior discrecionalidade e inseguridade xurídica e mesmo confusión.

Cremos que é un erro a eliminación dos inventarios, porque o feito de que houbera tres categorías no ámbito cultural galego responde a que a realidade do noso patrimonio non é homologable a outra. Temos un patrimonio moi rico, moi extenso. Falamos aquí de hórreos, de lavadoiros, de petos de ánimas..., de moitos elementos do noso patrimonio tradicional que necesitan unha protección, pero sen a rixidez dun ben de interese cultural ou dun ben que estea catalogado, e vostedes nese ámbito, como dicimos, o que fan é dar un paso atrás.

Seguimos denunciando que non se incorpora a participación social na xestión do patrimonio. Cremos que habería que eliminar os privilexios que segue tendo a Igrexa católica nesta lexislación, e, polo tanto, un réxime previsto especificamente para a protección dese patrimonio, que, por outro lado, vendo o que está pasando neste país, é evidente que fracasou, porque non consegue unha mellor conservación, recuperación e acceso público aos bens patrimoniais que son neste momento titularidade da Igrexa católica, e tamén porque cremos que hai problemas, mesmo desde o punto de vista técnico, nos conceptos que están recollidos nesta lei que van xerar moitos problemas. Un deles é datar o patrimonio ou a consideración do patrimonio desde un punto de vista de datas históricas e non polo seu valor social e polo seu valor cultural. E mesmo ese paso que vostedes dan nesta lei está desprotexendo o patrimonio que hoxe en día xa estaba protexido, ou mesmo no que se refire, por exemplo, ao patrimonio subacuático, están lexislando en contra do que din as convencións de protección do patrimonio subacuático que se veñen de referendar. É dicir, que esta é unha lei que crea inseguridade xurídica, que desde o punto de vista técni-

co ten moitas inconcrecións e que, como dicimos, non serve para solucionar os problemas do noso país.

Sorpréndenos moito que algunhas das emendas que presentamos non fosen recollidas, xa digo, porque moitas son cuestións técnicas que se nos pasan desde persoas que están traballando no ámbito patrimonial e que alertan de problemas polas definicións inexactas que se poñen na lei, e outras teñen que ver mesmo con aspectos que xa estaban recollidos na lexislación e que hai anos nos parecían importantes. A nós sorpréndenos que o Partido Popular, ao que se lle enche tanto a boca falando da internacionalización da cultura, non acepte unha emenda na que falamos da proxección exterior do patrimonio cultural galego, mesmo cando esa emenda xa estaba recollida na lexislación actual e marcaba, polo tanto, un elemento no que hai anos estabamos de acordo. Hoxe o Partido Popular está en contra de que se recolla a proxección exterior do patrimonio cultural galego.

Tampouco entendemos por que se recortan os dereitos e os deberes da cidadanía nesta lei, e, en concreto, a nós parecía-nos relevante e cremos que é importante que na lexislación se recoñeza o deber de que todas as persoas deben de participar na protección do patrimonio e na denuncia de feito de agresións ao patrimonio cultural, porque tamén sabemos que, sen esa rede de alerta cidadá, cos medios técnicos da Xunta é imposible detectar os casos de destrución do noso patrimonio. Entón, ¿por que o Partido Popular está en contra de que se recolla un artigo –que, ademais, estaba na Lei de patrimonio cultural vixente– no que se di que cando as persoas observen perigo de destrución ou deterioración dun ben integrante do patrimonio cultural deberán poñelo en coñecemento da Administración ou da propia xustiza? ¿Por que se está eliminando como un deber cidadán e, polo tanto, como un elemento común a protección e a detección dese tipo de casos? Deberían vostedes de explicarnos esta cuestión.

Tamén nos gustaría que nos explicaran por que seguen mantendo os privilexios para a Igrexa católica, establecendo un réxime específico no que mesmo non lle existen o mesmo á Igrexa católica que ao resto de propietarios e propietarias de bens de interese cultural, de bens patrimoniais do noso país. Sería importante que nos dixeran a causa.

Cremos que hai tamén unha, como xa dixeran, necesidade de recuperar a categoría dos bens inventariados. Non entende-

mos por que se aposta por unha zona de amortecemento, cando o que están facendo é limitando a protección que xa existe e complicando a protección que xa existía cos contornos de protección dos bens de interese cultural. Entendiamos que esta lei era unha oportunidade para axilizar e desburocratizar as declaracións de bens de interese cultural no noso país. Fíxense, para declarar un ben de interese cultural, a media da tramitación dos informes é longuíssima. ¿Por que non aproveitamos esta lei para que esa tramitación sexa máis áxil? Porque, efectivamente, temos un patrimonio moi rico, temos figuras que o lóxico sería que non levara unha eternidade tramitalas desde o punto de vista burocrático. Entón, nós dicíamos: axilizar a declaración, que só sexa necesario un informe para poder declarar un ben de interese cultural e que, no caso de que non se declare, non teñamos que esperar tres anos para volver iniciar ese expediente; facilitemos, polo tanto, a protección e desburocraticemos os trámites administrativos. Mais vostedes aquí manteñen todo isto, iso si, cunha cuestión que aínda non foron capaces de explicarnos e que nos preocupa moito en relación co acceso, coas condicións para a visita pública aos bens declarados de interese cultural.

Aparece aquí unha disposición adicional na que parece ser que hai tres anos de moratoria para que non sexan obrigatorias as visitas aos bens de interese cultural. Vostedes fan unha disposición adicional na que dan tres anos para que se comuniquen á consellería as condicións e os calendarios da visita pública. É dicir, que neste momento, se non se comunica, teñen tres anos nos que os bens de interese cultural non van poder ser visitables. Gustaríanos saber por que poñen esta disposición adicional cando realmente non estamos lexislando *ex novo*; é dicir, non aparece esta figura dunha maneira novidosa nesta lei, senón que iso xa formaba parte do corpo legal da Lei anterior de patrimonio cultural. Explíquen-nos por que aparece esta disposición adicional que, desde logo, como dicimos, é un paso atrás, e mesmo dá a impresión de que durante tres anos en todos os bens de interese cultural, se non se lle comunica á Xunta cales son as condicións e o calendario, non ten por que haber visitas públicas. Parécenos gravísimo, e pedimos que hoxe se aprobe a nosa emenda 175, que, en todo caso, establece un prazo máis razoable que un prazo de tres anos.

Tamén nos gustaría que se corrixiran, como dicía, algunhas inconcrecións ou cuestións que son moi sorprendentes

desde o punto de vista da falta de rigor ou de como estabamos nós sinalando que hai problemas, porque se está catalogando e definindo mal o que é o propio patrimonio. Por exemplo, no que se refire á arquitectura defensiva, vostedes só fan referencia aos castelos, ás torres defensivas e aos muros circundantes urbanos. Nós preguntámonos: ¿e un castro, as murallas dun castro, non son unha estrutura defensiva? Porque se fai este tipo de definicións que claramente logo van crear problemas desde o punto de vista técnico porque establecen definicións que non teñen nada que ver coa realidade.

E non quería finalizar –poderíamos comentar moitas máis emendas– sen facer referencia a dúas que a nós nos parecen importantes. A primeira é que aquí hai unha desprotección moi importante do noso patrimonio arqueolóxico. Nós aquí faciamos unha proposta de crear arqueotecas; é dicir, espazos onde poder acumular, estudar, conservar, preservar e investigar o noso patrimonio arqueolóxico. Saben que hai un problema moi grave derivado da falta de espazos e da falta de lugares especificamente pensados para isto. Non sabemos por que non se quere avanzar neste campo. E da mesma forma tamén nos sorprende que non se queira dar unha solución a un problema que se vén creando nos últimos meses e que teñen todas aquelas persoas que están traballando no patrimonio; os que están traballando porque están facendo escavacións no patrimonio arqueolóxico, pero tamén todas aquelas persoas que queren facer unha actividade vinculada coa posta en valor do patrimonio arqueolóxico e tamén coa creación de emprego, os profesionais que están traballando no ámbito da divulgación, da exhibición e da conservación do noso patrimonio cultural.

Temos unha lexislación hoxe que crea aberracións tales como que unha persoa que foi a responsable de facer unha escavación arqueolóxica non pode facer unha visita guiada para ensinar ese ben a ninguén, ten que levar un técnico que teña habilitación de guía turístico. A nós parécenos moi ben que se regule a figura do guía turístico e que iso teña, polo tanto, unha profesionalización no ámbito galego. Agora ben, o que é un error é considerar que todo o patrimonio é turismo e é un error considerar que os profesionais da cultura non poden seguir desenvolvendo o labor que viñan facendo.

Nós temos unha emenda, que é a nosa emenda número 157, que recolle a proposta que trasladaron...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a todos os grupos os responsables e as persoas aglutinadas no colectivo Patrimonio e Cultura, que nos están trasladando este problema.

Eu lamento moitísimo que a pesar de que fixemos ofertas para transaccións non haxa vontade por parte da Xunta de Galiza de preservar o seu labor a través desta lei. Creo que é a principal mostra da falta de vontade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para acordar, nin no máis mínimo, nada coa oposición. Laméntoo sobre todo porque están vostedes poñendo unha pedra e están poñendo atrancos ao desenvolvemento dun labor que debería de estar preservado por parte da Administración, porque esa xente está facendo o que non fai a Xunta de Galiza.

Poden aínda rectificar, agardamos que o fagan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidenta.

Dende o Grupo Socialista mantivemos dende o primeiro momento que esta lei era unha lei innecesaria. Neste grupo estamos convencidos de que o motivo principal para a presentación deste proxecto de lei non é outro que o de dar cumprimento a unha promesa electoral que tiña o Partido Popular, e, como agora se aproxima o final da lexislatura, preséntano a bombo e prato coma se con isto se arranxara unha das eivas máis importantes da súa xestión en materia cultural, e iso que a xestión deste goberno en materia de cultura está pragada de grandes desatinos, por non dicir, ademais, abandonos, e estou a referirme, precisamente, ao patrimonio.

Dende o Grupo Socialista e dende os demais grupos da oposición insistimos en reiteradas ocasións no abandono

ao que está sometido o patrimonio de Galicia. Vostedes fan ouvidos xordos a que preto do 30 % dos bens declarados BIC xa non existan ou se atopen nunha situación de grave risco. O Grupo Popular e o Goberno da Xunta sempre tumba as iniciativas presentadas dende a oposición referidas a este ámbito, como fixeron precisamente no pleno anterior. E ao mesmo tempo anuncian este proxecto de lei coma se con iso se arranxara o problema do abandono dos nosos bens culturais.

A resposta da Xunta de Galicia fronte a este problema sempre foi a mesma: esgotamento de recursos, falla de iniciativa e de proxectos, desleixo e unha selección politicamente dirixida dos escasos bens obxecto de atención nestes últimos anos; anos nos que moitas asociacións e colectivos en defensa do patrimonio artístico e mesmo persoas comprometidas co mesmo teñen denunciado esta dramática situación sen que nada se teña feito dende o Goberno galego para poñerlle fin. Por non engadir que a xestión do patrimonio e as actuacións de protección, conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor do mesmo constitúen un importante nicho de emprego para o noso país. De entre estas asociacións podemos citar varias, como son O Sorriso de Daniel ou mesmo Hispania Nostra, que se adica á defensa do patrimonio artístico español, e que ten incluído na súa tristemente célebre lista vermella nada menos que 22 monumentos galegos neste preciso momento.

Pero para facer balance da súa xestión non hai como tirar de datos obxectivos, xa que isto non o poden negar. E, curiosamente, a partida adicada á protección do patrimonio artístico, histórico e cultural pasou de 22.168.000 euros a 12.834.000, reducíndose cada ano de xeito proporcional ao abandono dos bens culturais. E vemos como nos orzamentos da Xunta para este ano –eses que se supuña que eran expansivos– aínda diminúe un 6 % con respecto ao 2015 a partida adicada á protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. Ademais do escaso orzamento adicado a este asunto, a Xunta practicamente só inviste na conservación de bens patrimoniais da Igrexa católica, marxinando claramente outras obras civís de relevancia.

E tamén hai que dicir que non se está exixindo aos propietarios de bens declarados BIC, en moitos casos restaurados con subvencións públicas, que habiliten os días e horas de visita, tal e como determina a lexislación vixente.

É por isto que o Grupo Socialista mantén que o problema do patrimonio en Galicia non é un problema normativo. Nós cremos que o problema está na política, e, se isto non muda, de nada servirá que se aprobe unha nova lei. Ademais, nós mantemos que a lei vixente é unha lei perfectamente válida nada do consenso, un feito importante, xa que esta non o é. E o que precisamos é de desenrolo normativo para cubrir as carencias e que se regulen algunhas das cuestións que se botan en falla, pero, dende logo, o que mantemos é que era innecesario facer unha nova lei; e mantemos que o problema do patrimonio en Galicia non é un problema legal, senón que é un problema político, e que do que precisa é de vontade política e de compromiso.

E permítanme recordarllo unha vez máis: para este goberno a cultura non é unha prioridade, e isto está claro polo nivel de inversións, xa que dende o 2009 o orzamento en cultura se reduciu nun 56 %. Pero é que, ademais, a porcentaxe adicada á cultura sobre o total no 2009 era do 1,29 % e agora é do 0,6 % –menos da metade–, e estes tamén son datos obxectivos.

Como dixen, esta lei non era necesaria porque a anterior lei foi feita cun amplo consenso, que pensamos que é moi importante para unha lei como a que regula o noso patrimonio. E, dende logo, a pesar da insistencia pola propia consellería do carácter participativo que pretendía darlle a esta lei, é obvio que non conta coa participación e a busca de consenso que si se conseguiu na anterior lei; baste poñer como exemplo que o período de alegacións do anteproxecto foi nada menos que durante o pasado verán, dende logo a peor data posible cando se ten interese en que participen os colectivos interesados e afectados; por non falar da convocatoria que fixo a consellería aos diferentes grupos da oposición presentándonos un *power-point* do anteproxecto de lei cando días antes o Consello da Xunta xa aprobara o proxecto de lei que hoxe debatemos aquí.

Dende o Grupo Socialista presentamos unha serie de emendas que o que buscaban era corrixir diferentes aspectos da lei que nos preocupan e que ademais nos parece que constitúen un claro retroceso en materia de patrimonio. A este grupo parécelle que esta lei abre serios interrogantes no que á protección do patrimonio se refire. E, por desgraza, despois do traballo feito na ponencia e despois do debate en comisión, atopámonos con que precisamente as emendas que buscaban

corrixir os aspectos máis graves deste proxecto de lei non foron aceptadas.

Tan só aceptaron aquelas emendas que melloraban determinados aspectos da lei, pero que non supuñan mudanzas significativas ao texto, e sobre todo as partes que marcan de xeito máis significativo a protección do patrimonio. Menos mal que aceptaron algunhas emendas ao artigo 122, aínda que non todas, e polo menos se corrixiu parte, no sentido de ampliar a participación de profesionais vinculados ao patrimonio, aínda que estamos esperando, como dicía a voceira do BNG, a conseguir unha transacción definitiva. Aínda que lamentamos, ademais, que moitas das emendas presentadas polo noso grupo caeran en saco roto, porque polo menos servirían para evitar moitas das eivas que ao noso entender ten este proxecto de lei e que teñen que ver con áreas de desprotección para o noso patrimonio.

En canto á relación coa Igrexa católica, xa manifestamos que, ao noso criterio, se establece unha relación de privilexio mantendo unha comisión mixta entre a Xunta de Galicia e a Igrexa católica no artigo 6, para o cal presentamos unha emenda de supresión, xa que cremos inxustificada esta relación de privilexio, que ademais deixa para regulacions posteriores as súas funcións.

Ademais, no artigo 7 da lei establécense cales son os órganos asesores en materia de patrimonio cultural, e xa inclúe a Igrexa católica entre outros, polo que non estamos de acordo con este privilexio, posto que as actuacións en propiedades da Igrexa son informadas a través dunha comisión especial mentres que o resto de persoas e administracións comparten un mesmo órgano.

E outra das eivas que ao noso parecer son difíciles de entender neste proxecto de lei é a da participación, xa que esta lei, ao noso parecer, reduce tamén a participación á sociedade. E concretamente redúcese, ademais, os órganos consultivos e asesores recollidos no artigo 7 con respecto á lei actual, supoñendo un retroceso neste senso á hora de xestionar o patrimonio. Por iso introducimos emendas que corrixiran este retroceso e, aínda que foron aceptadas as referidas á recuperación da Comisión Técnica de Arqueoloxía e de Etnografía, non entendemos o porqué de non recuperar tamén a de Museos, como estaba xa recollido na lei vixente, así como tampouco entendemos o porqué de non aceptar as

emendas referidas á recuperación do Consello da Cultura Galega, que este proxecto de lei exclúe como órgano consultivo; ao igual que tampouco aceptaron a recuperación das outras reais academias de Galicia vinculadas coa Lei de patrimonio e que si figuran na lei vixente.

Unha das novidades máis anunciadas pola consellería foi a de refundir nunha soa lei a lexislación existente sobre os Camiños de Santiago, que supón a simplificación e a dotación da mesma, algo que a este grupo lle parece positivo. Aquí tamén temos que sinalar que, aínda que unha das dúas únicas emendas do Partido Popular a esta lei é a que pide a inclusión do Camiño Portugués pola costa –co cal estamos de acordo–, temos que lamentar que non se aceptara a emenda referida ao estado de abandono e de falla de sinalización do Camiño de Inverno, na que se pedía un compromiso concreto nunha disposición adicional de facelo en seis meses, algo ao que fixeron ouvidos xordos unha vez máis. E aproveito para saudar os membros da Asociación Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras, que se atopan na Cámara e que, lamentablemente, se atopan coa falla de compromiso da Xunta en algo tan necesario e ademais tan sinxelo como sinalizar este camiño e en tomar medidas que poñan fin ao estado de abandono no que se atopa; unha mostra máis do traballo que desenvolven moitas persoas de xeito desinteresado e que suple tantas veces o labor do Goberno da Xunta de velar pola conservación do seu patrimonio.

Si temos que celebrar que finalmente parece que podemos acadar un acordo sobre unha emenda presentada polo Grupo Socialista para incluír o recoñecemento como Camiño da Ruta da Translatio, pola Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, que, de xeito incomprensible, foi eliminado do proxecto de lei, cando si estaba no anteproxecto e tamén na vixente lei, así como no Plan director da Xunta de Galicia sobre os Camiños de Santiago o ano pasado. Grazas á presión dos concellos implicados, creo que podemos conseguir ter un apoio, porque deixar fóra este camiño supuña algo tan surrealista como non concederlle a Compostela ao propio Apóstolo Santiago.

Unha das principais novidades que presenta este proxecto de lei vén determinada pola habilitación legal para que os concellos poidan autorizar as intervencións en determinados bens catalogados. É importante destacar que se refire só aos bens que están incluídos no Catálogo do Patrimonio, e que a este

grupo, que cre no municipalismo como a forma de xestión máis próxima ao cidadán, lle parece ben que se avance na implicación e na autonomía dos concellos para desenvolver as súas políticas, como pasa agora nos conxuntos históricos cos plans especiais aprobados, nos que xa son competentes.

Sen embargo, temos que ser críticos con este apartado no sentido de que a realidade fai moi difícil cumprir os obxectivos que marca este proxecto de lei respecto deste tema, xa que, como é ben sabido, a meirande parte dos concellos non teñen recursos nin medios económicos nin humanos suficientes para poder facer fronte a estas novas funcións e competencias que dende a Xunta se lles pretende dar, algo que resulta curioso vindo do Partido Popular, que, despois desta lexislatura, tras as normas de Montoro, reduciu a autonomía local dos concellos, o que supuxo o maior retroceso do municipalismo dende a democracia. Polo que a este respecto anunciado pola lei, parécenos insuficiente, xa que para conseguir que isto sexa efectivo se precisa, primeiro, crer na autonomía local, o cal ten que vir acompañado inevitablemente de recursos financeiros e humanos.

A Xunta debe deixar incorporar técnicos á Administración local, e facilitar así aos concellos a xestión desta lei. Para isto é preciso que, ademais de anunciar esta novidade, a Xunta de Galicia axude os concellos na contratación de técnicos de xestión de patrimonio e axude financeiramente, para poder desenvolver esta competencia, como ben sinala no artigo 3 do presente proxecto, se non, todo queda en boas intencións sen ningunha efectividade ou sentido práctico.

Outra das principais novidades que establece este proxecto de lei é o cambio nas categorías de bens do patrimonio cultural, pasando de tres categorías a dúas. Polo tanto, desaparece o inventariado, quedando tan só os bens catalogados e os bens de interese cultural. E para isto créase o chamado Censo do Patrimonio Cultural, definido non como unha categoría de bens senón como un instrumento de divulgación daqueles bens que non foron declarados de interese cultural ou catalogados. E velaquí un dos puntos onde a consellería contradí claramente aquilo que tanto pregou durante o anuncio deste proxecto de lei, cando afirmaba que esta lei non supuña ningún retroceso na protección do patrimonio cultural de Galicia, pois claramente este proxecto de lei establece que os bens incluídos no Censo non teñen necesariamente que ser conservados fisicamente, cando exista causa

de interese público. E máis aínda cando se afirma que a inclusión dun ben no Censo non determinará a necesidade de autorización administrativa previa para as intervencións sobre o dito ben. Para o Grupo Socialista isto supón un paso desafortunado, co que non podemos coincidir en absoluto, e pon de manifesto que este proxecto de lei abre un camiño cara á desprotección de determinados bens patrimoniais, establecendo baleiros para que con discrecionalidade se poida actuar sobre os propios bens.

O Grupo Socialista non comparte que se poidan destruír bens patrimoniais baixo ningún concepto e por iso presentamos emendas que mudaban substancialmente este aspecto e que nos parece preocupante que non foran aceptadas. Nós propoñemos que cando existan causas de interese público e social relevante que fagan incompatible a súa conservación *in situ* se establezan alternativas, como son o traslado de determinados bens ou a súa documentación previa, no caso do patrimonio arqueolóxico, pero a inseguridade xurídica, e mesmo a porta aberta á desaparición de determinados bens, parécenos enormemente preocupante nunha lei de patrimonio.

E tamén nos parece indispensable que a inclusión dun ben no Censo do Patrimonio Cultural determine unha protección baseada na responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, e que teña que autorizar calquera intervención que lle afecte. Outra das emendas que vostedes tampouco quixeron aceptar e que non podemos máis que lamentar. E neste senso fixemos fincapé na protección dos bens incluídos no Censo, pedindo tamén a súa inclusión no artigo 35, que fala da protección do patrimonio cultural no planeamento urbanístico.

En vista da súa negación a aceptar as nosas propostas, temos que afirmar que categoricamente se están abrindo camiños cara á desprotección de determinados bens culturais e patrimoniais. E tamén cabe destacar que este proxecto de lei deixa abertas algunhas cuestións que afectan a protección do patrimonio, pois non se sabe moi ben que acontece cos bens que non estean incluídos no Censo, por exemplo, como pode ser un miño, unha alvariza, no eido etnográfico, ou un xacemento arqueolóxico, que non se sabe que está, polo propio carácter deste, oculto, enterrado e, polo tanto, desprotexido.

¿Como se establecen mecanismos de protección e de conservación se o feito de estar ou non estar no Censo non ten

implicacións administrativas e xurídicas? Son cuestións que estimamos era fundamental resolver cara a unha protección efectiva do noso patrimonio. Así como tampouco podemos concordar en absoluto cos criterios cronolóxicos e de datas que establece a lei en varios artigos, como os requisitos para a identificación de determinados elementos como integrantes do patrimonio protexido; un criterio que non podemos compartir porque cremos que pode deixar fóra da protección múltiples elementos que deben formar parte do patrimonio cultural do noso país. E a este respecto presentamos tamén varias emendas, que foron tamén rechazadas, que buscaban establecer outros criterios distintos aos cronolóxicos e que incidían na importancia e relevancia de determinados bens por cuestións máis diversas que as cronolóxicas.

Así que, por todo isto, o Grupo Socialista non pode apoiar este proxecto de lei, porque consideramos, primeiro, que é innecesario e, segundo, porque na nosa opinión constitúe un retroceso en materia de protección do noso patrimonio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Saúdos ás súas señorías; saúdos tamén a todas as persoas e representantes de asociacións que seguen este debate.

Un debate sobre unha lei de patrimonio que, como xa se dixo aquí, agrupa a lexislación anterior nesta materia: a Lei de 1995, a Lei dos Camiños de Santiago de 1996 e tamén a Lei de dotación artística de 1992.

Fronte ás críticas vertidas polos grupos da oposición parlamentaria, dende o Partido Popular defendemos o texto da ponencia, defendemos o proxecto de lei con enerxía e con contundencia, porque entendemos, en primeiro lugar, que é unha boa lei, unha lei que dá reposta ás exixencias de patrimonio no momento actual e unha lei que descansa en tres aspiracións fundamentais: a simplificación a tres niveis, a nivel lexislativo, a nivel administrativo e a nivel de organi-

zación; a incorporación das melloras normativas e lexislativas establecidas tanto no marco xurídico xeral como no dereito comparado; e tamén as novidades do dereito dos convenios internacionais. Así mesmo, tamén se pretende a incorporación do instrumento de planificación para axilizar a xestión, dar maior seguridade ás persoas e ao patrimonio e simplificar os trámites administrativos.

Cremos tamén que, fronte ao que aquí se ten afirmado, é unha lei absolutamente necesaria. E é unha lei necesaria porque a lei ten que ser sempre expresión da realidade social do momento en que debe ser aplicada, e neste sentido é certo que a Lei de 1995 merece unha valoración positiva, pero tamén é verdade que a experiencia acadada na súa aplicación permitiu poñer de manifesto eivas nesa aplicación e nesas circunstancias de tramitación tales como unha gran burocratización ou lentitude de tramitación ou prexuízos á cidadanía, e moitas destas eivas foron postas de manifesto polos profesionais e técnicos da Consellería de Cultura, que participaron activamente na elaboración do proxecto e aos que eu creo que debe ser tamén agradecido o seu traballo, como tamén facemos extensivo ese agradecemento a todas aquelas persoas e asociacións ás que se refería na súa intervención a señora Pontón.

Pero tamén é necesaria esa nova lexislación para adecuala ao marco normativo, ao marco xeral, á normativa internacional cambiante na materia, e tamén porque é obvio que existía unha clara demanda social en prol desa modificación lexislativa, como o poñen de manifesto as opinións vertidas incluso nesta Cámara parlamentaria por multitude de asociacións, entidades e persoas relacionadas co patrimonio e tamén a masiva participación da representación social no proceso de alegación pública desta Lei de patrimonio.

Evidentemente, os principios inspiradores da lei, a súa estrutura, xa foron debatidos no debate de totalidade, e o contido, no debate de ponencia; polo tanto, permítanme agora que faga referencia aos aspectos fundamentais da lei e que xeran unha maior controversia en relación coas opinións vertidas polos grupos da oposición parlamentaria.

En primeiro lugar, nosoutros temos que subliñar que a lei incorpora as novas tendencias en relación co concepto de patrimonio. Tanto na exposición de motivos como no articulado inclúense o criterio de identidade cultural do pobo gale-

go, a cohesión social e o desenvolvemento sostible. Desenvolve a lei o valor do patrimonio nos aspectos emocionais, históricos e territoriais e incorpora o concepto evolutivo do patrimonio, o seu carácter integrador e as tipoloxías especiais recoñecidas internacionalmente, singularmente o patrimonio internacional.

Recolle a lei o concepto social da propiedade, pero unha aclaración ao aquí manifestado: a lei non pon o patrimonio baixo a economía de mercado. A referencia que se fai á economía de mercado estímase necesaria para compatibilizar os preceptos constitucionais relativos a esa economía de mercado coa propia lei, e moi especialmente para subliñar o incremento de valor que a salvagarda do patrimonio supón para os operadores económicos, aproveitando o valor que tamén ten o patrimonio, que tamén ten a cultura en xeral, como elemento de dinamización económica e social e tamén como creador de riqueza.

En segundo lugar, e como dicía antes, un dos obxectivos da lei é o establecemento de instrumentos necesarios para dar máis seguridade aos bens patrimoniais e á cidadanía, así como para axilizar a xestión.

Moi especialmente, en primeiro lugar, en orde á ordenación dos bens patrimoniais, establécese unha redución das categorías ou tipoloxías dos bens, pasando dos tres tipos anteriores a dous; é dicir, aos BIC, aos bens catalogados. Fago a aclaración –polo que logo direi– de que, dentro deste concepto de bens catalogados, se inclúen en primeiro lugar todos aqueles bens que á entrada en vigor do patrimonio figuraban no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, excepto os que son declarados BIC. En segundo lugar, os catalogados *ope legis*, os catalogados individualmente e tamén os que se determinen de xeito individualizado nos catálogos urbanísticos.

Como consecuencia desa redución, regúlase o deseño do instrumento de planificación, concretamente o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Pero moi especialmente hai que facer mención ao feito de que unha das novidades importantes da lei é a creación da figura do Censo de Bens Culturais; censo no que se inclúen todos aqueles bens do patrimonio cultural galego nos que se

aprecia que pode concorrer un valor cultural pero que aínda non están declarados ou catalogados.

Pois ben, en relación con esta cuestión, eu quero facer referencia a que, por parte da oposición parlamentaria, en primeiro lugar, e con relación á redución de categorías, se fan críticas alegando unha desprotección e desgalegización do patrimonio, precisamente pola supresión do Inventario. A reste respecto temos que manifestar a nosa desconformidade con esa afirmación porque non se corresponde coa realidade; en primeiro lugar, porque o Inventario non é que desapareza, os bens que teñen a consideración de BIC seguen tal cal, e o resto de bens pasan a integrarse no Catálogo co mesmo nivel de protección. E, en segundo lugar, a redución de categorías de bens non implica de ningunha maneira desprotección, senón todo o contrario, o que representa é simplicidade e clarificación.

No que se refire ao Censo, tamén se fan alegacións, no sentido de que implica desprotección con base en dúas consideracións: unha, a relativa á conservación física dos bens, e outra no relativo á non relación, á non necesidade de autorización administrativa previa para as intervencións.

Quero dicir que non compartimos tampouco este criterio. Non se comparte porque o Censo non é unha nova categoría de bens, senón que se configura como un instrumento de difusión e de promoción do patrimonio. O Censo é unha ferramenta adicional para a salvagarda do patrimonio, e a súa función esencial é a de dar coñecemento da existencia de bens que non teñen protección, pero que si poden ter a consideración de bens patrimoniais. Pero non hai desprotección, e non hai desprotección, en primeiro lugar, porque todos aqueles bens que deben ser necesariamente conservados ou aqueles que estean en perigo ou risco de desaparición deben ser necesariamente declarados ou catalogados, e os demais bens gozan da protección estipulada no artigo 100 ou na disposición adicional décimo primeira.

Eu, neste sentido, quero subliñar que a Lei de patrimonio que se somete á aprobación en ningún caso representa un nivel de protección inferior ao da Lei de 1995, ao contrario, auméntase esa protección, avanzando na identificación dos bens, na clasificación das tipoloxías de intervención, establecendo tres niveis de protección –a protección integral, a protección estrutural e a protección ambiental– e tamén deli-

mitando os tipos de intervención. E, así mesmo, desde o punto de vista da protección sustentable, auméntase este nivel de protección co establecemento dos contornos de protección e, singularmente, da zona de amortecemento, que é outra das novidades que recolle a lei e que non xera desprotección, senón exactamente todo o contrario, está para reforzar esa protección e asegurar a visualización dos bens. Non se establece con carácter obrigatorio porque non é posible, e só nos casos en que se exprese de maneira determinada. En todo caso, responde ás prescricións internacionais en relación coa materia.

Outro punto importante da lei e tamén obxecto de discusión é o feito de que se plantexa unha reorganización administrativa baseada no incremento da participación e implicación das administracións locais, dos concellos. Por iso introdúcese como unha das principais novidades a habilitación legal para que os concellos poidan autorizar intervencións en determinados casos e en determinados tipos de bens, asegurándose con iso unha maior axilidade administrativa e unha maior proximidade á cidadanía. Alégase que isto pode supoñer un problema de competencias e unha carga honrosa para os concellos, se non vai acompañada de transferencias económicas.

Neste sentido, non se comparte tampouco esa afirmación, porque hai que dicir, en primeiro lugar, que non hai baldeiro de competencias da Xunta de Galicia, porque non estamos falando dun problema de transferencias, senón dun problema e dunha cuestión de colaboración. O proxecto non deriva as funcións e competencias cara aos concellos, senón que os fai partícipes nos procedementos e na tramitación, garantindo desta maneira a homoxeneidade de criterios e ferramentas administrativas. Tampouco supón unha carga honrosa para os concellos, porque a derivación de funcións non se realiza *ope legis* para todos os concellos de Galicia. A adscrición a este criterio de habilitación legal, en primeiro lugar, é voluntaria, pero, en segundo lugar, está garantida, porque os concellos que queiran facelo deben de cumprir uns requisitos especiais, que son os que se determinan na disposición adicional cuarta do proxecto de lei, e así mesmo a Xunta tamén reserva en determinados casos a concesión desas autorizacións e intervencións en determinados tipos de bens.

Outros aspectos positivos en relación coa lei –que enumero rapidamente– son as novas tipoloxías patrimoniais, patrimo-

nio inmaterial, industrial, subacuático e científico. E, por certo, señor Ron, o artigo 9 incorpora definición e criterios de convenios para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da Unesco.

Tamén se regulan os Camiños de Santiago, aos que aquí se fixo referencia.

As novidades neste proxecto fundamentalmente fan referencia a aspectos como a declaración de BIC dos camiños declarados Patrimonio da Humanidade. O resto das rutas principais son bens catalogados, a posibilidade de declaración de BIC a petición dos concellos ou o recoñecemento do Camiño de Inverno –e a este respecto quero subliñar a transcendencia dese recoñecemento–. En canto á crítica realizada polo Grupo Parlamentario Socialista en relación coa delimitación, sinalización ou limpeza, hai que incidir en que, loxicamente, a delimitación e sinalización deben responder aos criterios xerais que se aplican aos demais camiños, e en relación coa limpeza, en definitiva, é unha cuestión de carácter particular que pode ser discutible e que nuns casos pode estar mellor ou peor realizada, pero calquera disposición deberá de ser atendida tamén con arreglo aos criterios xerais.

E tamén quero subliñar –xa facía referencia o señor Vázquez– o acordo de transacción para incorporar aos Camiños de Santiago a Ruta da Translatio, polo mar de Arousa e río Ulla, que se leva non a unha disposición transitoria, senón á disposición adicional décimo segunda, e que dá así satisfacción ás exixencias realizadas por unha parte importante de persoas afectadas por esa ruta.

En canto ao réxime sancionador, quero dicir que se establece baixo o criterio de maior seguridade, con máis condutas sancionables, pero tamén con maiores garantías xurídicas en canto que se evitan indefensións.

Respecto dos recursos, hai que dicir que a lei ten a dotación económica suficiente para a súa posta en marcha, e, en calquera dos casos, a dotación presupostaria regular para a defensa e conservación do patrimonio non é un problema de regulación específica na lei.

A respecto da explicación doutras emendas plantexadas polos grupos da oposición, darémola no segundo turno.

E hai que dicir que, en definitiva, imos apoiar o texto de ponencia, porque alumea un novo marco lexislativo que dá resposta aos problemas actuais do patrimonio, pero tamén a unha necesidade dende un punto de vista teórico e conceptual. Dende ese punto de vista, cremos que temos avanzado, porque se protexe un maior número de elementos que na anterior lexislación, e establécese un maior nivel de seguridade para todos os operadores, tanto coa fórmula dos dous anos de adaptación dos plans especiais de protección como coa publicación do Censo Cultural do Patrimonio. E moi especialmente hai que subliñar que se asegura...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: ...a difusión da importancia cultural do patrimonio a través das oportunas campañas públicas, e, señora Martínez, tamén a través da implantación do coñecemento do patrimonio na propia ESO. E, ao mesmo tempo, dentro do proxecto legal, mellóranse as definicións conceptuais e evítanse incertidumes.

Para rematar, quero dicir que estamos convencidos de que esta lei que hoxe se somete a debate e susceptible aprobación constitúe un eixo fundamental de toda a política de conservación, de sensibilización, de posta en valor do patrimonio, cunha regulación máis adaptada aos requirimentos actuais e ás exixencias internacionais e á experiencia acumulada nestes anos. Polo cal, imos expresar o noso apoio ao texto da ponencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas mantidas polos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Imos votar a favor das emendas presentadas pola oposición, xa que en moitísimas delas coincidimos, e noutras, que nós non presentamos, estamos de acordo co texto. Creo que melloran o texto presentado no proxecto. Coincidimos, por exemplo, en que son moi mellorables todas as definicións

que hai; incluso algunhas que non hai deberían de estar, como qué é o patrimonio cultural, qué é o patrimonio inmaterial ou qué é o patrimonio bibliográfico.

Tamén coincidimos en eliminar os privilexios da Igrexa católica en relación co patrimonio e en clarear cal é o patrimonio da Igrexa católica; polo tanto, en normalizar as relacións cun patrimonio máis dos galegos e das galegas.

Coincidimos tamén en relación cos órganos asesores e consultivos, tanto en quen forman parte deses órganos consultores e consultivos, como na Comisión Técnica de Museos, as reais academias ou as universidades. Todos coincidimos, así como tamén nas funcións deses órganos consultores e asesores consultivos, xa que en toda a lei non se lles dá funcións. Fálase deles, pero despois, cando hai que opinar sobre destrución dun ben que está incluído no Censo, sobre o traslado de bens, sobre modificacións de bens ou sobre obras para actuar sobre o patrimonio, non se teñen en conta, non hai nin unha soa referencia a estes órganos asesores e consultivos.

Tamén coincidimos en que por moito que o Partido Popular insista en que hai un compromiso de transmisión do patrimonio cultural de Galiza na ESO, eu non o miro nin na ESO nin en primaria nin en ningún lado; de feito, néganse a recoller nesta lei ese compromiso de transmisión patrimonial do patrimonio cultural material e inmaterial de Galiza, así como se negan a empregar a Radio-Televisión de Galiza precisamente para fomentar o dito patrimonio. Non teñen en conta instrumentos que xa están aí e que vostedes simplemente desprezan e, polo tanto, mostran moi pouco interese realmente en darlle valor a ese patrimonio.

Coincidimos tamén coas emendas que pretenden protexer o patrimonio cultural da destrución de bens do Censo, porque se o Censo nace para protexer, dende logo, o que non fai é protexer nin cumprir esa función. Non se pode poñer nunha lei que se poderán destruír sen autorización bens patrimoniais recollidos no Censo. Iso é incomprendible baixo calquera prisma, iso é un ataque ao patrimonio cultural galego que vostedes plasman na lei. Por iso son incapaces de chegar a ningún acordo.

Tamén coincidimos no patrimonio subacuático. Non hai unha protección dese patrimonio, unha catalogación do

patrimonio. É máis ben unha actividade vista como un enfoque turístico para aumentar o turismo de buceo en relación co acceso aos pecios dos barcos.

Tamén na protección das paisaxes culturais, que non están recollidas nin protexidas de ningunha maneira especial, así como en algo tan importante como en non darlle valor e eliminar a necesidade da colaboración cidadá na protección do patrimonio e na obriga da Administración de actuar en canto reciban unha denuncia cidadá, posto que non é só por esa obriga de denuncia senón porque cando se protexe algo e se lle di á cidadanía: esta protección correspóndenos a todos, todos e todas somos responsables de que isto se manteña; estáselle dando valor ao ben e estase implicando a propia poboación na protección da súa cultura e do seu patrimonio, algo que parece non interesar ao Partido Popular.

Tamén coincidimos en todas as emendas do silencio administrativo en que desprotexe os bens, no dereito de participación e información da cidadanía, no dereito da visita dos bens da cidadanía e na necesidade de establecer un protocolo de colaboración cos concellos para a protección do patrimonio. Non nos opoñemos a que os concellos, dende logo, participen, estamos a favor de que participen na protección do seu patrimonio, pero cremos que iso necesita dun protocolo de colaboración, de achega de medios, dende a Xunta de Galiza, porque, evidentemente, a maioría dos concellos do noso país son concellos que non teñen entidade suficiente como para ter unha comisión de patrimonio con técnicos formados. Polo tanto, aí estaría esa necesidade de establecer protocolos. —Rematou o tempo, xa remato.—

Coincidimos tamén en que esta lei vén desprotexer o patrimonio e os dereitos da cidadanía mentres protexe os privilexios da Igrexa católica; unha lei que non buscou o consenso, xa que dunhas 700 emendas que máis ou menos se presentaron por parte da oposición eu creo que non máis de 30 foron aceptadas ou transaccionadas.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Desde AGE imos apoiar as emendas presentadas polos grupos da oposición porque coincidimos no groso e, se gobernáramos, seguramente nos poñeríamos de acordo nos matices, pero con vostedes si que non coincidimos. É imposible coincidir coa súa retórica do baleiro porque mesmo no propio texto manteñen unha retórica determinada, ampulosa e grandilocuente na parte expositiva que logo na parte do articulado, que é a que importa, pois desaparece totalmente, porque ese é o xogo da palabra que vostedes manexan.

Falou vostede de creador de riqueza, sempre usan ese mantra. Pero cando aparece a necrópole de Coeses, ¿que foi a riqueza?, ¿era a riqueza cultural que se descubriu ou era máis importante esa suposta riqueza económica que fixo que pasara a autovía por alí? Pois está claro que a nosa perspectiva de riqueza non coincide. Para nós o patrimonio cultural é, ante todo, riqueza cultural; riqueza, porque amosa a memoria silenciada dun pobo, a súa identidade, o que somos e o que fomos e que é preciso estudar para poder preservar; coñecer para poder preservar. Se se arrasa debaixo do asfalto, pois está claro que non queda preservada e, polo tanto, si asoma esa riqueza de mercado, pero que destrúe a riqueza do patrimonio cultural. E iso é o que ofrece este proxecto de lei.

Podemos recordar, por exemplo, o castro de Noia, que estaba ao outro lado da beira. ¿Que pasou con el? Foi desmontado peza a peza, e non se sabe moi ben como pero chantouse un piar enriba. ¡Adeus castro! ¡Adeus montes! Vostedes arrasan con todo, pero veñen aquí e din que crean riqueza. Por iso nós dicimos que non podemos compartir un proxecto de lei que é mer-can-ti-lis-ta, e dicímolos así porque o ben de interese cultural non é un ben de interese turístico mercantil, que é no que se converte co Partido Popular absolutamente todo, ¡todo!, xa o dixemos, e ata vostedes o din, fan que as augas mineiromedicinais frías a 17 graos se convertan en termais por arte de maxia, por reclamo turístico, e cun cartaz ben grande —600.000 euros pagados a unha empresa, que seguramente se lucrou, espallados por todo o mapa galego—, mentindo, porque son mentiras, pero dá igual.

Vostedes con este proxecto de lei o que van seguir facendo é mentir, ocultar as súas intencións reais, porque cos orzamentos que nos presentan ano tras ano desde o 2012 até agora é imposible que vostedes atendan a súa responsabili-

dade, que é garantir a tutela dos bens culturais e preservalos, cooperando con outras administracións, pero non deixándolles a eles a responsabilidade, como está pasado coas deputacións ou cos concellos. A responsabilidade é súa, sobre todo cos bens que son máis sobranceiros e que están aí no piar da nosa identidade, da nosa historia como pobo galego. Vostedes foxen da súa responsabilidade. Por iso coincidimos coas emendas que se presentan desde a oposición nese sentido e por iso coincidimos tamén en que vostedes fan todo máis complexo desde o punto de vista burocrático.

Tampouco coincidimos con vostedes e si coincidimos entre nós coas medidas de protección que vostedes deseñan para os bens. Crean confusións: zonas de amortecemento, zonas de protección... Defínanse e sexan claros, contundentes. E por iso, para esa contundencia, o que non pode ser é que o aparello de sancións sexa por riba livián. Hai cousas que merecen ser catalogadas como moi graves. E por iso nós presentamos nese sentido varias emendas, para que sexan catalogadas como moi graves, para que non se salve aquel que fai un atropelo patrimonial.

Garantías xurídicas. Vostedes non garanten nada, son os reis da inseguridade xurídica. Insistimos, tamén desde a oposición fixemos varias emendas para rescatar a participación e o protagonismo da cidadanía nas comunidades locais. Vostedes quérenos, pero quérenos para o seu proveito, e logo pasan absolutamente deles; quérenos para as fotos de galería, para iso sí, que fan fotos e non dubidan en facelas, pero pasan á hora da verdade, que é traballar cóbado con cóbado e telos en conta nas tomas de decisións. Hai que telos en conta, porque é como hai que facer o traballo participativo, desde abaixo arriba, e non cunha visión paternalista e elitista que intenta impoñer. E logo, claro, aceptamos porque, se non, quedamos fóra de xogo. É esa a súa política de participación: aquí tedes, e, se non aceptades, quedades en fóra de xogo, non hai diñeiro. Así lle estades dicindo absolutamente a todo o tecido asociativo en Galicia e así deciden participar, ao final, no que é unha farsa de imposicións. Vostedes é como están gobernando: impoñendo e practicando a farsa como sistema político.

Polo tanto, desde ese punto de vista, nós reafirmámonos: apoiaremos as emendas da oposición e diremos non a este proxecto de lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Desde o BNG imos apoiar todas as iniciativas que seguen vivas, tanto do Grupo Mixto como do Grupo da AGE como do Grupo Socialista, porque aínda que sempre entre todos podemos ter matices hai un fondo común a respecto do que estamos defendendo.

E si me gustaría facer un par de matizacións ao fío da intervención do voceiro do Grupo Popular. Xustificaba vostede esta lei en que había unha demanda cidadá. Non, vostede debería de ser realista: houbo, en todo caso, unha iniciativa do Goberno, unha iniciativa do Partido Popular. Non é unha iniciativa que naza da sociedade por unha demanda do sector cultural, senón que, en todo caso, é algo que decide o Partido Popular; lexítimo, pero non o xustifiquemos no ámbito no que non é.

Segunda cuestión. Vostede xustificaba o grande apoio e o interese desta lei no importante número de alegacións. Eu creo que máis ben a lectura que hai que facer do importante número de alegacións é dos fallos tan graves que ten esta lei e da preocupación social que existe a respecto do significado da mesma. E eu voulle ler unha alegación; imaxino que a lería vostede tamén e que tamén lle preocupará o que di. É unha alegación do Instituto de Ciencias do Patrimonio, do CSIC, que, como sabe vostede, está radicado en Santiago de Compostela e especializado na investigación do patrimonio cultural. A conclusión nada máis e nada menos da súa alegación di: “A promulgación dunha nova lei é unha oportunidade única para coadjuvar o desenvolvemento dun sector moi afectado pola crise económica. Distintos estudos científicos teñen demostrado a capacidade dos instrumentos legais para inducir á innovación, á consolidación dun sector económico e á potenciación do emprendemento. Porén, as medidas enunciadas no Anteproxecto de lei do patrimonio cultural parecen non camiñar nese sentido senón que reflicten unha tendencia perigosa, ao descargar as responsabilidades do Goberno autonómico en prol dunha suposta participación cidadá. Nun contexto xeopolítico e cultural como o de Galicia o desenvolvemento das industrias culturais e doutras actividades relacionadas co patrimonio é, sen dúbida, unha oportunidade para xerar marcos de desenvolvemento alternativos aos tradicionais que permitan superar a crise”.

Nas propias alegacións que fai este instituto estanlles advertindo das grandes eivas que ten esta lei e están sinalando un problema ao que eu facía referencia na última parte da miña intervención, que é que vostedes están dificultando a actividade e o desenvolvemento de moitos profesionais do ámbito da cultura neste momento. Ou sexa, en vez de estar axudando á conservación do patrimonio, á xeración de emprego e ao desenvolvemento da actividade, están facendo xusto o contrario. E en vez de querer darlle unha solución nesta lei están metendo a cabeza no buraco, igual que fai a avestruz, e colaborando cunha política que vai en contra do interese xeral. Xa lles dixemos en moitas ocasións que as leis necesitan orzamento, que os orzamentos de patrimonio son insuficientes, que non é de recibo que neste ano 2016, cando aproban esta lei, rebaixen o que se dedica á conservación do patrimonio. E moito menos o é esta memoria económica vergoñenta que acompaña a lei, na que nos din que no ano 2016 o desenvolvemento da lei van ser 370.000 euros, que no ano 2017 van ser 400.000 e no 2018, 320.000. ¿Como van desenvolver unha lei con este tipo de cifras que son absolutamente ridículas e que non dan para cambiar nada nas tendencias tan negativas que ten o noso patrimonio?

Diciámoslles tamén como vostedes non están incrementando nin mellorando nada da protección do patrimonio; mesmo desde o punto de vista xurídico isto vai crear moitos problemas. Xa llelo temos dito, crean dous rexistros de bens culturais: un, que é o dos bens catalogados, e outro, os de bens de interese cultural. Logo crean un terceiro, que é un censo, ao que ademais non lle dan ningún tipo de categoría de protección desde o punto de vista legal, e non nos din como é a relación entre todos estes instrumentos. Están desprotexendo o patrimonio no momento en que suprimen os inventarios, porque o feito de que existiran inventarios era unha forma de ter unha figura de protección que non existe na lexislación estatal, porque se entendeu que o patrimonio galego necesitaba ese tipo de figura. E, xa llelo dixen antes, hai un tipo de bens patrimoniais que teñen que ter unha protección e unhas exixencias menores que as dun BIC ou as dun ben catalogado, e vostedes o que están facendo, polo tanto, é desprotexer unha boa parte do patrimonio.

É evidente que non teñen ningún tipo de vontade nin de escoitar nin de atender as emendas maioritariamente formuladas por este grupo nin tampouco as dos profesionais. Eu

lamento que o Partido Popular tamén sempre veña aos debates e non nos diga ningunha razón nin ningún argumento de por que non se aceptan as emendas. E eu si lles pediría que fagan unha rectificación en relación coa emenda número 157 e que recollan que “a Xunta de Galiza promoverá a asistencia e participación de técnicos especializados na divulgación dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galiza”. É o mínimo que se pode pedir para salvagardar a actividade dos profesionais e non dificultar a quen está facendo o labor que non fai a Xunta de Galiza. Pídlolles de verdade que o reconsideren porque están dificultando o labor de moitas persoas en Galiza. Non se entende que un goberno considere que o patrimonio non é unha actividade na que as persoas poden traballar e moito menos que boten por terra o esforzo que teñen feito moitas persoas por contribuír á posta en valor do patrimonio.

Lamento que esas sexan as súas concepcións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidente.

Despois de escoitar o Partido Popular, podemos constatar unha vez máis que vivimos en realidades diferentes, aínda que a estas alturas xa é difícil manter por máis tempo o relato que constrúen. Dende logo, en materia cultural, este goberno non está para sacar peito, e tampouco en materia de protección de patrimonio poden vostedes estar orgullosos, xa que –como dixen antes– reduciron nun 46 % o orzamento adicado a esta partida. E, claro, o resultado aí está. Por moito que queiran seguir negando a realidade o resultado da súa política ten as consecuencias que estamos a ver. O feito de impulsar unha nova lei de patrimonio non vai mudar a preocupante situación na que se atopa moito do patrimonio cultural do noso país.

Vostedes seguen a confundir o camiño preciso para poñer fin a esta situación. O problema non se vai arranxar sen facer política, non é a lei a que vai arranxar o problema patrimonial de Galicia, e moito menos esta lei que vostedes queren aprobar. Para arranxar este problema basta a lexislación

vixente, que ademais ofrece máis seguridade xurídica que este proxecto de lei que estamos a debater.

O camiño está en incidir no desenrolo normativo, na dotación de recursos, na implicación, no impulso de iniciativas como as que rechazaron no anterior pleno desta Cámara, e tamén, ¿por que non dicilo?, nun pouquiño de sensibilidade. Non é capricho dos grupos da oposición opoñernos a todo o que propón este goberno, facémolo cando as cousas non se fan ben, e, neste caso, é evidente que non se están a facer do xeito adecuado, e o problema é que cando falamos de bens culturais as consecuencias son irreversibles.

Non é casualidade que os grupos da oposición coincidamos á hora de destacar aqueles aspectos da lei cos que non estamos de acordo. Aínda que con diferentes matices, como pode verse, hai en xeral unha gran coincidencia nos aspectos que provocan o noso desacordo, por iso imos apoiar as emendas presentadas por toda a oposición. E digo eu que, polo menos, debera facerlle reflexionar o feito de que entre as distintas forzas políticas, nunha lei tan importante como é a de patrimonio, coincidamos nos aspectos que, ao noso entender, supoñen un retroceso que pode provocar consecuencias irreparables.

É por isto que dende o Grupo Socialista presentamos emendas que buscaban mudar aqueles aspectos que consideramos que abren inseguridades xurídicas na protección do patrimonio e que, por desgraza, non foron aceptadas polo grupo maioritario desta Cámara, feito que lamentamos porque polo menos moitas das nosas emendas terían servido para acadar maior protección de moitos bens patrimoniais, cousa que, co texto definitivo, non se produce en casos como os bens, incluídos ou non, no Censo, por poñer un exemplo.

Saudamos que se incluíra o recoñecemento do Camiño Portugués pola costa, así como que finalmente se aceptara *in extremis* recoñecer a Ruta polo Mar de Arousa e Río Ulla, que o Partido Popular se negou a aceptar ata o último momento. Só grazas á presión e insistencia do Grupo Socialista, que non demos o brazo ao torcer durante o proceso de ponencia e comisión, e á presión dos alcaldes e alcaldesas implicados se conseguiu recoñecer esta ruta como camiño, despois de que o PP votara en contra mesmo a semana pasada na comisión. Aínda que temos que lamentar a teima do Partido Popular de non recoñecelo no artigo 73, que é onde

debe estar, e que finalmente se empeñen en mantela como disposición adicional. Non entendemos o porqué de non dar o brazo a torcer, aínda que aprobamos esta transacción polo ben do Camiño, pero é unha satisfacción a medias.

Como apuntei antes tamén, lamentamos que non se aceptaran as que fan referencia ao Camiño de Inverno, que se atopa nun estado precario de sinalización e conservación, sen que ofrezan ningunha alternativa. E aproveito tamén para saudar os amigos do Camiño de Inverno de Monforte, que tamén se atopan na Cámara e que antes non tiña coñecemento da súa presenza, da cal me avisou o señor Docasar.

Tamén temos que lamentar que non rectificara en cousas que a este grupo e a todos os demais nos parece que poñen en risco de protección moitos bens culturais. Pensamos que é un erro abrir a posibilidade de que algúns bens poidan non ser conservados, como acontece no artigo 14. Os bens aportan coñecemento, deben ser documentados ou, no peor dos casos, trasladados, pero unha lei que abre o camiño a que poidan ser destruídos, como se di neste proxecto de lei, parécenos inadmisibile.

E, señor Baamonde, si que ofrece desprotección, posto que se recoñece a súa existencia, e non garante a protección, posto que afirma que a inclusión dun ben no Censo non determina a necesidade de autorización administrativa previa para a intervención sobre o dito ben. Así como nos parece indispensable que a inclusión dun ben no Censo do Patrimonio Cultural determine unha protección baseada na responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que ten que autorizar calquera intervención que lles afecte, cousa que non acontece. Esta era a proposta estrela deste proxecto de lei, ou así o anunciou o conselleiro, e, como vemos, supón un paso nunha dirección absolutamente errónea e abre unha inseguridade xurídica que non podemos compartir.

Así que, en definitiva, dende o Grupo Socialista non podemos estar de acordo con este proxecto de lei, primeiro, porque é innecesario; segundo, porque non é mellor que a lei actual; terceiro, porque non arranxa o problema e a situación na que se atopa moito do noso patrimonio cultural; cuarto, porque abre vías cara á desprotección de moitos dos bens patrimoniais e, polo tanto, supón un retroceso neste sentido, ademais da inseguridade xurídica que plantexa; e quinto, porque racha co consenso que si tiña a Lei de patrimonio actual.

Así que non podemos apoiar este proxecto de lei porque cremos que ofrece maior desprotección que a lei vixente, e, posto que se trata dunha lei tan importante, deberan ter en conta que a actual conta cun consenso que esta non ten, polo que nos parece un erro que se aprobe. Isto non é un feito menor, estamos a falar dunha lei moi importante, así que, polo ben do patrimonio galego, non apoiem este proxecto de lei.

Dende o Grupo Socialista si lles tendemos a man para traballar na defensa e protección do patrimonio con política, con desenrolo normativo e con vontade. Pero se hoxe aproban este proxecto de lei estarán dando un paso atrás e rachando co consenso lexislativo existente ata o de agora.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Antes de nada, señor Ron, aclarar que os criterios de defensa de patrimonio e o elemento de creación de riqueza son elementos perfectamente válidos. Nosoutros estamos de acordo en que se debe protexer o patrimonio; tamén estamos de acordo en que non se pode evitar a construción de autovías e en que non se pode evitar o progreso. O que hai que facer é estipular eses conceptos desde o punto de vista da colaboración, da compensación, do equilibrio e non da confrontación. Iso é o que defendemos nosoutros.

Ben, señoría, no que se refire ás emendas dos grupos da oposición –señora Pontón, eu na ponencia fixen as referencias que puiden, loxicamente, a estas emendas; éme imposible abarcalas todas–, quero sinalar, naturalmente, como xa dixemos, que apoiamos as incorporadas ao texto da ponencia, así como as transaccións acadadas, e tamén a transacción acadada en relación coa Ruta da Translatio, que melloira a regulación do Camiño de Inverno. Aproveito tamén para saudar especificamente os meus paisanos de Lugo da Asociación dos Camiños de Santiago de Monforte, aos que lles agradezo, ao igual que ás demais organizacións, o traballo realizado en relación co recoñecemento e conservación dos Camiños.

O resto das emendas, loxicamente, temos que rexeitalas. Moi someramente permítanme subliñar, por exemplo, en relación coas que fan referencia á participación, que a participación si que está recollida tanto nos criterios xerais da lei como en todos os procedementos ao longo da mesma. A visita moi concretamente está recollida no artigo 48; a accesibilidade, no 49 e no artigo 90; e tamén se recollen a través do desenvolvemento de ferramentas de difusión por medios tecnolóxicos.

En canto ás alegacións de desprotección, vou insistir en que se mantén o nivel de protección establecido na Lei de 1995, e non poden vostedes, de ningunha maneira, poñer un exemplo dun ben que estea máis desprotexido coa regulación actual que coa de anterioridade. *(Aplausos.)*

Lamentamos, señora Pontón, non poder chegar a un acordo en relación coa emenda relativa aos técnicos especializados na divulgación, a pesar dos intentos realizados e a pesar de recoñecer perfectamente a situación deses profesionais, en primeiro lugar, porque se estima que a definición debe realizarse regulamentariamente e non a través da lei; en segundo lugar, porque tamén se precisaría unha determinación máis específica en canto a que conceptos como a comunicación, o deseño ou a execución de propostas educativas se estima que por si non supoñan unha cualificación profesional.

En relación coa datación, señor Vázquez, hai que sinalar que se opta por este criterio porque se estima máis axeitado e máis seguro que o da referencia a un período de tempo, por exemplo cen anos, que obrigaría a modificar constantemente as referencias. E, por outra parte, non hai desprotección porque poden incorporarse elementos con independencia da data en que se acredita o valor.

Respecto do silencio, quero subliñar que non é o criterio xeral da lei; o criterio xeral é a resolución expresa, e o silencio establécese alternativamente como garantía de dereitos.

En relación coa Igrexa, vou subliñar que a comisión mixta se mantén por exixencia do concordato, e tamén hai que ter en consideración a realidade social de que a Igrexa é detentadora dunha gran parte do patrimonio cultural.

En canto ao procedemento sancionador, quero insistir, señor Ron, en que nosoutros introducimos máis condutas punibles,

pero tamén un procedemento sancionador máis garantista e que asegura mellor a defensa da cidadanía.

Queda facer referencia ao consenso ao que aquí se aludiu. É certo que a Lei de 1995 foi aprobada por unanimidade, pero tamén é verdade que era unha lei de novo cuño e que respondía a un tempo político diferente. Hai coincidencia dos grupos da oposición en rexeitar este proxecto de lei, pero dá a impresión polo manifestado que máis ben é unha coincidencia de posición política que un criterio de crítica baseada en valores técnicos ou no contido da lei. Así o demostran dous datos elementais: en primeiro lugar, moitas das emendas á lei teñen carácter ideolóxico, e o señor Ron remarcounas moi especialmente, e gran parte das críticas efectuadas hai que recoñecer que en realidade non son críticas á Lei de patrimonio, ao Proxecto de lei de patrimonio, senón que en realidade son críticas á acción cultural da Xunta de Galicia, que, loxicamente, son conceptos que deben de poñerse en esferas diferentes.

Amén do feito da presentación de tres emendas á totalidade e da presentación de 600 ou de máis de 600 emendas ao articulado, denota que máis que unha vontade de consenso latexa nos grupos da oposición unha intención de elaborar unha lei con criterios máis propios de cada cal que unha lei de carácter xeral.

A pesar diso, estamos diante dunha lei debatida cos sectores implicados a través das numerosas conversas realizadas con representantes de institucións como a Fegamp, o Consello da Cultura, a Academia de Belas Artes, universidades, o Colexios de Arquitectos ou a Fiscalía, cunha participación tamén moi ampla da cidadanía. Evidentemente, a participación, señora Pontón, a través de alegacións é para poñer de manifesto as críticas da lei e para melloralala, pero, en calquera caso, manifesta participación social e, polo tanto, preocupación, e case ningunha desas alegacións cuestionaba a redacción dun novo proxecto de lei. Desas 470 alegacións, por certo, máis do 50 % foron admitidas.

E tamén é unha lei na que no trámite da ponencia –eu teño que manifestar o meu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: ...agradecemento a todos os ponentes– foron aceptadas 66 emendas dos grupos políticos e transaccionadas outras 16.

Remato subliñando que manifestamos a aprobación do proxecto de lei, un proxecto que ten máis carácter técnico que ideolóxico, e por iso, como xa dicía cando debatemos o proceso de totalidade, remato con aquela cita de Voltaire: “*A menos ideología, menos discusiones; a menos discusiones, menos desgracias*”

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o Pleno emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, dona Marta Rodríguez-Vispo.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Rodríguez-Vispo Rodríguez): Moitas grazas, señora presidente.

Bos días a todos, señoras e señores deputados. Bos días ás persoas que nos acompañan hoxe neste hemiciclo.

Como presidenta da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, veño presentar a este Pleno o Proxecto de lei da economía social de Galicia, que tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 20 de xaneiro de 2016.

A Mesa do Parlamento, na reunión do 25 de xaneiro, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o 12 de febreiro para as emendas á totalidade e o 1 de marzo para as do articulado.

Así mesmo, na reunión do 4 de febreiro, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Na sesión plenaria do 23 de febreiro rexeitáronse as catro emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios Mixto, da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia.

As emendas ao articulado formuladas suman un total de 141: 57 do Grupo Mixto, 39 do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, 20 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, 19 do Grupo dos Socialistas de Galicia e 6 do Grupo Popular de Galicia.

Pola súa parte, a Ponencia designada na sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do 10 de marzo, é composta polas seguintes ponentes titulares: dona María Teresa Cancelo Márquez, do Grupo Popular de Galicia; dona María Remedios Quintas Álvarez, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia; dona María do Carme Adán Villamarín, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego; dona Eva Solla Fernández, do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda; e dona María Consuelo Martínez García, do Grupo Mixto.

Tras a sesión constitutiva o 14 de marzo e as catro seguintes reunións, concluíu o informe o 6 de abril. Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do pasado 15 de abril, aprobou por maioría o ditame, incorporando ao texto do proxecto de lei un total de 32 emendas, 18 delas transaccionadas, ademais das técnicas correspondentes.

Saliéntase, por último, que o texto do ditame consta da exposición de motivos; de 17 artigos agrupados en 4 capítulos relativos ás disposicións xerais da economía social de Galicia, ás entidades que integran a participación do sector e á creación do Consello da Economía Social de Galicia, así como ao fomento; de 5 disposicións adicionais en relación coa coordinación co Consello Galego de Cooperativas, coa participación institucional, coa informatización dos rexistros e administración electrónica, co non incremento das consignacións orzamentarias e co establecemento do Plan galego de impulso das actividades da economía social; de 2 transitorias, o réxime transitorio aplicable ao desenvolvemento da Lei dos servizos sociais de Galicia no relativo aos órganos consultivos e de participación e á adaptación da intervención administrativa á unidade de mercado; de 1 disposición derogatoria única e de tres derradeiras, nas que se procede ás modificacións puntuais nas leis de cooperativas e de ser-

vizos sociais, así como á autorización para a refundición da lexislación de cooperativas, á habilitación normativa e á entrada en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento legislativo co debate e votación das emendas mantidas e do ditame da Comisión emitido sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia que acabo de presentar.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, despois do debate en ponencia e en comisión deste proxecto de lei, temos que reafirmarnos no que dixemos na emenda á totalidade. Este proxecto de lei da economía social non responde ás expectativas que o seu título promete, limitando o seu contido á creación do Consello da Economía Social de Galiza e a marcar uns obxectivos xerais.

Aínda que o debate en ponencia foi aberto, foi imposible chegar a un acordo, xa que o texto segue presentando grandes problemas, polo que mantemos as emendas que paso a defender no seu conxunto.

O primeiro problema aparece xa no artigo primeiro, que establece como único obxecto recoñecido desta lei regular as entidades que integran a economía social de Galiza. A nosa emenda número 1 engade a función de ofrecerlle mecanismos para facilitar a súa constitución e expansión, recoñecendo a súa contribución ao desenvolvemento social e económico de Galiza e a equitativa distribución da riqueza e a xeración de patrimonio social. Esta emenda non foi aceptada; polo tanto, a lei queda nada máis que cun obxectivo, que é regular as entidades que integran a economía social de Galiza.

Mantemos todas as emendas que inclúen, dentro das entidades da economía social, aquelas dedicadas a actividades

sociais non empresariais. Está xa recoñecido a nivel europeo que hai entidades de economía social que se dedican a actividades realmente económicas, e outras que prestan servizos á sociedade e que non son unha actividade realmente empresarial ou económica, senón de servizos á cidadanía.

Mantemos as emendas 9 a 13 sobre as entidades que forman parte da economía social. Entre elas parécenos importante que formen parte os sindicatos. Os sindicatos son entidades prestadoras de servizos. A pesar do estipulado no artigo 9.3 da Lei estatal 5/2011, de economía social, este proxecto de lei exclúe das entidades da economía social de Galiza as organizacións sindicais e empresariais, polo que o catálogo de entidades de economía social non contará coa representación da clase traballadora, aínda que, ademais, os sindicatos tamén teñen entre os seus membros e entre a súa afiliación traballadores e traballadoras das entidades de economía social e, polo tanto, cun papel importantísimo nas propias condicións laborais destas entidades. A Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galiza, recoñece a estas organizacións a súa implicación na vida económica e social. Sen embargo, este proxecto de lei da economía social contempla a súa participación no Consello da Economía Social de Galiza cunha representación colexiada que elimina o dereito de cada organización empresarial e sindical máis representativa a contar cun membro por organización. Non ten sentido, posto que en Galiza hai tres organizacións sindicais que son as máis representativas e que teñen criterios distintos, que teñen visións distintas e que teñen afiliacións distintas. E, polo tanto, deberían estar representadas as tres posto que non coinciden na totalidade dos seus obxectivos e da súa concepción da propia economía social.

Tamén apostamos pola participación das organizacións feministas, xa que son entidades que velan pola igualdade de xénero en todos os ámbitos da sociedade, incluído no ámbito da economía. E aquí hai algo moi importante, porque levamos denunciado e é recoñecido —xa nin sequera o Partido Popular nega esta realidade— que as mulleres estamos discriminadas no acceso ao mundo do traballo, nas condicións laborais e salariais que se nos aplican, e incluso estamos discriminadas cando intentamos iniciar unha actividade de economía social. Polo tanto, é importante a representación das organizacións feministas. Resulta incomprendible tamén a

non inclusión no Consello da Economía Social de Galiza da representación por parte de organizacións feministas cando se admite a necesidade da participación da Dirección Xeral de Igualdade. Polo tanto, si hai ese recoñecemento importante da defensa dos dereitos das mulleres, e para iso está a Dirección Xeral de Igualdade, pero non as organizacións que representan ás mulleres, as organizacións sociais.

Tamén reclamamos a participación de organizacións de comercio xusto, de entidades de crédito social e de ONG, todas elas cunha grande influencia na economía. Todas elas traballan por unha repartición máis xusta da riqueza, polo tanto todas elas teñen un papel fundamental no que é a economía social.

As ONG, en concreto, contan cunha grande experiencia no ámbito da economía social, e hoxe en día están a suplir as actuacións que deberían facer os gobernos de todo o mundo nesta materia.

Mantemos a emenda 16, que engade un novo capítulo para a creación do Instituto Galego da Economía Social, ente executivo encargado de instrumentar as políticas públicas de fomento da economía social.

Ao Consello da Economía Social de Galiza, cuxa creación parece ser o obxecto deste proxecto de lei, só se lle outorga funcións facultativas e non vinculantes, a pesar de que os seus informes representarían as conclusións de todas as entidades da economía social de Galiza. Polo tanto, mantemos as emendas 17 e 18 para que os seus informes teñan carácter vinculante. Non ten ningún sentido ter un organismo onde están todas as entidades da economía social e que despois as súas conclusións non vaian a ningún lado, non teñan ningún carácter vinculante e non obriguen o Goberno a tomar ningunha decisión. Pero tamén é máis absurdo que, sendo así este consello, un consello meramente consultivo, sen máis funcións, non haxa un instrumento executivo que leve adiante, que coordine e que actúe para fomentar as entidades da economía social.

O proxecto de lei, tal e como recolle no seu artigo 15, engade que a Rede Eusumo é o instrumento para o fomento do cooperativismo e a economía social, pero podemos comprobar que o seu papel se reduce ao ámbito do traballo cooperativo e das sociedades laborais.

Tal é a limitación deste proxecto de lei e a súa falta de contido que na súa disposición adicional cuarta establece que esta lei non terá dotación económica para o seu desenvolvemento, o que representa unha irrefutable declaración de intencións. Non pode haber ningunha lei que se poida poñer a funcionar sen dotación económica. Isto é pura propaganda, isto é, como se suele dicir, un panfleto do Partido Popular, non é nada máis, non é nada máis ca un panfleto. Agora, iso si, un panfleto con moi mala intención, e explicarei despois por que. Pero en principio non establece nada, ningún instrumento, que realmente tanto dea pulo como que se preocupe polo mantemento da actividade da economía social.

Mantemos, polo tanto, a emenda 34, que reclama as consignacións orzamentarias necesarias para garantir como mínimo a compensación de gastos de representación ás entidades de economía social. De non ser así, trasládase o custo da constitución e funcionamento do Consello ás entidades sen ánimo de lucro, que precisamente por ser entidades sen ánimo de lucro non deberían ter que asumir máis custos, custos do funcionamento dun consello que se crea dende a propia Administración pero que quen queira participar terá que ter un orzamento para funcionar, porque non se vai axudar de ningunha das maneiras. Polo tanto, volvemos a esa lei propaganda.

Mantemos as emendas 36 e 37 á disposición transitoria segunda para garantir que todos os servizos sociais estarán suxeitos ao réxime de autorización previa. E aquí vén o realmente importante desta lei, o que realmente lle importa ao Partido Popular, que é poñer os servizos sociais ao libre mercado. Acabouse a autorización previa, acabouse o control das entidades. Isto vai ser o gran negocio, e miráremolo agora que empezamos a entrar no debate da Proposición de lei de modificación da Lei de servizos sociais. Vostedes o que queren é converter os servizos sociais no gran negocio das empresas privadas. Un gran risco imos correr con todo isto. Eu a única esperanza que teño é que lles quedan meses de goberno e que todas estas leis haberá que modificalas, haberá que derrogalas e volver plasmar outras leis que defendan os intereses da maioría social galega, tanto na Lei de patrimonio, que acabamos de discutir, como nesta Lei da economía social, e como faremos moi probablemente coa Proposición de lei que modifica a Lei de servizos sociais.

Mantemos as emendas á disposición derradeira primeira, a 38, para limitar o número de persoas colaboradoras nas coo-

perativas en relación co número de socios. Non pode ser que unha cooperativa poida ter máis persoas colaboradoras que persoas socias; polo tanto, pretendemos unha limitación no número de persoas colaboradoras. E a emenda 39 é para establecer que as persoas socias colaboradoras non poderán desenvolver actividades económicas que entren en competencia coa cooperativa. Algo que parece lóxico, non se necesita nin explicar que un non pode estar apoiando por un lado economicamente unha cooperativa e, por outro lado, ter un negocio con intereses económicos para que faga competencia a esta propia cooperativa.

E mantemos a emenda 40 porque non se pode discriminar o período de proba das persoas en función do tipo de programa ao que se acollen. Non pode haber seis meses para persoas novas nun tipo de organizacións e de iniciativas de economía social e ser máis de seis meses noutros. De todas formas, consideramos que seis meses de período de proba son suficientes en calquera caso para calquera traballador, sexa na economía social ou sexa calquera traballador que traballe por conta allea para unha empresa con ánimo de lucro.

Mantemos todas as emendas á disposición derradeira terceira que modifica a Lei 13/2008, que pretende liberalizar e rebaixar o control da Administración nas prestacións de servizos sociais. Ademais, están en tempo as emendas á Proposición de Lei, como dicía, de modificación da Lei de servizos sociais, polo que non ten sentido que esteamos a tramitar a modificación dunha lei que ao mesmo tempo está sendo modificada por outra lei, o que na linguaxe popular se coñece como “unha trapallada”.

O que están vostedes facendo é unha auténtica trapallada cos servizos sociais. O que están vostedes facendo é transformalos nun negocio e poñendo en mans das empresas privadas con ánimo de lucro precisamente as persoas máis desprotexidas, as persoas máis vulnerables, as persoas que necesitarían máis apoio da Administración.

Polo tanto, votaremos en contra deste proxecto de lei, xa que non soamente non mellora en nada a economía social, non fomenta as entidades de economía social, non se preocupa da súa consolidación dentro do tecido produtivo, non pon en valor a súa aportación á economía do país, non pon en valor a súa aportación a unha repartición da riqueza moito máis equitativa e, dende logo, non ten en consideración de ningún

tipo as dificultades das mulleres para acceder aos postos de traballo e para crear as súas propias iniciativas de economía social. Pero tamén porque non recoñece a moitas entidades sociais, como son as entidades de comercio xusto ou como son os sindicatos, e modifica aspectos importantes da Lei de servizos sociais para favorecer a prestación dos servizos por entidades privadas con e sen ánimo de lucro.

Polo tanto, dende logo, o que busca nesa modificación –e verémolo coa modificación da Lei de servizos sociais– é converter nun gran negocio os dereitos, converter en caridade os dereitos. Polo tanto, votaremos en contra deste proxecto de lei.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Como primeira cuestión, e tal e como fixen durante a comisión, quixera agradecer o ton mantido durante a ponencia e o debate acerca de diversos temas contidos nesta proposición de lei, aínda que finalmente non chegásemos a acordos sobre as partes substanciais que se nos preguntaron da mesma, as que considerabamos os grupos como máis importantes.

Trasladamos no seu momento, no debate pleno do proxecto de lei, o concepto e a importancia que para este grupo tiña a economía social, e dende que punto de vista comprendiamos a economía social. Primeiro –e xa o dixemos no seu momento–, no marco de paro e precariedade xerado polas medidas cíclicas dos últimos gobernos, xerado polas reformas laborais, xerado por unha sorte de normativas que conducían á pobreza a grande parte dos galegos e galegas –dixémolo tamén no seu momento–, un 17,2 % da poboación, pero que é especialmente preocupante atendendo pois a masa de traballadores e traballadoras, un 13 % deses traballadores e traballadoras son pobres agora mesmo en Galicia.

E nese marco de pobreza cómpre analizar, pois, o papel e a precariedade laboral, os baixos salarios e polo tanto o papel

da iniciativa privada e a normativa que permite seguir aumentando lucros sobre todo das grandes empresas mentres se produce a progresiva desposesión da clase traballadora.

Nese marco –diciamos na toma en consideración, nese debate á totalidade– tomaba especial relevancia o papel que podía xogar a economía social, e trasladabamos que este grupo a comprendía como axente de cambio, de transformación social e económica ou como ferramenta de repartición de riqueza e, polo tanto, de democratización económica e social.

Trasladamos daquela que era necesario deixalo plasmado no texto. Así figura na emenda 32 de AGE, á exposición de motivos, que non foi aceptada –obviamente mantemos todas as emendas que non foron aceptadas durante o trámite–, e propuña, propón remarcar o carácter colectivo dos medios de produción da economía social e o carácter participativo e solidario da súa xestión, así como o interese comunitario da súa existencia.

Tampouco foi aceptada a emenda 33, que pide a supresión do apartado 1.3, referente aos obxectivos de Lisboa. Xa comentabamos o espírito liberal albergado nesa estratexia e antitético para nós co espírito que debe ter a economía social.

Non aceptaron tampouco na propia comisión a proposta, non aceptamos –perdón, nós mesmos– a transacción relativa á emenda 34, que non só elimina o concepto de repartición de riqueza, senón que ademais tiña que ver coa aceptación dunha emenda do Partido Popular, que xa trasladamos no seu momento, coa que non estabamos de acordo.

Non foron aceptadas tampouco as emendas 36, 37, 38 e 39, que van no mesmo senso, e relacionadas coa modificación da Lei de servizos sociais, á que logo me referirei.

No articulado foi aceptada a nosa proposta de incluír a autonomía, a autoxestión, como criterios primordiais das entidades de economía social, tanto no artigo 2 coma no 5, e tamén no referente á cooperación.

Sen embargo, non foron aceptadas aquelas emendas que, en aras dunha linguaxe inclusiva, pretendían substituír o concepto de discapacidade polo de diversidade, debate que este

grupo parlamentario xa estableceu ou xa intentou abrir no debate da Lei de accesibilidade nesta Cámara e que entendemos que é preciso abordar pois con seriedade, coa seriedade que merece.

No artigo 11, sobre a composición do Consello da Economía Social de Galicia, trasladouse a necesidade da presenza no mesmo dunha axente ou dun axente da Secretaría de Igualdade. Isto foi transaccionado e está contido, porque a verdade é que non entendemos, a pesar de que sexa positivo que se inclúa agora, como unha lei –iso tamén é para a reflexión, comentámolo na propia ponencia– pode pasar o informe de impacto de xénero, pode pasar polas diferentes consellerías e saír así, sen ningún tipo de axente relativo a igualdade.

Hai presenza, ou había presenza contida de case todas as consellerías; sen embargo, na relativa á Secretaría de Igualdade non había ningún tipo de presenza, cando, ademais –xa o comentamos na ponencia e na propia comisión–, algunhas das entidades, sobre todo as que teñen que ver coas cooperativas por exemplo, teñen pois maioritariamente presenza feminina.

Non foi aceptada a nosa emenda 11, nin as dos outros grupos parlamentarios, relativas á presenza sindical no Consello da Economía Social. Foi un debate central dentro da ponencia e nós explicabamos, tal e como advertimos no seu momento e tal e como advertían os sindicatos e o propio CES, que un só representante sindical era francamente escaso, tendo en conta que as entidades de carácter social teñen ademais traballadores e traballadoras asalariadas, que hai que lembrar tamén que son fonte de conflito laboral e que algúns deses conflitos teñen sido tamén fonte de debate nesta Cámara. E, polo tanto, entendiamos que era preciso que polo menos se contemplasen esas tres presenzas dos sindicatos maioritarios.

Si foron aceptadas as emendas 12 e 13, que limitaban os mandatos dos membros do Consello no artigo 12, pero no artigo 14 tampouco se aceptou a emenda 18, sobre a introdución de contidos formativos nos currículos educativos.

Ao noso entender, o texto está máis orientado en canto pois ao aspecto económico e non tanto a cooperación, a asociaciónismo propio da economía social.

Non houbo acordo tampouco no relativo á emenda 21. O Partido Popular non contempla as axudas, o seguimento, máis aló da creación das entidades. Tivemos un debate tamén relativo a ese aspecto durante a ponencia. Nós consideramos que é necesario, cando se dá algún tipo de axuda pública ou de impulso, facer un seguimento ao longo da vida das entidades sociais, para ver se é útil esa medida; se non, se hai que melloralas ou que hai que facer, toda vez que sabemos que moitas –témolo debatido aquí no relativo ás cooperativas e outro tipo de entidades– fracasan un ano, dous anos ou tres despois da súa posta en funcionamento.

Tampouco se acepta a emenda 22, relativa ás axudas para a creación das cooperativas ou entidades que non son puramente económicas, aquelas axudas –xa o trasladei aquí– materiais. Por exemplo, puñamos como exemplo –e así o reflectimos na emenda– locais, dependencias para xuntanzas ou outro tipo de facilidades, sobre todo cando se están a poñer en marcha esas iniciativas.

Si se aceptou a creación dun plan de impulso, mais no artigo 17 foron rexeitadas as emendas fundamentais en materia económica, relativas ao lanzamento de novas iniciativas de economía social, que, ademais, deberían reflectirse tamén pois nese plan de impulso.

Tiñamos un debate sobre a utilidade das entidades de capital risco, de economía social, durante a ponencia, e tras asegurárenos durante a mesma que se falaba de ferramentas financeiras públicas, sen embargo non se aceptou a emenda 26 da Alternativa Galega de Esquerda, que precisaba que pretendía aclarar ou precisar ese carácter público desas entidades de capital risco e doutras ferramentas de traballo financeiras a respecto da economía social.

Do mesmo xeito, non se aceptou tampouco a emenda 27, que solicitaba o estímulo do acceso aos microcréditos e a outro tipo de axudas públicas, nin pola contra se aceptou tampouco a emenda 28, que pedía impulsar a relación dos proxectos con cooperativas de crédito, micromecenazgo ou certas entidades de banca ética.

Parécenos un pouco paradigmático que, por unha banda, non se queira asegurar o carácter público dos instrumentos financeiros que van estar á disposición do lanzamento ás entidades de carácter social e ao mesmo tempo tampouco se quei-

ran aceptar as cooperativas de crédito, porque se nos di que son entidades de carácter privado, e non entendemos realmente cal é a intención máis aló de que sexa pois facilitar –entendemos– a banca privada, a banca ordinaria.

Así mesmo, tampouco se aceptou, a pesar de que xa dixemos que se aceptou a introdución dun plan de impulso da economía social, a emenda 29, que pedía que o plan de impulso tivese unha planificación económica. Quedamos pois practicamente como estabamos, porque podemos caer no risco de que, efectivamente, se faga un plan que non se vai poñer en marcha e que ademais non ten asegurada a súa viabilidade económica, porque non hai ningún orzamento vinculado a este plan.

E, ademais, tampouco se acepta a emenda 30, relativa ao aumento do gasto para a constitución do Consello da Economía Social. Non implicaba un incremento excesivo, pero entendíamos que era necesario que polo menos se aboasen as dietas daquelas persoas que ían formar parte dese Consello da Economía Social.

E, sobre todo, tampouco retiran, como xa se trasladou, o relativo á modificación TS/2008, de servizos sociais, nas disposicións derradeiras, e como se lles solicitaba –eu creo que en xeral– dende todos os grupos da oposición. Tiven a ocasión na ponencia, e tamén na comisión, de explicar o que este grupo sostén ou entende no relativo a esa tramitación.

Comeza a ser habitual por parte deste goberno –e tamén no caso do Goberno central– a utilización de proxectos de lei, de iniciativas legislativas e incluso de decretos para modificar leis que nada teñen que ver coa materia que se está a tratar ou que teñen pouco que ver coa materia que se está a tratar, e isto é precisamente o caso desta modificación.

Utilízase a tramitación do Proxecto de lei da economía social para modificar a Lei de servizos sociais, pero, aínda por enriba, sucede ademais que, só cunhas semanas de diferenza, e tal e como se trasladou na propia comisión e na propia ponencia, entra nesta Cámara a debate unha proposición de lei do Partido Popular para modificar a mesma Lei de servizos sociais. É dicir, en cuestión ou coa diferenza de dúas semanas imos debater en dúas ocasións diferentes –e supoño que se aprobará cun mes e algo de diferenza– dúas modificacións da mesma lei. A verdade é que nós xa dixemos, polo menos no que se refire a técnica legislativa, que deixa

moito que desexar e dende logo serve para ir poñendo parches en vez de ter un debate fondo sobre a realidade dos servizos sociais.

Pedimos, por favor, que se retirasen estes aspectos contidos na lei, que se trasladasen, se era considerado por parte do Partido Popular, ao debate que imos ter –agora mesmo está sen constituír a ponencia aínda da modificación da Lei de servizos sociais, nin sequera houbo debate sobre este aspecto–, e polo tanto quedamos tal cal estabamos, nunhas modificacións que ademais mudan substancialmente o trámite –digamos– burocrático ou administrativo para que as entidades de carácter social accedan pois á xestión de servizos sociais neste caso. E, polo tanto, non estamos de acordo con este aspecto. Non houbo debate respecto deste tema e nós solicitabamos que se retirase para ter polo menos a consideración de apoiar ou non este texto legal.

E temos, polo tanto, un texto legal escueto, como trasladamos xa no debate no pleno, sen memoria económica, que practicamente serve só para poñer en funcionamento un Consello da Economía Social que non sabemos que utilidade vai ter, cun plan que ademais non ten esa memoria económica, non sabemos con que características vai contar ou se vai servir realmente para poñer en marcha esas entidades, porque, ademais –repito–, non se aceptou o seguimento, non só o impulso senón o seguimento, das mesmas.

E entendemos que a mellora que poida significar para a economía social é francamente escasa ou moi limitada e moi lonxe do que nós considerabamos de entrada necesaria para esa transformación social e económica e unha repartición da democracia e da riqueza que, unha vez máis, está lonxana pois do modelo imperante, do modelo liberal e salvaxe que a día de hoxe fai case utópico pensar pois que unha lei destas características poida servir, precisamente, para fomentar pois esa repartición da riqueza ou para facer que muden en algo pois as características ou a tónica en xeral que está a tomar a economía no noso país.

De entrada, e salvo que se modifique a consideración sobre as emendas que non foron aceptadas durante todo este trámite, este grupo parlamentario vai manifestar o seu voto en contra desta lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Bo día, señor conselleiro.

Quero comezar tamén, como xa fixo a señora Solla, agradecendo o traballo que tivemos no trámite de ponencia. Efectivamente, xa son moitas as leis nas que teño a honra de ter participado na súa ponencia, e debo dicir que nesta tivemos un ambiente de traballo, colaboración e debate que, aínda que non chegamos a termo como quixeramos, é dicir, chegando a un consenso, é certo que debatemos todos e cada un dos artigos con profundidade, e tamén é certo que debatemos todas e cada unha das emendas, o cal non sempre ocorre así. Polo tanto, eu creo que poñer en valor ese traballo e o esforzo realizado tamén pola propia deputada do Partido Popular, pola deputada Cancelo, pois é obrigado e así queremos dicilo.

De feito, algunhas das transaccións considerámolas importantes, aínda que a este grupo parlamentario que eu represento se lle aceptaran moi poucas emendas e menos transaccións, pero si que entendemos positivo que a Secretaría Xeral de Igualdade ou o organismo do cal dependan as políticas de igualdade teñan presenza no Consello Galego da Economía Social. Era un esquecemento absolutamente incomprendible por parte do texto que emana do Consello da Xunta. A verdade é que non entendemos que existan representantes de case todos os departamentos do Goberno galego e non estivera o propio organismo de igualdade, máxime cando sabemos que no ámbito da economía social e das cooperativas a presenza de mulleres é maioritaria.

Efectivamente, é unha mágoa que non se recolla a proposta de que estean os sindicatos, ou incluso como propón o Grupo Mixto, as organizacións feministas, ou talvez incluso o Consello Galego das Mulleres.

Entrando xa nas emendas que mantén vivas este grupo parlamentar, efectivamente, no seu trámite de toma en conside-

ración xa deixamos claro que non entendiamos que esta lei fora á profundidade do que significa a economía social, que modificara realmente o marco da economía para unha economía alternativa ou, digamos, para un modelo económico alternativo. E tamén criticamos fortemente que exista unha modificación da Lei de servizos sociais, e despois xa me deterei nas emendas, nas cales nós pedimos a supresión desa modificación.

Estamos tramitando outra lei, ademais, que chega a esta Cámara da man do Grupo do Partido Popular, que modifica a Lei de servizos sociais no referido ás entidades de iniciativa social, e nesta lei se modifica tamén ese marco regulatorio.

Realmente, xa como técnica lexislativa é incomprendible, pero indo tamén ao fondo de como se deben regular os servizos sociais, non é nesta lei onde se debe dar o debate respecto da autorización ou simplemente da comunicación previa. Cremos que o Goberno o introduce nesta lei un pouco á desesperada, e agora estamos aquí, debatendo, mentres temos unha lei en espera de configurar a ponencia para debater a respecto das entidades sociais.

Nós seguimos mantendo as emendas, e vou facer un mero resumo delas e unha argumentación de por que as mantemos.

Na emenda número 8, a respecto dos orzamentos necesarios para o funcionamento do Consello Galego de Economía Social, consello que tamén debatemos con profundidade no propio trámite de ponencia, como ben saben as deputadas que me acompañaron, eu teño certo escepticismo de que sexa un consello que vaia funcionar, de que, efectivamente, non vaia ter nalgúns momentos un funcionamento que distorsione o funcionamento do CES. Ademais, agora que se chega a unha transacción para unha das súas encomendas, que a elaboración dese plan de impulso á economía social non teña unha dotación que lle permita ese funcionamento, como comprenderán, resulta cando menos estraño, porque a elaboración dun plan de impulso da economía social necesita de persoas ou axentes que desenvolvan ese plan; plan, por certo, que segue manténdose sen orzamento neste momento, tal e como está a día de hoxe o texto.

Na emenda número 12 nós mantivemos a necesidade de ter cláusulas de carácter social. Sabemos que a introdución

desta emenda ten as súas aristas a respecto da Lei de contratos, mais o que pediamos era unha transacción, por parte do Partido Popular, que permitira que se definira e se cuantificara que dentro desa lei de contratos exista unha orientación que permita cláusulas de carácter social, tanto aquí como na propia lei que estamos neste momento debatendo a respecto das entidades de iniciativa social.

A emenda número 13 nós mantémola porque nos parece que é unha emenda importante. É unha emenda que chega a este grupo parlamentar da man do cooperativismo, fundamentalmente do cooperativismo agrario, pero que podía estenderse a todo tipo de cooperativas. Vou dar lectura á mesma. E ademais nós entendemos, despois de ter un debate na Comisión 6ª a semana pasada respecto de instrumentos financeiros innovadores –tal e como o director do Igape os definía–, que podería ser un instrumento financeiro innovador –para seguir con esta creación semántica dunha nova xerxa– a creación dun capital risco cooperativo.

A emenda número 13 o que di é: “Crearase unha entidade de capital risco cooperativo que fomentará un marco de xestión, pactado con Xesgalicia, que impulse a posta en marcha de proxectos empresariais cooperativos de alto impacto, dirixidos tanto ao mercado galego e estatal como aos mercados exteriores.

Elaborarase unha supervisión profesionalizada da xestión dos proxectos, e terá por obxecto participar no capital social de novas entidades durante un período de tempo inicial do proxecto, para ir retirándose progresivamente, ata saír do mesmo, unha vez consolidado.”

Esta emenda, como xa dicía, parte da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, aínda que o seu marco non quedaría simplemente nas cooperativas agrarias, tal e como reza na redacción que fixemos para a emenda, dado que contextualizar a emenda é sinxelo. Efectivamente, os problemas financeiros son claros por parte de todo o tecido produtivo galego, derivados tanto da reforma financeira como da perda das antigas caixas, pero estes problemas financeiros son maiores no ámbito do cooperativismo e no ámbito da economía social.

Polo tanto, nesta emenda a súa argumentación é clara. Consideramos que este financiamento debe de ser un financia-

mento que claramente vaia da man da Administración ou da man de entidades públicas; a sociedade xestora nos parece que debe ser Xesgalicia, evidentemente, e que se fomentese ese desenvolvemento empresarial mediante a participación temporal e minoritaria no capital social das empresas.

Argumentouse por parte do Partido Popular que é imposible a aceptación desta emenda. Entendemos que para nós é unha emenda –xa digo– de calado, porque chega ademais da man das persoas que todos os días están intentando levar adiante proxectos cooperativos, neste caso no ámbito da cooperación agraria.

A emenda número 14 refírese tamén a un aspecto importante, como é a creación dun novo artigo, o artigo 17 bis, impulso da igualdade e a conciliación nas entidades da economía social galega.

Tal e como di esta emenda, a Xunta de Galicia ou o Goberno impulsará a implantación efectiva de plans de igualdade e de conciliación nas entidades de economía social mediante un programa de fomento destes, coa súa adecuada dotación orzamentaria.

Evidentemente, existe unha norma que regula os plans de igualdade, non tanto así os plans de conciliación, para as empresas. Entendemos que tamén naquelas entidades de economía social debe ser susceptible que estea regulada a elaboración deste plans de igualdade e conciliación. Pero non pode ser un corta e pega, que é unha cuestión que moitas veces ocorre nos propios plans de igualdade nas empresas, e necesitan desa dotación orzamentaria para poder levarse a termo.

Eu creo que vai máis alá do que pode ser que simplemente apareza recollido na lei, senón que as propias cooperativas, as propias entidades de economía social, onde maioritariamente traballan mulleres, poidan ver realizados eses plans de igualdade; e as medidas, necesariamente, deben ter unha dotación orzamentaria.

Sabemos que a vontade do Partido Popular –porque nos ofertou unha transacción durante o trámite de ponencia– é aceptar parcialmente esta emenda. De non cambiar a postura do Partido Popular, nós, en aras de que polo menos sexa recollido no texto da lei a importancia dos plans de igualda-

de e dos plans de conciliación nas cooperativas e nas entidades de economía social, estaríamos dispostos a ver a posibilidade de chegar con todas as deputadas e con todos os grupos a un texto definitivo.

A emenda número 15 refírese xa en concreto, efectivamente, ás cooperativas agrarias. En concreto vou dar lectura a esta emenda que suporía engadir un novo artigo, o artigo 17 ter, de participación de cooperativas agrarias en programas de desenvolvemento rural:

“Promoverase a participación das cooperativas agrarias en programas de desenvolvemento rural e na propia rede galega de desenvolvemento rural, a efectos de valorizar os servizos que presta, impulsando a diversificación da súa actividade e o desenvolvemento doutros servizos dirixidos ao incremento do benestar e á calidade de vida do medio rural.”

Evidentemente, sobre a importancia das cooperativas agrarias creo que non teño que argumentar en exceso a ese respecto, para todas e todos é obvio. Cos últimos datos publicados, posiblemente decreceran no último ano, son 351 cooperativas agrarias. Esta emenda xorde das propias cooperativas, dunha análise elaborada polo cooperativismo agrario galego sobre a situación e as súas estratexias de futuro. E enmarcaríase esta emenda nesas estratexias de futuro.

Fai referencia á necesidade de poñer en marcha mecanismos que melloren diferentes aspectos do cooperativismo, como a modernización ou o redimensionamento das mesmas; aspectos que non deben ir soamente a gastar de forma.... como ocorreu nos anos noventa co desenvolvemento rural, que os fondos eran dedicados en moitas ocasións ao abandono da actividade agraria ou incluso á forestación de forma masiva do noso territorio.

Por iso entendemos que as cooperativas deben estar e participar do propio desenvolvemento das estratexias de futuro deses fondos que reciben. E por iso lle pedimos tamén así ao Partido Popular que reconsidere esta emenda, absolutamente razoable e asumible, que eu creo que simplemente mellora o texto.

Sabemos que se refire ás cooperativas agrarias, e hai outras, como as cooperativas do ámbito do mar, por exemplo, que se podían ter recollido, pero a súa problemática é diferente,

e tamén é diferente como chegan aos fondos europeos, polo tanto, pediríamolle á deputada que nos explicara por que non se acepta esta emenda.

A emenda 16 é unha emenda que imos denominar testimonial. Nós seguimos introducindo, en todos aqueles textos de leis que inclúen aspectos que modifican a economía, a creación dun instituto de crédito e financiamento –sabemos que a súa presenza neste texto é testimonial–, para remarcar que, cando o Igape está dando debates a respecto da necesidade de modificar os instrumentos financeiros, consideramos que tería sido máis valente e arriscada por parte do Goberno unha modificación completa do Igape e a creación dun instituto –o nome dá igual, segundo como se considerara por parte do Goberno– de crédito; un instituto que dotara doutros mecanismos que non soamente os do Igape. E outro día podemos ver como facer un esforzo por intentar crear novos instrumentos.

A emenda número 17 é unha emenda necesaria, de dotación orzamentaria. Estamos diante doutro texto sen dotación orzamentaria, sen unha mínima referencia ao mesmo, aínda que se fale, como efectivamente se chegou a unha transacción na disposición adicional cuarta, a respecto da creación dun plan de impulso da economía social. O plan non sabemos se terá ou non terá orzamentos, a que non os ten, dende logo, é a lei.

A emenda número 18 é a referida á necesaria relación e coordinación co CES.

Por último, as emendas números 19 e 20 van referidas a suprimir todos os artigos a respecto da Lei de servizos sociais.

Nós consideramos, clarisimamente, que os servizos sociais non poden estar suxeitos a unha comunicación previa, porque, aínda que se recolla que os servizos sociais que conleven prestacións ligadas á saúde pública terán unha autorización, é moi difícil –por non dicir imposible– no ámbito do benestar diferenciar entre aquilo que ten una referencia clara á saúde pública e o que non.

Vou poñer un exemplo. Os centros de información ás mulleres, neste momento en modificación a través da elaboración dun novo decreto, ¿teñen que ver coa saúde pública ou non?

¿Cal é a valoración que facemos ao respecto? Eu considero que si, por exemplo, porque teñen que ver con todo o que ten que ver coa violencia de xénero, coa atención directa ás persoas, e teñen que ver coa saúde. Pero os centros de menores... É dicir, entraríamos a intentar poñer unha fronteira absolutamente borrosa, difícil, e que moitas veces debería ter consideracións cando menos bastante complexas.

En cambio, asumir que todos os servizos sociais, por estar referidos á área de benestar ou ao benestar das persoas, teñen que ver coa saúde pública e necesitan unha autorización, é moito máis rigoroso, e realmente impide que empresas que non teñen nada que ver co ámbito do benestar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...nin nada que ver co ámbito dos servizos sociais, acaben introducándose –entre aspas– “no mercado dos servizos sociais”, buscando novos nichos de beneficio.

Por iso nós mantemos claramente a emenda número 19 e a emenda número 20, e estamos radicalmente en contra de que se dea unha autorización, unha comunicación previa, soamente para os servizos sociais. Cremos que son unha forma de entender o mercado do turismo, por exemplo, ou o mercado doutro tipo de establecementos que non teñen nada que ver cos servizos sociais. Por iso mantemos vivas estas emendas.

Reitero os parabéns que dixen no ámbito do traballo de comisión, e tamén, porque me esquecín ao principio, quero estendelos aos servizos xurídico da Cámara, e fundamentalmente á letrada que nos acompañou en todo este trámite, porque realmente facilitou moito o traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente. Bos días.

Agradecer a presenza do conselleiro no debate da lei. E dicir que o Grupo Socialista vai manter vivas todas as emendas

coas que non puidemos chegar a un acordo no debate en Comisión.

Nós entendemos, en relación co concepto da economía social –que é un concepto antigo, é un concepto que data do século XIX–, que se denomina con este termo unha serie de empresas que nacen para dar resposta aos problemas sociais dunha incipiente sociedade capitalista. E que neste momento, debido ás políticas –e lamentamos tamén dicilo– do Partido Popular, volvemos estar nesa situación na que hai que dar solución a unha serie de problemas socioeconómicos que se establecen na nosa sociedade.

Pero, por outra parte, entendemos que esta Lei da economía social non vai dar resposta a esa serie de problemas que temos en Galicia na sociedade galega, tanto económicos como de emprego. A primeira premisa que tería esa definición da economía social e economía solidaria, ao noso entender, incúmplea o Partido Popular nas súas decisións políticas, e tampouco se aborda na presentación desta lei. É unha lei o suficientemente importante, posto que só as empresas de cooperativismo e mutualismo representan practicamente o 10 % do produto interior bruto estatal.

Encontrámonos nun escenario no que a economía galega... –despois de tempos de gobernos do Partido Popular, de leis do Partido Popular–, Galicia é unha das comunidades do Estado onde o crecemento económico e de emprego evoluciona peor. E máis alá de todas as xustificacións e máis alá de toda a maquillaxe que se queira poñer polas medidas laborais adoptadas polos gobernos do Partido Popular, as medidas de austeridade frean o consumo das familias, frean a inversión na pequena empresa cooperativista e o que fan é que os resultados socioeconómicos para o noso país sexan peores.

Nós entendemos que esta lei non vén dar solución a eses problemas que están por riba da mesa no noso país. E se consideramos que Galicia está por debaixo do Estado na maior parte dos parámetros socioeconómicos, esperamos das leis que se poidan aprobar no Parlamento galego que veñan dar solución aos problemas das persoas, non simplemente dar solución a outras cousas. E refírome a que a señora deputada do Partido Popular xa o sabe, a nosa liña roxa do Grupo Socialista neste proxecto de lei situábase nos servizos sociais. E nós entendemos que a introdución de todo o arti-

culado con respecto aos servizos sociais que se fai neste proxecto de lei da economía social ao que vén é a dar barra libre a unhas empresas que non deben de tela.

Ao entender dos socialistas, en tempos de crise as iniciativas emprendedoras deberían de situarse en dous aspectos: por unha banda, a creación de empresas viables en sectores emerxentes e xeradoras de emprego, e, por outra banda, a consolidación, o impulso e a vertebración de sectores tradicionais. Nada nos fai pensar que esta lei vaia contribuír a estas solucións.

A Lei da economía social presentada polo Goberno de Galicia non diseña instrumentos imprescindibles para abordar estas medidas de promoción da economía social, nin aborda globalmente unha política competitiva para a economía en Galicia. Moitas destas propostas que se fan ao atisbo de propostas que están na propia lei, nin tan sequera contan cos informes sectoriais das consellerías competentes. Para nós esta lei amosa unha relevante ausencia de fondos, non contempla novas medidas de financiamento para as empresas, abunda en diversos enunciados sen contido real nin eficacia empresarial, non precisando medidas reais de actuación en ningún dos ámbitos que pretende regular a lei.

No substancial, o texto legal redúcese á regulación e creación do Consello de Economía Social, limitándose nos demais aspectos a enunciar meros principios programáticos. Polo tanto, entendemos que non dan solución real aos problemas que someramente enunciei ao principio da miña intervención. O feito de que o Consello de Economía Social non conte con orzamento dificulta aínda máis a posibilidade de levar a cabo outra das súas funcións, que é a elaboración de estudos e propostas.

Por outra parte, un aspecto que consideramos, xunto cos outros grupos da oposición e que nos parece relevante, é a falla de representación das centrais sindicais. Eu creo que se tomamos como referencia outras leis da economía social, e incluso as do Estado, temos que saber que estamos en Galicia, onde hai tres centrais sindicais referentes e que teñen que estar presentes; deberían estar presentes, faltaríanos unha pata nese aspecto.

Pero volvo incidir en que para os socialistas o principal problema é o que se pretende facer: unha reforma da normativa

de servizos sociais. A lei afecta especialmente entidades prestadoras deste tipo de servizos, e realmente abórdase unha reforma da normativa de servizos sociais e non con disposicións adicionais. Consideramos, por tanto, que os colectivos afectados na prestación de servizos teñen que ter participación neste aspecto, porque os colectivos dirixidos á atención da infancia, aos maiores, ás persoas con discapacidade, os dirixidos á loita contra o desemprego, á formación, á reinserción profesional, á inclusión das persoas, os dirixidos ao aloxamento social, entre outros, constitúen un valor moi superior ao interese que pretende defenderse neste texto, que é a supresión de requisitos ou trabas para o desenvolvemento da actividade. Non estamos de acordo neste aspecto, dixémolo nas reunións previas aos acordos de transacción, dixémolo na propia Comisión. E entendemos que este tipo de servizos deberían estar suxeitos a unha autorización previa.

Na nosa opinión a reforma da normativa de servizos sociais que se prevé debería terse realizada logo do oportuno debate coas entidades que participan no Consello Galego de Benestar. Xa que –como dixen antes– afectan, especialmente, entidades prestadoras deste tipo de servizos; por tanto, estase abordando unha reforma da normativa de servizos sociais, e, como xa dixen, non se pode facer como se presenta nesta lei.

Consideramos que esos colectivos afectados á prestación de servizos dirixidos a persoas moi sensibles non é posible que se supriman os requisitos ou trabas para o desenvolvemento da actividade. Porque é un valor que require a pertinente comprobación administrativa desde o primeiro momento. Desde o primeiro momento é obrigado traballadores cualificados, instalacións axeitadas, etc.; por tanto –repito–, entendemos que deberían estar suxeitos a autorización previa.

Nós entendemos que paralelamente a unha iniciativa con respecto aos servizos sociais que se está tramitando no Parlamento, a Lei da economía social, que pola parte de atrás pretende pór os servizos sociais galegos á altura –con todos os respectos– da apertura dunha perruquería ou dunha cafetería, eu creo que non estamos actuando dunha forma responsable e, sobre todo, dunha forma que valore positivamente os nosos servizos sociais, e que non liberalicemos. Quero dicir que esta lei o que pon por riba da mesa é unha reforma pola porta

de atrás dos servizos sociais, unha reprivatización dos servizos sociais. Por tanto, os socialistas neste aspecto, xa o dixen, é a liña roxa e non imos pasar por aí.

E non vale, señora deputada do Partido Popular –que nolo dicía na Comisión–, falando de directivas comunitarias, as directivas comunitarias fan unha parte neste aspecto. Xa establecen diferenzas para o tratamento dos servizos sociais e é un tratamento moito máis exixente que para a apertura de calquera outro tipo de empresa ou instalación. Por tanto, os socialistas anunciamos o voto en contra.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Cancelo.

A señora CANCELO MÁRQUEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, señorías, bos días.

En primeiro lugar, gustárame agradecer tamén ás restantes ponentes dos outros grupos o bo trato que tivemos nas diferentes reunións da Ponencia. Tamén aos Servizos Xurídicos da Cámara, á súa letrada, polo seu apoio no traballo desenvolvido nas diferentes reunións.

Dende este grupo fixemos un esforzo para tratar de consensuar emendas aceptando algunhas e transaccionando outras. Penso que o esforzo foi positivo e que o texto inicial foi mellorado entre todas. A pesar diso, non puidemos aceptar todas as emendas presentadas polos outros grupos, xa que algunhas delas están directamente relacionadas co concepto da economía social.

Falo das que piden a supresión do termo empresarial economía ou competitividade, e daquelas nas que piden a inclusión no catálogo da economía social de entidades que non realizan actividade empresarial ou non teñen a fórmula xurídica axeitada –asociacións feministas, ONG, sindicatos, entidades de crédito social ou de comercio xusto–. Porque non é o fin social o que define o que é unha entidade de economía social, xa que nese caso aínda faltarían moitas máis entidades que realizan a actividade cun fin social: asociacións de enfermos, Cáritas e un longo etcétera.

Por iso volverei á miña intervención do Pleno no que debatemos as emendas á totalidade sobre esta lei, non se preocupen, non volverei falar daqueles círculos católicos que no século XIX buscaban humanizar a economía, entendendo que estaba excesivamente centrada no capital, senón que vou falar de cales foron os primeiros economistas que buscaban unha reorientación da economía na que o verdadeiro obxecto é o home e a muller, e non a riqueza.

Estoume a referir á gran influencia dos economistas liberais John Stuart Mill e Leon Walras, que sinalaban que a solución aos problemas sociais da época non era a supresión do capital, senón facer que o mundo fora menos capitalista e máis moral. Buscaban unha maior democracia nos procesos de produción, buscaban regular as horas de traballo dos empregados, que padecían xornadas abusivas. E prestar unha especial atención ao asociacionismo empresarial entre os traballadores, propugnando o fomento das cooperativas polas súas vantaxes económicas e tamén morais.

Este modelo vaise desenvolvendo no seguinte século na Europa occidental, xa que nos países da Europa central e oriental, ligados ao sistema soviético e con economías de planificación centralizadas, o Estado era o único actor económico, polo que non había espazo para os axentes de economía social. Porque tanto se nos quedamos con aquelas primeiras ideas destes pensadores do século XIX, como se buscamos as definicións que os investigadores fan e as institucións utilizan no século XXI, estamos a falar de empresas cunha forma distinta de desenvolver a súa actividade económica. Unha actividade baseada nas persoas, na democracia interna, na solidariedade, na cohesión social, na inserción de persoas en risco ou en exclusión social e, mesmo, con capacidades diferentes.

E todo isto, e máis, está reflectido nos principios orientadores que recolle este proxecto de lei, porque estamos a falar dun sector que fai actividade económica empresarial, algunhas con fins sociais, pero que entenden que os fins sociais non están reñidos con estes termos.

De feito, a propia Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro utiliza estes termos, utiliza o termo empresarial, o termo competitividade; o que non está reñido co seu obxecto, que é a inserción de persoas con discapacidades ou con problemas de inser-

ción laboral. Porque é este o espírito da lei: valorizar as entidades da economía social, facer ver as súas achegas á sociedade, ao territorio, sobre todo en ámbitos como o do mar –falamos de confrarías de pescadores–, o agrario –cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, ou comunidades e mancomunidades de montes veciñais–, ou laboral –sociedades laborais, empresas de inserción ou centros especiais de emprego–.

Tampouco podemos apoiar aquelas emendas que eliminan entidades do catálogo por estar xa recoñecidas na lei estatal –falo das mutualidades ou de asociacións que levan a cabo actividade empresarial– ou que modifiquen os nomes mudando o seu senso –deixar só confrarías e non especificar que son de pescadores–. Porque non podemos compartir a valoración que dende os grupos da oposición se fai ao proxecto de lei, xa que cumpre cos obxectivos que marcan as institucións europeas, os países máis avanzados e os principais investigadores da economía social, e que é o trato diferenciado que merece ese sector e que recolle a lei, contribuíndo á visibilidade e coñecemento do mesmo, dotándoo dun marco xurídico común e que deixa a salvo –como non pode ser doutro modo, e polo que tampouco podemos aceptar outra parte das emendas presentadas– as peculiaridades da regulación propia de cada unha das categorías de entidades que o compoñen. Ademais, senta as bases e principios sobre os que se debe sustentar a actividade futura.

Tampouco compartimos aquelas emendas relativas á reforma dalgúns artigos da Lei galega de cooperativas, xa que son melloras demandadas polo sector, consensuadas co sector, e nas que se recolle unha das grandes novidades desta lei: a creación da sociedade cooperativa galega xuvenil. Cooperativas que requiren dun menor capital social mínimo para a súa constitución, que simplifica e abarata os trámites administrativos e que será un importante instrumento para o fomento de actividades económicas entre os máis xoves, e, polo tanto, para mellorar a súa empregabilidade.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres tamén está axeitadamente recollida na lei. Por iso non permitiremos que se diga que esta lei non recolle a igualdade. Non consentirei que se diga que as deputadas do Partido Popular de Galicia non cremos na igualdade. Ademais, esta lei cumpre con todas as recomendacións do preceptivo informe de impacto de xénero. De feito, o principio de igualdade entre

homes e mulleres está presente ao longo do texto da norma, en diferentes artigos, tanto nos principios orientadores como na composición do Consello da Economía Social de Galicia ou no fomento e difusión da economía social. Con todo, este grupo mantemos a transacción proposta á emenda número 14 do BNG, xa que pensamos que mellora o texto presentado nesta cámara.

Outra cuestión debatida na Comisión foi o tema dos instrumentos financeiros específicos ou a dotación orzamentaria. Nós pensamos que unha lei debe ser un texto que perdure no tempo, polo que establecer de forma excesivamente concreta que instrumentos financeiros deben de selarse para apoiar as iniciativas da economía social podería deixar fóra moitas oportunidades, por exemplo, a utilización de novos fondos europeos. O importante é recoller no texto a necesidade de establecer que son necesarios instrumentos financeiros específicos en función do tipo de entidade. Non é o mesmo unha cooperativa xa internacionalizada, un proxecto con forte compoñente tecnolóxica ou o desenvolvemento dunha pequena empresa de inserción laboral ou un centro especial de emprego. A lei si recolle estas diferenzas ao establecer como posibilidades, aínda que abertas, o establecemento de fondos de capital risco e de microcréditos específicos para estas empresas. Porque o importante, como sempre, é como se desenvolva o recollido na lei e, por iso, este grupo parlamentario presentou na emenda, xa incorporada na ponencia, que establece a obrigatoriedade de que o Goberno galego, nun prazo máximo de seis meses, aprobe un plan de impulso para estas entidades, plan que será debatido no Consello Galego da Economía Social e que, polo tanto, será consensuado e falado directamente co sector; eles son os que coñecen cales son as súas necesidades. Este plan, ou os plans que se poidan desenvolver no futuro, si terá, como é lóxico, un orzamento para a súa posta en marcha, aínda que a lei non o recolla.

Tampouco compartimos a necesidade de creación de novas estruturas na Xunta de Galicia. Falo das emendas que propoñen a creación dun Instituto Galego da Economía Social ou de duplicar o Igape, coa creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento. Parece increíble que moitos dos que sempre estiveron cuestionando a existencia de moitos organismos autónomos dentro da Administración propoñan a creación de novas estruturas, innecesarias, con custo económico para a Administración, en lugar de utilizar os recursos

dispoñibles para o que realmente son necesarios: dar apoio ás iniciativas que xurdan neste sector na nosa terra.

Outra crítica que se fai é a suposta falta de contidos ou o papel do Consello Galego da Economía Social. Este Consello vai contar cunha representatividade ampla dos distintos sectores da sociedade, pero sobre todo das entidades que conforman a economía social. Hai representación sindical, que consideramos que non debe ser ampliada por ser suficiente dadas as características destas entidades, nas que o traballador participa na toma de decisións. Tampouco sería correcta a proposta que está presentada a través da emenda que daría lugar á incorporación de moitos máis representantes, o cal levaría a desvirtuar o Consello. Ademais, este Consello incorpora a representación municipal e das universidades galegas, o que non está recollido na lei estatal; polo tanto, mellóraa.

Este órgano, que moitos grupos da oposición minimizan, ten unha importancia vital, xa que é o único órgano no que se reconece e dá voz a toda a diversidade de entidades da economía social en Galicia, aumenta as posibilidades de colaboración non institucional e terá un importante papel no deseño das políticas que dende o Goberno galego se establezan. Porque esta lei é unha lei moi relevante, xa que falamos de entidades que proporcionan empregos estables e de calidade. Estamos falando de visibilizar, fomentar, apoiar financeiramente este tipo de entidades. Porque esta lei tamén incorpora como novidade a inclusión de cláusulas de carácter social que favorezan a participación destas entidades na contratación pública. O que non podemos é votar a favor dunha emenda que é contraria á normativa de libre competencia. Tampouco podemos aceptar as emendas que non entran nos obxectivos da lei. Por exemplo, a dotación de locais para que as entidades privadas leven a cabo a súa actividade ou introducir un activo para un tipo moi concreto destas entidades, as cooperativas agrarias, xa que non é o marco axeitado para o seu debate.

Por último, referireime ás liñas vermellas que todos os grupos da oposición me manifestaron na Comisión, ou nas diferentes reunións, relativas a disposicións transitorias e derradeiras referidas á reforma da Lei de servizos sociais. Liña vermella que se establece como escusa para non dar apoio a esta lei, xa que non se pode valorar unha lei destas características só por unhas disposicións transitorias que recollen

algo que hai que facer. Estamos a falar de adaptación da normativa autonómica en materia de autorización de servizos sociais á normativa estatal básica, que xa foi adaptada á normativa comunitaria.

Pero todo o anterior faise recollendo as especificidades. Si, elimina regulacións innecesarias, non se precisa en todos os casos o réxime de autorización previa, pero si recolle as especificidades propias dos servizos sociais, recolle a protección dos dereitos das persoas e a garantía duns servizos de calidade.

Na exposición de motivos da Lei da economía social que se tramita xustifícase claramente a necesidade de modificar esta lei. Ademais, estimouse procedente e eficiente, dentro dun punto de vista da tramitación normativa nacional, aproveitar a tramitación desta Lei da economía social. Neste proxecto, a modificación do réxime de autorización recolle o previsto na normativa estatal e a interpretación dada nas comisións bilaterais Estado-Comunidade Autónoma e si se exige autorización previa para o inicio da actividade por motivos de razón de saúde pública e directamente vinculadas coa garantía de axeitada atención e protección dos usuarios de servizos sociais.

En conclusión, a exixencia do réxime de autorización sometido aos principios de necesidade, pero tamén de proporcionalidade, está suficientemente motivado legalmente e específica na súa concorrencia, atopándose circunscrito na normativa vixente e que é de obrigado cumprimento.

Para rematar, este grupo vai votar en contra das emendas que manteñen os outros grupos parlamentarios. Mantemos a oferta da transacción da emenda 14 do BNG, que votariamos a favor, e, evidentemente, votaremos a favor do ditame elaborado pola Comisión. Porque esta lei baséase na aprobada en España no 2011 e segue as recomendacións europeas establecidas a partir do informe do Consello Social Europeo, no que se sinala que a pesar da importancia da economía social en Europa, 10 % do conxunto das empresas e 6 % do emprego total, hai unha elevada invisibilidade institucional, polo que é necesario un recoñecemento no seu concepto, na lexislación e nas políticas.

Pois isto é precisamente o que fai a lei que estamos a debater: visibilizar as entidades, crear un consello onde o sector

terá voz directa coa Administración e onde poderán influír nas políticas públicas que deseñe o Goberno galego.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cancelo.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas mantidas polos demais.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Imos apoiar as emendas presentadas polo Grupo Mixto, porque coincidimos con moitas delas e, sobre todo, porque a oposición traslada unha visión máis de conxunto, máis común sobre como entendemos a economía social que é a que traslada este proxecto de lei. Agora, escoitando a intervención da voceira do Partido Popular, dá a impresión de que o Partido Popular confunde a Lei da economía social coa Lei de cooperativas, parece que todo o que é economía social é cooperativismo, e o demais queda á marxe. Acábanos de falar de cooperativismo, fronte á explotación salvaxe do capitalismo, o Partido Popular, o cal benvido sexa. Estamos nun momento de explotación salvaxe e, polo tanto, está claro que hai que pular polo cooperativismo, pero a lei debería ir moito máis alá, porque a economía social abrangue moito máis.

Coincidimos, na oposición, na necesidade de financiamento a través de diversos medios que foron rexeitados, tanto como a banca ética, cooperativas de crédito ou a emenda número 13 do BNG, que presenta unha proposta –que eu creo que realmente é interesante– da creación dunha entidade de capital de risco cooperativo, e que foi rexeitada. Non se trata, como dicía agora a voceira do Partido Popular, de especificar nunha lei os mecanismos, non, pero si que hai que especificar que hai mecanismos, cales son, a cales se pode recorrer e, en todo caso, deixar abertos a outros que poidan aparecer.

Tamén coincidimos na necesidade de dotar de orzamento o Consello da Economía Social e de concederlle funcións vinculantes. Créase un consello que pode opinar, despois as opinións poden terse en conta ou non, é dicir, que é un traballo sen moito vínculo coa propia Administración, sen compromiso, pero, por outro lado, estamos falando dun consello

formado por entidades –como dicía antes– sen ánimo de lucro e que non van ter ningunha compensación por ese traballo. Polo tanto, entendemos que o que se pretende, realmente, é crear un consello que non funcione e que simplemente xustifique que na lei se lles dá un papel ás organizacións sociais dentro dun organismo que non vai ter máis papel que, en todo caso, un mero aconsellante sen máis.

Así como tamén estamos de acordo en ampliar as entidades que forman parte do Consello da Economía Social, fundamentalmente coincidimos, entre outras, nas organizacións sindicais máis representativas, porque isto é fundamental. Eu creo que, simplemente, este rexeitamento da participación sindical xustificaría o voto en contra desta lei. Porque hai un auténtico asaño do Partido Popular coas organizacións sindicais, hai un auténtico concepto antisindical do que é o mundo laboral. E eu dicía que había xa un recoñecemento desa actividade na economía social, que non é produtiva, senón que é de servizos. En concreto, o CIRIEC –Centro Internacional de Investigación e Información sobre a Economía Pública, Social e Cooperativa– recoñece dous subgrupos dentro da economía social: un subgrupo de mercados, un subsector de mercado, e un subsector de non mercado, onde entrarían entidades como os sindicatos. Polo tanto, entendemos que é unha discriminación que fai o Partido Popular gratuita, nunha conduta antisindical plasmada nas súas relacións cos propios traballadores e traballadoras públicos, pero tamén plasmada en todas as actuacións –ou, máis ben, faltas de actuación–, o apoio das reivindicacións da clase traballadora fronte aos intereses da patronal.

Así, non entendemos tampouco por que non se acepta a emenda da AGE respecto a como definir as “persoas con diversidade funcional e cognitiva”, en vez de poñer “persoas con minusvalía”, que é moito máis aceptable e é a que piden as propias persoas afectadas, e non entendemos por que foi rexeitada nesta lei cando si foi aceptada noutras moitas leis.

E, dende logo, coincidimos en que hai unha utilización. Non quero utilizar un termo así moi forte, pero, dende logo, unha utilización pouco lexítima ou pouco apropiada para modificar a Lei de servizos sociais, que está, ademais, en trámite, ¿non?, unha modificación pola porta de atrás, como se non tivera nada que ver, pero que ao final son modificacións que van camiño de evitar que se lles aplique o réxime de autori-

zación e, polo tanto, liberalizar totalmente os servizos sociais para que poidan ser privatizados libremente.

Pola miña parte, nada máis. Apoio as emendas da oposición e o rexeitamento a este proxecto de lei.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Brevemente.

Imos apoiar o resto de emendas da oposición que se mantiveron vivas para este debate e obviamente non imos entorpecer que se vote esa posible transacción, de ser así, con esa emenda que quedaba pendente do Bloque Nacionalista Galego.

Teño que dicir que, se a intención é fomentar a visibilidade do sector, unha lei vostede sabe perfectamente que –sabémolo todos non só as voceiras, as ponentes, senón todos os deputados e deputadas– non serve para iso. Que me diga que unha lei contribúe á visibilidade, pois, a verdade é que co frenesí lexislador que levamos nesta lexislatura e nas anteriores teríamos visibilizado a meirande parte dos sectores do país e resolto todos os problemas económicos do país. E sabemos que non é así. Unha lei non serve para visibilizar, serve para visibilizar ou serve para fomentar o traballo que faga nese caso o executivo. E, sen embargo, como xa dixeran na intervención, non está asegurado –a pesar de que si se incluíu esa emenda, esa transacción, para a creación do plan de impulso– que se vaia facer nada por parte do Goberno. Non hai, ademais, un apartado orzamentario que poida aseguralo.

Dicía vostede que non debiamos concretar os instrumentos financeiros para non pechalos, foi o mesmo argumento que se utilizou tamén na comisión. Pero, claro, é bastante chamativo que se permita ou que se impulsen modificacións de distintas leis –falabamos antes do tema da Lei de servizos sociais– para calquera tipo de cousa, para aspectos moi variopintos, e agora nesta precisamente o argumento para

non introducir ou digamos concretar o tipo de instrumentos financeiros sexa precisamente que non se pode andar modificando as leis. Sabe perfectamente que se poderían modificar para introducilos, ou mesmo facelo nun decreto. E tampouco entendo, como xa dixeran na intervención anterior, por que, a pesar de que se di na ponencia que o carácter dos instrumentos financeiros dos que fala a lei son públicos, non se quere asumir a emenda que pide precisamente clarificar ese aspecto.

Polo tanto, quedamos como estabamos; instrumentos financeiros supomos que privados incluso, non o sabemos, e tampouco se atenden os que teñen máis relación co que podería ser economía social –díxeno na anterior intervención–, por poñer un exemplo, as cooperativas de crédito.

Pero, ademais, volvo reiterar os mesmos argumentos relativos á presenza sindical –non vou repetilos–; o seguimento que é preciso das entidades, porque, cando se implica algún tipo de axuda social, o responsable é facer un seguimento da utilidade desa axuda social –sabemos que as cooperativas pechan en torno a dous anos, tres anos, da súa apertura–; axudas non materiais, non só as económicas; e, obviamente, esa introdución desa modificación da Lei de servizos sociais, que xa dixemos que nos parece lexislativamente unha técnica moi pouco afortunada e que ademais non estamos de acordo coa ausencia de debate sobre ese aspecto que modifica substancialmente os trámites ou o acceso que teñen algunhas entidades a xestionar segundo qué servizos de carácter social. Xa se dixeran aquí múltiples aspectos da posible liberalización dese mercado, que ademais debatereamos na vindeira ponencia da modificación da Lei de servizos sociais, que tende ademais a abrir o mercado ás empresas privadas en troques de estar a fomentar que os servizos sociais volvan xestionarse desde os servizos públicos.

A verdade é que dicía vostede tamén que non era necesario concretar algúns aspectos, como xa dixeran antes, dos instrumentos financeiros, e que non era necesario tampouco incrementar os recursos –referido neste caso ao Consello da Economía Social–, e tampouco se definen, como xa dixeran, os recursos que hai en xeral para ese plan. E, polo tanto, a min gustaríame saber, se vostede di que o que hai que facer é utilizar os recursos actuais ou dispoñibles, é cales van ser eses recursos e qué vai estar a disposición das entidades de carácter social para poñer en marcha ese plan.

E xa finalmente, e para rematar, eu creo que nos reiteramos un pouco nos argumentos dados no debate tamén do primeiro pleno, cando dicíamos que a competitividade non era, non podía ser, a base da economía social. Evidentemente, as entidades de economía social teñen que ser útiles e teñen que ter unha continuidade, teñen que ser, digamos, capaces de estar no mercado. Pero iso non pode ser a base, eu non creo nese capitalismo de rostro humano que vostede veu definir aquí. Eu creo noutro tipo de sociedade. E nós entendíamos precisamente que as entidades de economía social deben ser ferramenta para ese camiño que é a sociedade socialista, non para un suposto capitalismo de rostro humano. Nós reiterámonos en que ese rostro humano non é posible, e menos cando ademais temos o resto de medidas económicas que acompañan a economía en xeral no noso país, incluídas aquelas ás que xa fixen referencia; por exemplo, a como está o mercado laboral.

Isto non vai solventar absolutamente nada neste aspecto relativo ao mercado laboral, e obviamente tampouco vai facer que se democratice a economía e a toma de decisións. Polo tanto, entendendo que non se aceptou ningunha das emendas que este grupo mantivo vivas, imos manifestar o noso voto en contra. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, grazas, presidente.

Vou comezar por recoller as palabras da señora Cancelo, porque, efectivamente, temos dúas perspectivas distintas, a grandes rasgos, desta lei.

Vostede falaba aquí, para empezar a súa exposición, de Stuart Mill e situábase no século XIX para falar de que, efectivamente, xa os defensores de determinada igualdade na creación do liberalismo defendían as cooperativas.

Claro, pero non é unha cuestión moral, dende a nosa óptica, non é unha cuestión de poñer parches ou remendos, senón que é unha cuestión social, esa é a diferenza. Autores do século XIX tamén criticaban non a boa vontade ou, se somos máis rigorosos, o utilitarismo que defendía o señor

Stuart Mill, senón a necesidade de cambiar as estruturas. Porque, efectivamente, poden existir persoas con capacidade moral e que buscan minimizar as desigualdade e non maximizalas, poden ser persoas que creen empresas, que creen riqueza..., coñecemos ese discurso. Pero son as estruturas, efectivamente, nas cales se dá unha inxustiza social, as que crean a desigualdade. Polo tanto, non é posible humanizar ese capitalismo, porque en si mesmo é unha estrutura que xera esa desigualdade. Son dous marcos de análise diferentes e, polo tanto, dende eses dous marcos de análises diferentes as posturas son diferentes. De aí que, apreciando os traballos e as consideracións que se poidan facer dende o ámbito do utilitarismo de Stuart Mill, cremos que as desigualdades son perpetuadas por esquemas e por inxustizas sociais que crean esas propias desigualdades. E o necesario é modificar esas estruturas e non simplemente humanizar nalgún momento ou dotar de igualdade ou dotar de valores éticos algunha desas partes. Aínda así entendemos a importancia da economía social e das cooperativas. Entendemos que se defenda que iso é economía social, mais non é economía alternativa, ou non é modificar as orixes das desigualdades que se xeran, que as estamos vendo todos os días cando vemos como aumentan as desigualdades globalmente no mundo pero tamén en Europa e tamén, dende logo, en Galiza.

Así que nós aceptamos a emenda, a transacción coa emenda número 14, que significaría quitar “a adecuada dotación orzamentaria”; ou sexa, o texto irá sen ningún tipo de referencia ao orzamento, pero tamén imos utilizar ese espírito da igualdade de Stuart Mill, pois imos a que polo menos apareza recollido o ámbito da creación dos plans de igualdade e de conciliación.

Mantemos o resto destas emendas, e votaremos a favor das emendas do resto dos grupos da oposición. Entendemos que nelas hai aspectos importantes, aos que xa se fixo referencia, como o tema dos sindicatos, o tema dos servizos sociais, o tema da incorporación de desenvolvementos que non están presentes neste texto. E, sobre todo, quero facer referencia a dúas cuestións. Parécenos unha mágoa que non se introduza a emenda número 13, que é unha emenda que, xa digo, provén fundamentalmente do cooperativismo –sobre todo cooperativismo agrario pero que serviría para outro marco–, e que ademais pois si que nós cremos que un instrumento financeiro innovador como é o capital-risco cooperativo aí

queda de todas formas, aínda que non apareza recollido na lei, para que nun plan de investimento poida ser recollido e transaccionado ou falado coas propias cooperativas.

E, xa por último, para nós si que claramente é un erro que esta lei introduza a modificación da Lei de servizos sociais. Non vou entrar na crítica á lei en xeral a respecto de que queda curta, de que en todo o capítulo IV, efectivamente, as medidas son pequenas para o cooperativismo, para a economía social, pero si que esa modificación da Lei de servizos sociais nesta lei desvirtúa a propia lei. É incompreensible que apareza aquí recollido. Era moitísimo máis coherente que se fixera por parte do Goberno esa modificación, incluso nun texto alternativo, se existía esa vontade; porque desvirtúa a Lei da economía social cando o que se pretende é que os servizos sociais contén simplemente –xa o dixeran antes e creo que todas as voceiras o explicamos, porque é unha crítica reiterada– con nada máis que eliminar a autorización previa por parte da Administración dos servizos sociais. O seu perigo é claro, ou sexa, o perigo de mercantilización, de buscar beneficios no ámbito dos servizos sociais. Expresámolo en numerosas ocasións. Pero é que, ademais, vai ir en detrimento dos propios servizos sociais, que xa en si mesmos teñen moitos, estes anos de crise tiveron moitísimos, problemas para desenvolverse dun xeito que permita chegar ás necesidades que ten a sociedade.

Eu creo, e así o faremos tamén saber cando debatamos a Lei de servizos sociais que está en trámite, que tería sido moito máis coherente, por técnica normativa, ter debatido en concreto todas as modificacións que se quixeran facer dos servizos sociais. Aínda que, efectivamente, nós esteamos en contra, cremos que aquí desvirtúa a propia lei.

Mágoa que, aínda que houbo esforzos, non se chegara a máis transaccións e que, efectivamente, non se profunde no que significa o cooperativismo, a economía social como tentativa de modificar un sistema que non é un problema moral, senón que é un problema estrutural de como se entenden as relacións na sociedade, na cal cada vez se están acentuando máis as desigualdades e se está acentuando máis esa fenda que existe entre o que antes se denominaba “capital” e agora se denominan “finanzas” e as persoas que en tempos se denominaron, xa por coller a referencia...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...“proletariado” e que hoxe se chama “precariado”. Existen unha serie de conceptos cada vez máis estendidos, pero se hai algo que podemos extraer do XIX e traer aquí é que, efectivamente, a fenda entre os que teñen e os que non teñen, a pauperización das persoas, cada vez é maior.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Tamén dende o Grupo Socialista queremos agradecer á señora letrada dos servizos da Cámara o facilitarnos absolutamente todo o traballo, e á señora Canelo o talante positivo co que mantivemos as reunións, pero non exactamente negociador. Porque é certo que algunhas emendas conseguimos transaccionar, pero, bueno, simplemente o fundamental da lei, o fundamental que a metade da Cámara entende pois non o conseguimos, lamentablemente.

Nós entendemos que o Goberno do señor Feijóo xogou nesta Lei da economía social á propaganda e ao dobre discurso. ¿Por que? Porque, por unha banda, tratou de contentar o tecido asociativo do cooperativismo e da economía social e, pola outra, de eliminar o que o Partido Popular considera trabas burocráticas nos servizos sociais públicos, o que para nós non son trabas burocráticas senón garantía dun mellor servizo público.

Esta lei en realidade vén ser unha liberalización brutal dos servizos prestados polas entidades de carácter privado en materia de servizos sociais. Iso é o fundamental desta lei.

En paralelo á tramitación deste proxecto de lei do Goberno do señor Feijóo, estase debatendo neste Parlamento, como dixeran na miña primeira intervención, unha proposición de lei do Grupo Popular que regula o concerto social.

O concerto social é a ferramenta que as directivas comunitarias promoven para que os servizos sociais non teñan que ampararse polos mesmos criterios economicistas e de mercado das actividades que liberalizan as directivas comunitarias.

rias. Por tanto, fai unha salvidade para os servizos sociais públicos. Trátase, por tanto, de darlles prevalencia ás entidades sen ánimo de lucro fronte á empresa privada como prestadora destes servizos, esta premisa que se pretende salvar coa modificación en trámite da proposición de lei do Partido Popular, modificando a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, para outorgarlles ás entidades sen ánimo de lucro esta preferencia. É xusto isto o que tumba a actual redacción da Lei da economía social nas súas disposicións transitorias primeira, segunda e terceira.

Por tanto, desde o Grupo Socialista, a menos que o Grupo Popular acepte neste trámite as emendas presentadas polo Grupo Socialista a estas disposicións, non pode votar favorablemente este Proxecto de lei da economía social, posto que este proxecto de lei pon exactamente á mesma altura no que ten que ver cos requisitos necesarios para a súa posta en marcha as residencias de persoas maiores ou de persoas con discapacidade ou dependencia ou centros de menores ou escolas infantís, etc., etc., pono á mesma altura –xa digo–, con todos os respectos, que un taller mecánico, unha peluquería ou unha cafetería. E nós entendemos que os servizos sociais públicos galegos teñen que ter outro tratamento. E iso é xusto no que, máis alá do bo talante da señora Cancelo, non conseguimos positivamente os grupos da oposición chegar a un acordo.

O réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia non debe contemplar, dado que as actividades son de obxecto público, e por tanto son actividades que se consideran cun valor superior aos valores de mercado, que se poidan autorizar servizos dunha maneira non controlada. Estes servizos deben de contar con autorización previa das administracións, porque son as administracións públicas as responsables de velar pola calidade e a prestación dun servizo público esencial.

Unha entidade privada, xa sexa unha empresa ou entidade de iniciativa social que vaia desenvolver unha nova actividade, non é a que ten que acreditarse a si mesma, que en realidade é isto o que significa autorización previa. Debe ser a administración pública a que visite, inspeccione e faga o seguimento en cada momento de que se cumpran as características de servizo público. Por tanto, aprobar esta Lei da economía social é deixar baleira de contido o que para nós é unha liña roxa neste aspecto.

Parece que o Partido Popular quere cunha lei contentar os que pretenden facer negocio a conta da discapacidade, a idade ou a dependencia das persoas; en contra, outra lei do Partido Popular trata de aplacar a incomodidade das entidades do terceiro sector creando concerto social.

Por tanto, e por iso, o Partido Socialista vai votar “non” a esta lei se non se acepta suprimir este intento liberalizador dos servizos sociais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Cancelo.

A señora CANELO MÁRQUEZ: Bos días.

Tanto nas reunións da ponencia como na reunión da comisión sinalei ás outras voceiras que non se entende que os seus grupos non poidan apoiar unha lei destas características, que é unha lei positiva, unha lei que reforzará a creación e a consolidación de entidades que están a traballar na nosa comunidade realizando unha actividade empresarial, si, pero unha baseada nos principios que penso que podemos compartir todos e todas.

Unha lei que parte, como non pode ser doutro modo, da lei que xa existe en España, pero que a mellora en moitos puntos, lei española que, por outra banda, foi aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados. A pesar de que fora un ano electoral o ano 2011, o Grupo do Partido Popular votou favorablemente o texto que presentou o Goberno do Partido Socialista, ao igual que o fixeron o Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida.

Nós imos apoiar o ditame da comisión e votar en contra das emendas que se manteñen, porque é unha lei que foi analizada por expertos na materia, economistas e xuristas, que si fixeron comentarios e suxestións, todas elas moi alonxadas das emendas que estamos a debater hoxe. Porque para elaborar a lei foron consultados os sectores máis dinámicos da economía social en Galicia, representados polas asociacións de cooperativas en particular, polas representadas no Consello Galego de Cooperativas, das que xurdiron tamén suxestións que foron incorporadas tamén ao texto.

Porque é unha lei que nace da vontade de acordo e colaboración dos axentes económicos e sociais da comunidade e da propia Xunta, porque é unha lei que incorpora importantes novidades, como son ampliación de entidades no catálogo –falo de comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común–, a incorporación tamén no Consello da Economía Social de representantes de entidades que xa traballan na promoción das mesmas –e falgo de municipios, falgo de universidades–; porque incorpora a inclusión da economía social nos plans de estudo regrados; porque fai que estas entidades poidan opinar sobre as súas políticas activas, sobre as políticas activas de emprego e sobre os plans que dinamizarán ao sector; porque crea a figura da cooperativa xuvenil con menores requisitos de capital para a súa constitución e menores trámites administrativos e porque simplifica tamén os trámites para a constitución de calquera cooperativa a través da realización da notificación rexistral por medios telemáticos; porque incorpora algo tan importante como é a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública e –o que parece que non é importante pero si que o é– visibiliza estas entidades e lles dá voz ante a Administración galega.

Na comisión fomos acusados de facer electoralismo con esta lei, cando realmente penso que o electoralismo o están a facer vostedes, que, de cara á súa galería, pensando nas próximas eleccións, non poden acadar consensos co Partido Popular de Galicia. Porque se non podemos aceptar ou transaccionar máis emendas non é por unha cuestión electoralista, senón polas razóns, todas elas motivadas, que xa expuxen na miña intervención de forma resumida e de forma máis ampla nas reunións da ponencia e da comisión e que xustifican plenamente o posicionamento deste grupo.

Porque se somos a primeira comunidade autónoma en aprobar unha Lei da economía social non é por unha cuestión electoralista, senón porque temos un goberno estable que cumpre cos seus compromisos e traballa para mellorar a nosa sociedade, e non fai discursos baleiros de contido, como se fai na nova política, onde se fala de espazos de entendemento, liñas de consenso, cando logo o que nos atopamos neste Parlamento son liñas vermellas e falta de compromiso real de chegar a acordos.

Para rematar, este grupo parlamentario vai votar a favor do ditame da comisión e da transacción presentada á emenda número 14 do Bloque Nacionalista Galego e en contra do

resto das emendas que se manteñen por parte dos grupos da oposición, porque esta lei consideramos que é unha lei moi útil, que axudará a mellorar a nosa economía, á creación de emprego e tamén á sociedade en xeral, porque hai unha lei que foi mellorada neste Parlamento nas reunións da ponencia e da comisión, e porque entendemos que as emendas non aceptadas non melloran o texto, algunhas non están de acordo con outros textos legislativos ou de obrigado cumprimento.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación dos textos legislativos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cancelo.

Pasamos, polo tanto, á votación dos textos legislativos.

Comezamos coa votación do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia.

Fixéronme chegar dúas propostas de transacción. Unha é na emenda número 22 do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, pola que se engade a disposición adicional décimo segunda; e outra transacción é coas emendas número 47 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a 180 do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda e a 157, en concreto nos puntos 1, 2, 3, 4 e 6, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tomando como referencia o artigo 122.

Votamos, polo tanto, estas dúas transaccións.

Votamos.

¿Podémolas votas todas...? ¿Queren por separado? Perfecto.

Votamos, en primeiro lugar, a transacción da emenda número 22 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, pola que se engade a disposición adicional décimo segunda.

Votamos.

Votación da transacción sobre a emenda número 22 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comi-

sión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a segunda transacción que lera, en concreto coa emenda número 47 do Grupo Parlamentario Socialista, 180 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 157 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nos puntos que lera, 1, 2, 3, 4 e 6, en relación co artigo 122.

Votamos.

Votación da transacción sobre as emendas números 47 do G.P. dos Socialistas de Galicia, 180 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda e 157 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, puntos 1, 2, 3, 4 e 6, en relación co artigo 122, ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas.

Comezamos coa votación das emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49625)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49632)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia. (doc. núm. 49626)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura,

sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia.
(doc. núm. 49629)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o ditame da comisión coas emendas transaccionadas incorporadas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do Ditame, elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre o Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Fixéronme chegar unha proposta de transacción, que, en concreto, é a número 14 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pola que se engade un novo artigo, 17 bis, e a conseguinte emenda técnica na exposición de motivos.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación da transacción sobre a emenda número 14, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas.

Escomenzamos coa votación das emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.(doc. núm. 49667)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.(doc. núm. 49669)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Polí-

tica Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.(doc. núm. 49672)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.(doc. núm. 49668)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos por último o ditame da comisión coa emenda transaccionada incorporada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei da economía social de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a debater as mocións.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Tereixa Paz Franco, sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de seguimento da situación do sector lácteo en Galicia e os cometidos que deberá ter

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Sempre que debatemos do sector lácteo, as deputadas portavoces desta área adoitamos cualificar a grandeza das nosas iniciativas. Vou empezar por dicir que esta moción que presentamos hoxe eu cualifico de moi modesta, na medida en que as peticións que lle realizamos á Xunta de Galiza a través desta iniciativa non revisten nin grandes custos económicos nin sequera grandes esforzos políticos, simplemente o que pretenden é obrigar ao cumprimento, por un lado, de iniciativas aprobadas con anterioridade neste mesmo Parlamento e, por outro lado, garantir o cumprimento de compromisos asumidos noutros ámbitos polos diferentes gobernos, por iso creo –supoño– que será aprobada por unanimidade, espero.

Creo que é necesario empezar por manifestar, unha vez máis, que a situación do sector lácteo en Galiza devén cada día máis crítica e cada día máis insostible para gran parte das explotacións que se seguen mantendo na actividade agraria.

Hai innumerables síntomas, o problema é que o Goberno no quere ver eses síntomas. É máis, cando se producen os síntomas, o Goberno o que fai é intentar minimizar os síntomas e mesmo atribuílos a outras cuestións que nada teñen a ver coa realidade.

Acabamos de ver recentemente como hai explotacións que se ven obrigadas a deixar morrer o seu gando. Os que coñecemos minimamente a idiosincrasia deste país, sabemos que é o último que podería facer un gandeiro, deixar morrer os seus animais, e non só polas cuestións de vinculación que existen con aquilo que che dá de comer, senón, sobre todo, porque son o sustento das súas explotacións. Fronte a iso, a conselleira do Medio Rural, en lugar de mirar que é o que

está pasando nas explotacións do noso país, simplemente se limita a dicir que nada ten que ver coa situación de crise do sector.

Igual que se están empezando a producir de forma bastante notoria o que poderíamos chamar os desafuzamentos do medio rural de Galiza, os desafuzamentos do sector lácteo, porque hai explotacións que están endebedadas non ao límite, senón ao seguinte.

¿Alguén, de verdade, me pode explicar como é posible que poida sobrevivir unha explotación cun endebedamento de máis de medio millón de euros, que existen neste país, porque se modernizaron, porque compraron cota, porque asumiron gastos para facer unha explotación rendíbel. Con máis de medio millón de euros de endebedamento e cuns ingresos que cada merman máis porque os prezos non acaban de repuntar. E ante iso, a Xunta de Galiza non ofrece ningunha alternativa máis que mirar para outro lado.

Desde logo, eu vou facer unha afirmación con rotundidade. En calquera país do mundo, normal, despois de que o día 22 deste mes se coñecese o segundo informe do seguimento do cumprimento do acordo lácteo, vendo os datos que o propio ministerio e os propios asinantes dese acordo poñen, negro sobre branco, nese informe de cincuenta e pico folios, todas as persoas que dixeron neste país que o acordo era histórico e que ía dar resultados para o sector, deberían dimitir inmediatamente ao ver eses datos. E, se non dimiten, permítanme a expresión, habería que correlos a gorrazos dos seus cargos.

Porque o informe, avalado polo ministerio, dinos cousas terribles. A gran solución, que eran os contratos que se publicaron por orde hai 4 meses, de momento hai 500 contratos asinados en toda España, non chegan aos 500 contratos, e ninguén fai ningún tipo de autocrítica a respecto da situación. O informe di que se abandonou a recollida por parte das industrias, incluso das asinantes. O informe di que é certo que para os consumidores nos supermercados o leite subiu, e que hoxe non hai máis que un 22 % do leite que se vende a menos de 60 céntimos, pero, ao mesmo tempo, o informe di que en febreiro o prezo baixoulles aos gandeiros 0,6 % de media. Polo tanto, é o timo da estampita: aproveitouse a crise do sector lácteo e o acordo do 23 de setembro para subirlles o leite aos consumidores pero para seguir baixándolle aos gandeiros. ¡Un auténtico timo da estampita!

E tamén di ese acordo, señoras e señores deputados, que non hai visos de que se recupere o consumo nin de que se poidan recuperar os prezos a medio prazo, e o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galiza seguen sen acusar recibo da situación do sector lácteo.

Pero é que en Galiza temos unha situación particularmente grave, señoras e señores deputados, xa non só vinculada aos prezos, como xa falamos aquí na interpelación, e é que o 30 % do leite que se vende neste país faise a menos de 25 céntimos. E acaba de saír unha noticia que é tremenda: 80 gandeiros dunha queixería de Sarria cobran o 45 % do seu leite a 14,7 céntimos, ¡14,7 céntimos, señoras e señores deputados! Isto, se o trasladamos ao ámbito laboral, onde o salario mínimo son 650 euros, é como se asumimos con total normalidade que ao 40 % dos traballadores dunha empresa se lle pagan 300 euros, ¡menos da metade do salario mínimo! Pois aquí lles estamos pagando con total normalidade menos da metade do que custa producir un litro de leite, ¡bastante menos da metade do que custa producir un litro de leite!, e non pasa nada, e a Consellería do Medio Rural segue sen acusar recibo de que no sector lácteo temos graves problemas.

Pero é que se está producindo un problema aínda moito máis grave en termos de futuro, que é que nós estamos contraendo o noso sector, estamos perdendo peso. Está toda Europa incrementando a produción de leite, e nós, comparativamente, estamos aumentando moito menos, o cal quere dicir que estamos deixando de ocupar un espazo no mercado do leite. E é moi difícil, cando ti perdes un espazo e outros o ocupan, volver ocupar algún día ese espazo.

Estamos, polo tanto, ante un fenómeno terrible para o futuro do sector lácteo deste país, que é, por un lado, a deslocalización da produción de leite. Curiosamente, onde máis se incrementa é onde menos condicións naturais e menos condicións obxectivas teñen para producir leite, como é Andalucía ou Estremadura, aparte doutras rexións europeas claramente excedentarias. Polo tanto, temos un problema de deslocalización e un problema de produción *low cost* de leite en Galiza.

Finalmente, o Ministerio e a Xunta de Galiza –pero o máis preocupante é a Xunta de Galiza–, quince días despois de que saíra o Regulamento da Unión Europea que permite a redu-

ción voluntaria de produción de leite, aínda non dixo nada a ese respecto. E, desde logo, para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a redución de leite, en todo caso, debería ser obrigatoria e a nivel de toda a Unión Europea, e, por suposto, ir acompañada de incentivos económicos. Porque, que sexa voluntaria, o que vai motivar é que, se no Estado español se reduce a produción de leite voluntariamente durante seis meses, van ser os gandeiros e as gandeiras galegas, as explotacións galegas, as que teñan que reducir aínda máis leite nas súas explotacións, cando, por exemplo, estados excedentarios na produción de leite, como Irlanda e Alemaña, xa dixeron que eles non pensan reducir nin un miligrama de produción de litros de leite; e iso vai querer dicir que, mentres sacrificamos unha vez máis as explotacións galegas e os gandeiros galegos para que cobren máis os de Alemaña, os de Irlanda e os de Francia, os consumidores imos seguir sendo os que teñamos que consumir os excedentes de leite que se producen en Irlanda, en Alemaña ou en Francia. É dicir, que unha vez máis imos ser o sumidoiro do leite que lles sobra ás grandes potencias produtoras de Europa, ao mesmo tempo que lles obrigamos aos nosos gandeiros a reducir a súa produción. E insisto, unha vez que alguén ocupa o teu posto, o teu lugar, o teu espazo, no mercado, é moi difícil de recuperar.

Polo tanto, nós o que pedimos con esta iniciativa é que se cumbran cousas que xa se aprobaron aquí. Aquí xa se aprobou unha comisión de seguimento da situación do sector lácteo, e nós o que dicimos é que se constitúa e que funcione, e que non teña nada que ver —porque non ten nada que ver— co proceso de negociación do Plan de fortalecemento do sector lácteo, que é unha cousa distinta que afrontar a crise momentánea.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: E que no contexto desa comisión se analice todo, pero sobre todo que se fixe unha posición rotunda de Galiza en relación con que non podemos ser nós os que deixemos de producir leite para que o produzan outros e que, encima, nós teñamos que acabar comendo o leite que producen outros mentres pechan as nosas explotacións.

Espero que esta iniciativa —como dixen—, moi modesta, moi sinxela, sexa aprobada por unanimidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Teño que facer unha rectificación. Esta moción non ten presentada ningunha emenda.

Correspóndelle o turno agora ao Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día.

Grazas, presidente.

O sector lácteo galego atópase en situación terminal, agoniza, é a crónica dunha morte anunciada. A desesperación dos gandeiros, cansos de reunións, de promesas incumpridas e de acordos papel mollado, puidemos visualizala coas imaxes dantescas das granxas abandonadas, coas reses agonizantes ou mortas que nos últimos días recolleron os medios de comunicación de tres casos en Galiza.

Cansos de promesas incumpridas, medidas papel mollado, acordos de pacotilla, desesperados polas débedas, vítimas de políticas que os maltratan. Pese a ser a novena produtora europea e a primeira do reino, rexistra a Galiza os prezos máis baixos, incapaces de cubrir os gastos de produción, e non se atisba a fin da traxedia. E asisten no seu desamparo á importación de leite procedente doutras rexións da eurozona por parte das industrias aquí ubicadas: aldraxes, burla branca e desprezo total dos seus gobernantes. É tan patente a discriminación que sofre Galiza, neste sentido, que resulta imposible de crer.

As imaxes que puidemos mirar nos xornais hai poucos días son os presaxios do futuro do sector. Casos illados, en boca da conselleira, nesa estratexia lingüística do Partido Popular tan coñecida por todas; casos illados, a metástase de corrupción que ocupa o PP; casos illados, as mortes de enfermos de hepatite C por falta de medicación; casos illados, os suicidios por desafiuzamentos.

O sector lácteo agoniza vítima de programas económicos contra este sector fundamental para a economía do noso país. E vostedes miran para outro lado, acatan e xustifican, traizoan, menten e incumpren. Como así o demostra que seis meses despois de asinado o gran acordo lácteo no pasado mes de setembro aínda non está aplicado. E tampouco está

aprobado o decreto que permitiría coñecer os chamados prezos de cesión, sendo un paso este importantísimo en favor da transparencia do sector, pois permitiría coñecer o que aboa a industria ao produtor e a distribución á empresa envasadora. E si, si se incrementaron os prezos, pero para as consumidoras e non para as produtoras.

E agora que o Goberno do Estado en funcións e o da Xunta rematando a lexislatura falan dun plan de fortalecemento do sector lácteo, outra tomadura de pelo. Cinco medidas concretas contén esta moción do BNG que o Grupo Mixto vai apoiar co seu voto, cinco medidas que si fortalecerían o sector e que si irían en prol de favorecer tamén a súa recuperación. Cinco medidas que podería asumir coa súa aprobación o partido do Goberno, facendo deste hemiciclo un lugar para o debate de ideas e para o debate de propostas en beneficio da cidadanía e non de enfrontamento partidista.

O Grupo Mixto vai apoiar esta moción.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Nós imos apoiar esta iniciativa, aínda que cremos que neste caso a única iniciativa posible para que este país teña futuro é botar o Partido Popular do Goberno e que deixe de exercer a violencia institucional contra a xente. É a única solución ante o cinismo, a deshumanización da política total que practica o Partido Popular diariamente.

A conselleira desvincula os casos antes explicados aquí da crise do sector. A conselleira fala de casos illados, ¿a que nos soa isto dos casos illados?, tamén casos illados de corrupción no Partido Popular, pois é moi bo similar. Estes casos illados son tan casos illados como os casos illados da corrupción do Partido Popular, é dicir, a corrupción estrutural no Partido Popular. E o que está acontecendo non é máis que a punta do iceberg dunha cuestión estrutural e da morte provocada dun sector por culpa das políticas inhumanas, deshumanizadas, do Partido Popular. Aplicar a racionalidade na

política é moi importante, pero iso non debe de confundirse con deshumanizala; é fundamental sempre poñerse na pel das persoas cando se fan as políticas. As declaracións da conselleira —e como veremos máis adiante do conselleiro de Sanidade e do señor Feijóo— son totalmente o contrario a poñerse na pel destas persoas. Isto é a punta do iceberg dunha situación gravísima.

Poñerse na pel e preguntarse, ¿que pode levar a estas persoas a unha situación para que isto aconteza? Se somos honrados, honestos, e se pensamos nas persoas, iso é o primeiro que temos que facer. ¿Que pode pasar nunha situación cando se dan tres casos en moi pouco tempo de gandeiros que sempre viviron desta actividade, de coidar as vacas, e non de matalas, para que se abandonen eles tanto, para que a desesperanza sexa tal como para que deixen morrer máis de cen vacas, como se deixaron morrer nestes días? Hai que preguntarse iso.

E hai que preguntarse se isto é debido á situación económica que conduce sistematicamente neste país a que os gandeiros cobren o prezo do leite por debaixo dos custos de produción. Non se pode reducir, como vostedes sempre fan, ao ámbito individual, hai que buscar as causas profundas e hai que buscar as causas profundas nas políticas que levan a esta situación. E ademais —téño comprobado—, o sector lácteo tivo un momento de indignación e de rebeldía ante unhas políticas que o esmagaban. Agora, xa o único que se percibe é desesperanza, é que non esperan nada, non teñen nin forza para mobilizarse porque están desesperados; é dicir, de vostedes non esperan nada, ningunha solución.

E, claro, un goberno ten lexitimidade no inicio da súa actividade, pero perde totalmente a lexitimidade cando deixa de facer o papel para o que está aí, que é para buscar o ben común, o interese común desta xente. Cando vostedes ven cifras e non ven persoas, cando vostedes saben a situación límite destas persoas e non fan nada, vostedes están deslexitimados para gobernar e vostedes exercen a violencia institucional sobre estas persoas.

Só fai falta poñerse na pel dunha persoa como a que vimos entrevistada hai pouco nos medios de comunicación. Acábame de mandar unha mensaxe un gandeiro de Frades, un gandeiro mozo recentemente incorporado, que me di: “Este tipo de situacións estanse a dar máis do que vos parece, ninguén

é tan” –e desculpe– “cabrón como para deixar morrer as súas vacas de fame. Eu son gandeiro e por unhas axudas que pedín para a construción dunhas instalacións, teño un compromiso coa Unión Europea de manter un mínimo de 60 animais de máis de 24 meses durante 5 anos, e se non tería que devolverlle as axudas recibidas coas que paguei o establo, algo que me sería imposible facer. Se a miña situación económica chegase a ser tan grave como a destes gandeiros, ¿que podería facer?”.

Ben, isto está sucedendo agora e vostedes miran para outro lado, e é máis, culpabilizan os propios gandeiros. Falta de vergoña, absoluta falta de dignidade, ¡absoluta!; vostedes, que non fixeron ningún dos deberes que tiñan que facer como Goberno; vostedes, que foron un desastre nas políticas de ordenación do territorio e aumento da base territorial; vostedes, que foron un desastre na xestión dos proxectos industriais que son tan necesarios para este país de transformación do leite, que fixeron o que fixeron en Alimentos Lácteos, e que fixeron o que fixeron xa, ultimamente, no acordo de setembro, que non foron capaces nin de impulsar un decreto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...de cesión de prezos en seis meses; vostedes, aínda por riba, culpabilizan as vítimas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Nós tamén imos apoiar –igual que o vimos facendo sempre– todas as iniciativas con respecto ao sector lácteo.

A situación na que se atopa o sector ten un único responsable para nós, que é o Goberno galego, e o señor Feijóo, como presidente da Xunta de Galicia, é o verdadeiro e único culpable desta situación no noso agro. Sen ningún tipo de paliativos, dígoos así de claro, señora Pacín, dígoos polo da réplica ou seguindo a súa terminoloxía, señora Popular; é dicir, sen ningún tipo de paliativos, o único culpable desta situación é o señor Feijóo.

En que a crise sexa a nivel europeo son vostedes responsables e cómplices, posto que consenten e votan a favor, e son compracentes coas políticas que levan a cabo os seus irmáns ideolóxicos. Que a eliminación do sistema de cotas e a liberalización do mercado fose unha decisión que se tomou hai tempo –e neses tres ou catro anos ocorreron cousas como é o tema do método ruso, como é o cambio do escenario internacional e a eliminación do consumo–, pois tamén son cómplices. E que ante isto non haxa ningún tipo de reacción política por parte do Goberno do Estado e por parte do señor Rajoy, que se tivo que dedicar estes catro anos máis a ocultar a súa corrupción, co do tema do leite, tamén son culpables.

Pero que en Galicia, sendo a primeira produtora do Estado e sendo a novena europea, sexamos os que temos o leite máis barato de toda Europa é única e exclusivamente culpa do presidente da Xunta, do señor Feijóo. Que en Galicia, onde se paga menos polo leite, sexa onde temos a ameaza diaria de recollida de toda a cantidade, que alí onde o leite é máis barato é onde se está limitando de forma escandalosa –como dicía a señora Paz–, e que son as propias industrias as que están decidindo alí onde ten que haber gandeiros e están decidindo que en Galicia non queren os gandeiros, senón que os queren noutros sitios do Estado e noutros sitios de Europa, é única e exclusivamente culpa do señor Feijóo.

Vostedes son culpables cando o propio ministerio reconece tranquilamente que no próximo lustro van desaparecer mil explotacións de leite por ano, das cales desas mil cada ano a metade serán galegas. E vostedes nin desmenten nin contradín, nin sequera fan referencia, nin sequera fan unha análise distinta desa situación. Vostedes son, por tanto, culpables coas súas accións, vostedes sabiano, ou tiñan que sabelo –e nós así llelo dixemos moitas veces o que ía pasar–; vostedes sabían e tiñan que saber que cando se asinou ese acordo –e sabiano perfectamente– non era máis que unha maneira de disuadir das mobilizacións e de librarse das mobilizacións, pero que non ía supoñer ningún tipo de avance para o que, en definitiva, era o problema, que era pagarlles máis o leite aos produtores.

Vostedes son culpables cando a día de hoxe, a pesar de ter vendido un adianto das axudas da PAC, é cando se cobra nos últimos sete anos máis tarde a PAC; vostedes son culpables cando a día de hoxe segue habendo enormes problemas para

solicitar a PAC deste ano; vostedes son culpables dun catastrazo que vai lastrar o desenvolvemento do rural; vostedes son culpables de que na modificación da Lei do solo deixen desprotexidas a miles de explotacións que están situadas en núcleo rural, e vostedes son culpables de instaurar medidas fiscais que están prexudicando, por exemplo, os plans de mellora.

Que o sector lácteo careza dunha industria colocada no mercado, con produtos elaborados, é única e exclusivamente culpa súa. Que o sector lácteo hoxe non teña unha dimensión territorial que poida competir e que poida abaratar os seus custos de produción é, exclusivamente, culpa súa. Polos trinta anos do que fixeron coas concentracións parcelarias, durante eses trinta anos, e polo nada que fixeron nestes últimos sete anos do Goberno Feijóo.

Que unha empresa francesa diga a semana pasada que dentro de dous meses vai pagar o leite fóra de cota, que é a cota que instaurou agora a industria, é dicir, que vaia a maiores do producido o ano pasado a 11 céntimos, cando a intervención está a 18, e que Galicia non teña capacidade para mandar ese leite nin sequera a 18 é culpa súa, única e exclusivamente culpa súa. Que a conselleira diga un día e outro tamén que a culpa é dos gandeiros roza a indecencia política –por non ser demasiado groseiro–, non só é culpable, senón que roza a indecencia.

E, miren –remato–, en Francia, cobrando a 35 céntimos, saíu un estudo do propio Instituto Nacional da Saúde onde di que cada dous días se suicida un agricultor. E da maioría deses agricultores que se suicidaron nos últimos anos, cada dous días, un é gandeiro de leite, cobrando a 35 céntimos.

Polo tanto, se en Galicia aínda –e remarco o de “aínda”– non estamos nesa situación, aínda que estamos coñecendo síntomas moi preocupantes e moi lamentables, non é nin pola acción deste goberno nin pola súa responsabilidade nin tan sequera pola prudencia e mesura na súas declaracións que teñen o presidente da Xunta e a conselleira do Medio Rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora Paz, correlos a garrotazos... Realmente, despois de escoitar as intervencións, xa sabía eu que os grupos da oposición non ían deixar pasar o tema sen verter afirmacións e conclusións baseadas no publicado durante estes días polos medios, pero sen cuestionar os feitos, señorías, cando a única realidade é que están abertos procesos xudiciais en varios casos excepcionais, que de ningún modo podemos vincular a unha soa causa. Cando menos, deberíase ser prudente, e apelo á responsabilidade dos grupos, sobre todo polo grave dano que poden facer cos seus comentarios, coas súas acusacións dun xeito directo, xa non nos produtos gandeiros, senón, sobre todo, no traballo profesional realizado polas explotacións galegas supervisadas en todo momento pola Administración rigorosa e eficiente. Esperemos, señorías, as conclusións das investigacións para fundamentar opinións en veracidade e non en supostos.

Pero volvemos escoitar hoxe que a señora conselleira culpabiliza o sector produtor da situación do lácteo xa non en Galicia senón en España ou en Europa. Quero recordarlles, señorías, que o realmente culpable é un mercado cun desequilibrio fondo entre a oferta e a demanda, e para corrixir ese equilibrio, atopar e acadar mellores prezos en orixe trabállase dende o inicio, dende o inicio dunha situación que os grupos parlamentarios na oposición non quixeron nunca solventar. O único que utilizaron foi a situación para atacar dun xeito –xa non utilizarei máis palabras desas que sensibilizan a algúns voceiros– sempre directo en contra da xestión da Consellería. Pero o que realmente importa, señorías, é que os gandeiros saben que o Goberno de Galicia, que o Ministerio están poñendo todas as ferramentas, todos os foros, todas as reunións, mesas, comisións para acadar entre todos, menos os grupos da oposición, solucións, propostas e concrecións.

Señorías, a señora portavoz nacionalista afirma sempre que o Plan de fortalecemento do sector lácteo en Galicia é un planiño, pero vén ela traer unha iniciativa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non dixo iso? Reiteradamente e ás actas remítome, reiteradamente. Vostede o que fai é traer a este pleno unha iniciativa que di que é complementaria dun plan onde están representados todos os axentes do

sector. Señorías, as organizacións de produtores en representación dos propios produtores, estamos falando de Unións Agrarias, do Sindicato Labrego e de Xóvenes; tamén está Agaca, as cooperativas; tamén está a distribución; tamén está a industria; tamén está a universidade e expertos; tamén están os órganos de control do sector lácteo galego; tamén está a propia Administración, porque algún grupo incluso se permitía iniciativas onde faltaba a Administración, pero si se acordaban de técnicos alleos. Todas as xentes do sector pulan decididamente por todas as cuestións que vostede plantexa.

Porque, señorías, se imos ao fondo da iniciativa, vemos que o primeiro punto e o último punto realmente –como dicía a señora do Grupo Mixto– son concrecións e medidas, medidas específicas que van vir solucionar os problemas do lácteo en Galicia e no resto. E léolle literalmente –píde a señora Paz–: “Analizar a evolución da situación no sector, así como formular propostas e medidas concretas para facer fronte á situación cada vez máis crítica das explotacións lácteas”. Señora Paz, propostas e medidas concretas.

No quinto punto: “Establecer actuacións concretas en colaboración co conxunto da cadea para garantir a construción da cadea de valor desde a orixe ao seu tramo final, de xeito que haxa unha participación equilibrada da cadea de valor”. Máis actuacións concretas.

Pero, señorías, no día de hoxe, e despois de múltiples debates, non sei, non entendo, non vexo esas actuacións concretas dende a ideoloxía que vostede representa. Por favor, expónaas aquí para solucionar un tema entre todos, para poñer un debate en positivo. Porque acórdase vostede de afirmar noticias en negativo que saen nos medios; ao seu carón aparecen noticias en positivo e vostedes non as ven, realmente non as ven. O único que fan, si, é querer participar nas comisións de seguimento de acordos que sempre deostaron, porque son acordos que ao non ser históricos... Pois si, señora Paz, son acordos históricos, con compromisos voluntarios por ambas as partes, dos que se está facendo un seguimento trimestral, dos que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...se traduce á sociedade, pero sobre todo aos gandeiros e aos produtores, todas as medidas,

actuacións e concrecións que ambos os dous gobernos, autonómico e estatal, están facendo, e con foros de diálogo e consenso, onde todas as voces están representadas, señora Paz. Porque tanto as organizacións agrarias como as cooperativas forman parte da Plataforma, forman parte de todos os axentes que teñen algo que propoñer, e todas esas propostas son trasladadas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: E, realmente, as outras cuestións que vostede plantexa estanse falando, estanse negociando, e alí nos foros...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García.

A señora GARCÍA PACÍN: ...como é o ILAG.

Realmente, sempre existen foros, pero vostedes, a oposición, teiman en non aportar, teiman en atrancar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Pacín.

Grupo autor da moción. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

A min estes debates do sector lácteo, se non fose polo dramática que é a situación do sector e das persoas que intentan vivir do sector, que intentan seguir mantendo unha actividade produtiva no noso medio rural, desde logo, as intervencións da señora García Pacín case daban para botar unhas risas, porque reiteradamente manifesta que por parte da oposición non formulamos iniciativas, que non formulamos propostas, pero, desde logo, nunca votaron a favor de ningunha.

Mire, señora García Pacín, vostede e eu seguramente sabemos o que quere dicir a proposta, o punto número 5 da nosa iniciativa, pero vostede e eu tamén sabemos que hai cousas que non se poden poñer moito máis explícitas por escrito, e creo que non fai falta que lle explique máis, ¿ou si? ¿Fai falta que lle explique, quere que poñamos por escrito que a Xunta sente a todos os elos da cadea nunha mesa e os obrigue a todos a aceptaren que hai que repartir os beneficios da cadea dunha forma igualitaria? Por certo, o que din vostedes sempre é de palabra, pero despois á hora da verdade non o

fan. E, claro, todos sabemos que eses teñen que ser acordos sectoriais, pero ¿para que está un Goberno se non é para utilizar todos os instrumentos que ten á súa disposición para obrigar a chegar a eses acordos por parte dos operadores privados?, ¿a que, señora García Pacín?

Aquí, eu non sei se alguén da oposición dixo nalgũa ocasión que o Plan de fortalecemento do sector lácteo era un planiño; eu, desde logo, non o recordo, vostede repíte... ¡Ah!, foi vostede. Ben, pois culpable, culpable, señor García.

En todo caso, o que si que coincidimos sempre todos os grupos da oposición é que un Plan de fortalecemento do sector lácteo que ten previsto medidas a longo ou medio prazo, cifrando ese medio prazo en catro, cinco ou seis anos, é absolutamente inútil se antes non rescatamos as explotacións, que pode ser que en dous ou tres meses teñan que pechar no mellor dos casos, señora García Pacín. Por iso poñemos que esa comisión de seguimento ten que ser complementaria.

Mire, aquí poñémolle propostas moi concretas:

¿Por que a Xunta de Galicia non decide, en vez de que teñamos que baixar a produción do leite, retirar dous ou tres millóns de litros de leite para axuda humanitaria, que sobran lugares no mundo aos que enviar a axuda humanitaria?, ¿por que? ¿Non queren vostedes axudar tanto o sector? Pois fagan iso, algo moi concreto, pono aquí no punto número 2.

¿Por que non fan o que pon o punto número 3, que é dicirlles a todo o mundo, á señora ministra e a quen o queira oír que os galegos e as galegas non estamos dispostos a reducir a produción nin dun miligramo de leite do noso país mentres non se reduza igualmente en toda a Unión Europea? ¿Ou é que vostedes están dispostos a dicirlles aos gandeiros de Frades ou aos gandeiros de calquera outro sitio que teñen que deixar de producir leite...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e que temos que seguir coméndonos o leite que lles sobra aos franceses, aos alemáns ou aos irlandeses? ¿Ese é o modelo que queren vostedes para este país, señoras e señores do Partido Popular?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Se de verdade queren iso, voten que non á iniciativa do Partido Popular, pero se queren que haxa futuro para o sector lácteo, irá sendo hora de que empecen a votar a favor do sector nalgũa ocasión.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández, sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte

O señor PRESIDENTE: Non se formularon emendas.

Para a defensa da moción ten a palabra o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, bos días a todas e a todos.

Tratamos esta moción por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista para substanciar a Interpelación, debatida na sesión plenaria celebrada os días 12 e 13 de abril pasado, sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anulou a prórroga das concesións de transporte público de viaxeiros por estrada de Galicia.

Unha vez máis, os grupos da oposición con representación nesta cámara, desta volta o Grupo Socialista, tomamos a iniciativa para afrontar os graves problemas que afectan os cidadáns e o tecido empresarial do noso país pola incompañencia do Goberno do Partido Popular.

A señora conselleira, ante un feito tan grave como o que nos ocupa, non compareceu nesta cámara voluntariamente por petición propia como exixía a situación que se tiña creado, non reuniu os grupos políticos, mesmo os voceiros, para explicarlles cal era a situación nese momento. Tampouco compareceu a petición do Grupo Socialista. Non compareceu, non deu a cara, non amosou o protocolo respectivo por esta cámara, polos grupos parlamentarios e —o que resulta

aínda máis grave— nin polos galegos e galegas usuarios e usuarias do transporte de viaxeiros por estrada, nin ademais tampouco compareceu nin tivo respecto polas empresas do propio sector.

Manifestou unha desidia e pasividade preocupante e mesmo unha incompetencia alarmante. Renunciou activamente a exercer as súas responsabilidades de conselleira coa conivencia pasiva do señor Feijóo. Non compareceu voluntariamente para dar conta da posición do Goberno galego respecto da complicada, mesmo complexa situación na que se atopa o transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, como consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo. Tampouco para ofrecer rigorosidade e unha certa dose de tranquilidade a un sector sumido na incerteza. Non foi valente nin consecvente coa súa responsabilidade de conselleira de Transportes.

Veu a esta cámara, pero veu forzada, regañando os dentes, obrigada pola interpelación presentada polo Grupo Socialista. E abofé que se lle notou incómoda e cun discurso absolutamente decepcionante. Non deu a sensación de saber de onde viña, onde estaba e onde quería ir. Atrincheirada nun pasado, allea ao presente e insegura de cara ás solucións futuras. Atrincheirada nun pasado baseado na Resolución temeraria da Dirección Xeral de Mobilidade do 26 de febreiro de 2010, pola que se prorrogaron as concesións de transporte durante dez anos; atrincheirada tamén na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que lle daba a razón ao seu Goberno para xustificar que o Goberno do señor Feijóo actuaba legalmente, e trincheirada para exculpar o señor presidente e culpabilizar o Goberno bipartito. Pouco orixinal, dende logo, e nada crible á vista dos feitos e da sentenza do Supremo.

Esa trabucada diagnose da situación do pasado non lle permite —non lle permitiu nin lle permite— visualizar a gravidade da situación presente nin lle aclara unha exitosa saída de cara ao futuro. Porque a situación real, a situación presente, consecuencia das decisións do seu goberno é ben distinta: 147 concesións, o cen por cento das concesións ilegalmente prorrogadas e as empresas concesionarias atadas ao Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. Hoxe 129 concesións, o 89 % do total, circulan por Galicia prestando este servizo público en precario, alegalmente,

como consecuencia das temerarias resolucións dos gobernos do Partido Popular.

Xa non hai excusas nin parapetos nin trincheiras. Non pretendan confundir, señores do Partido Popular. Non pretendan imputar ao Supremo a situación actual froito das súas decisións unilaterais. A Sentenza 585/2016 do Tribunal Supremo descobre as súas insidias con contundencia e claridade, non dá lugar a interpretacións. Fundaméntase en que o goberno do señor Feijóo vulnerou o Regulamento europeo 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estradas, a través da Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, da Xunta de Galicia, do 26 de febreiro de 2010, na que prorroga indebidamente por dez anos as concesións de transporte de viaxeiros por estrada de Galicia. Tamén anula a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que vostedes se parapetaban. Xa non hai trincheiras nin parapetos, o Tribunal Supremo derrubounos todos colocando o Goberno nunha situación de nula credibilidade.

Señorías, neste contexto, e ante a pasividade do Goberno galego en materia de transporte en xeral e neste caso en particular, presentamos a través desta moción unha proposta de resolución con dous puntos que sintetizan as necesidades presentes e futuras do transporte de viaxeiros por estrada de Galicia.

Así, no punto primeiro, no punto 1, abordamos as necesidades presentes demandando ao Goberno galego a elaboración dunha norma transitoria urxente para evitar os prexuízos causados pola sentenza que declara nulas as prórrogas das concesións de transporte. É un feito coñecido que a anulación das prórrogas está a xerar un limbo xurídico na prestación dos servizos. Neste senso, o obxectivo desta proposta é evitar, ou solucionar, unha situación de vacío legal con posibles consecuencias inmediatas non desexables. Unha delas é o abandono de servizos coa conseguinte perda de oferta de transporte nas rutas non rendibles que se materializan nas zonas rurais e nas zonas de menos rendas. Por outro lado, tamén para evitar a inestabilidade na viabilidade empresarial, sobre todo das pequenas e medianas empresas asentadas no rural. Propoñemos, polo tanto, no punto 1 a elaboración dunha norma urxente que garanta os servizos, concilie o interese xeral e o dos concesionarios dentro do respecto á

sentenza do Supremo e no marco do Regulamento comunitario 1370/2007.

No segundo punto pretendemos invitar o conxunto dos grupos parlamentarios que conforman esta Cámara a abordar o futuro da mobilidade en Galiza. Todos sabemos que é un proceso longo no que xa deberíamos estar a traballar a proposta e iniciar este camiño paralelamente á norma transitória do presente. Trátase de definir o modelo de mobilidade sostible para impulsar no noso país. Resulta ser, polo tanto, unha tarefa fundamental para superar o noso carácter periférico respecto da Unión Europea, respecto do Estado español e mesmo respecto das nosas urbes.

Nós cremos que o modelo de mobilidade, xunto co modelo territorial, resultan ser claves no desenvolvemento de Galicia, e como tales debemos abordalos. Estou seguro de que podemos compartir obxectivos e contidos na futura lei, tales como a elaboración dun novo mapa de transportes, unha mobilidade respectuosa co medio ambiente, a eficiencia das redes de transportes, novos modos de transporte, coordinación deses novos modos de transporte, buscar o aproveitamento pleno da intermodalidade, garantir a mobilidade e a presenza do tecido empresarial no rural, garantir a viabilidade dos servizos, acadar o equilibrio e solidariedade territorial entre espazos rurais e urbanos, etc.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: En todo caso, con esta proposta non pretendemos ofrecer un modelo detallado na nosa visión do esquema de mobilidade sostible, iso correspóndelle ao conxunto da sociedade. Só pretendemos abrir o debate e sumar apoios para encozear os traballos sen máis dilación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

A Sala do Contencioso Administrativo do Supremo anulou no pasado mes de marzo a resolución da Xunta pola que se aprobou o Plan de modernización das concesións. A sentenza estima un recurso interposto pola Comisión Nacional da Competencia contra o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que consideraba esta resolución axustada a dereito.

No seu recurso, a Comisión Nacional da Competencia alegou que o plan implicaba a prórroga automática de todas as concesións e que era contrario ao regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que fixa a duración dos contratos do servizo público, que non poderían superar os dez anos para os servizos de autobús. O fallo valora que a prolongación das concesións é incondicional e outorga dez anos máis a todas as concesións en vigor, con independencia do seu período inicial, do período xa transcorrido ou de calquera outra circunstancia, o que vulnera a normativa europea; e todas estas prórrogas, a cambio de novos investimentos tecnolóxicos e de carácter medioambiental. A aprobación no ano 2010 da prórroga exprés que agora anula o Constitucional estivo rodeada de polémica ante a inminente entrada en vigor do regulamento europeo do sector. A Xunta aprobou esta lei na que se sustentou a prolongación do prazo sen ditame do Comité Galego de Transportes nin do Consello Económico e Social. Tampouco llela remitiu ás outras conselleiras, como era preceptivo para todos os anteproxectos de lei, pero especialmente neste, que afectaba as competencias de Educación, como é o transporte escolar.

O Tribunal Supremo non cuestiona a lei galega do ano 2009 pero si cuestiona a resolución do ano 2010. Isto vai traer graves consecuencias para o sector do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada e deixa nunha crítica situación de ilegalidade a maioría das concesións en Galiza.

Aquí o Goberno de Galiza está obrigado a corrixir a normativa e a relicitar os contratos que foron ampliados de xeito ilegal por medio do sistema de prórroga. A famosa prórroga restrinxía a competencia porque implicaba o peche absoluto do mercado, con prazos desproporcionados, un xeito de perpetuar os operadores tradicionais. Isto crea a longo prazo oligopolios que están pechando a outros operadores a porta de entrada ao mercado galego, que contradí o regulamento comunitario do ano 2007, onde se establecía que só se podían autorizar prórrogas en casos moi concretos e cun límite máximo de cinco anos.

E ante isto o Goberno do PP promoveu a toda présa o cambio lexislativo para eludir este feito. E tres días antes de que entrara en vigor este cambio, no DOG publicase a lei con carácter de urxencia, que ampliou a vixencia das concesións por outros dez anos contados dende a data de vencemento.

A lei urxente prorrogou as 143 autorizacións vixentes naquel momento, na maioría dos casos a mesma empresa continuaría prestando servizo máis alá do 2020, e as últimas caducarán alá polo ano 2029; 44 destas prórrogas van máis alá do ano 2023 –entre elas as que unen as cidades galegas coas súas áreas metropolitanas–. E, ademais, un bo número de grandes grupos, como é Monbus e Arriva Noroeste foron as grandes beneficiarias.

Hai que establecer os criterios sociais e cualitativos para manter e incrementar as normas de calidade para as obrigacións do servizo público con respecto ás condicións mínimas de funcionamento, os dereitos de viaxeiras e viaxeiros, as necesidades das persoas con mobilidade reducida, a protección medioambiental, a seguridade dos mesmos, así como as obrigas derivadas dos convenios colectivos e outras normas e acordos relativos aos lugares de traballo e de protección social no lugar de prestación do servizo. Para poder asegurar a transparencia e uns termos comparables de competencia entre operadores, ou como advertir o risco de *dumping* social, as autoridades competentes deben impoñer as normas de calidade específicas en materia social e de servizos.

Debemos preservar e mellorar o transporte público como elemento de articulación e cohesión territorial, social e económica, pola súa accesibilidade nas localidades, tendo en conta o noso modelo de poboación dispersa, coa posibilidade de ofrecer un mellor prezo ás usuarias e usuarios, e vantaxes medioambientais, e ofrecer a redistribución dos distintos medios de transporte.

Nestes momentos de crise económica non houbo unha preocupación polo servizo comunitario, nin tampouco se tivo en conta o aumento do envellecemento da poboación, moi alarmante nesta terra, facilitándolle a mobilidade pola nosa xeografía.

Imos apoiar esta moción porque cremos que hai que dar unha solución moi, moi urxente a este problema, porque está dentro dun baleiro legal, para garantir a mobilidade do con-

xunto do país e tamén para dar unhas boas condicións óptimas aos operadores de transporte.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois esta é outra das grandes herdanzas que deixa o Goberno Feijóo para o futuro, un regueiro de grandes xestións por este goberno eficiente e eficaz: o eólico, o sector lácteo, a acuicultura e agora o sector do transporte.

Pero ten unha habilidade especial o Goberno Popular e o Partido Popular en recibir cun sorriso as sentenzas contrarias dos tribunais. Non pasa nada, a sentenza anula 144 rutas, pero aquí todo se fixo ben. É evidente que é unha herdanza que ademais se nega a afrontar o Partido Popular, dálle unha patada para adiante e fai unha operación similar á que se fixo no seu día co concurso eólico.

Artigo 241 da Lei orgánica do poder xudicial, punto 1: “Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. Sen embargo, excepcionalmente, os que sexan parte lexítima ou tiveran debido selo poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións...” –ese foi o incidente de nulidade de actuacións presentado pola Consellería–. “Será competente para recoñecer este incidente o mesmo xulgado ou tribunal que ditou a resolución que adquirise firmeza...”. “O xulgado ou tribunal inadmitirá a trámite, mediante providencia sucintamente motivada, calquera incidente no que se pretenda suscitar outras cuestións”.

E o punto 2 dinos que, “admitido a trámite o escrito en que se pida a nulidade fundada nos vicios a que se refire o apartado anterior dese artigo, non quedará en suspenso a execución e a eficacia da sentenza ou resolución irrecorribles”. É dicir, a presentación do incidente de nulidade de actuacións non afecta a firmeza da sentenza, agás que o Supremo resolva a suspensión da execución da sentenza cando resolva sobre a admisión do trámite de incidente. É dicir, patada para adiante e deixarlles a outros o petate. Van facer como no

eólico, van meter a prórroga nunha lei como fixeron co eólico, co cal só podería ser anulada polo Tribunal Constitucional, pero non polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nin polo Supremo; unha xogada máis de trilerismo.

Quere dicir que despois de sete anos non fixeron ese traballo que se pide agora nesta iniciativa, que era traballar en coordinación coa sociedade e co sector para facer un novo modelo de transporte sostible no país, que tivese en conta a realidade actual do 2015-2016 deste país, que cambiou moito dende os anos 90, de cando viñan as concesións prorrogadas, incumprindo o regulamento europeo, que se incumpriu dun xeito flagrante ao aprobar unha lei unha semana antes da entrada en vigor deste regulamento, pero en cambio a resolución do plan de modernización aprobado o 26 de febreiro de 2010.

É evidente que o Partido Popular fixo isto e deixou de facer o resto do traballo que había que facer, que é traballar sobre unha reforma a fondo que solucione os problemas que poden ter as rutas de transporte de autobuses por estrada por exemplo en zonas do rural, rutas que poden non ser sostibles se non se estuda o xeito de que así o sexan.

E iso creo que é a filosofía desta proposta: empezar a facer un traballo que hai que facer dende xa, independentemente de que pronto haberá eleccións e terán que vir outros refacer moitas das herdanzas envelenadas que nos deixa un goberno que prometeu ser un bo xestor pero que, cos feitos, demostrou ser todo o contrario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde.

Desde o Grupo Parlamentario do BNG imos apoiar esta moción, que fundamentalmente pide dúas cousas. Primeiro, que a Xunta asuma a realidade, e a realidade é que ten unha sentenza que pon en cuestionamento a súa política de transportes e que ademais deixa nun limbo xurídico a maior parte das rutas de transporte por estradas no noso país. E a segun-

da é que teña polo menos a intención de escoitar o que quere dicir o sector e sobre todo de garantir o dereito ao transporte público no noso país e ofrecerlles tamén unha solución ás deficiencias que ten o transporte público por estrada.

Nós temos moi claro que estamos ante o acto final dunha gran mentira, que a xustiza vén de desvelar, que a gran mentira que contou o Partido Popular é que coa súa lei de modernización do transporte, con esa modificación que se fixo, realmente o que se estaba era enganando tanto os galegos e as galegas como enganando o propio sector do transporte.

Nós xa o denunciámos cando se tramitou esta lei no Parlamento de Galiza, e de feito xa naquel momento advertíamos que esa era un engano, que era unha solución falsa e que ademais a Xunta que o sabía. Fíxense se non o sabía que nesa lei xa a Xunta se intentou blindar dicindo que, se había calquera tipo de derogación desta normativa, non tería ningún tipo de responsabilidade desde o punto de vista patrimonial; é dicir, a Xunta de Galiza sabía que estaba facendo unha solución en falso, continuou a adiante coa tramitación desta lei, pero o grave é que perdemos unha oportunidade.

Porque ese plan denominado de modernización do transporte realmente era unha prórroga automática das concesións que xa existían, unhas concesións pensadas para unha Galiza de hai vinte-trinta anos que non ten nada que ver coas necesidades de mobilidade que hoxe teñen os galegos e as galegas. E, polo tanto, perdeuse a oportunidade de modernizar o transporte público, permitiuse que se mantiveran unhas concesións desfasadas, porque sabemos que hai necesidades sen cubrir e rutas que efectivamente xa non tiñan sentido neste momento, e agora o que temos é un problema e unha herdanza envelenada para quen veña despois.

A nós parécenos que este é un debate que non vai ser capaz de afrontar o Goberno no tempo de desconto que lle queda e que practicamente pois esta situación a vai ter que afrontar o Goberno que veña despois, que nós o que agardamos é que teña como prioridade –polo menos no que dependa do BNG así o imos facer– que hai que dar unha alternativa de transporte público que garanta a mobilidade no noso país; un país que ten unha dispersión poboación que tamén fai que o modelo de transporte público teña que estar pensado en relación con esa realidade, cunha parte moi importante que está despoboadada, envellecida, mais que tamén necesita unha

alternativa desde o ámbito público, porque hoxe hai moita xente illada neste país que depende de se ten recursos para pagar un taxi, se se pode mover ou non.

A Xunta fracasou nestes anos no transporte público. Só basta ver que a súa grande aposta polo transporte nas áreas metropolitanas non está nin implantada en todo o país, que é unha política de mínimos, que non ten unha visión colectiva, e que, polo tanto, o que necesitamos é superar esta situación. Necesítase unha nova lei e sobre todo un plan de transporte e un plan de mobilidade que realmente sexa unha alternativa que modernice o transporte público neste país. Porque o certo é que o que nos deixa a Xunta pois é un limbo xurídico e un fracaso rotundo en materia de transportes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi bo día, tarde xa, a todas e a todos.

Señorías, debatemos hoxe a moción presentada polo Grupo Parlamentario Socialista que trae causa da interpelación substanciada durante o pleno celebrado hai quince días. Señor Fernández, voume tratar de centrar na cuestión, porque se lle tivera que contestar á cantidade de imprecisións e xuízos de valor que ten feito nesta tribuna vostede aquí, pois non me chegarían quince minutos, e a verdade é que non os teño. Ademais, para os que tivemos ocasión de ver a súa rolda de prensa o pasado día 21 pois dixo vostede exactamente o mesmo que veu dicir hoxe a esta tribuna.

O señor Fernández, na representación que ostenta, pretende que esta Cámara lexislativa inste o Goberno de Galicia, en síntese, a elaborar unha normativa transitoria urxente para evitar os prexuízos causados pola recente sentenza do Tribunal Supremo e que, en colaboración e diálogo co sector do transporte e cos concellos, presente unha nova lei de mobilidade que incorpore un novo mapa de transporte para garantir a viabilidade dos servizos e das empresas do transporte, como ten explicado vostede aquí mesmo.

Cómpre sinalar, señorías, co ánimo de centrar o debate, que os Servizos Xurídicos da Xunta de Galicia, que defenden o interese xeral da Administración e como consecuencia o de todas as galegas e de todos os galegos, puxeron de manifesto que a sentenza á que fai referencia o Grupo Socialista pode supoñer un menoscabo para a autonomía lexislativa da nosa comunidade. E algo saberán, señor Sánchez, de dereito procesual e de dereito administrativo os Servizos Xurídicos da Xunta de Galicia.

Ademais, esta sentenza, que contradí a ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, podería vulnerar os dereitos e garantías outorgados pola Constitución, e por iso xa foi obxecto de impugnación mediante a interposición dun incidente de nulidade de actuacións, tal e como avanzara a señora conselleira na resposta á súa interpelación realizada durante o pasado pleno, e que a día de hoxe ese incidente aínda non foi resolto polo máximo órgano xurisdiccional.

En calquera caso, señor Fernández, señorías, e sexa cal sexa a solución definitiva que se lle dea a esta cuestión por parte dos tribunais, a Xunta de Galicia prevé avanzar, co máximo consenso co sector, nunha liña de actuación que, por unha banda, outorgue a maior seguridade xurídica para as empresas prestatarias dos servizos públicos de transporte, das que dependen directamente –non o esquezamos– máis de 5.000 persoas e para os seus propios usuarios, e, por outra, defina as actuacións que se levarán a cabo para acadar unha solución definitiva desta problemática.

Neste sentido, a Administración galega prevé avanzar no deseño dunha nova planificación do transporte público, actuación que xa fora prevista na elaboración do programa operativo Feder 2014-2020 mediante a planificación do sistema de transporte público de viaxeiros na Comunidade Autónoma de Galicia, fundamentado na integración do transporte baixo demanda.

Mais, señor Fernández, coincidindo aquí con vostede e co seu grupo parlamentario, resulta preciso establecer unha planificación do sistema de transporte acorde coa evolución da nosa sociedade, dos asentamentos de poboación e da propia actividade económica, pero que ao tempo que garanta a viabilidade dos servizos de transporte ha de promover e garantir a mobilidade das persoas e o mantemen-

to do tecido produtivo no medio rural, contribuíndo así á fixación de poboación nel e a evitar o despoboamento do territorio.

Nesta actuación resultará especialmente relevante a participación das administracións locais e do propio sector do transporte, como sinala vostede, pero tamén doutros colectivos interesados. Resulta evidente o interese dos interlocutores sociais na fixación das liñas básicas da evolución do sistema de servizos de transporte, así como o da representación das persoas usuarias. Igualmente, na sociedade actual deberá atenderse ás necesidades específicas dos colectivos de persoas con discapacidade, contribuíndo a garantir o acceso universal ao sistema de transporte público.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario Popular entende que se ben a proposta formulada nesta moción presenta elementos de coincidencia coas liñas de traballo que está a desenvolver o Goberno de Galicia, non abrangue todos os elementos a tomar en consideración nin acompaña axeitadamente os tempos necesarios para levalo a cabo.

Así as cousas, non resulta acorde cunha mínima racionalización de actuación dos poderes públicos a pretensión de incidir legalmente a través de dúas fases sucesivas como a que vostede propón na parte resolutiva desta moción, isto é, primeiro unha norma de carácter transitorio para o mantemento do actual sistema, demorando a unha posterior norma legal e de carácter xeral e global os traballos de planificación do novo sistema de servizos. Señor voceiro, esta complexa solución que vostede nos pide que apoiemos non semella ao noso xuízo a máis eficiente para garantir a axeitada execución do fallo xudicial de resultar finalmente exixible.

Polo tanto, e á vista do que lle acabamos de explicar, señor Fernández, este grupo non vai apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Grupo autor da moción. Señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas.

Agradecer o apoio do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda e tamén, loxicamente, do Bloque Nacionalista Galego.

A verdade é que non me sorprende a intervención do señor Goldar, como non me sorprende en días pasados a da señora conselleira. Claro, falar de imprevisións cando a sentenza do Supremo vén provocada por ilegalidades do Partido Popular, ¡home!, parece algo frívolo, como mínimo para chamarlle a iso, ¿non?

Fálame vostede da incidencia de nulidade que xa anunciou a señora conselleira no pleno anterior. Mire, a incidencia de nulidade durará o que dure o foro que corresponda en coller os papeis, e vostede sabe perfectamente que vai durar ese tempo, vai durar menos que un caramelo na porta dun colexio; en canto lle boten a man e o lean, xa está, xa non hai incidencia de nulidade.

En todo caso, fala vostede tamén dunha nova lei, de novo impulso... Levan sete anos gobernando o Partido Popular, dúas lexislaturas seguidas; leva vinte e catro dos vinte e oito últimos anos gobernando neste país; leva trinta dos trinta e seis anos de goberno autonómico, e ¿agora éntranlle as présas?, ¿despois de sete anos éntranlle as présas? ¿Son cribles, cando, ademais, no pleno anterior toda a culpabilidade desta sentenza era do Goberno bipartito? Por certo, o Tribunal Supremo en ningún momento cuestionou o que dixo o Bipartito en transporte; o que cuestionou é o que fixo o Partido Popular.

Mire, a sentenza do Tribunal Supremo o que fixo é poñelo no seu sitio e deixar o Goberno do señor Feijóo sen defensas. E parece increíble que o deixara sen defensas despois de sete anos de goberno –sen defensas, refírome sen un plan B–, porque sabían perfectamente que aquela resolución vulneraba a norma comunitaria. Enganaron o sector, e saben perfectamente que enganaron o sector. Pretenderon enganar tamén a Unión Europea. Mesmo creo que se enganaron a vostedes mesmos.

A sentenza só era cuestión de tempo, e vostedes sabían perfectamente. E se de algo serviu a sentenza –que seguro que serviu–, é para poder escenificar cal é a situación real desta consellería –antes macro e agora micro–, unha consellería situada na interinidade –tres directores xerais en tres anos, tres directores xerais de Mobilidade en tres anos–, un caótico nivel de execución e de xestión.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Consentiron vostedes a desaparición de itinerarios e paradas do transporte ferroviario tradicional, consentiron o cambio de horarios e itinerarios do transporte por estrada, a coordinación aeroportuaria segue no limbo dos xustos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...non hai avances no metro lixeiro, non hai avances no transporte de cercanías, non hai avances en nada, en nada.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Sete anos absolutamente perdidos.

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández, xa se pasou bastante do tempo. Se pode rematar, remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: E, por se faltara algo, esta sentenza xa o remata todo.

O señor PRESIDENTE: Pois remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Co cal, mire, a día de hoxe, a situación é realmente caótica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa está entendido, xa está entendido.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Mire, nin prórrogas...

O señor PRESIDENTE: Está entendido, xa está entendido, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...reais, nin modernización na frota, nin mellora dos servizos interurbanos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. É que xa leva moito tempo, leva un minuto por riba do tempo. Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...nin nova lei, nada de nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa entendemos. Grazas, señor Fernández, moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión coa Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da Denominación de Orixe de Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción, 09/MOC-000177 (49674).

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Poña en marcha as accións precisas co fin de dar cumprimento, no relativo á empresa obxecto do litixio, ao recollido na sentenza núm. 41 do 22 de xaneiro de 2016 da Audiencia Provincial de Pontevedra.

2º) *Dispoñer unha partida orzamentaria suficiente para gastos de funcionamento do Consello Regulador da DOP “Mexillón de Galicia” para o ano 2016.*

3º) *Desenvolver as accións precisas para fortalecer e aumentar o número de produtores certificados baixo a DOP “Mexillón de Galicia”.*)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Hoxe volvemos falar no Parlamento galego do sector do mexillón en Galicia e da súa difícil situación; da difícil situación que está a vivir pola falta de impulso do Goberno galego á hora de fortalecer unha ferramenta fundamental para acadar a cohesión do sector como é a DOP Mexillón de Galicia.

Hoxe tratarei na miña intervención de cambiar o enfoque plantexado na interpelación do pasado pleno para facerlles ver aos representantes do Partido Popular onde están as responsabilidades da situación actual. E é certo que dende a publicación da sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra se iniciou unha campaña de desprestixio e de carga contra o Consello Regulador iniciada por unha parte de Anfaco, representada xustamente no seu secretario xeral e no presidente da mesma asociación. Pero isto non é o grave, senón que esta campaña de desprestixio en contra do Consello Regulador foi asumida por completo pola Administración galega, e máis concretamente pola conselleira Quintana, utilizando para iso verdades e datos sesgados e incluso directamente falsidades. E tratarei de demostrar con datos por que isto é así.

Os últimos datos dos que se dispón, é dicir, os do ano 2014, indican que a produción de mexillón en Galicia foi de 235.000 toneladas, das que 139.000 foron dedicadas para o consumo en fresco e 96.000 para a transformación. O Goberno galego vén difundindo unicamente que o produto certificado baixo a DOP representa o 14 % do total. Pero o que oculta o Goberno galego son as cifras reais. A subministración controlada baixo a DOP correspóndese co 31 %

do total; é dicir, a cantidade de mexillón que sae das bateas baixo o amparo da DOP Mexillón de Galicia é o 31 % do total, pero tan só se certifica o 14 %, porque existe un grave problema de demanda. A industria é a que non está a reclamar este produto certificado.

Polo tanto, o problema non está no Consello Regulador nin na súa dirección. A responsabilidade non é do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, senón dun goberno que defende unha parte da industria transformadora que prefire traballar con produto non certificado pola DOP. Iso si, prefire traballar con produto non certificado pola DOP, pero quere facer mencións e alusións na etiquetaxe a produto que claramente non está certificado pola denominación de orixe protexida.

Os produtores rexistrados pola DOP producen, polo tanto, o 16 % da produción total dedicada ao consumo en fresco e o 54 % do total dedicado á transformación. Está claro entón que as cifras que representa a DOP Mexillón de Galicia son ben distintas das que tendenciosamente se veñen difundindo dende o Goberno galego.

Ademais, outro dos argumentos que vén utilizando a Consellería e o Goberno é ese famoso ditame do ano 2003 que desvincula a conserva da denominación de orixe protexida. Un argumento falaz, un argumento rotundamente falso, primeiro, porque ese informe é de catro anos antes ao rexistro da propia DOP Mexillón de Galicia en Bruxelas, que, como todos vostedes saben, foi no ano 2007, e a conselleira e a consellería aférranse a un informe do ano 2003. E, segundo, isto é rotundamente falso porque a realidade nos indica que no mercado hai mexillón en conserva que vai protexido pola DOP. Concretamente, no ano 2014 –repito: último ano do que hai datos– foron máis de 30 millóns de quilos de mexillón certificado pola DOP os que foron dedicados á conserva dun total de 96 millóns de quilos, o que representa un 30 %. E poderíamos estar falando de 51 millóns de quilos e un 54 % do total se efectivamente existise esa demanda da industria transformadora, porque os produtores amparados baixo a DOP produciron no ano 2014 51 millóns de quilos dos 96 millóns dedicados á conserva.

Polo tanto, o que é preciso é que o Goberno deixe de entender isto como un problema dunha parte do sector en contra doutro. Isto ten que rematar xa. Porque se queremos que

todo o mexillón poida garantir a súa procedencia, temos a ferramenta para facelo; esa é a denominación de orixe protexida. O que deberemos facer entre todos, e principalmente o Goberno galego, é fortalecela e non disparar contra ela, como veñen facendo distintos representantes do Goberno galego nos últimos tempos, máis concretamente o propio director xeral de Pesca e Acuicultura, o señor Maneiro, como hai poucos días na Comisión 8ª neste Parlamento de Galicia dixo que isto era unha guerra do sector.

Pois ben, hoxe, coa produción actual das bateas amparadas baixo a denominación de orixe protexida, poderíamos estar certificando o 54 % do total do mexillón dedicado á transformación; é dicir, que capacidade hai. O que non hai é compromiso por unha parte da industria, que xustamente é a que vostedes están defendendo, en garantir a orixe dun produto certificado con denominación de orixe protexida.

Polo tanto, señores do Partido Popular, non poden estar dicindo, por unha banda, que a conserva non pode entrar na denominación de orixe protexida, amparándose nese informe do ano 2003, e ao mesmo tempo dicir que o que están facendo vostedes é intentar conseguir unha DOP que integre todos os intereses da cadea produtiva: os produtores, os transformadores e os conserveiros. Isto é algo contradictorio en si mesmo. Non poden dicir que a conserva non pode entrar na DOP e ao mesmo tempo estar dicindo que o que están facendo é traballar vostedes por que na DOP se integren todos os sectores da cadea produtiva.

Isto é imposible, señor Balseiro. Ou é unha cousa ou é outra, as dúas á vez é imposible, a non ser, claro está, que haxa unha trampa. A non ser que vostedes o que teñan en mente sexa rematar coa denominación de orixe protexida e instaurar unha indicación xeográfica protexida. Se ese é o seu camiño, deben de dicilo; se esa é a súa folla de ruta para o mexillón galego, deben de dicilo. Pero o que deben de dicir tamén é que o nivel de protección da DOP o que fai é garantir que os tres procesos, tanto o cultivo como a transformación e a elaboración, estean vinculados ao territorio, e coa indicación xeográfica protexida tan só un deses procesos ten que estar vinculado ao territorio. É dicir, seguramente non o dirán, pero o que están facendo vostedes é deixar a porta aberta para que se poida certificar como galego aquilo que non o é. Se esa é a súa folla de ruta, deben de dicilo publicamente e non enganar a xente.

Porque esta é a batalla, señores do Partido Popular; esta é a batalla da conserva, que moi habilmente está a utilizar unha parte do sector produtor para confrontar utilizando –como dixen antes– medias verdades e datos completamente sesgados. Repito que hoxe, cunha industria máis comprometida cos produtos galegos e sen facer ningún esforzo a maiores, poderíamos estar certificando o 31 % da produción total do mexillón galego, e se o queren doutra forma, o 54 % da produción total dedicada á conserva e o 16 % da dedicada a fresco.

Polo tanto, hoxe non valen escusas. Hai unha sentenza tremendamente clara que interpreta a lei e reconece que se está a incumprir a normativa de protección das DOP, Regulamento 1151/2012 da Unión Europea, e que, ademais, reconece que mesmo as alusións a Galicia, aínda que o produto sexa galego, vai en contra da lei. Isto é lóxico, porque se non as denominacións de orixe protexida deixarían de ter significado.

Polo tanto, nós cremos que teñen vostedes fundamentación xurídica máis que dabondo para fortalecer a posición do mexillón galego e da denominación de orixe protexida, fundamentación xurídica para inspeccionar a etiquetaxe e o que se está facendo en Galicia. Vostedes mesmos, no seu Decreto 124/2010, que fala das mencións relativas á orixe, no seu punto número 2, din textualmente que “quedan excluídos do ámbito de aplicación desta normativa de mencións relativas á orixe aqueles produtos amparados por denominacións de orixe protexida”; o seu decreto, ¡eh!, o seu Decreto 124/2010.

Polo tanto, señores do Partido Popular, nós cremos que hoxe, con esta moción, teñen vostedes ocasión de moitas cousas, pero principalmente de votar a favor de facer cumprir a lei, algo tremendamente lóxico e sinxelo. Por unha parte, iso. Por outra, fortalecer a posición da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia. E tamén modificar o seu orzamento para que, por primeira vez en moito tempo, corrixan vostedes un erro e deixen de asfixiar economicamente o Consello Regulador, porque este ano 2016 dedican vostedes nos seus orzamentos cero euros para gastos de funcionamento.

Polo tanto, eu creo que hoxe teñen a oportunidade de decidir que modelo queren para o mexillón de Galicia. Se que-

ren un modelo de éxito, como o do viño en Galicia coas denominacións de orixe, que todos coñecemos, un modelo de éxito como o de Tenreira Galega, ou se, pola contra, están vostedes traballando para que no mexillón pase o mesmo que está a pasar no sector lácteo en Galicia, onde a comercialización e a distribución teñen o control absoluto sobre os produtores.

Señores do Partido Popular, temos a ferramenta para garantir a orixe dun produto de calidade, para defender os produtores dunha parte da industria que agocha os seus verdadeiros intereses. Temos un marco normativo claro e capacidade de produción. O único que se precisa é vontade política para fortalecer un sector importante e vital para a economía de Galicia. Agardemos que rectifiquen, e teñen vostedes a ocasión hoxe, como dixen antes, de facer cumprir a lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Señor Val, o Grupo Popular presentou unha emenda, presentou unha emenda de substitución, na que hai coincidencias. Nós coincidimos plenamente na súa iniciativa no punto 2 e no punto 3, en garantir un apoio orzamentario á marca de calidade e en que esta poida sumar máis produtores. É algo que xa está facendo o Goberno de Galicia, ¿como non imos coincidir? E tamén temos enormes discrepancias en relación sobre todo coas consecuencias e co alcance da sentenza á que vostede facía referencia.

E nós, desde o Grupo Parlamentario Popular, xa lles dixemos –e dixémoslles hai poucos días– que vostedes xogaban ao despiste, xogaban ao despiste porque nin esta é unha sentenza que vaia contra a Xunta de Galicia –que é o que pretenden vostedes dicir, como queren crear esa opinión pública– nin desprega efectos xerais, pois só vincula as partes –por unha parte, unha empresa particular, e, por outra parte, o Consello Regulador do Mexillón–, nin crea xurisprudencia, porque esta só pode xurdir con efectos puros do Supremo.

E nós, desde o Grupo Parlamentario Popular e desde o Goberno de Galicia, tamén non imos aceptar o que o Partido Socialista e outras forzas da oposición nos están pedindo. Porque vostedes, dunha forma temeraria (*Murmurios.*) e dunha forma irresponsable, están pedindo nada máis e nada menos que deixemos fóra a maioría do mexillón galego. Porque vostedes no punto 1 están pedindo que o 86 % do mexillón que hoxe producimos en Galicia, que é igual de galego que o que ten a denominación de orixe, non poidamos comercializalo; iso é o que está pedindo, iso é o que está pedindo.

Porque a sentenza non vincula a Xunta de Galicia para nada, vincula unha empresa particular e o Consello Regulador, e por iso vostedes o único que teñen que facer é deixar de dividir o sector. Deixen de promover fórmulas como as que promoveron cando estiveron no Goberno bipartito, aquelas fórmulas tan perigosas como foi aquel invento de Pladimega, que hoxe aínda hai produtores que seguen pagando sancións millonarias e a conserva, igual. Vostedes o único que lles pasou ao Partido Socialista é que sempre en tema de mexillón estiveron mal aconsellados, e penso que hoxe igual, porque creo que os segue aconsellando a mesma persoa que aconsellaba no ano 2005, cando era 2005, 2006, 2007, 2008.

E non dubiden de que a Xunta é garantía total de loita contra a fraude. Deulle os datos hai poucos días o director xeral de Pesca na Comisión 8ª. E, efectivamente, vostede recoñeceu que había un decreto, o Decreto 124/2010, que recolle que para que un produto se etiquete como galego a materia prima ten que ser galega e a elaboración ten que realizarse en Galicia. E pódolle dicir que a Xunta de Galicia está vixilante, e os datos xa llos deu.

E se falamos de importacións –que vostedes falan de importacións e virá o señor Rodas falar de importacións–, téñolle que dicir que os datos oficiais –non os datos que din vostedes– din que hoxe se importa un 76 % menos de mexillón que cando gobernaba o Bipartito, un 76 % menos de mexillón que cando gobernaba o Bipartito –os datos oficiais, non os que vostedes manexan–. (*Murmurios.*)

E non fagan crer vostedes que non se está apoiando o Consello Regulador do Mexillón, porque mire, recibiu axudas por riba da media do que reciben outros consellos de denominación de orixe. Só no ano 2015 –e ten vostede mal os

datos–, 31.000 euros para o seu funcionamento. E só no ano 2015, a última campaña de promoción custou preto dun millón de euros. Recibiu o 40 % do total do gasto para a promoción de todas as DOP agroalimentarias de Galicia, ¡o 40 % total do gasto! E ¡claro que queremos que a marca de calidade funcione! ¡Claro que queremos que esa marca de calidade funcione! Pero para sumar, nosoutros dubidamos de que a mellor forma sexa á forza, impoñerse por sentenzas xudiciais. E nós defendemos a DOP. Pero ¿como non imos defender o Grupo Popular, o Goberno de Galicia, a DOP se fomos nós os que a puxemos en marcha? ¿Como non a imos defender? Fomos nós os que a puxemos en marcha. Xa lle din os datos o outro día, e xa vexo que estaba despistado vostede na comisión. Fomos nós quen a puxemos en marcha, pero non podemos esquecer que hoxe o regulamento da DOP está tumbado pola xustiza, por dúas sentenzas. E non podemos esquecer que en Europa seguen dubidando de que poida ser certificado o mexillón en conserva, e diso podería falar un ilustre deputado desta Cámara que era eurodeputado, e foi el quen integrou...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...no (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: E foi el quen fixo as preguntas no Parlamento Europeo, e vostede dubido –despois do que dixo aquí– que coñecese ou que coñeza a resposta. Está ben que o señor Fajardo non a coñeza...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...porque eu sei que non a coñece. Pero, ¡home!, vostede que foi un alto cargo da Consellería de Pesca, que tivo responsabilidades nesa consellería, cando menos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: ...debíaa coñecer. O señor Fajardo non, viranos aquí falar de todo menos do mexillón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Imos apoiar esta moción en todos os seus puntos. Estamos total e absolutamente de acordo, a pesar do que diga o señor Balseiro. Co que non estamos en absoluto de acordo é coa súa interpretación.

Cando algunhas conserveiras galegas empezaron a utilizar nos seus produtos molusco importado, o resto da industria, consciente de que esa práctica constituía unha usurpación do prestixio do mexillón galego, empezou a utilizar a mención “das rías galegas”, buscando identificar e diferenciar o seu produto. Pronto as conserveiras que procesaban o molusco foráneo acabaron utilizando tamén a mesma mención; unha ilegalidade que ninguén impediu que se convertese nunha fraude ás persoas consumidoras e nunha práctica de competencia desleal, e todo iso coa conivencia de Anfaco e a tolerancia da Administración galega.

A actitude que seguiron mantendo tras a aprobación da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galiza pola Comisión Europea en 2007, transmitindo ás empresas que a protección de orixe non acadaba ao mexillón en conserva, foi o verdadeiro traballo que fixo a Xunta de Galiza: traballar para que todo o mundo tivera claro que a denominación de orixe non valía. Interpretacións contrarias ao que establece a normativa europea, como acaba de deixar definitivamente claro esta sentenza. E todo para compracer só a unha parte da industria conserveira.

Agora, moitas empresas vense agobiadas pola situación creada por tales interpretacións. A sentenza establece como fundamento xurídico o Regulamento 1151/2012 sobre a protección legal aplicable aos produtos con DOP, e o prazo para recorrer ante o Tribunal Supremo expirou o 3 de marzo pasado sen que Javimar presentara recurso de casación, polo que a sentenza é firme e crea xurisprudencia, non foi recorrida. É unha sentenza da Audiencia Nacional que non foi recorrida pola conserveira, polo tanto, si crea xurisprudencia.

Unha consecuencia moi relevante que leva aparelada a firmeza desta sentenza é que obriga á Administración a cum-

prir e facer cumprir a lei coas directrices establecidas polo tribunal, que reforza o alcance da protección da DOP Mexillón de Galicia, ao produto en conserva, pasteurizado, conxelado, etc., e do uso exclusivo dos produtos amparados pola DOP.

En Galiza hai 1.150 bateas certificadas, cando son algo máis de 3.300 en total, e preto de 40 empresas. A lectura que fai a industria é que o 86 % do molusco que se comercializa en fresco e o 96 % do enlatado non están certificados. Para o Consello Regulador, ese frouxo respaldo do sector débese, sobre todo, á permisividade da Administración que tutela o selo, que, no canto de promocionar a marca de calidade, sementou dúbidas sobre o alcance real da protección, ao soste sempre que a conserva quedaba fóra, en contra do propio prego de condicións da DOP.

Este é o argumento que manexa a maioría –ou parte– da patronal conserveira para defender o seu dereito a seguir enlatando mexillón galego á marxe do Consello e da súa etiqueta; que a denominación só afecte ao fresco, non á conserva nin ao conxelado. Anfaco aduce que é unha marca que non dá valor ao produto. De feito, asegura que no mercado poden atoparse latas con selo máis baratas que as que non o levan. Dende o ente regulador sosteñen que hai outros intereses, e non ocultan a vinculación de moitas grandes conserveiras coa produción de mexillón chileno, que iso é realmente o que hai detrás destes intereses que defende a Xunta de Galiza.

Con motivo da sinatura do acordo preferencial da Unión Europea con Chile, produciuse un efecto de substitución do mexillón galego para a industria por mexillón importado de Chile a partir de 2007. Os investimentos das empresas conserveiras españolas en Chile, ao amparo do dito acordo, indican unha estratexia clara de substitución dos produtores, estratexias curtopracistas que non abordan a esencia da súa perda de competitividade. Pero gran parte da industria non especifica a orixe do seu produto nos envases, polo que as persoas consumidoras apenas poden comprobar o tipo de especie que consomen.

As alianzas entre empresas e cadeas de distribución marcaron a dinámica do sector nos últimos anos. As mellores condicións arancelarias, o prezo do mexillón importado, o comportamento non diferenciado das persoas consumidoras e a

inhibición da Xunta na defensa do mexillón galego incidiron en consolidar esta nova situación, ata tal punto que o presidente da patronal conserveira Anfaco chegou a afirmar que o mexillón galego xa non é unha referencia no canal de distribución dos seus produtos.

É dicir, a Xunta non defende a denominación de orixe protexida do mexillón galego, non defende a produción galega, senón que defende os intereses dunha patronal única e exclusivamente, en contra do produto, en contra da calidade e en contra dos intereses dos consumidores. Cando eu vou comprar unha lata de mexillón en conserva, interésame saber de onde vén ese mexillón. Eu sei que vai cambiar de sabor, o crú e o cociñado enlatado, iso seino, como sei que cando tomo tenreira galega nun restaurante e vén feita, sei que vén cociñada, que non é crúa, pero é tenreira galega, e eu quero saber que leva a lata dentro. Polo tanto, están vostedes negando un dereito aos consumidores, que saiban que é o que consomen, en que condicións, onde se produce, etc.

Polo tanto, o noso apoio á moción, e lamentamos que o Partido Popular siga aplicando políticas que van en contra dos intereses do noso país e dos nosos sectores produtivos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que, logo da intervención do voceiro do Partido Popular neste tema, queda pouco que dicir. Bastaría con adoptar a súa posición, e establecer exactamente o contrario do que dixo, para establecer a realidade do sector.

Non se poden concretar en cinco minutos máis falsidades que as que concretou o señor Balseiro. Xa sabemos aquilo dos coches do señor Balseiro. O que non sabemos é como interpreta as sentenzas que deixan moi claro que o que estaba a facer o conxunto das conserveiras era intentar vender como galegas cousas que non o eran. En todo caso, incluso ás veces que podía ser mexillón galego, a única garantía que

existe de que realmente o que se vende é mexillón galego é que estea baixo o amparo da DOP.

Pero vir aquí dicir expresamente que o que quere facer a oposición con esta sentenza é que non poidamos comercializar o mexillón galego que non sexa da DOP é absolutamente falso, porque a sentenza non di que non se poida comercializar, o que di é que non se pode aproveitar o prestixio doutro. Que non se pode aproveitar, por exemplo, desa DOP que fai 11.461 controis anuais para certificar a orixe do produto, cuestión que non se pode facer co resto do mexillón que aparece nos liñais do supermercado como galego pero que en moitos casos non o é. En todo caso, non hai ningunha garantía porque non existe ningún control tan exhaustivo como ao que se somete a DOP.

O que debería ser o Partido Popular é valente e dicir que pretende. En Alternativa Galega de Esquerda temos claro o que pretendemos: que se incremente o nivel de mexillón protexido pola DOP mediante un mecanismo que é o razoable, que un estado impulse aquilo que defende o seu sector. E o Partido Popular o que ten que dicir é que o que busca é acabar coa DOP e instaurar outros modelos que teñan menos control. ¿Para que? Para que aquela máxima que levaron á Unión Europea –un grande favor lle fan sempre aos produtos galegos a Unión Europea e o Partido Popular–, que dicía que con que soamente unha parte do proceso produtivo da conserva se faga no país, se poida vender como dese país.

¿Que quere dicir isto? Que o Partido Popular o que defende é que con que unha soa parte, é dicir, por exemplo, o enlatao ou o empaquetado dunha lata que veña xa producida de fóra, se faga en Galicia, se poida vender como galego. Ese é o obxectivo definitivo do Partido Popular. Polo tanto, debía ser valente, vir aquí e dicilo. Nós defendemos isto, e defendémolo porque é o que defende a patronal, é o que defende Anfaco, e nós defendemos o que defenda neste caso a gran patronal de Anfaco, que é o obxectivo.

Se non fose así, nós o primeiro que preguntariamos é cal é a situación do emprego da conserva neste país. ¿Cal é a situación do emprego? Non se pode vir aquí dicir que a situación é esplendorosa cando a conserva leva perdendo miles de empregos todos os anos de forma consecutiva. ¿Por que? Entre outras cousas, por estas situacións. Porque se segue

introducindo produto xa elaborado, e o proceso final aquí é apenas empaquetalo ou enlatalo, co cal se perden miles de postos de traballo neste sector simplemente porque o obxectivo é a internacionalización, e, polo tanto, producir noutros sitios, con outros criterios e, dende logo, con menos custo. Se non, debería explicar o Partido Popular, por exemplo, como as axudas ao desenvolvemento, ao desenvolvemento de países subdesenvolvidos, serviron para que Anfaco instalase industrias fóra deste país para competir coa nosa industria. Esa é a realidade da súa situación.

E nós, ao respecto da sentenza, o que dicimos é que é mentira que sexa unha cuestión entre particulares. É certo que a sentenza fala dunha empresa en concreto e dunha situación en concreto. Eu preguntolle, ¿por que non se recorreu esta sentenza ao Tribunal Supremo? Porque Anfaco non quere, porque se vai alí perde e, polo tanto, a partir de aí sería aplicable ao conxunto da conserva. Esa é a realidade.

Calquera cidadán, calquera organización de consumidores hoxe, podería plantexar unha demanda, e quedaría demostrado que iso que agora é para unha, sería para todos. E, dende logo, o que se quere facer é un proceso político de incorporar produtores á DOP para que os consumidores teñan garantía, e tamén os nosos produtores.

Fronte a isto, ¿que fai o Partido Popular? Atacar dunha forma conxunta e brutal a estes produtores. Non lles bastou aquel amago, que tiveron que botar atrás, da lei de acuicultura, senón que continúan nesa demanda de que Galicia non sexa un sitio produtor, senón que simplemente se utilice o noso nome para vender cousas que non son nin galegas nin producidas en Galicia. Ese é o único obxectivo.

Polo tanto, en política hai que ser serios. Eu pídolle ao Partido Popular, pídolle ao señor Balseiro, se é capaz, que veña aquí e diga cal é o seu obxectivo. ¿O obxectivo é favorecer esa política que di que queren utilizar a Galicia para poñer soamente nas etiquetas Galicia, pero que o mexillón que se venda non sexa galego, sexa chileno, sexa chino ou sexa de calquera outro lugar? ¿Ou defende que cando se vende como galego algo, ten que ser galego porque, se non, estamos na fraude, que é o que di a sentenza, na fraude máis absoluta, utilizando a mención a Galicia para, digamos, ser capaces de vender algo que, se non puxera Galicia, non poderían vender?

Polo tanto, nós apoiamos a iniciativa do Partido Socialista e entendemos que o Partido Popular lle está facendo un fraco favor ao sector tratando de enfrontalos, porque é o Partido Popular quen os enfronta, e defendendo ese mecanismo de pseudoextorsión que está a facer Anfaco cos produtores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Boa tarde, señorías.

Creo que coas intervencións que me precederon vai quedando meridianamente claro onde estamos uns e onde se colocan outros.

O señor Balseiro veu aquí escenificar o mesmo que a semana pasada escenificou o máximo responsable da miticultura do Goberno galego, trasladando á opinión pública os mesmos argumentos que unha parte do oligopolio da conserva –pero non de todos–, que, por certo, ten intereses económicos na comercialización e transformación do mexillón, que non na produción. Pero afortunadamente hai outra parte do sector, tanto extractivo como transformador, que apostan pola diferenciación e pola calidade como única vía para sobrevivir, pois establecer unha estratexia para competir en prezo que lles beneficia a algunha gran conserveira e ás cadeas de alimentación era sinxelamente suicidarse.

E así o veñen manifestando. Manifestárono con claridade opoñéndose a unha lei de acuicultura que os traizoa, e apostando pola DOP. Os últimos datos así o confirman e hoxe anunciáboo aquí o portavoz do PSOE, pasando dun 14 % a un 31 % no último ano.

Algúns veñen a este Parlamento a defender intereses alleos aos dos nosos produtores, aos das nosas depuradoras e aos dos nosos conserveiros. E encima fano con mentiras. Mentiras como as que trasladou o señor Balseiro e a señora conselleira cando afirman que a sentenza non senta xurisprudencia, que unicamente se circunscribe a un litixio entre o consello regulador e unha marca, unha única marca comercial, cando a mesma di literalmente que o uso de todas estas

mencións sen o amparo da DOP, aínda que a súa orixe sexa galega, é totalmente ilegal, e con independencia de que sexa fresco ou transformado.

Polo tanto, vemos unha vez máis como o Partido Popular intenta confundir os galegos dicindo, entre outras cuestións, que se vai consultar en Europa ou que se lle vai remitir o problema a Madrid a ver se deciden eles por vostedes, cando o presidente da Comisión Europea xa o dixo aquí ben claro cando veu de visita: ante unha sentenza unicamente cabe cumprila, e cumprila é adoptar medidas para que non siga habendo fraude. E non hai máis que ir a un supermercado e ver as estanterías e os prezos para comprobar a realidade na que vivimos ou ver os expedientes abertos no 2014 e 2015 pola Consellería, cun único expediente sancionador.

Incluso aquí se nos quixo colar a Lei de acuicultura, ¿recordan? ¿Quen nos quixo colar a Lei de acuicultura pola porta de atrás? A mesma que a día de hoxe volve intentar enganarnos con esta sentenza, dicíndonos que esta sentenza non significa nada, volvendo ser cómplice desta fraude, dunha nova fraude ao consumidor. A conselleira é a mesma responsable da situación de desregulación que vive o sector e que o divide, que o enfronta, cun modelo organizativo totalmente atomizado. E aínda teñen o santo rostro de vir aquí e dicir que nós, os da oposición, enfrontamos e dividimos o sector.

Todo o contrario do que sucede coa parte da patronal, presidida pola maior conserveira, que tamén posúe a maior empresa de transformación de Chile. A Consellería, igual que unha parte desa patronal, ten declarada a guerra ao Consello Regulador, e boa mostra é o apoio económico que lle vén prestando nos últimos anos. Non hai máis que ver os datos. Pasamos dende o ano 2012, cando tiñan unha subvención de 48.000 euros, ao ano pasado, con 30.000, e este ano nada de nada. E falamos dun organismo de carácter público que carece doutros ingresos. E podemos comparalo coas inxentes cantidades que lle dan a Anfaco: no 2014, 9.600.000 ou os oito millóns e medio que levaron para o laboratorio, ou os dous millóns de euros para a unidade mixta Anfaco-Jealsa para deseñar a fábrica do futuro. Os mesmos que levan os cartos fan claudicar unha parte do sector para que impida a intervención do Consello Regulador. E mentres a señora conselleira e o señor director xeral piden diálogo para poder cambiar o Consello Regulador de xeito

que se desvincule do transformado e así non ter que cumprir os criterios de producido, transformado e envasado aquí, na propia Galiza, e cambialo polo de que unicamente aquí, no noso país, se etiquete, unicamente.

Polo tanto, dende o BNG imos apoiar esta iniciativa e imos sobre todo descubrir e denunciar que o PP unha vez máis comete fraude na transformación da conserva.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodas.

Polo grupo autor da moción, o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidente.

Señor Balseiro, tratei de selo pero teño que recoñecerlle que non fun o suficientemente claro na miña intervención. Non entendeu vostede absolutamente nada.

Míre, vou intentar poñerlle un exemplo levado ao extremo, que eu imaxino que vai servir para que vostede entenda o que significa o alcance da DOP. Se vostede e a conselleira Quintana mañá deciden trasladarse á parroquia vilalbesa de San Simón da Costa e montar unha fábrica de queixo, vostedes poderán elaborar queixos e vendelos, pero o que non van poder facer nunca é vendelos nin coa simple mención a esa parroquia de San Simón. E non van poder facelo se non están vostedes dentro do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo de San Simón. É dicir, vostedes poderán poñerlle o nome comercial que queiran, pero non poderán facer ningunha mención a esa denominación de orixe de San Simón da Costa.

E isto que é tan evidente para o queixo parece que vostedes non son capaces de comprendelo co mexillón. Isto, que resulta tan evidente noutras denominacións de orixe, vostedes non son capaces de entendela ou non queren entendela, porque defenden outros intereses que non teñen nada que ver, nada que ver, cos do sector produtor. E por iso estamos na situación na que estamos. Porque vostedes están defendendo os intereses dunha parte da conserva, xustamente a que representa o seu secretario xeral e o presidente. A mesma conserva que no ano 2006, hai escasamente dez anos, transformaba máis de 180 millóns de quilos de mexillón galego, 180

millóns de quilos, e que hoxe, menos de dez anos despois, xustamente transforma 96 millóns de quilos, case a metade do que viña transformando e dedicando á conserva.

¿E que foi o que pasou durante este tempo, señor Balseiro? ¿É que a industria conserveira deixou de transformar ou é que o mexillón procede doutro sitio? A resposta é clara, señor Balseiro. Eu creo que non baixou o volume, senón que, efectivamente o mexillón procede doutros sitios. E esta é a batalla, señor Balseiro, esta é a loita, a loita entre os produtores e a conserva. Vostedes están tremendamente posicionados a favor dunha parte. Nós queremos defender un modelo de prestixio, un modelo sobre o que temos referentes de que se pode levar e conseguir un aumento de prezos e unha produción certificada e garantida respecto da súa orixe. E iso chámase “denominación de orixe protexida”, señor Balseiro.

É difícil falar con vostede cando mira para outro lado, pero bueno, xa nos ten acostumados. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Efectivamente, hoxe, señor Balseiro, o que veñen vostedes facer a este Parlamento é ocultar datos, veñen defender unha industria que non está comprometida co país e que non demanda produto certificado baixo a DOP para envasar nas súas latas.

Falen e digan vostedes a verdade. Vostede fala dunha resposta no Parlamento Europeo do ano 2008 a un deputado, a un ilustre deputado desta Cámara. Pero non din a verdade. O que non di é que, cando fixeron esa resposta, a normativa que estaba en vigor de protección das DOP era un regulamento do ano 2006. Pero é que dende o ano 2012 hai publicado un novo regulamento, o 1151/2012, e, polo tanto, non ten validez ningunha a resposta que lle deron a ese ilustre deputado, ao igual que tampouco a ten o ditame sobre o que vostedes se escudan para dicir que a conserva non ten que estar baixo o amparo da DOP, porque é do ano 2003, catro anos antes do rexistro da DOP.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VAL ALONSO: Cada un sabemos onde estamos. Nós defendendo os produtores e un modelo de calidade que defenda a orixe do produto. Vostedes deberan dar resposta a cales son os seus intereses.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

O señor VAL ALONSO: Non acepto a emenda. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das mocións.

(Murmurios.)

Silencio, por favor. Silencio, por favor, imos votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Comezamos coa votación da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a M^a Tereixa Paz Franco, sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de seguimento da situación do sector lácteo en Galicia e os cometidos que deberá ter.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista sobre novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández, sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia sobre a etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación. Parece ser que non aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos. *(O señor Balseiro Orol pide a palabra.)*

Si, ¿señor Balseiro?

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, nós quixeramos pedir a votación por puntos. Quixeramos que se votara o punto 1 e... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vale, espere.

O señor BALSEIRO OROL: ...o 2 e o 3 conxuntamente, se acepta o propoñente, neste caso o Partido Socialista. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Non acepta?

O grupo propoñente non acepta; polo tanto, votamos a moción como estaba. *(Murmurios.)*

Votamos.

Silencio, por favor, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa etiquetaxe do mexillón galego, o financiamento do funcionamento do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia e o aumento do número de produtores existentes baixo a súa certificación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, co punto 2, tras a alteración da orde do día, que se corresponde co de comparecencias en pleno.

Acumúlanse para o debate as seguintes comparecencias:

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a situación dos pacientes a tratamento por hepatite C crónica en Galicia

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos dezoito deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para que informe sobre a acusación que realiza a Fiscalía en relación coa negación de tratamento a enfermos de hepatite C

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. Mixto, en relación coa acusación por parte da Fiscalía de presunto homicidio imprudente e prevaricación en relación co atraso na administración dos novos fármacos da hepatite C por parte da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, boa tarde.

Comparezo hoxe nesta Cámara para informar sobre a situación dos tratamentos dos pacientes con hepatite C crónica.

A hepatite C é unha enfermidade grave que se adquire esencialmente por contacto con sangue de persoas enfermas, e das cales boa parte dos afectados aínda non o saben nin a sofren. O primeiro que quero transmitir é unha mensaxe de tranquilidade. Os pacientes en Galicia, en especial os da infección crónica da hepatite C, están ben tratados. Temos os mellores profesionais e os últimos tratamentos.

É unha cuestión que quero abordar co máximo respecto e consideración aos enfermos e ás súas familias, vaia iso sempre por diante. A eles nos debemos como sistema sanitario público. Cuestión distinta é a actitude de determinados grupos que aproveitan esta situación para facer unha mesquiña demagogia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Quero tamén defender o respecto que merecen tanto o Sergas como os seus profesionais. Como máximo responsable do sistema público de saúde teño a obriga de defender o seu prestixio, que está a ser atacado. Trátase, en consecuencia, de pensar neles, nos pacientes, e non de utilizalos a eles e a súa saúde como ferramenta política.

Quixera, en primeiro lugar, aclarar os textos das peticións de comparecencia. A comparecencia, como dixo o presidente, era por petición propia e tamén por petición do Grupo dos Socialistas de Galicia, cun texto que creo que non é correcto, por iso quería aclaralo, que di “sobre a acusación que realiza a Fiscalía en relación coa negación de tratamento a enfermos de hepatite C”. En ningún caso houbo negación e demostrareino ao longo e ao ancho desta tarde. A pregunta que fan AGE, BNG e Grupo Mixto di que informe en relación coa acusación por parte da Fiscalía de presunto homicidio imprudente e prevaricación en relación co suposto atraso na administración dos novos fármacos da hepatite C por parte da Xunta de Galicia.

É a primeira vez que se me convoca aquí e se nomea a Xunta de Galicia e non o Sergas. Parece que hai unha clara indicación. Pero tamén hai que dicir que o que non nomean en ningún caso os grupos da oposición é o que di o xuíz, que o xuíz neste caso fala de prevaricación administrativa, e por iso cita dúas persoas da Consellería como investigadas.

Debemos tratar este tema con rigor e seriedade. A magnitude desta enfermidade é significativa no noso contorno. Moitos dos pacientes recibiron transfusións no pasado, en épocas previas ao diagnóstico serolóxico da propia hepatite C, cando era imposible controlar as devanditas transfusións. Lembremos que é un virus identificado en data relativamente recente, en 1989. Mesmo hai profesionais sanitarios que sufriron puncións con agullas ao longo da súa vida profesional, e tamén en caso de uso compartido de xiringas en consumo de drogas de abuso e outras vías de contaxio. De calquera maneira, en moitos casos nunca se esclareceu a orixe

da infección, sendo tamén común a coinfección con outros virus, en especial co virus da sida.

Polo xeral, a infección é crónica e ten un longo período de ausencia de síntomas pero nunha gran proporción dana progresiva e inexorablemente o fígado, conducindo á cirrose hepática, ou hepatocarcinoma, e, eventualmente, á morte.

A magnitude das cifras a nivel mundial é de máis de 170 millóns de enfermos de hepatite C e un millón de mortos anuais, directamente polo virus, polo cancro de fígado causado polo virus da hepatite C ou por cirrose.

Obviamente, o obxectivo principal do tratamento é a curación da infección, algo que ata non hai moito non se acadaba para unha alta porcentaxe de pacientes. Ademais, os fármacos dispoñibles ata hai ben pouco tiñan uns efectos secundarios considerables. Esta situación cambiou coa aparición dos novos medicamentos para o tratamento desta patoloxía. Así, nos últimos anos asistimos a unha auténtica eclosión de novos fármacos que abriron novas e mellores expectativas de tratamento. O primeiro fito produciuse xa no 2012, ata entón utilizábase fundamentalmente a chamada biterapia –interferón máis ribavirina–. A partir dese ano é cando comeza a cambiar a situación cuns novos tratamentos denominados inhibidores da proteasa, e máis adiante seguiron aparecendo máis novos tratamentos, máis efectivos e tamén máis seguros. Así, en 2014 se introduciron outros novos medicamentos innovadores, nomeadamente simeprevir e sofosbuvir, e en 2015 aparecen tamén o daclatasvir, ledipasvir, ombitasvir, paritaprevir, ritonavir ou dasabuvir.

Máis alá desta secuencia de nomes de difícil pronunciación hai un feito clave: estes novos tratamentos están a demostrar ser moi efectivos. Teremos non obstante que lembrar que nos momentos iniciais, en particular cos primeiros en saír, existía a incerteza mentres non houbo evidencias científicas claras. Supoñen mellores expectativas de efectividade e máis seguridade. Foron aparecendo rápido e en pouco tempo, o que implica unha necesidade obvia: facer unha introdución ordenada destes tratamentos e, sobre todo, con seguridade para os nosos pacientes, e isto sumado ao principio de prudencia e equidade que nos debe guiar á hora de utilizar un novo tratamento.

Tendo isto en conta, teño que dicir, en primeiro lugar e de maneira contundente, que Galicia traballou desde o primei-

ro momento co Ministerio de Sanidade e o resto das comunidades autónomas co obxectivo último de garantir o acceso aos fármacos destes pacientes, igual que todos os demais cidadáns, en termos de equidade en todo o Sistema Nacional de Saúde.

Pódese dicir que tanto na forma de xestionar o acceso aos novos medicamentos como en xeral na maneira de abordar esta enfermidade hai un antes e un despois determinado pola entrada en vigor do Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no Sistema Nacional de Saúde, elaborado polo grupo de expertos designados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

En consecuencia, e para efectos prácticos, na miña exposición distinguirei claramente os procedementos seguidos nun período e noutro.

Galicia actuou, como dicía antes, tanto antes como despois do Plan estratéxico. ¿Como actuamos antes desa implantación? Antes do comezo do plan, o Servizo Galego de Saúde, asumindo as responsabilidades de prescrición e avaliación da farmacoterapia, constituíu en 2010 a Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade. Esta comisión tiña como obxectivo realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Sergas, incluídos os relacionados coa hepatite C, e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos en canto a calidade, seguridade e eficiencia no seu emprego, e tamén na equidade do acceso, algo certamente importante.

Quero destacar un feito relevante: non se trataba dunha situación única no noso sistema, hai tamén outros medicamentos distintos dos da hepatite C que tamén están sometidos a avaliación por parte dos comités de expertos no Servizo Galego de Saúde; por exemplo, a hormona de crecemento, os medicamentos para o tratamento da esclerose múltiple ou outros en situación excepcional e dos que non se dispón de alternativa terapéutica comercializada e financiada no Sistema Nacional de Saúde.

En definitiva, esta comisión regula e harmoniza os criterios de utilización de medicamentos de especial impacto sanitario para que os profesionais do Sergas teñan dispoñibles

guías farmacoterapéuticas coa finalidade de que se garanta a seguridade dos tratamentos e o acceso aos ditos medicamentos unha vez incluídos no financiamento e en condicións de igualdade en todo o Servizo Galego de Saúde.

Coincidindo coa incorporación no financiamento e posta no mercado español que tivo lugar para os primeiros novos medicamentos, denominados boceprevir e telaprevir, e para garantir, insisto, a seguridade dos pacientes e a homoxeneidade e a igualdade no acceso a estes medicamentos no Sistema Nacional de Saúde, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con data 28 de febreiro de 2012, publicou o informe de posicionamento terapéutico denominado *Criterios y recomendaciones generales para el tratamiento con boceprevir y telaprevir de la hepatitis C crónica en pacientes mono infectados*, que foi aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. A continuación, o 28 de xuño de 2012, no exercicio das súas funcións, a Comisión Central de Farmacia e Terapéutica acorda constituír unha subcomisión específica para o tratamento da hepatite C debido á importancia que tiña xa nese momento en canto a volume de pacientes. O 12 de xullo dese mesmo ano constituíuse oficialmente a subcomisión, e tiña unha misión clara: establecer recomendacións comúns para os medicamentos empregados na hepatite C e facer un seguimento dos tratamentos instaurados a partir da información obxectiva e independente e no marco das recomendacións de emprego e criterios de priorización que se establezan ao respecto no ámbito do Sistema Nacional de Saúde.

A partir desa data, xullo de 2012, todas as solicitudes de inicio do tratamento cos novos inhibidores da proteasa, é dicir, os entóns denominados novos tratamentos, eran avaliados de maneira anónima e caso por caso pola subcomisión para verificar que se cumpriran os criterios comúns establecidos no marco do Sistema Nacional de Saúde; é dicir, conforme a evidencia científica, con rigor, efectividade, seguridade e equidade, pensando sempre na mellor alternativa para os nosos pacientes.

En canto á súa composición, formaban parte dela profesionais sanitarios dos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde con coñecemento e experiencia no manexo da hepatite C ou da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Quero insistir no feito de que as solicitudes eran avaliadas de maneira anónima, é dicir, non se coñecía nin o nome nin o prescriptor deste fármaco. Eran analizadas caso por caso para verificar que se cumpren os criterios establecidos no marco do Sistema Nacional de Saúde, que quero resaltar unha vez máis que eran, e iso é moi importante, para garantir a seguridade, homoxeneidade e a equidade no acceso a estes novos antivirais.

Este era un dos obxectivos de asesoramento realizado por esta comisión colexiada composta por facultativos especialistas no tratamento desta enfermidade, que avalía todos os posibles casos susceptibles para o tratamento desta enfermidade. Deste xeito, garátese que os pacientes que cumpran os referidos criterios técnicos reciban esta medicación segundo a súa prioridade.

Un portavoz parlamentario, na que creo que foi unha desafortunadísima intervención, talvez para gañar puntos para a súa posible elección como candidato do seu partido á Xunta de Galicia, afirmou que se poderían manipular os datos, pero os mortos están aí. Pois ben, eu diríalle que poderán manipular os mortos, pero os datos están aquí (*Murmurios.*), e estes son os datos. O resultado dos traballos desta subcomisión están aí. Dun total de 1.150 casos que chegaron á Comisión ata a entrada en vigor do Plan estratéxico, a 1.137 autorizóuselles o tratamento e a 13 non, pois non cumprían os criterios clínicos establecidos. Por certo, ningún destes 13 denegados están incluídos entre os que están investigando.

O máis importante e o que debe quedar claro é que todos os pacientes que cumprían eses criterios tiveron acceso á medicación que necesitaban. Estamos a falar dunha porcentaxe de aceptación do 99 %, aínda que, máis alá das porcentaxes, todos os casos, todos os nosos pacientes, son importantes. Unha proporción deste calibre pon claramente de manifesto que o argumento de que se lles negaban os tratamentos por motivos orzamentarios é sinxelamente falaz. ¿Como explicar, se non, o déficit que suele presentar o Sergas ao final de exercicio? Estatisticamente podemos saber cal vai ser o número aproximado de enfermos por patoloxía, pero non sabemos os novos tratamentos que van aparecer durante ese ano, e loxicamente suele coincidir con que son máis caros, pero desde logo son máis eficaces para o paciente, por iso se deciden utilizar.

No ano 2015, o gasto en farmacia hospitalaria creceu un 8 %, que sería dun 43 % se incluímos o investido e non gastado nos novos tratamentos da hepatite C. Así, agás desde a mala fe, non se pode soste de xeito cabal que se pretendía un aforro non autorizando estes fármacos, cando o certo é que a inmensa maioría si foron autorizados.

Este é o contexto no que teñen lugar os casos obxecto da denuncia, os oito casos. O feito de que o caso estea agora no xulgado, e de que teñamos a obriga de protexer a confidencialidade dos datos dos nosos pacientes, limita o que podo e debo dicir. Sen embargo, si podo afirmar que estes pacientes, como todos os demais, con equidade foron analizados polos membros da Comisión de forma anonimizada; como todos os demais, con equidade foron avaliados caso por caso; como todos os demais, con equidade os profesionais verificaron se cumprían os criterios clínicos comúns establecidos no marco do Sistema Nacional de Saúde; como o 99 % dos demais casos, ditaminouse que cumprían os criterios e autorizouse o tratamento a todos, independentemente do resultado final.

Os casos investigados foron respostados nunha media de 18,7 días, e se excluímos un deles, no que houbo que facer unhas reavaliacións sucesivas por posibles efectos secundarios graves, a media sería de 13 días. Importante: a todos eles autorizóuselles o tratamento nun curto período de tempo.

É importante tamén aclarar que estes tratamentos non curan a enfermidade, senón que eliminan a infección. En ocasións o problema vén polos danos que esta ten causado no organismo durante moito tempo.

Señorías, absolutamente todos os casos nos que o sistema non resolve un problema de saúde dun dos nosos cidadáns nos preocupan. Desgraciadamente, e aínda que a medicina ten avanzado moito, moitísimo, non sempre obtemos exitosos tratamentos. Neste sentido quero recordar a doutrina establecida polo Tribunal Supremo, que en auto do 29 de abril do 2015 establece que aos poderes públicos non se lles obriga á produción dun resultado que non está na súa man asegurar, senón que a súa obriga é unha das chamadas “obrigacións de medios”, de sorte que haberán que desprezar un conxunto de actividades tendentes e orientadas ao mantemento, restablecemento e mellora da saúde.

Ningún paciente saltou o protocolo, non existe falsidade documental. E os fármacos –que era outra cousa que se valorou e se comentou en diferentes medios– non se podían adquirir cun concurso público, porque ao principio incluso tiñan que ser solicitados para uso compasivo ou como medicamentos estranxeiros antes de que estivesen autorizados en España, ou, estando autorizados, non estaban comercializados. E, por suposto, si se pagaron as facturas do gasto que houbo no ano 2015 e segue habendo no ano 2006.

Creemos firmemente que as cousas se fixeron con rigor. Confiamos na xustiza e temos o convencemento de que esta denuncia se resolverá favorablemente. O que lamentamos profundamente é que se teña utilizado con fins políticos espurios.

Nada máis, polo momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Boa tarde, señor conselleiro.

De verdade, o primeiro que teño que dicir é que lamento a súa comparecencia; de verdade que foi insultante. E eu non padezo hepatite C, pero se a chego a padecer estaría escandalizada da súa intervención.

Primeiro, dicir que a oposición está utilizando de forma demagóxica e mesquiña este problema é unha indecencia política, señor conselleiro. Porque neste Parlamento a oposición trouxo máis dunha iniciativa para que se lle deran eses medicamentos a eses pacientes, e vostedes, o Partido Popular, votaron en contra de darlles esa medicación. Polo tanto, a demagogia mesquiña foi votar en contra e vir agora contar-nos aquí que se lles daba a todos, cando vostedes o sabían.

Tamén intenta vostede dicir que a oposición está atacando a sanidade pública. A oposición está defendendo a sanidade pública e defendendo o dereito de todos os galegos e galegas a ser tratados na sanidade pública. Cousa que vostedes lles denegan con esa marabillosa, por exemplo, Lei de garantías, que os mandan á privada para que os atendan.

E xa por non dicir de manipular os mortos. Vostedes son os que manipulan indecentemente a enfermidade, a pobreza, a desgraza e a desigualdade. Vostedes son o problema deste país.

E, xa para colmo, intenta vostede facer aí unha ligazón entre enfermos de hepatite C e enfermos de VIH, dicindo que van moi ligados. ¡Mentira! A maioría dos enfermos con hepatite C non teñen VIH, aínda que si a maioría dos pacientes de VIH teñen hepatite C. Pero vostede mestura todo nunha caixa de Pandora marabillosa, dende logo, e non digna dun profesional da medicina.

En canto á denuncia e ao que hai no xulgado, por prevaricación contra Félix Rubial, ao que vostedes o premiaron, dándolle a responsabilidade da Área Sanitaria de Vigo, polo ben que o fixo durante toda a súa carreira; é un premio. ¡Así nos vai na Área Sanitaria de Vigo cos nomeamentos que vostedes fan! E tamén coa responsable da farmacia, Carolina González. Investigados por prevaricación e por negar ou dilatar a medicación aos pacientes coa consecuencia de morte. Iso é o que di a Fiscalía.

Á súa vez, a Fiscalía indica imprudencia profesional grave pola morte de pacientes nos anos 2014 e 2015. Non falamos do 2010 nin do 2012, nin de toda esa película que nos veu vostede contar aquí. Falamos de pacientes que morren despois de vir a este Parlamento reclamar que se lles dera medicación. Estamos falando deses pacientes. Trátase de seis pacientes aos que se lles negou ou atrasou o tratamento, pese a telo solicitado repetidamente polos seus médicos, advertindo da urxencia, xa que todos cumprían os requisitos do protocolo establecido polo propio Goberno, mentres se negociaba un acordo coas empresas farmacéuticas para a súa universalización.

Entre as actuacións denunciadas pola Fiscalía figura o establecemento de mecanismos de contratación e financiamento da medicación, eludindo dar unha resposta ás peticións formuladas polos facultativos. E hai que dicir que hai ata oitocentos facultativos que reclamaron medicación para os pacientes e que tiveron que insistir varias veces. Non me diga que non porque hai incluso correos electrónicos; sairá todo cando saia o xuízo.

O Ministerio Público sostén que hai informes médicos nos que foron modificadas as datas de solicitude dos fármacos,

para simular tempos de espera menores. Iso xa é un delito da propia Administración. Se é certo que a Administración modificou as datas das peticións médicas para reducir o tempo de espera, dende logo, debería dimitir todo o Goberno, porque iso é un atentado contra a vida.

Cando os médicos empezaron a prescribir os novos tratamentos, a Xunta impuxo ás persoas enfermas de hepatite C un circuío para obter o visto bo da súa dispensación. As prescricións dos especialistas tiñan que ser aprobadas non só pola Comisión de Farmacia, senón tamén pola Comisión Autonómica Central de Farmacia Terapéutica. Os pacientes víronse sometidos a unha angustiada espera, sen prazos establecidos, e o Sergas impuxo atrasos deliberados e denegou tratamento a persoas que cumprían os requisitos. Sete meses de atraso con respecto ao Estado, sete meses máis tarde que o resto do Estado, recibiron os pacientes galegos o seu tratamento.

E todo isto polo prezo. O prezo era tan caro que para a Xunta de Galiza, para o Partido Popular, era máis barato deixar morrer as persoas. E, polo tanto, negaron esa medicación. E ao final o custo non era tanto, 13.000 euros por paciente, pero vostedes cambiaron vidas por euros, vidas polo interese das farmacéuticas.

Para os hepatólogos e as persoas afectadas é importante resaltar o prezo, xa que o ministro de Facenda, Montoro, achacou parte do incremento do déficit do Estado ao tratamento da hepatite C. Unha auténtica sinvergüencería. A ninguén se lle ocorrería dicir nunha sede parlamentaria que vai mal o déficit por culpa dos enfermos de cancro, dos enfermos de hepatite C... Non é culpa da enfermidade, que vostedes tratan os dereitos como caridade. A saúde é un dereito. Polo tanto, non pode ser utilizada para xustificar un déficit que, dende logo, non vén por aí. Pero non se lle ocorreu ao ministro que os verdadeiros responsables do custo desta medicación son os laboratorios farmacéuticos. Si o fai a Organización Médica Colexial, que acusa os laboratorios farmacéuticos de fixar prezos abusivos, cobizosos e inxustos.

E se a sociedade libre sufriu este abandono da Administración, non queremos nin pensar o que está ocorrendo en institucións penitenciarias. Calcúlase que un 22 % da poboación reclusa está afectada; isto é máis de 16.000 persoas entre as 65.000 internas nos cárceres do Estado. Un xuíz de

Valladolid sentenciou que é Interior quen debe de dar ese tratamento ás persoas ingresadas en institucións penitenciarias, pero presentou recurso o Estado ante o Tribunal Superior. ¡Un auténtico escándalo! Negociando, trapicheando a ver quen paga mentres morren os pacientes. Iso ocorreu nas institucións penitenciarias. E son persoas igual que as que están libres; son persoas con todos os seus dereitos humanos, e o seu dereito á saúde. Polo tanto, dende logo, un auténtico atentado contra estas persoas.

Pero nesa mentalidade de apoio ás grandes farmacéuticas, de castigo aos pacientes, de considerar a enfermidade como un gasto innecesario, non sei se non lle dan importancia a salvar vidas, a reducir o sufrimento das persoas, pois seguen políticas contrarias ao que se segue no mundo avanzado. Así, nos Estados Unidos, por exemplo, aconséllase realizar a proba da hepatite C a todas as persoas que puideron ter contacto co sistema sanitario antes de que se identificara o virus e se implantaran as medidas para verificar as transfusións.

Todos os estudos indican que se trata dunha opción para aforrar custos ao sistema, xa que ao eliminar o virus se reduce a progresión da infección, a cirrose e o carcinoma, co que se salvan vidas, ademais de aforrar o custo sanitario a medio e longo prazo e un gran sufrimento aos pacientes e ás súas familias. Ademais, este gasto é só un plan de choque, porque segundo avance haberá menos casos de hepatite C. É máis: esta medicación dá a posibilidade de erradicar practicamente a enfermidade do noso país.

Tan só o descubrimento do virus, que permitiu asegurar as transfusións seguras e outras prácticas médicas, conseguiu que os novos diagnósticos teñan baixado á metade entre o 2000 e o 2013, pasándose de 13,6 a 6,1 casos por 100.000 habitantes. ¡Só poder controlar as transfusións! ¡Imaxínemos se somos capaces de curar e de matar o virus como di vostede!

Evidentemente, vostedes defenden a actuación da Xunta, ata tal punto que o presidente da Xunta di que esa denuncia só afecta dous ou tres pacientes. Indecente, ¡indecente! Simplemente con que afecte un paciente xa é, dende logo, importante, porque é a vida dunha persoa. Eludiu así a súa responsabilidade, rexeitando que os recortes e a austeridade implantada sexan os responsables. Quedou demostrado pois que a austeridade mata, quedou demostrado que o gran logro

de Feijóo, o cumprimento do déficit, levou a un enorme déficit en sanidade con tremendas consecuencias.

Señor Almuíña, vostede tamén declarou que os dous altos cargos que están acusados de prevaricación e homicidio fixeron o traballo como tiñan que facelo, co cal entendo que vostede é tamén tan culpable coma eles.

Polo tanto, non é de estrañar que se poidan sumar novos cargos e novos delitos a este caso, como, por exemplo, a ex conselleira Rocío Mosquera, responsable da Consellería nese momento. Pero tamén deberían de estar imputados todos e cada un dos deputados e deputadas do Partido Popular, que son tamén responsables desas mortes, porque, se non recordan, o día 11 de febreiro do 2015, vostedes expulsaron as persoas enfermas de hepatite C que estaban aquí reclamando a súa medicación, reclamándolle ao Goberno que activara os mecanismos para recibir esa medicación antes de que morreran. E se vostedes o recordan, o día anterior morrera unha paciente de Cangas sen recibir o tratamento, recibíuno tan a última hora que non foi posible a súa curación. Cada vez que pulsan ese botón, vostedes condenan a xente a cousas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e, nese momento, cando vostedes o 11 de febreiro pulsaron ese botón en contra de dar a medicación aos pacientes estaban condenando a moitos deses pacientes á morte.

Polo tanto, corresponsabilidade de todos. E eu espero que nalgún momento se diriman tamén as responsabilidades políticas.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

“Haberá medicamentos para todos, isto non é Venezuela”, finais de febreiro de 2015. E o que así falaba non vén hoxe

dar a cara, temos a súa cadeira vacía. O que así falaba, hoxe candidato do Partido Popular, desprezaba o sufrimento de meses e meses de loita. Só uns días antes –como se acaba de dicir– eran expulsados e expulsadas desa mesma tribuna, onde hoxe están os cargos do Partido Popular, e, por certo, tamén membros da Plataforma, aos que lles damos á benvinda. Expulsábanos por berrar, por defender as súas vidas, as das súas familias, cando o Partido Popular premia o botón da morte, cando votaba en contra de facilitar os novos tratamentos para a hepatite C. Ese mesmo mes, pola presión, o presidente, hoxe candidato Feijóo ausente, mudaba de opinión. Detrás, sufrimento, meses de loita e incluso mortes.

Unhas mortes que vostede, señor Almuíña, puxo en cuestión, dicindo que non se sabía se se terían producido igual, aínda que hoxe superou a súa demagogia falando de manipular mortos. Resulta desprezable escoitar esas palabras dun conselleiro.

Quen así falaba –non só vostede–, obviaba que aventurarse nesa valoración é imprudente, senón que manifesta a mesma falla de empatía da que gozaba e goza o señor Feijóo, e da que gozaba a señora Mosquera, que se sentaba anteriormente na súa cadeira; da que gozan os señores imputado e imputada, o señor Rubial, a señora González Criado. Daquela, a señora Mosquera ría, como facía sempre que falabamos dun escándalo na súa consellería, que, por certo, foron bastante habituais nesta lexislatura. Pero non riu tanto en outubro do 2015, cando foi cesada un mes despois da macromanifestación polas rúas de Vigo; esa que tamén foi desprezada polo señor candidato hoxe ausente.

Vostede, señor Almuíña, é herdeiro desa política. Díxenllo na súa primeira comparecencia: ía frío, vai frío na consellería, non sei se se lembra. Pero non pensaba eu daquela que vostede fose tan temerario, que fose tan lonxe, tanto como para asumir a defensa dunha xestión que deu precisamente con esa conselleira na rúa. Hoxe vostede é o máximo defensor das actuacións –que precisamente denunciámos xa no seu momento– que atrasaban a asignación dos tratamentos da hepatite C. Hoxe está vostede, como estaba a señora Mosquera, dando a cara vostede en troques de quen ten que dar a cara, do habitante de Monte Pío, do señor candidato Feijóo, dese que hoxe non está aquí. ¡Covardía! Vostede é tan responsable xa como era a conselleira e como é o señor Feijóo do que aconteceu, por defendelo, por xustificalo e por

amparar esa desvergoña. Hoxe veu aquí outra vez exercer absolutamente do mesmo. E, con todo, o máximo responsable segue sen comparecer.

A sesión da expulsión foi ademais –eu creo que na miña corta experiencia parlamentaria– da peor, da máis dura que vivín aquí. Persoas que eran expulsadas cando acababa de falecer unha paciente que non chegou a ese tratamento de hepatite C; familias que ían chorando polos corredores do Parlamento. Foi un auténtico drama. Quizais vostede non se enterou ou non o viviu, e non sei que lles pasou ou que sentiron, se é que senten algo as persoas que premen o botón en contra de dar os tratamentos.

Pero antes, días de rúas e días de loitas para conquistar, primeiro, que se acadase o alcance dos criterios terapéuticos, que, por certo, os de entrada foron bastante escasos. Vostedes soamente trataban ou aceptaban tratar os F4 con cirrose e clínica extrahepática e os F3 transplantados. De entrada foron as primeiras persoas, é dicir, aqueles que estaban xa nunha situación sanitaria bastante mala.

O criterio era económico, sempre o foi, sempre foi o criterio económico. Porque vostedes votaron aquí e no Congreso en contra de facilitar os tratamentos, e puideron ter votado a favor de producir o xenérico. Trouxemos aquí a iniciativa, levouse ao Congreso a posibilidade de expedir unha licenza obrigatoria, e nin sequera quixeron debatelo, nin sequera quixeron contemplar esa posibilidade. Tamén trouxemos a posibilidade de que vostedes intentasen a través do Consello Interterritorial de Sanidade negociar co resto de países europeos. Vostedes desprezaron absolutamente todo, o criterio era e sempre foi o económico.

Non aceptaron ningunha recomendación. E o berro era nese momento de auxilio polas vidas de persoas que entendían que con eses tratamentos podían ter algunha opción de mellorar o pronóstico da súa enfermidade ou mesmo de non morrer. “Tratamento para todos”, dicía despois o señor Alonso, e tratou de vendernos un fantástico crédito brando: o Ministerio invita, a Consellería paga –é o que se dixo nese momento–. Pero o señor Alonso non nos explicou que ía acontecer con todo isto, o crédito supostamente era a dez anos, non computaba para o déficit, non tiña intereses. Preguntamos en comisión e a Consellería non nos soubo dicir as condicións deste crédito brando. Logo, pois xa tiña algo de

intereses. E ao final parece que o señor Montoro, nun alarde do que se chama “ter a cara do tamaño dun campo de fútbol”, trasladou que o incumprimento do obxectivo do déficit por parte do Estado era culpa das comunidades autónomas, e aínda por enriba, culpa das persoas enfermas de hepatite C, porque os seus tratamentos foran moi caros e dispararan o obxectivo do déficit.

Primeiro, en teoría o señor Alonso dixo que o crédito non computaba como déficit, ¿en que quedamos? Segundo, o aumento de gasto quen o acusa ou quen se queixa dese aumento de gasto é precisamente o que se negou aquí e no Congreso das Deputadas e dos Deputados a aceptar ningunha proposta para que os tratamentos fosen máis baratos, incluída a posibilidade de fabricación dun xenérico. E, terceiro, falamos de vidas, e eu volvo preguntarlle o mesmo que lle preguntei á señora Mosquera e o mesmo que lle preguntamos tamén ao señor Feijóo: ¿canto vale para vostede unha vida?, ¿canto vale? Gustaríame que o respondera.

Voulle dicir ademais que a cifra que se deu de gasto non é certa, que falaron incluso de 75 millóns vostedes nos últimos días, despois 77; dáme igual, non sei en que quedamos. Pero se fai vostede unha mínima división co prezo do tratamento final, eu pregúntolle: ¿cantos milleiros de persoas trataron, segundo vostedes, con esas cifras que vostedes promocionaron e que promocionou o propio señor Feijóo? Nin sequera menten ben vostedes. Probablemente, o máis lastimoso de todo isto, ademais do dano real físico da progresión da enfermidade nas persoas, é seguramente o desprezo e as mentiras por parte de quen ten que protexer a súa saúde.

Estaría ben que vostede aclarase ademais o que dixo a pasada semana de que o día 19 non tiña ningún coñecemento das imputacións, cando a notificación do xulgado se emitiu o día 12 de abril. Tanto ten, porque as persoas notificadas ou as imputadas seguen sen dimitir, e ademais vostede, aínda que acene e abanee a cabeza, segue tamén sen cesalas. A señora González Criado e o señor Rubial seguen disfrutando dos seus postos de traballo, seguen sen dimitir. Por certo, este último —como xa sabe todo o mundo— xerente ademais do hospital privatizado de Vigo. Tampouco os cesan; son vostedes absolutamente cómplices desta situación, polo menos cómplices politicamente, igual de responsables como mínimo. Pero, sobre todo, o máis responsable é precisamente o

señor candidato, o que non comparece, ese que debera aclarar por que está a amparar esta desvergoña.

¿Por que negaron vostedes no seu momento os atrasos? ¿Por que tivemos, señor conselleiro, que chegar a estas alturas a esta comparecencia, a este dano? ¿Por que houbo que agardar a todo isto? ¿Por que? ¿Por que falan vostedes de días de atraso cando as familias seguen insistindo en que nalgúns casos eran meses de atraso?

¿Por que nunca nos aclararon en ningunha comparecencia como se extraviaran os expedientes? Preguntámolo aquí, denunciouno a Plataforma de Afectados e Afectadas da Hepatite C, e nunca se nos puido aclarar.

¿Por que odian tanto a xente como para tratalos como fixo o señor Feijóo? Por dous ou tres, ¿que máis dá? Como se fora totalmente desprezable, como se non foran persoas, como se non foran seres humanos, como se esas persoas non puideran ter tido unha oportunidade de terse aplicado correctamente e darse o tratamento, tal e como reclamaban o seus médicos e médicas, os profesionais.

E, si, eu tamén lamento os seus intereses espurios, señor Almuíña; lamento que esta Xunta teña interese en utilizar incluso estas persoas e o seu sufrimento; lamento de verdade o desprezo que vostedes seguen mantendo no día de hoxe, e xa reiteran, contra as persoas máis febles e as que non poden estar aquí dicíndolles o que nós estamos a dicir no día de hoxe. Un día vostedes expulsáronos desa tribuna, probablemente moi pronto eles os expulsen a vostedes da súa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

E quero saudar especialmente os membros da Plataforma en Defensa dos Afectados pola Hepatite C. E en nome do BNG volvo trasladarlles o noso recoñecemento pola súa valentía e polo inmenso traballo que fixeron de denuncia da situación, ata acadar que a Administración galega, o Goberno galego e o Goberno do Estado reaccionaran, non por vonta-

de propia –como hoxe se nos pretende dicir aquí–, senón por mor dese clamor na rúa e esa presión nas institucións, que fixo que reaccionaran e que hoxe, efectivamente, haxa moitas persoas que poidan disfrutar xa dos novos medicamentos.

Eu lamento, señor conselleiro, que vostede veña aquí dicir que o primeiro é o respecto e a consideración aos doentes e ás súas familias, e acto seguido vostede os insulte. Vostede insúltaos dicindo que actuaron demagoxicamente e atrevéndose a dicir que se están manipulando os mortos porque os datos están aí. Díxoo vostede, está gravado, escoitámolo todos e todas os que estabamos aquí. E respectar e considerar os doentes é atender as súas necesidades, e foi o que o Goberno que hoxe aquí representa non fixo. Goberno que vostede representa hoxe aquí por vontade propia teoricamente, porque o seu máximo responsable, o presidente da Xunta, non ten a valentía de vir aquí dar conta da súa actuación, que é o máximo responsable. *(Aplausos.)* Non ten a valentía de vir aquí. Están enganando a opinión pública dicindo que vén mañá dar conta. Non, mañá vén porque ten a obriga de vir contestar, non vén voluntariamente dar conta de nada. Unha vez máis intentan enganar os galegos e as galegas.

E mire: a minimización dos feitos que fixo na súa intervención, o intento de xustificar o inxustificable, a nula asunción de ningunha responsabilidade e moito menos de arrepentimento ou atisbo de desculpa retrata o Goberno que vostede representa aquí, mostra a catadura moral do que son capaces vostedes de facer, a nula catadura moral. Eu teño que cualificalos dun goberno de [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións), (Murmurios.)* si, un goberno de [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións), (Murmurios.)* que son conscientes do dano que están a facer...

O señor PRESIDENTE: Señora Prado...

A señora PRADO CORES: ...e sendo conscientes do dano que están a facer...

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, esa expresión ímola retirar.

A señora PRADO CORES: [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións)* é aquel que sabe...

O señor PRESIDENTE: Non, retíroa.

A señora PRADO CORES: ...que fai dano e segue adiante co seu dano.

O señor PRESIDENTE: Non, sabe que non tolero esas expresións. Queda retirada.

A señora PRADO CORES: E o Partido Popular sabía perfectamente...

O señor PRESIDENTE: Queda retirada esa expresión.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRADO CORES: Estou facendo unha definición do que é un [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións).*

O señor PRESIDENTE: Pero non, pero non é de aplicación á Cámara. Non é de aplicación a esta cámara.

A señora PRADO CORES: Un [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións)* é aquel que fai dano...

O señor PRESIDENTE: Si, sei o que é, señora Prado, sei o que é.

A señora PRADO CORES: Pero eu podo expresar...

O señor PRESIDENTE: Pero non referíndose á Cámara. Non me gusta esa expresión.

A señora PRADO CORES: Bueno, por favor.

O señor PRESIDENTE: Ben, non, vostede xa me entende. Pero queda retirada.

A señora PRADO CORES: Bueno, o Partido Popular, os deputados e deputadas do Partido Popular, sabendo que a súa

actuación e a súa votación estaban a supoñer dano e estaban a impedir que as persoas afectadas recibiran medicamentos, votaron igualmente en contra, votaron en contra. E o Goberno do Partido Popular, consciente do que estaba a facer, seguiu para adiante facendo oídos xordos e mirando para outro lado. Iso é facer dano sabendo que se está facendo dano e sabendo que o que están facendo ten consecuencias.

Porque as votacións deste Parlamento teñen consecuencias e os actos do Goberno teñen consecuencias. E as consecuencias é que había persoas enfermas, as consecuencias é que había tratamento para curalas, e a realidade é que habendo persoas enfermas e tratamento para curalas imposibilitaron que esas persoas recibiran o tratamento en tempo e forma. Iso é ser conscientes de que están imprimindo dano, e fíxérono á mantenta. É así, está nas hemerotecas, está nas sesións deste Parlamento.

Porque a este Parlamento trouxéronse iniciativas demandando solucións, demandando actuacións, demandando que este Parlamento lle exixira ao Goberno que actuara. Este grupo parlamentario que eu represento, o Bloque Nacionalista Galego, trouxo aquí a instancias da Plataforma de Afectados pola Hepatite C unha iniciativa que dicía: O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a hepatite C se dispensen nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrito polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde de xeito inmediato, a súa prescrición. É dicir, que puideran prescribir os especialistas e, feita esa prescrición, puideran recibir o tratamento. ¿Que fixo o Partido Popular, as señorías, deputados e deputadas do Partido Popular? Votaron en contra.

Señor conselleiro, non veña vostede hoxe aquí dicir que se fixo todo correctamente e que eran exclusivamente criterios médicos. Non, foron criterios políticos os que vostedes estableceron para recortar medicamentos, e despois converteron eses criterios políticos en criterios médicos. Foi ao revés, un criterio político establecido polos responsables políticos, que é o Partido Popular, e logo trasladáronllo a unha comisión para que os efectivizara. Esa foi a realidade dos feitos. Insisto: non hai máis que ir ás hemerotecas.

E, por moito que se esforcen, o relato que queren construír é mentira, é unha enorme mentira. Deixaron morrer persoas por razóns económicas. Denúnciamolo alto e claro neste

Parlamento, denunciárono os afectados e as afectadas na rúa, e agora é a instancia xudicial quen o ratifica. Vostedes non quixeron asumir responsabilidades políticas, seguen sen asumir responsabilidades políticas. Bueno, cando menos, pois igual terán que asumir as responsabilidades xudiciais, porque agora teñen que poñerse diante do espello das consecuencias das súas decisións. E o espello é que por primeira vez no Estado español se inicia un procedemento penal contra unha Administración sanitaria; un procedemento penal por posibles delitos de homicidio por imprudencia grave profesional e prevaricación.

E que di a Fiscalía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, parece que vostede nega insistentemente, léollo textualmente, iso é o que pon a Fiscalía textualmente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, é o que di aquí textualmente; si, sabe que é así, sabe que é textual. E di que formula a expresa denuncia contra Félix Rubial, director de Asistencia Sanitaria, e Carolina González, como subdirectora xeral de Farmacia. Dous cargos da Xunta, dous cargos de confianza, dous cargos políticos nomeados a dedo polo Partido Popular que foron os executores.

Pero os executores da decisión política tomada, empezando por Núñez Feijóo, seguindo pola anterior conselleira, e vostede hoxe aquí, que vén defender o que lle contaron, señor conselleiro; vostede vén aquí hoxe quitar peito do que lle contaron porque nin sequera vostede estaba alí. Quita peito e segue defendendo. Nin sequera ten a valentía, o primeiro que tiña que facer era pedirllas responsabilidades e cesar os responsables, por un mínimo de decencia. Mais non, persisten no erro e persisten en dicir que o fixeron todo ben, cando é... É dicir, todo o mundo, segundo vostedes está equivocado: Colexio Médico de Pontevedra, profesionais individualmente, profesionais agrupados, doentes, a cidadanía, as organizacións políticas... É dicir, todo o mundo está equivocado menos o Partido Popular.

Eu insístolle en que o relato que pretenden construír é falso, a realidade é que o Partido Popular o que fixo foi mercantilizar a saúde dos galegos e das galegas, que morreron persoas como consecuencia da súa política criminal –dito neste momento pola Fiscalía–, e son homes e mulleres con nomes e apelidos que, efectivamente, cando en febreiro do ano pasado eu, desde esta tribuna, defendía que por favor saca-

ran esas descrições e deran os medicamentos, facía referencia a que os afectados pola hepatite C que estaban na tribuna estaban de loito porque acababa de morrer unha das compoñentes da plataforma. Porque as súas políticas teñen consecuencias, nomes e apelidos: Jesús, David, Isolina, Félix, José Ramón, María Xosé, José Emilio, e Benigno non, afortunadamente, porque se saltaron ese protocolo que vostede dixo aquí que nunca se saltou, e que a Fiscalía di que si, que por instancia da doutora que levaba este paciente, que remitiu cartas directamente, saltaron o protocolo e esta persoa salvouse, igual que se podían ter salvado as outras se vostedes non fixeran esas restricións brutais.

As declaracións feitas polo presidente da Xunta, feitas por vostede, señor conselleiro, só poden recibir o cualificativo de deleznable. Diante dunha situación como esta, onde morreron persoas, vostedes atrévense a dicir que non é lóxico establecer ningún vínculo, que a relación causa-efecto non está determinada. Vostede dá a impresión, por ser suave, de que considera que son danos colaterais amortizables. Dá a impresión, co seu discurso, de que esas mortes son danos colaterais amortizables na súa estratexia de entregar nichos de negocio a empresas privadas e de non atender a saúde dos galegos e das galegas.

E as persoas, os galegos e as galegas, non son danos colaterais, non hai ningunha morte que fora evitable e que sexa un dano colateral. Estas mortes non foron accidentes. Porque un accidente é cando algo non se pode evitar. Cando algo é imprevisto e non se pode evitar é un accidente, pero isto era evitable; era evitable porque vostedes foron advertidos –insisto– por terra, mar e aire.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Neste Parlamento, na rúa, no Congreso dos Deputados, por todo tipo de asociacións e todo tipo de profesionais e non quixeron escoitar. Non quixeron escoitar, e eu lamento que hoxe aquí, diante de quen xa non é a oposición que usa demagoxicamente esta tribuna para atacar o Partido Popular, senón que xa é instancia xudicial os que din que vostedes tiveron unha actuación criminal con posible consecuencia de morte, que diante desa actuación nin sequera un mínimo arrepentimento, nin sequera un mínimo atisbo de pedir desculpas e dicir non imos seguir por esta senda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Reafirmanse, o cal, insisto, mostra a catadura moral...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...de vostede e do seu Goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, non é o momento de vir informar a esta Cámara sobre as persoas que están tomando o tratamento para a hepatite C en Galicia, non. Sobre o que nos ten que informar vostede a nós, a esta Cámara, e por suposto a toda a cidadanía galega, é sobre as persoas que morreron pola hepatite C en Galicia sen recibir o tratamento. O que nos ten que explicar o Goberno da Xunta é como xestionaron o acceso aos novos fármacos para a hepatite C, antes de que no mes de abril de 2015, o ministerio, por fin, aprobara o Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema Nacional de Saúde. Por certo, grazas á gran presión social e política que se fixo nese momento.

Señor Almuíña, que razón tiña o seu amigo, aquel amigo que cando vostede tomou posesión lle escribía unha carta nun xornal e lle recomendaba que non aceptara unha Consellería de Sanidade destrozada simplemente para salvarlle a cara a Feijóo, porque el non o merecía. E mire que pronto o comprobamos, hoxe déixao a vostede o señor Feijóo aos pés dos cabalos.

E que razón tiña eu cando lle dicía que mercara vostede un traxe de bombeiro, porque a súa xestión na consellería ía consistir en apagar lumes. Pero, sobre todo, señorías, quen tiña razón era a cidadanía galega, que baixo o paraugas da Asociación de Enfermos de Hepatite C –aos que saúdo con moito cariño– lle pedían nesta mesma Cámara, ao seu presi-

dente, ao señor Feijóo, o tratamento, porque era unha cuestión de vida ou morte. E, ¿saben vostedes o único que conseguiron do seu presidente e desta Cámara eses doentes afectados pola hepatite C? Pois que o Partido Popular os botara fóra. Espero que hoxe non pase o mesmo.

Señorías, efectivamente, estamos ante o asunto máis grave ao que nunca tivo que enfrontarse un Goberno da Xunta. Estamos ante a primeira causa penal que se abre en España contra unha Administración pública por dilacións na aplicación dun tratamento médico, a pesar de estar indicado polos especialistas e de axustarse, exactamente, ao protocolo establecido por esa mesma Administración.

Ante iso, vostede vén aquí tan tranquilo a dar a cara con mentiras, con inexactitudes; francamente, ou non se entera vostede ou é vostede un temerario. Pero teña coidado, señor conselleiro, porque vostede neste asunto aínda toca de ouvido, pero pode acabar sendo cómplice se persiste vostede nesa defensa tan decidida que está a facer dunha actuación que a Fiscalía cualifica —e leo textualmente— de posible homicidio imprudente e de prevaricación con resultado de morte.

Entérese, señor conselleiro, vostede e esta bancada, porque é a xustiza, non son eu, non é o meu grupo, é a xustiza quen sospeita que a mala actuación da consellería puido provocar o falecemento de varias persoas. Que non sabemos, señor Almuíña, se ían morrer ou non. O que si sabemos, o que si desgraciadamente sabemos, é que morreron sen recibir o tratamento que precisaban, iso si que o sabemos.

Por certo, parece que as mortes —esas que di vostede que manipulamos— e as denuncias teñen servido para algo, colleiron vostedes medo. Si, medo, non é que se solidaricen e que sintan algo por esas familias e por esas xentes, non, senón por vostedes mesmos. Colleron medo e por fin vanlles dar o tratamento aos reclusos, porque lles recordo que aquí en Galicia os presos e as presas galegas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, os presos e as presas galegas non estaban sendo tratados. E, ¿sabe vostede por que? ¿Por criterios clínicos? Non, señor conselleiro, non, por criterios economicistas, porque non se poñían de acordo a Consellería de Sanidade e o Ministerio do Interior para saber quen ía pagar ese tratamento. Un erro dos que matan, señor conselleiro, dos que matan.

Mire, o Grupo Parlamentario Socialista, o meu grupo, xa no mes de xaneiro de 2014 preguntaba polos novos tratamentos nesta Cámara e, dende entón, presentamos máis de 20 iniciativas para tratar de trasladar a nosa preocupación ante o que sabíamos que estaba pasando. Pero o Partido Popular, como sempre, en posesión da verdade absoluta, e todo poderoso, foi rechazando todas elas, unha a unha, todas esas reclamacións de tratamento e todas esas denuncias das demoras que se estaban a producir. Así que non poden negar vostedes que non estiveran advertidos, que non estiveran avisados. E hoxe queren nos facer crer que o Goberno Feijóo fixo o traballo moi ben, fixoo todo moi ben, e vostede, que era como tiña que facerse.

Pero imos ver, pero ata aí podíamos chegar, oia, señor conselleiro, as persoas faleceron, unhas sen tratamento, outras porque o tratamento lles chegou tarde, ¿quere vostede outra proba máis clara de que as cousas se fixeron mal e moi mal? Pois mire, se quere vostede outra proba clara de que as cousas se fixeron moi mal, aí ten a denuncia da Fiscalía. Unha denuncia que acusa a membros dun goberno dun posible delito de homicidio por imprudencia; si a Fiscalía recólle así, e vostede seguro que o sabe.

E non pense vostede que pode vir aquí e tapar as mortes e calar a Fiscalía con números falseados, con desculpas inútiles e con datas. Oia, díganlles vostedes aos membros da plataforma que a media de espera era de 13 días. ¿De verdade que se atreve vostede a dicirlles iso a esas persoas? ¿Que as respostas á media era de 13 días?

Fala vostede de criterios clínicos, pero, oia, se foron os médicos deses pacientes os que foron á Fiscalía a denunciar esta situación, si, eses médicos que coñecían perfectamente a situación clínica, e coñecían que esa situación clínica se axustaba perfectamente ao protocolo. Pero se quere falamos, ao mellor non é este o sitio nin o momento, pero se quere falamos deses criterios clínicos, deses criterios clínicos tan restritivos, e de como, ademais, os ían vostedes modificando cada pouco co único obxectivo, señor Almuíña, de retardar o acceso á medicación.

Falan vostedes de que trataron o 99 % dos doentes, pero, ¿cando?, ¿cando, señor Almuíña? En febreiro de 2015 os propios colexios médicos e os profesionais denunciaban que eses criterios clínicos de Galicia eran tan restritivos que dei-

xaban fóra do tratamento a maioría dos doentes graves. Pero, ¿de onde sacan logo vostedes o 99 % de doentes tratados?

Tamén falan vostedes de que gastaron 75 millóns de euros, pero imos ver, non nos dan os datos, coma sempre. Pero os datos que dan vostedes, sesgados, están en torno a 2.000 pacientes tratados, unhas 2.000 persoas, ¿vale?, a unha media de 13.000 euros. É verdade que algúns tratamentos nun primeiro momento foron máis caros, pero outros seguro que foron máis baratos, sobre todo os que chegaron tarde. Mire, isto suporía 26 millóns de euros, exactamente un terzo, un terzo do que di o señor Feijóo que se gastou.

Pero a maior mentira, señor Almuíña, é negar os criterios economicistas, talvez é que non coñece vostede o contido da denuncia da Fiscalía. Precisamente nela pódese ler. E vou llo ler para que vexa textualmente o que se pode ler aí.

Mire, di claramente que en lugar de ter facilitado unha vía para a compra deses fármacos, o señor Feijóo decidiu desprazar ese gasto ao orzamento do ano seguinte, aínda a sabendas de que o laboratorio, sen dotación presupostaria e sen posibilidades certas de cobrar, non ía servir o fármaco. Insisto, isto non o digo eu, dío o auto.

Mire, señor conselleiro, a verdade é que o señor Feijóo para aforrarse os cartos deses tratamentos montou unha subcomisión de afíns, que lle confeccionaron un protocolo cuns criterios clínicos moi restritivos, a sabendas de que se a eses enfermos tan graves se lles aplicaban demoras administrativas, a medicación en moitos casos ía chegar tarde. Dilataron o procedemento e aforraron vostedes os cartos, e todo iso pensado e premeditado, como demostra o feito de que o Goberno non establecera, sequera, señor Almuíña, unha fórmula contable, rápida e segura para adquirir e pagar eses fármacos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor conselleiro –remato–, vostede é aquí a voz do seu amo, como por certo son tamén a voz do seu amo eses cargos do Goberno que hoxe están acusados, pero o responsable político destas mortes e de todo este asunto tan grave é o señor Feijóo. E, precisamente, ao señor Feijóo, ao presidente, é a quen lle exiximos responsabilidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

Quería, en primeiro lugar, expresar a solidariedade, o respecto e a comprensión dos deputados e deputadas do Grupo Popular con todos os enfermos de hepatite C e os familiares dos doentes falecidos.

Eu, como médico con moitos anos de experiencia, coñezo ben o sufrimento que producen as enfermidades crónicas nos afectados e nos seus achegados. Enfermidades cunha deterioración progresiva, moitas veces con poucas posibilidades de tratamento ou mellora, como ocorreu desgraciadamente coa hepatite C ata datas moi recentes.

Pero, desde logo, ningún respecto a nivel persoal para a xente que insulta, ameaza ou fai públicos datos, fotos e nomes de persoas para tratar de coaccionalas nun escrache moral inaceptable. Dubido que a maioría das persoas enfermas compartan e aproben estas actitudes.

Tampouco son quen de entender a actitude dos grupos da oposición, capaces de utilizar a enfermos, familiares e falecidos como ferramenta para intentar gañar unhas eleccións. É certo que non debería sorprendeme, pois nunha das miñas primeiras intervencións na Comisión de Sanidade deste Parlamento tiveron que escoitar como se relacionaba o falecemento dunha persoa maior no hospital de Vigo cos recortes do Goberno. O grave é que esa asociación causa-efecto tan mesquiña a facía unha persoa profesional, que coñece amplamente a atención primaria e os servizos de urxencias.

E neste punto teño que dicir, novamente, que dende o Grupo Parlamentario Popular nos parece intolerable a actitude dos grupos da oposición atribuindo mortos ao presidente da Xunta ou ao conselleiro con base nun probable ou discutible fallo ou erro do Sergas.

Señoras e señores da oposición, rigor, e seriedade é o que lles pedimos desde as nosas bancadas, pensamos que a cuestión o merece.

Queremos agradecerlle, señor conselleiro, a súa presenza neste hemicycle e a inmediatez coa que comparece vostede no Parlamento de Galicia, a pesar das toneladas de demagogia, insultos e falsidades que vimos de escoitar. Comparece para falar dunha enfermidade crónica, grave, de descubrimento recente e imposible de diagnosticar ata o ano 1989, para a que afortunadamente se teñen producido avances de tratamento nestes últimos tres ou catro anos.

Quería facer fincapé tamén na importancia do diagnóstico precoz. Coñecer a enfermidade, canto antes mellor, permite que o enfermo se coide e evitar o avance e as complicacións da enfermidade. Hai que evitar o consumo de alcohol, o sobrepeso e certas comidas, facer exercicio e dieta sa. Todo iso pode atrasar a evolución ou evitar a aparición das complicacións da infección polo virus da hepatite C. Unha enfermidade que mataba dunha maneira lenta, conducindo, nunha porcentaxe de casos, á cirrose hepática ou ao cancro de fígado.

E é aquí onde eu quero poñer en valor unha realidade que non escoito nin leo nos medios de comunicación a persoas asiduas a estes debates ou entrevistas; desde logo, case sempre as mesmas persoas.

O tratamento contra a hepatite C ten como obxectivo principal a curación da infección, como vostede ben manifestou. Agora ben, non sempre é posible actuar sobre as complicacións derivadas da propia infección polo virus. Isto do que estou a falar explicáboo dun xeito moi claro un hepatólogo dun hospital público na radio, en Radio Coruña, Cadena Ser, en febreiro do pasado ano.

Nun programa con representantes da Plataforma de Enfermos e, incluso, un profesional da Asociación para a Defensa da Sanidade Pública, que non foron quen de rebater unha soa verba deste profesional especialista. Incluso o representante da asociación que plantexou a demanda evitou entrar en debate co doutor, como fixo de novo o pasado domingo noutro programa da mesma emisora.

Dicía sobre isto: *“Podrá parecer duro y hay que entenderlo como médico, una cosa es el virus de la hepatitis C y otra la*

hepatopatía. A un paciente que tiene descompensación de su hepatopatía, que tiene varices esofágicas, que tiene ascitis o que tiene una infección de líquido ascítico, y que está en una situación de gran deterioro de su función hepatocelular, el tratamiento, sea el que sea, no le va a mejorar su situación. Porque aunque en esas fases tan avanzadas se elimine el virus de la hepatitis C, no se elimina la hepatopatía.

Creo que no es decir de una forma correcta y exacta que las personas que están esperando por el tratamiento se pueden morir en una, o dos o tres semanas por una demora en la adjudicación o en el inicio del tratamiento. Vuelvo a insistir que muchas veces está motivado por los propios laboratorios cuando dan esta medicación en uso expandido.” Febreiro do ano 2015.

E na súa experiencia persoal, nos doentes que tivo libres de interferón, 35 naquela data, todos os tratamentos –dixo el– foron aprobados no prazo dun mes.

Antonte mesmo, outra vez na Cadena Ser, este profesional de recoñecido prestixio e ampla experiencia confirmaba ter tratados entre o 1 de xaneiro do ano 2015 e o 31 de xaneiro do ano 2015 un total de 54 pacientes –falamos antes do plan–, cun tempo medio de autorización de 22 días.

Afirmou tamén: *“Me consta que los profesionales que estaban y están en esa comisión discutían las indicaciones y gracias a ellas algunas se han podido modificar.”*

Presentouse, efectivamente... Bueno, ten claro, señor conselleiro, que non todos os profesionais opinan o mesmo, nin os profesionais sosteñen tampouco afirmacións dalgúns voceiros.

Presentouse, efectivamente, unha denuncia na Fiscalía, unha denuncia na que agora se persoa como asociación particular a Plataforma de Enfermos e a Asociación de Consumidores de Galicia. Repito, unha denuncia dunha asociación de médicos.

Podemos falar dos novos fármacos, falabamos de boceprevir, telaprevir e simeprevir, que se autorizaron no ano 2015, por exemplo os dous primeiros deixaron de utilizarse e o simeprevir houbo que paralo porque houbo unha alerta da FDA e da Axencia Europea do Medicamento para prohibir a

súa utilización en enfermos con cirrose descompensada. Eu creo que ese é xa un motivo para ter que cambiar o protocolo dos enfermos.

O sofosbuvir xa non se utilizou no 25 % dos enfermos tratados no plan, xa se utilizaron medicamentos de mellor resultado e con menos efectos secundarios.

Como poderán ver, señorías, as modificacións das guías e das pautas de tratamento son constantes en períodos moi curtos de tempo. Xa falou da comisión e da subcomisión, non imos falar diso.

No que se refire ao tratamento co Sovaldi, hai que distinguir tres datas. O 13 de xaneiro do ano 2014 apróbbase pola Axencia Europea do Medicamento. Ata ese momento só se podía utilizar como uso compasivo e sería de balde, pero, parece ser, por novas que eu teño, que Gilead se negou a facilitalo nesas datas.

A partir da aprobación tense que acadar como medicamento estranxeiro, por suposto cun custo e con trámites burocráticos dificultosos. O primeiro de novembro do ano 2014 é cando se aproba pola Axencia Española do Medicamento. Dende ese día ata a aprobación do plan pódese prescribir, pero sempre seguindo os criterios da Administración pautados polas guías de posicionamento do ministerio, e en Galicia coa autorización da subcomisión onde se comproba que se cumpren os criterios, que existe seguridade na súa administración e a equidade do acceso ao tratamento para todos os enfermos das distintas áreas.

Dun total de 1.150 casos avaliados pola subcomisión aprobáronse 1.137, o que fai difícil argumentar que os tratamentos se denegaban por motivos orzamentarios. Dos 13 rexeitados, 10 incluían interferón.

Xa me dirán vostedes, señorías da oposición, que grao de aforro representa non autorizar un 1 % dos tratamentos solicitados por non axustarse a criterios clínicos ou por problemas de efectos secundarios ou incompatibilidades con medicacións que podería tomar o enfermo. Dende logo, parece dificilmente defendible afirmar que esta comisión actuase con criterios orzamentarios.

Afirmou tamén vostede, e non temos por que dubidalo, señor conselleiro, que os casos aos que se refire a denuncia

foron analizados de xeito anónimo, avaliados caso a caso, verificando que se cumprían os criterios, e todos eles autorizados.

Desde o primeiro de abril hai un plan estratéxico a nivel do Estado. Ese plan estratéxico conta cun sistema de rexistro para o seguimento e control da efectividade e dos problemas cos novos tratamentos, datos que se remiten ao ministerio a Madrid.

Un total de 2.722 persoas enfermas de hepatite C iniciaron o tratamento da súa doenza desde o inicio do plan, un 87 % dos pacientes candidatos a tratamento en Galicia neste momento. No total tratáronse en Galicia preto de 4.000 enfermos de hepatite C. É unha das comunidades, Galicia, que ten unhas taxas máis altas de utilización dos novos medicamentos en relación coa poboación moito por riba do Estado. O gasto total no ano 2015, como xa dixo o conselleiro, superou os 77 millóns de euros.

Penso que todas estas cifras teñen que facer reflexionar aos deputados e deputadas das bancadas da oposición, e tamén ás persoas que se dedican a negalas, unha evidencia difícil de rebater.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): A verdade é que levo en política case trece anos, estiven en diferentes plenos, e nunca tiven tal número de insultos. Non sei se porque non hai razoamento e cando non hai razoamento chega o insulto. *(Aplausos.)*

Miren, eu veño falar de datos, de realidade e, desde logo, vou seguir niso.

Diciamos que hai unha actuación previa á posta en marcha do plan e outra posterior. Quería tamén comentar como foi esta posta en marcha.

Refírese á elaboración e posta en marcha deste plan estratéxico a nivel nacional, que foi un proceso consensuado, coa

experiencia previa das comunidades autónomas, e Galicia, concretamente, como contei anteriormente, tiña unha experiencia organizativa moi importante que aportou. Pero no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, celebrado o 14 de xaneiro de 2015, adoptouse, por unanimidade de todas as comunidades autónomas, as dezasete decidiron que era moi importante a elaboración deste plan estratéxico a nivel nacional para abordar a enfermidade da hepatite C.

Así mesmo, aprobouse nese consello interterritorial a comisión encargada de elaborar esa estratexia, dirixida polo prestixioso profesor Rodés, e que se encargou tamén de actualizar os criterios técnicos que en cada caso se deben aplicar de acordo coas dispoñibilidades terapéuticas e as evidencias científicas para tratamento destes pacientes, tendo ademais en conta, como xa dixen, que incluso entón, nese ano 2015, estaba previsto a inclusión de máis novos fármacos no arsenal terapéutico existente.

Unha vez en vigor, desde o pasado 1 de abril de 2015, o Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no Sistema Nacional de Saúde, Galicia asumiu diligentemente este dito protocolo. E como modo de exemplo, no momento que se implantou Galicia foi a única comunidade que desde o primeiro día tiña á disposición dos profesionais un sistema de rexistro que permitise coñecer a efectividade dos novos tratamentos, denominado Vixía HC. Un elemento fundamental para o control posterior, o rexistro, e ter todos os datos epidemiolóxicos necesarios para saber exactamente en que consiste a actividade e a eficacia, da que falarei despois, deste plan.

A partir dese momento a Subcomisión de Tratamento para a hepatite C deixa de avaliar as solicitudes de tratamento, xa que queda a criterio clínico do prescriptor, dentro do marco establecido no plan, a prescrición das alternativas terapéuticas contidas no mesmo. Por tanto, a dita subcomisión transfórmase nunha comisión técnica asesora para a implantación do Plan estratéxico do virus da hepatite C.

As medidas adoptadas polo Sergas comezaron xa antes da implantación do propio plan, incluíndo aprobar a inclusión nas guías farmacoterapéuticas dos novos medicamentos dispoñibles para o tratamento da hepatite C e a actualización dos criterios de uso dos medicamentos xa incluídos:

acceso dos profesionais encargados do tratamento da hepatite C, a plataforma de rexistro de tratamentos e efectividade da hepatite C, que denominamos Vixía, e a reunión con asociacións de pacientes para recoller as súas inquedanzas ou dúbidas ao borrador do plan, concretamente a Asociación Galega de Hemofilia, Asociación de Transplantes de Galicia “Airiños”, e a Plataforma de Afectados pola Hepatite C.

O obxectivo do plan é claro: diminuír a morbimortalidade causada polo virus da hepatite C na poboación española, abordando eficientemente a prevención, o diagnóstico, o tratamento e o seguimento dos pacientes. Vai, pois, máis alá incluso do mero acceso aos tratamentos. Comprende catro liñas estratéxicas: unha, cuantificar a magnitude do problema, describir as características epidemiolóxicas dos pacientes con infección por hepatite C e establecer as medidas de prevención. Dúas, definir os criterios científico-clínicos que permitan establecer a adecuada estratexia terapéutica, priorizando o uso de antivirais de acción directa para o tratamento da hepatite C no Sistema Nacional de Salud e as terapias libres de interferón. Tres, establecer mecanismos de coordinación para implementar adecuadamente a estratexia para a abordaxe da hepatite C. E, por último, catro, fomentar o avance no coñecemento da prevención, diagnóstico e tratamento da hepatite C no Sistema Nacional de Salud, mediante a actuación en I+D+i.

Convén engadir que Galicia forma parte do Comité Institucional do Plan encargado de analizar e propoñer as liñas de acción para desenvolver nas comunidades autónomas, seguindo as liñas do plan.

Aí, señora Solla, é onde naceu xa tamén o criterio de empezar polas F4 e F3, os pacientes máis graves, cun criterio fundamentalmente, que era o que establecía xa a comisión galega, de que a evolución da hepatite C é unha evolución lenta, e loxicamente os profesionais, non os políticos, crían que era mellor empezar por aqueles que eran máis graves, que estaban máis próximos a un posible falecemento. Por iso é o criterio que vostede antes dicía que era inadecuado.

Iniciouse o tratamento a 2.722 pacientes, que foron 1.859 homes e 863 mulleres. A estes habería que sumar os 1.137 tratados antes do plan, resultando en total 3.859 tratados xa, como tal, o 87,41 % dos pacientes asignados ao plan estatal.

O 92,98 % levan tres grupos de tratamentos, os máis utilizados: o Harvoni; o Viekirax-Exviera (dasabuvir); e outro grupo o sofosbuvir máis daclatasvir.

E creo que é un dato fundamental e moi importante que imos engadir hoxe aquí, a efectividade do tratamento. Agora mesmo, a 31 de marzo, avaliados xa despois de pasar as semanas correspondentes, unha vez finalizado o tratamento, hai 1.149 pacientes que xa teñen sido reavaliados e deles o 94,87 %, é dicir, case o 95 %, está curado, non ten virus no sangue, o que para nós é o dato máis importante que se pode aportar; é dicir, hai tratamentos novos e tratamentos que curan.

Os pacientes que faltarían por tratar serían os F0-F1, que neste tempo progresaban, os de estado de fibrose F2-F4 e aqueles dos de 1917 que tiñan un diferente estado de fibrose, non definida e que imos ir reavaliando.

Galicia é nestes momentos unha das comunidades que maiores taxas ten de utilización dos novos medicamentos en relación coa súa poboación. Nos datos do Ministerio de Sanidade, o número de envases consumidos neste último ano dos novos medicamentos para a hepatitis C é de 42,35 por dez mil habitantes, cando a media do Sistema Nacional de Saúde é 29,27; corenta e dous contra vinte e nove. Galicia atópase trece puntos por riba da media do Sistema Nacional de Saúde.

En 2015 Galicia foi a sexta comunidade que máis investiu per cápita: 28,3 fronte a outras que gastaron en torno a 10,6. O incremento do gasto en farmacia hospitalaria en 2015 foi do 8 %, e do 43 % se incluímos o de hepatitis C. No Congreso Internacional –e creo que este é un dato recente, moi recente, dun congreso internacional de hepatoloxía realizado en Barcelona nas últimas semanas– acreditouse que España en 2015 foi o sexto país do mundo e o primeiro de Europa en número de pacientes tratados da hepatitis C; números absolutos, non taxas, números absolutos. (*Aplausos.*)

Como digo, sexto do mundo. Por certo, tamén me resulta curioso –pero valóroo– que desde a oposición falen da sanidade americana, dicindo que fai un cribado especial. É certo que Estados Unidos é a número un en tratar pacientes –número de pacientes totais– pero, como teño que recordar –e creo que hai que recordar na Cámara–, o financiamento

non é exactamente como o noso; evidentemente, aquí é un financiamento público. E dicir que este dato ten maior importancia a nivel internacional, porque dos trinta países do mundo que teñen entre todos o 80 % dos casos –ou sexa, trinta países teñen o 80 % dos casos de pacientes con hepatitis C– España está no número 28. Sexto en tratar pacientes e vinte e oito en incidencia da enfermidade.

As condicións de financiamento –que creo que a señora Solla ten un pequeno lío que vou tentar explicarlle– dos novos medicamentos incluídos no Plan fan que sexa necesario establecer procedementos de conciliación con laboratorios titulares; unha negociación que non se fixo só a nivel autonómico, fíxose a nivel estatal e incluso europeo, de cara a que nos devolvan parte do importe consumido, xa que o custo medio de tratamento por paciente vai descendendo conforme aumenta o número de pacientes tratados, chamado custo por tramo-paciente, por iso non lle saen os números á señora Solla. Tamén o custo do tratamento é o mesmo con independencia da duración do tratamento; o tratamento pode durar doce ou vinte e catro semanas, tres ou seis envases. Chámaselle a isto *capping*: o custo do tratamento é exactamente igual, independentemente do número de envases e do tempo que se tarde en dalo.

E no 2015 dous medicamentos acadaron o teito de gasto nacional. O ministerio pon un teito de gasto a nivel nacional e, sobrepasado ese teito, o laboratorio ten que aboar o que pase do mesmo; co cal, evidentemente, hai unha diminución importante do custo inicial que se prevía para este tipo de tratamentos. Pero a día de hoxe, o 2015, a Xunta de Galicia investiu, como digo –non gastou–, máis de 77 millóns de euros no tratamento dos pacientes con hepatitis C.

Quero poñer en valor estas cifras, estes case 78 millóns de euros; datos obxectivos en contra da tese de que se denegaron tratamento por motivos orzamentarios. Teño facturas aí que poden indicar, as que queiran consultar sen ningún tipo de problema, porque o último que nos quedaba era dubidar de que a Xunta de Galicia pague as facturas.

En relación coa forma de contratación, que tamén sae en momentos determinados, débese sinalar que a tramitación dun expediente de contratación polo trámite ordinario ten un prazo estimado de cinco meses para a adxudicación de contrato e iso, desde logo, se non hai recursos. Pero é que, ade-

mais, estes tratamentos son tratamentos únicos, son tratamentos en que non hai competencia e, polo tanto, non se poden adjudicar como un contrato público aberto. En calquera caso, había, evidentemente, de ser así, unha demora que estes pacientes non podían asumir.

Os tratamentos, como digo, teñen uns laboratorios, os seus fármacos concretos, e non os teñen a competencia. En consecuencia –e isto ten relación co escrito da Fiscalía–, non é necesario tramitar un procedemento de contratación antes de iniciar concurso público, xa que se trata de adquisicións por especificidade técnica. Desta maneira, nos centros do Sergas poden dispoñer da medicación necesaria para cada paciente nun tempo moi moi curto.

A situación que temos vivido e que xestionamos partía dunha realidade que a ninguén nos gusta, nin a vostedes, que a negaron no seu momento, nin, obviamente, a nós; unha intensa crise económica que atravesamos dende hai anos e que repercutiu de forma inevitable no sistema de financiamento autonómico. É un escenario no que os ingresos baixaron de maneira drástica e en consecuencia os fondos, pero non en sanidade. En sanidade non foi así; en sanidade preservouse o tratamento e, como dicía anteriormente (*Aplausos.*), o déficit da sanidade é o déficit da Xunta de Galicia.

Enfrontamos un desafío difícil de xestionar pero, pese a todo, como indicamos coas cifras tanto a nivel nacional como a nivel mundial, estamos a desenvolver un traballo que, desde logo, se merecen os nosos cidadáns.

Estes principios sobre os que asenta o sistema sanitario non cambian nada de nada: universalidade, gratuidade, equidade, calidade e respecto cara ao traballo dos profesionais sanitarios. Quero pensar que todos compartimos e defendemos estes principios; trátase de algo moi importante como premisa, pois é unha responsabilidade conxunta de todos os que traballamos por e para a sanidade pública. Polo tanto, pído-lles que nos axuden e arrimen o ombreiro tamén vostedes para defendelos conxuntamente. Asegúrolles que esta actitude é moito máis útil e produtiva que a súa continua e infundada acusación de que nós non os defendemos. E nisto, como en tantas outras cousas, é mellor sumar que restar.

Pese á evidente dificultade e aos posibles erros que puidésemos cometer durante o proceso, afrontámolo con solvencia

e lográmolos grazas ao esforzo dos profesionais e xestores que traballan na sanidade pública galega e ás medidas impulsadas pola consellería en xeral e polo goberno da Xunta en particular. O feito de que a porcentaxe de orzamento destinada a sanidade ascendera ata máis do 40 % do total da Xunta de Galicia é o mellor indicador deste compromiso co sistema sanitario público.

Quérolles lembrar tamén que en 2015 Galicia destinou 1.241 euros por habitante á sanidade pública, por riba da media nacional española, nunha clasificación que pecha a Comunidade Autónoma de Andalucía con 998 euros por habitante, un 20 % menos ca nós. Comunidade, por certo, gobernada por un partido que pretende darnos a todos os demais leccións no que se refire a inversión social e sanitaria.

Eses son os feitos. Creo que deixan bastante claro quen se preocupa de verdade pola sostibilidade, pola calidade e polo futuro da sanidade pública.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Abrimos un turno de aclaracións. Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señor Almuíña, menudo problema que temos neste país; eu acabo de dar-me conta. Os pacientes non saían para pedir a medicación, é que neste país temos o vicio de pasear en grupos grandes gritando polas rúas; non para reclamar nada, é simplemente por tocarlle as narices ao Goberno. Non sabemos que facer. E os enfermos de hepatite C, aínda que un dos seus síntomas é o cansazo, saían todos os días a manifestarse por aí, de paseo; viñeron ao Parlamento montar aquí un lío. Vicio, por vicio, porque o Goberno estaba facendo o que tiña que facer. Tiñan a medicación a disposición deles pero non a ían recoller, viñan aquí montar o lío, andaban pola rúa montando lío e pasaban polas farmacias sen facer nin caso, e polos hospitais. Pero, bueno, ¡isto é unha tomadura de pelo!

¿Como pode dicir iso aquí? ¿Como pode dicir iso en sede parlamentaria? Se recibiron o medicamento –os que chegaron a recibilo–, foi porque montaron un auténtico lío, unha auténtica protesta social, porque mobilizaron toda a socieda-

de, porque o seu problema chegou a todos os ámbitos e porque o trouxeron aquí. E aquí recibiron o que recibiron: recibiron o peche de porta, recibiron que o Partido Popular votara non darlles a medicación. ¡Iso foi votado neste parlamento! Pedíasilles medicación para todos aqueles e aquelas pacientes de hepatite C que estaban dentro dos parámetros, e que estaba solicitada polos seus médicos. A eses son aos que se lles denegou a medicación. Non falamos de casos con outras complicacións de saúde que impedían ou non aconsellaban o tratamento, falamos daqueles pacientes que tiñan o tratamento aconsellado polos seus médicos, reclamado máis dunha vez.

Onte nun medio de comunicación saía un paciente que levaba desde o ano 2013 esperando pola mediación e déronlla en 2015, cando estaba a punto dun segundo transplante. Polo tanto, é mentira que se dera desde o primeiro momento; empezouse a dar cando se empezou a dar e grazas a que os propios pacientes se mobilizaron.

E vostede di que nunca na súa vida política escoitou tantos insultos. Eu tampouco escoitei nunca ningún conselleiro –e mire que eu os teño escoitado aquí veces– entrar como entrou vostede, como un elefante nunha cacharrería, repartindo *a diestro y siniestro* contra os pacientes e contra todos os médicos e todo o persoal sanitario que defendía e estaba receitando eses medicamentos. Moito respecto ao persoal sanitario, pero despois vostedes son os primeiros en non facerlles caso e en non atender as súas reclamacións e as súas necesidades.

Di que non sempre é posible eliminar o virus, pero o certo é que votedes esperaban e as ordes eran para os pacientes que estaban en peor situación, os que estaban xa transplantados, próximos ao transplante. Porque vostedes, cando falan de 77 millóns de euros que se gastaron en medicación en Galicia e de que Galicia é a gran pioneira de todo, non computan aí; ¿canto aforraron en transplantes?, ¿cantas medicacións anti-rechazo?, ¿canto noutros tratamentos? E ¿canto custou a dor e o sufrimento deses pacientes durante meses, sen saber se ían recibir a medicación para poder seguir vivindo ou se estaban condenados a morte? O único que saben é que, cando viñeron aquí ao Parlamento galego, o que recibiron foi unha sentenza de morte; e que, por sorte, e porque eles seguiron pelexando e non se quedaron con esa sentenza de morte, conseguiron a súa medicación.

Vostedes aprobaron a orde, deron a orde cando pulsaron o botón para que Ruibal e González fixeran o que fixeron. Polo tanto, eu só espero que o día que saia esa sentenza –que espero que sexa condenatoria, porque non pode ser que ningún quede impune por condenar a morte, por omisión de tratamento–, despois teñamos tamén responsabilidades políticas, porque vostedes son responsables de todo isto. Pero tamén é indignante que, ademais, se estea anunciando que o señor Feijóo mañá comparecerá para falar do tratamento da hepatite C. ¡Mentira! Vén contestar as preguntas –o presidente– que lle fai a oposición e en tres minutos vai liquidar todo un problema; en tres minutos vai liquidar as seis mortes que están en xuízo e moitas outras máis que seguramente nin sabemos, porque a xente normalmente non reclama. E aí é onde vostedes fan o seu forte.

Señor conselleiro, non ten vostede ningún tipo de xustificación; as mortes consentidas non teñen xustificación; a inacción por cuestión económica non ten xustificación. E eu dicíalle o de Estados Unidos non por poñer o sistema sanitario de Estados Unidos como exemplo, senón porque si hai un exemplo de como administrar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...esta situación a través dun criterio preventivo. Hai un número de pacientes que pasaron polos hospitais cando aínda non estaba a detección nas transfusións de sangue e nas intervencións cirúrxicas e todos os pacientes sen facerlles unha análise de sangue. ¿Canto custa unha análise de sangue, señor conselleiro? Para min, desde logo, moito menos que unha vida; non sei para vostede.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, señor Centeno, a verdade é que lle tocou un papel difícil e probablemente de avogado do diaño. Foi bastante curioso escoitalos aos dous nas intervencións, porque entraron en contradicións todo o tempo, e foi, a verdade, bastan-

te... Se non fora un tema tan grave, sería como unha traxicomedia.

Eu non escoitei a ninguén dicir aquí que o tratamento vírico mudaba as secuelas previas nin as varices esofáxicas. Dígame, por favor, o día e en que debate, porque eu non llo escoitei a ninguén.

Vostedes suelen utilizar demagoxicamente os argumentos ofrecidos por persoas. É vostede bastante valente, hai persoas da plataforma arriba e quizás vostede lles queira dicir iso que nos trasladou aquí, das cousas que din nos debates da Ser.

Pero curar a infección impide o progreso da enfermidade, así que, efectivamente, pode salvar a vida de persoas, e os datos que se dan de curación son referentes á carga vírica dos pacientes despois do tratamento. Vostede dixo aquí que non se curaban, e o conselleiro dixo uns minutos despois que, efectivamente, se curaban. Non se puxeron de acordo antes de vir, ¡é unha lástima!

É moi interesante, señor conselleiro, que fale vostede da efectividade. (*Murmurios.*) Non se poñan nerviosos... Non vimos falar da efectividade, pero poderíamos. Sería produtivo que nos dese os datos, e que nos dese os datos referentes tamén aos pacientes tratados, sobre todo aos pacientes e ás pacientes tratadas entre novembro do 2014 e o 1 de abril de 2015, que foi, efectivamente, cando entrou o Plan estratéxico. Eu facía referencia aos criterios iniciais porque nese momento eran tan restritivos que practicamente ningunha persoa, salvo que estivera nunhas condicións xa moi malas de saúde, accedía aos tratamentos. Falaba de F4, con situación xa de clínica extrahepática, e de algúns F3, pero que tiñan que estar xa transplantados; non falamos de persoas que estaban agardando un transplante.

Nese momento, practicamente non se trataba a ninguén. E despois, cando entraron os novos criterios, foi cando, a pesar de que os profesionais prescribían tal e como dicía a subcomisión, eses tratamentos non se estaban a dar ao ritmo que deberían. E iso é, precisamente, o que motiva a denuncia que hoxe estamos a debater aquí, que está en Fiscalía. E recordo que é o que estamos a debater. A petición de comparecencia é para iso, vostede mesmo a leu.

Está moi ben que nos fale da clínica, pero se quere temos un día outra comparecencia para que nos explique as recomendacións dietéticas para as persoas enfermas de hepatitis C.

Sen embargo, aquí estamos falando dunha cousa moi grave. Vostede non nos aclarou aquí, realmente, por que a día de hoxe estas persoas seguen sen dimitir; por que a día de hoxe estas persoas seguen sen ser cesadas a pesar de que están imputadas. Non me respostou canto vale para vostede unha vida.

E eu dígolle que, referente ao custo, estaría tamén ben que vostede me aclarase por que o señor Montoro falaba de déficit cando o señor Alonso, a principios de 2015, nos dicía que era un crédito fantástico, brando, sen ningún tipo de interese, e que ademais non ía computar para o cálculo do déficit.

É bastante curioso –vostedes entran en contradición continuamente– que vostede remate a súa intervención precisamente facendo referencia ao difícil momento económico e a que non houbo recortes en materia sanitaria, cando, precisamente, vostede afirmou todo o tempo, e o Partido Popular afirmou todo o tempo, que os criterios non eran económicos. Vostede se contradí, ou polo menos non utiliza ben o seu argumento, igual non preparou adecuadamente a intervención. Porque, precisamente, dende a entrada do señor Feijóo, sufrimos en termos nominais un recorte de 276 millóns de euros en sanidade, ¡só en sanidade!, que se multiplica cando falamos de todo o investimento social.

Hai que aumentar ademais, obviamente, o recorte a nivel ministerial, incluso en termos nominais, e poderíamos falar aquí dos compromisos de pago que temos adquiridos ata o 2020, por exemplo, polo seu fantástico hospital privado de Vigo.

Pero agora estamos falando da hepatitis C, da imputación deses cargos da súa consellería e de que vai facer vostede. E pedinlle por favor que aclarase por que o día 19 dixo vostede que non tiña coñecemento desta imputación, cando o xulgado emitiu a comunicación o día 12 do mesmo mes.

Pregúntome tamén, unha vez máis –dígame vostede–, cantos milleiros de persoas foron tratadas, segundo vostedes, con tanto investimento, e por favor, se mo pode especificar

nese prazo, ata o primeiro de abril do 2015, que é cando entrou en vigor o Plan estratéxico.

Bueno, non teño máis tempo, señor conselleiro. Vostede considera que eu teño un pequeno lío. Eu considero que vostede e o señor candidato ausente están nun gran lío, e ímolo ver patente o día 12 de maio nas rúas de Vigo.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: A pesar de datos e máis datos que poñemos aquí, nesta tribuna, e –insisto– hemerotecas máis que suficientes, temos que volver escoitar en boca do voceiro de sanidade do Partido Popular que diga aquí que é intolerable a actitude dos grupos da oposición de acusar o conselleiro ou o presidente das mortes dos doentes.

Xa llo dixen antes, non o fai o BNG nin o fan os outros grupos da oposición, é que neste momento o fai a Fiscalía, que acusa a dous altos cargos como responsables directos. Dous altos cargos de libre designación, dous altos cargos políticos. Non son técnicos, son cargos políticos. Son directores xerais e subdirectores, que son cargos políticos, nomeados dun xeito discrecional polos responsables superiores.

E cando resulta que nos encontramos con declaracións de que a Xunta reitera o apoio aos cargos investigados e respecta as críticas dos doentes, pero dubida do seu fundamento, é dicir, dubida do que din os doentes, dubida do que di... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, isto é a hemeroteca, señor conselleiro. Eu lamento que lle fastidie tanto que se recollan as palabras que vostedes din. Claro, dinas, e os medios teñen o costume de logo reflectilas, ¡que se lle vai facer! E como están reflectidas, pois podemos traelas aquí para que non digan que nolo estamos inventando. ¡É que están recollidas nos medios de comunicación! Están recollidas nos medios de comunicación.

Cando vostedes reafirman que todo estivo ben feito, o que me gustaría saber é, se como teñen emprazado dende a Asociación de afectados pola hepatitis, vinculan a súa perma-

nencia no Goberno ao resultado da vía xudicial con estes altos cargos. Se vostedes os defenden e din que estaba todo ben feito, porque, efectivamente, vostedes foron... Vostede non estaba, pero como asume toda a herdanza da Consellería que representa e vén aquí sacar peito, empezando polo presidente e seguindo por vostede... Se defenden e asumen que todo estaba ben feito e que estas persoas acusadas directamente pola Fiscalía dunha actuación como a que estamos aquí denunciando... Se vostedes din que estaba ben feito, que vostedes asumen esa responsabilidade, e se o resultado da vía penal é que se verifican os cargos dos que se acusa, vostedes terán que asumir algunha responsabilidade. As políticas xa deixaron claro que non van asumir ningunha.

Vostede dixo hoxe aquí –¡é que non vou ter tempo!– toda unha serie de cuestións que me gustaría ter tempo para ir desmontándoas.

Primeiro, non actuaron dilixentemente. Foi en xaneiro de 2014 cando a Axencia Europea do Medicamento autorizou o Sovaldi, e o Plan estratéxico entrou en vigor o 1 de abril do ano seguinte, bastante máis dun ano despois. Estamos falando de doentes quen non podían esperar, que non podían esperar, e verificouse e estase verificando que non podían esperar.

Despois de que a ex ministra tamén anunciara no verán do 2014 que xa era inmediato, despois de que foi inmediato, pois non o foi, e tivo que haber miles de persoas nas rúas e presión institucional insistente para que reaccionaran. Non por vontade propia, non pensando nos doentes, ata que viron que realmente ían ter consecuencias as actuacións que estaban facendo, non reaccionaron. Ata que viron que ían ter consecuencias porque xa era un clamor na rúa o que estaban facendo. ¡Ata ese momento non reaccionaron!

Dixenllo antes e insisto: queren reconstruír a historia, queren reinventar, reescribir a historia, construír un relato, pero non é certo. Non é certo o relato que vostede quere vir manter aquí hoxe. Igual que non é certo que foran criterios terapéuticos, xa llo dixen antes. Carta do Colexio Médico de Pontevedra, cartas dos profesionais, asociación de afectados: criterios políticos convertidos en criterios terapéuticos.

Mire, léolle titulares: “Na miña vida de médico vin algo tan vil.” Isto dío un profesional, non o di a deputada do Bloque Nacionalista Galego. Dío un profesional. Eses profesionais

que vostedes din aquí que son os que garanten. Dío un, outros din cousas similares: “Deixáronse morrer enfermos por razóns económicas moi graves, e os culpables deben pagar.”

Eu, se queren, xa que vostedes parece que non teñen interese, léolles as cartas, léolles as cartas do Colexio de Médicos de Pontevedra, onde din: “Se non recibimos tratamento, estes doentes van morrer.” Léolles as cartas dos profesionais, profesionais que non acaban de chegar. Estamos falando de profesionais experimentados, señor Núñez Centeno, ¡experimentados! Son xefes de servizo, xefes de servizo do CHUS e dos outros hospitais, non son recién chegados. Entón, non pretendan vostedes botar balóns fóra dicindo que estamos aquí inventando unha situación que non é real.

Míre: “Como responsable de transplantes hepáticos do CHUS de Compostela, eu e mais o meu equipo viamos que aos enfermos graves que viñan para transplante ou estaban en lista de espera non se lles estaba administrando en tempo e forma a medicación axeitada. Fixemos varias reclamacións e seguimos a vía normal e ordinaria, pero chegou un momento no que o atraso era tal que as consecuencias eran a morte dos doentes. Presentamos a denuncia porque nos morrían os doentes.”

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Iso dino os profesionais.

Vou rematar aquí: “Presentamos a denuncia porque nos morrían os doentes”. E diante desta situación, vostede teoricamente viña comparece aquí para dar conta desta actuación da Fiscalía, desta actuación xudicial, e lonxe de dar conta disto, lonxe do máis mínimo xesto...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...cara ás persoas vítimas das súas actuacións, seguen a reincidir e insistir en que o fixeron ben.

Lamentablemente, non habrá tempo para que a vía xudicial remate antes de que vostedes abandonen a Xunta de Galiza, pero, dende logo, lamentablemente, as súas consecuencias xa non teñen remedio para moita xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, ¿atrévase vostede a contarlles todos eses éxitos ás familias das persoas falecidas? ¿Atrévase?

Míre, un consello, déixese de mentiras e de desculpas inútiles. Pida vostede perdón, rectifique e dígallo ao señor presidente que veña explicarse, pois é el o auténtico responsable deste asunto de tanta gravidade. Asunto tan grave que exige explicacións ao primeiro nivel e que exige ceses.

Señor Almuíña, a señora Mosquera xa foi cesada, así que... prepárese vostede.

E ¿sabe por que este asunto é tan grave? Precisamente polo que vostede dixo aquí, porque eses novos fármacos curaban. ¡Curaban, señor conselleiro, díxoo vostede aquí! E vostedes negáronllos a uns doentes para os que os reclamaban os seus médicos, e eses doentes faleceron. E, ao mesmo tempo, o señor presidente ausente presumía e poñíase medallas, para desembarcar en Madrid, de que tiña aforrado 78 millóns de euros.

Ademais teño que dicirlle que non son insultos. Nós aquí hoxe non falamos de insultos, señor conselleiro. Hoxe do que estamos a falar é de denuncias, e non do Grupo Parlamentar Socialista, que tamén, senón de denuncias da Fiscalía. E vólvolle ler o texto exacto dese auto: “Atraso inxustificable, dilatando a toma de decisións e a posta en marcha dos mecanismos de contratación e financiamento na compra da medicación, infrinxindo os compromisos establecidos.” E máis Fiscalía: “Os atrasos nas peticións obedeceron a razóns de tipo presupostario do Sergas, non foron de contido médico ou clínico”.

E precisamente por todo isto, señor conselleiro, a Fiscalía ve indicios de delito de homicidios por imprudencia grave profesional e prevaricación e inicia unha investigación. E disto é do que lle estamos a falar hoxe nesta Cámara.

Por certo, señor conselleiro, díganos se tamén foron criterios clínicos os que aconsellaron darlle a medicación a ese doen-

te de Lugo sen pasar pola subcomisión. Os criterios clínicos cumprianos –sábeo vostede tan ben coma min– todos os doentes que chegaban a esa subcomisión, pero resulta que a Consellería se comportaba como se fora Deus, e dicía: a ti concédocho, e vives; a ti non cho concedo, e morres. ¡Algo intolerable! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, e agora pretenden vostedes tapar todo isto contando aquí mentiras e trampeando as datas das tramitacións no xulgado, mentres o Grupo Parlamentario Popular aplaude entusiasmado. Eu me pregunto que aplauden, ¿o delito, señor conselleiro? Claro que é o grupo parlamentar dun presidente que nos recrimina que lle estropeamos a festa que tiña preparada en Madrid falándolle duns homicidios. Total, ¡por dúas mortes de nada...!

É o mesmo grupo do cal o seu voceiro acúsanos aos partidos da oposición –labor de vixilancia e de control– de usar as mortes e a dor das persoas. ¡É o colmo! ¡É que non teño palabras! ¡É o colmo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, señora deputada, quen causa a dor é quen aplica os recortes que provocan a morte, non quen os denuncia (*Murmurios.*), non quen os denuncia.

Mire, por ética, por moral, por un mínimo, mínimo, de honradez, deberían de recoñecer vostedes a verdade. E a verdade non é outra que que os criterios clínicos que utilizou a subcomisión galega foron excesivamente restritivos e que ademais foron cambiantes. E que ademais todo iso se fixo cunha finalidade (*Murmurios.*), a de dilatar, a de ganar tempo, mentres negociaban mellores prezos coa industria farmacéutica. E fôiselles a man con resultado de morte, esa é a auténtica verdade. (*Murmurios.*)

Claro que a estas alturas, e vendo a actitude dalgunhas deputadas por se nos quedaba algunha dúbida, a estas alturas xa coñecemos a ética e a moral que amosa un Partido Popular decrépito (*Murmurios.*) e cheo de corrupción, señorías. (*Murmurios.*) Pero esta é a máis grave e a máis dolorosa. Deberían –insisto– de ter un mínimo de decencia para pedir-lles perdón a esas familias...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...para rectificar, para explicarse e para exixir responsabilidades. Lamentablemente, nin iso son capaces vostedes de facer.

Boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

O primeiro que quero aclarar é que en marzo do ano 2015 se debateu aquí unha proposición, efectivamente, do Grupo de AGE, á que nós presentamos unha emenda que dicía: “Que se establezan os mecanismos necesarios para garantir os recursos económicos precisos para tratar os pacientes afectados pola hepatite crónica e polo virus da hepatite C. Que se garanta o tratamento cos novos antivirais de acción directa a todos os pacientes, baseándose estritamente en criterios clínicos e baixo a indicación e seguimento de profesionais con experiencia no manexo de dita enfermidade”. E vostedes non aceptaron a emenda. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Nós en ningún caso votamos para que non se lles puxera o tratamento aos enfermos, en ningún caso. ¡Iso é mentira, absolutamente mentira!

Se quere falar vostede de sanidade venezolana, señora Solla, non ten máis que ver no periódico –non debe ler *La Voz de Galicia*, se non, non creo que se atrevera– (*Murmurios.*) a reportaxe de *La Voz de Galicia* deste domingo. Aí ten vostede as realidades e as miserias das súas políticas. Teno aí ben claro e ben explicadiño. (*Murmurios.*)

Por outra parte, a subcomisión... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non, non, non lle interesa e cambiou de tema... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Si, si, si.

O señor PRESIDENTE: Respecto para quen está no uso da palabra como se respectou a quen interveu anteriormente. Por favor, silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Por outra parte, os membros da subcomisión agora resulta que son defendidos publicamente por voceiros da plataforma. Agora a culpa é do señor Feijóo, parece que se acercan as eleccións.

Desde logo, hai unha serie de cuestións que son difíciles de entender. ¿Por que se produciu esta reacción contra a consellería no caso desta enfermidade en Galicia e non noutras comunidades autónomas do Estado cun gasto por habitante moi inferior ao de Galicia? ¿Será pola mesma razón que só había plataformas para a meninxite B en Galicia, cando hai catro comunidades autónomas con moita máis incidencia e moita máis mortalidade que a galega? ¿Por que había tanto interese na utilización masiva de Sovaldi, cando era un medicamento moi recente, con pouca experiencia, aprobado pola Axencia Española en novembro de 2014 (*Murmurios.*) e que se pretendía vender daquela a 90.000 euros tratamento? A nós acúsannos de defender as farmacéuticas. Se as defendéramos, vendíase a 90.000 euros, e creo que non se fixo, ¿non? (*Murmurios.*) ¿Tería algo que ver neste caso a inminente aparición no mercado de novos produtos máis efectivos e cun custo máis baixo? Eu son preguntas que deixo no aire, cuxa resposta é posible que algún día saibamos.

Agora sábese todo. Ata asociacións xusticeiras moi afamadas están nestes días na boca de todos nós, e nos medios de comunicación, ao coñecerse os intereses espurios e as prácticas delituosas que presuntamente realizaban. (*Murmurios.*)

Con respecto ao informe da Fiscalía, a min resúltame sorprendente e difícil de entender... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Eu non falei de ninguén máis. Eu falo de Manos Limpas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Non. (*Murmurios.*) Non, non, un momentíño. (*Murmurios.*) Silencio, por favor.

Respectemos a quen está no uso da palabra como se fixo anteriormente. (*Murmurios.*) Isto de interromper non procede. (*Murmurios.*) ¡Silencio! (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Sánchez, silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ¿Podo seguir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Está o tempo parado.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Por certo, o informe da Fiscalía di unha cousa e a acusación da Fiscalía... En ningún caso se dixo que o xulgado non admitiu esa denuncia por homicidio. Iso tamén parece que se oculta deliberadamente.

Eu nunca crin, en 35 anos de profesión, que se puidera pensar que un profesional sanitario comete actos conscientes e intencionados para causar dano ou morte a persoas. Desde logo, indígname e sorpréndeme esa acusación. (*Aplausos.*) Nós podemos equivocarnos... (*Aplausos.*), podemos actuar con impericia, con imprudencia, incluso con negligencia; pero eu non podo crer que ningún profesional sexa quen de tomar unha decisión consciente e intencionada –repito– para prexudicar a saúde e causar a morte dunha persoa. (*Murmurios.*)

Eu podería entender que houbera erros na tramitación administrativa dos procedementos, falamos de 1.150 expedientes avaliados pola subcomisión. Sería posible, aínda que non desexable, e incluso podería xerar algún tipo de actuación xudicial. A consellería e os investigados négano, e eu non teño por que dubidar deles. Desde logo, nós respectamos a presunción de inocencia, e dáme a sensación de que vostedes non. Irán declarar pasadomañá e confiamos en que este tema se aclare rapidamente. (*Murmurios.*)

Se revisan vostedes o informe do fiscal, polo menos en tres casos que aparecen nese informe –que son oito, e agora parece que son seis–, en tres dos casos o medicamento adminístrouse ou autorizouse en menos de dous meses, que era o que pedían os protocolos. E falar do tema da retención do crédito do pago, eu non son economista, pero explicou o conselleiro que sería moito máis lento facer un concurso, que non se pode facer porque hai un único medicamento de cada tipo.

A min, desde que empezamos a falar deste tema, vénme á cabeza a canción Galicia caníbal, dos Resentidos. Dáme a sensación de que detrás desta denuncia hai un certo grao de resentimento e de que se está a producir un intento de canibalismo político, tentando devorar a persoas con cargos públicos. A actual xerente da EOXI de Vigo e do Hospital

Cunqueiro, que está a facer un labor encomiable poñendo en funcionamento un novo e grande hospital con moi bos resultados. *(Murmurios.)* Por elevación, ao novo conselleiro de Sanidade, persoa eficiente e con boa relación cos distintos colectivos da sanidade pública galega. E, por suposto, ao presidente Feijóo, para socavar a súa figura diante das próximas eleccións autonómicas. *(Murmurios.)* Parece que a decisión do presidente de volver presentarse fixo moito dano nas bancadas da oposición. *(Murmurios.)*

Remato como comecei, señor conselleiro, máximo respecto, solidariedade e comprensión cos enfermos e coas súas familias. *(Murmurios.)* Son realmente os que o merecen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Pecha a comparecencia o señor conselleiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):

Quero rematar como empecei, e as miñas palabras eran precisamente tratar co máximo respecto os enfermos e as súas familias, que son os que sufriron as situacións e séguenas sufrindo. Nós, desde logo, respectámoslos profundamente e seguiremos traballando para que as situacións de padecemento por enfermidades en Galicia sexan o menor posible. *(Aplausos.)*

Pero tamén cremos na xustiza, e cremos que, desde logo, teñen que falar as persoas investigadas e dar os razoamentos. A señora Solla se pregunta se foi o día 18 ou o día 11. O que dixen era a verdade, pero, desgraciadamente, coñeciase ese auto desde tres meses antes sen que eles tiveran coñecemento do mesmo. É así, pero de verdade cremos na xustiza profundamente.

Os membros da subcomisión foron oito profesionais de recoñecido prestixio, non amigos de ninguén, como cualificaron xentes da oposición. Comités de afíns non, persoas de recoñecido prestixio que, a diferenza doutros, si deron tratamentos a pacientes de hepatite C e que coñecen perfecta-

mente cada un dos problemas que teñen os pacientes na enfermidade e tamén os efectos secundarios que teñen eses fármacos. E alí estiveron traballando, fóra dos seus horarios laborais, para que a universalidade, a equidade e, sobre todo, a seguridade dos pacientes galegos fora a mellor posible. Por iso creo que vale un recoñecemento para eles.

Tamén dicir que se nomea en repetidas ocasións o Colexio Médico de Pontevedra. Eu son colexiado de Pontevedra, e nesta ocasión non estou de acordo coa carta que enviou, en febreiro do 2015, o secretario xeral ao entón director xeral de Asistencia Sanitaria, que dicía: “En Galicia se están aplicando criterios restrictivos que son los mismos establecidos por el Ministerio de Sanidad. Los mismos que los que ha dictado el Ministerio de Sanidad. Pero diferentes a los que, por ejemplo, aplica la Comunidad Autónoma de Cataluña, lo que, a su vez rompe el criterio de equidad dentro del Sistema Nacional de Salud.” Este es un párrafo leído textual, porque aquí se daba el titular pero no se leía.

E eu digo que creo que está equivocado. Primeiro, recoñece que Galicia cumpre cos protocolos do ministerio. Creo que iso é positivo, non sei se é negativo. Para min é positivo, porque demostramos que cos criterios do ministerio, e con toda a implicación das comunidades autónomas, somos o sexto país do mundo, e o primeiro de Europa, en tratar pacientes con hepatite C. Pero ademais di que Cataluña o está facendo mellor que Galicia, e creo que é un erro, porque a inversión per capita en hepatite C en Galicia é de 28,03 euros, e en Cataluña é de 21,7 euros menos. E en relación poboación-inversión, Galicia 116,35, Cataluña, 87,6. Polo tanto, creo que non é nin comparable a actitude da Comunidade Autónoma galega coa catalá.

Por iso digo que eu creo que hai que debater con datos e non con insultos. Teño aquí o número de insultos que nos dirixiron a esta bancada. *(Murmurios.)* Non, téñoos, pódoos dicir todos. Si, téñoos anotados porque, a verdade –como digo–, é unha ristra sen final. *(Risos.)* Pero o importante, e o que temos que explicar... indecente, desprezo, temerario, psicópata, medo, bombeiro, deleznable, criminal... *(Murmurios.)* Todo isto saíu aquí. *(Murmurios.)* Pero nós imos *(Interrupcións.)* ao que lles interesa aos pacientes, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e digo que os datos están aquí. Galicia é nestes momentos unha das comunidades que maiores taxas ten de utilización dos novos medicamentos en

relación coa súa poboación. Como sinali na primeira intervención, conforme ao Ministerio de Sanidade, neste último ano, o número de envases dos novos fármacos para hepatite C é de 42,35 por 10.000 habitantes na nosa comunidade, mentres que a media é de 29,27; estamos, pois, 13 puntos por encima da media nacional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tratáronse... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...en Galicia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...cerca de 4.000 pacientes... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Losada.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...desde o ano 2012 ata a actualidade, ata o 31 de marzo; 1.137 con anterioridade á aprobación do Plan estratéxico de abordaxe da hepatite C, ata abril do 2015; e 2.722, dende o 1 de abril a 31 de marzo de 2016, que temos os últimos datos. Hai quen, falando á lixeira, puxo en dúbida estes números. É habitual que, cando se facilitan datos que poden cualificarse de bos, a única argumentación sexa dicir que están manipulados. A realidade é que para o seguimento destes tratamentos existe unha aplicación informática, un rexistro, dende o que se facilitan os datos ao Ministerio de Sanidade, e que os datos se recollen polos profesionais no momento en que os prescriben. Polo tanto, trátase de datos oficiais, verificables e obtidos desde unha aplicación que é cuberta polos profesionais médicos.

O segundo feito é cómo se tomaban as decisións de tratamento. Pois ben, todas as decisións que se tomaban, ou que se toman, no caso do tratamento da hepatite C son puramente clínicas, non decisións desde o punto de vista orzamentario, como se ten pretendido por algúns. As cifras son claras, non se pode soste que se rexeiten por motivos orzamentarios cando é certo que a inmensa maioría se acepta.

Señora Prado, vostede en sede parlamentaria díxome, con ocasión da vacinación da meninxite B, que non me puxera detrás dos clínicos, que a decisión da vacinación era política e que tiña que tomar esa decisión. E agora di que nós tomamos decisións políticas. Pois non, señora Prado, nós non tomamos decisións políticas, foron decisións éticas e clínicas. Nós si aplicamos iso. Se gobernan vostedes algunha vez, seguramente os criterios variarán.

Repito, señorías, as decisións sobre o tratamento que hai que seguir son fixadas polos facultativos do Sergas e de acordo cos criterios clínicos. Desde que se aprobou o Plan estratéxico, directamente; e antes, coa autorización da subcomisión da hepatite C. Esta subcomisión está formada por profesionais dos hospitais do Sergas, cinco médicos e un farmacéutico, que se atopan entre os mellores expertos de Galicia no tratamento desta enfermidade. Entre as súas funcións atopábase a de establecer recomendacións do emprego comúns para os medicamentos utilizados na hepatite C e facer un seguimento dos tratamentos instaurados a partir de información obxectiva e independente e no marco das recomendacións do emprego que se establecen ao respecto no ámbito do Sistema Nacional de Saúde; é dicir, tratar de garantir a equidade e a seguridade nestes tratamentos. As súas decisións estaban baseadas en criterios clínicos e non noutro tipo de motivos. Os expedientes que se levaban a esta subcomisión facíanse de xeito anonimizado, sen coñecer datos do doente pero tampouco do hospital de orixe ou do profesional que propón o tratamento.

Lémbrolles o dato: desde o inicio do seu funcionamento, a subcomisión avaliou favorablemente 1.137 tratamentos. Quero destacar de novo que todos os casos recollidos na denuncia da Fiscalía foron autorizados pola subcomisión. Unicamente rexeitaron, das 1.150, 13 solicitudes, o 1,1 %; e, delas, 10 correspondían a tratamentos que incorporaban interferón, que é un medicamento que ten producido efectos adversos en bastantes ocasións, foi a primeira fase do tratamento, como dicíamos, entre os lonxanos xa 2009 e 2012.

A tramitación dos expedientes na subcomisión era moi rápida, cuns períodos de resposta de entre cinco e quince días; con axilidade, salvo, como dicía, nun caso, no que houbo que facer unha reavaliación por efectos secundarios graves que podían carrear a ese paciente.

En canto á denuncia obxecto de debate, teño que dicir e manifestar o meu maior respecto pola xustiza, pero tamén pola profesionalidade e honorabilidade destes profesionais, e dicir que o que van declarar no próximo xoves vai ser por un delito de prevaricación administrativa, non por homicidio imprudente, como a oposición non se cansa de repetir durante toda esta tarde. *(Murmurios.)*

Trátase de afrontar esta cuestión como o que é, un problema de saúde e non unha sorte de campo de batalla partidista. Pola nosa banda, continuaremos facendo o que consideramos máis oportuno. As persoas investigadas son dous excelentes profesionais que levan moitos anos traballando para mellorar a atención sanitaria que recibimos todos os galegos. Os nosos profesionais non tomaron ningunha decisión manifestamente inxusta e a sabendas. Os pacientes españois, en especial os galegos, de hepatite C e de calquera patoloxía poden estar tranquilos porque temos excelentes especialistas, os mellores tratamentos e a mellor organización. *(Aplausos.)*

E remato co dato que dei, por se non o entendeu a señora Solla. O 95 % dos pacientes tratados non teñen virus da hepatite C despois do período de repouso tras o tratamento, o 95 %. Evidentemente, as varices esofáxicas, a fibrose hepática e calquera outra complicación non a cura este tratamento.

Para nós, a curación, a eliminación do virus da hepatite C no 95 % dos pacientes é un éxito do sistema sanitario español e galego. E, de todas formas, seguiremos traballando, porque dentro das estratexias do Ministerio está tamén protocolizar a cribaxe. E, desde logo, a intención do sistema sanitario é erradicar este virus da nosa sociedade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(A señora Solla Fernández pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señora Solla? Estaba vostede no debate. Entón, ¿para que quere a palabra?

A señora Solla Fernández: Con base no artigo 76.1, para que o deputado señor Centeno retire as acusacións feitas

sobre os intereses espurios desta deputada, dos deputados da oposición ou mesmo de membros da Plataforma da Hepatite sobre intereses relacionados *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* coas farmacéuticas e a comparación con Mans Limpas. Exixo, por favor, que se retire do debate e, polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Creo que formou parte do debate pero non tiña esa repercusión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, non, non procede.

(Pausa.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Continuamos co pleno no punto 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo García García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación do punto 2.

Débese substituír o punto 2) da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“2) Ampliación dos contratos do persoal de Seaga para cubrir a parte de prevención en distintos meses dos de extinción, dentro da reorganización de todo o Servizo Prevención e Extinción de Incendios; eliminando o modelo de brigadas municipais, mantendo o seu carácter público e buscando a profesionalización e optimización do mesmo.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que un nunca deixa de sorprenderse do grao de discrecionalidade da Mesa deste Parlamento, que é capaz de permitirlle a un deputado que compare unha asociación de enfermos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Eu non rematei, eu sei o que digo e asumo o que digo. Pero quero dicir, se me deixades rematar, se non vos indignades tanto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non pasa nada, tranquilidade.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio.

E vaia á cuestión.

O señor FAJARDO RECOUSO: Eu non sei que vos pasa, pero vou ter que buscar unha vacina “antifajardo”, porque cada vez que subo a esta tribuna parece que vos entra un sarpullido nalgún sitio. (*Aplausos.*) ¿Deixádesme rematar? Porque xa que a dirección do Parlamento permite calquera cousa, sempre que o faga o Partido Popular, como agora...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Fajardo, estou permitindo que vostede interveña sen ter que ver co asunto da súa iniciativa, así que vaia á cuestión, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Pero ti non sabes como vou hilar co que estou a falar.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): “Ti” non, a Presidencia estalle dicindo que vaia á cuestión.

O señor FAJARDO RECOUSO: A presidenta da Cámara en funcións non sabe como vou continuar.

O único que digo é que neste momento un non deixa de sorprenderse de como algúns deputados fomos chamados á orde, expulsados, quitándonos o soldo quince días por cousas que absolutamente están dentro do debate político, asumibles, pero, en cambio, o Partido Popular si que pode acusar a unha asociación de enfermos de afectados por hepatite C de ser como Mans Limpas e aquí non pasa nada. É sim-

plemente unha denuncia que fago porque me parece unha dobre vara de medir absolutamente inaceptable. (*Aplausos.*) Absolutamente inaceptable. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A partir de aí (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

Continúe, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Non, para ser eu o maleducado, aquí escóitanse algunhas cousas que teñen narices. Con todo o aprecio para os que din ese tipo de cousas dende aí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Continúe, por favor, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Son vostedes moi do estilo de Andrea Fabra. Si, é certo, é certo.

Continúo. Nós traemos unha iniciativa que ten que ver cunha desas cousas que o Partido Popular di respectar pero logo non respecta, que é a lei; e de como a normativa laboral plantexa unha serie de cuestións que deben de ser respectadas, polo menos, por un goberno, pero que despois o Partido Popular nunca cumpre. E ten que ver coa situación laboral dos traballadores de Seaga, que, como vostedes saben, foi creada no ano 2006 para atender todo tipo de obras, traballos, actuacións e prestacións de servizos en relación coas materias forestais e, especialmente, coa prevención do lume. (*Murmurios.*)

Presidenta, é que non, non se pode...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Continúe vostede.

O señor FAJARDO RECOUSO: É que non hai forma de falar así con ese... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor, señora Oubiña.

O señor FAJARDO RECOUSO: Eu xa estaba con cinco chamadas á orde, pero aquí...

Intento continuar, se me permiten dende a alporizada banca-da do Partido Popular, que parece que non quere escoitar.

Continúo.

Diciamos que esta situación dos traballadores é certamente lamentable, e ten que ver coa falta de dereitos laborais, xa que é un colectivo de máis de 500 traballadores ao que a día de hoxe non se lle aplica ningún tipo de convenio colectivo e, polo tanto, teñen que apandar con condicións non só económicas senón laborais inferiores ás das que teñan traballadores do mesmo tipo de traballo. Incluso non se aplica aquela máxima de “ao mesmo traballo, o mesmo salario, e ao mesmo traballo, as mesmas condicións”, a respecto, por exemplo, dos traballadores directos das cuadrillas municipais ou da propia Xunta. E, polo tanto, nosoutros o que queremos é dignificar estes traballadores, porque a súa dignificación no seu posto de traballo significa tamén mellorar o servizo, pero sobre todo garantir a súa seguridade. Hai que ver, por exemplo, como estes traballadores, a través dunha normativa interna, son obrigados a traballar no mantemento oito horas e despois continuar a xornada catro horas máis no que é, digamos, o apagado de lumes.

Esta situación significa unha falta de frescura e de capacidade de reacción que pode provocar accidentes que son inaceptables nunha programación de xornada irregular que non debe permitirse por parte da Administración pública. Este protocolo obriga a simultanear estas tarefas de prevención e extinción poñendo en risco non só a súa seguridade, senón a daqueles que teñen que ser atendidos contra o lume.

Polo tanto, na nosa iniciativa plantexamos que teñen que ser recoñecidos os seus dereitos laborais e, polo tanto, aplicarse cando menos o V Convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia e, sobre todo, tratar de mellorar a súas condicións ao respecto da contratación. Tiveron que acudir á xustiza para que se lles recoñecese a cualificación de fixos discontinuos, que, como vostedes deben de saber, é un modelo de contratación que garante que unha persoa é fixa dunha empresa, neste caso de Seaga, pero que non ten que desenvolver todos os meses do ano o seu traballo, senón que ten que facelo cando é chamada a traballar.

O que pasa é que nese mesmo tipo de contratos a lexislación regula que esa chamada debe ser, cando menos, habitual, ten

que ser sempre, máis ou menos, no mesmo entorno de datas, cousa que neste caso non se permite, non é así. Non teñen nunca a seguridade de cando se vai facer ese chamamento. E, ademais, en moitos casos apenas chegan a tres meses ao ano, o que significa que estes traballadores que están obrigados a manter a súa relación laboral con Seaga –porque se non o fan, perderían, se hai un chamamento, a súa condición de fixos discontinuos– resulta que apenas traballan tres meses ao ano. E, polo tanto, cando deixan de traballar non teñen dereito á prestación por desemprego. Polo tanto, nós entendemos que o que temos que facer é incrementar os meses de traballo garantidos cada ano para que exista unha seguridade para estes traballadores á hora de manter as súas condicións de vida, seguramente no que ten que ver coa posibilidade de acceder, polo menos de forma continua, a unha prestación contributiva ou de nivel asistencial. E para iso sería bo –nós poñémolo na nosa iniciativa– que se incrementasen os contratos ata os nove meses. Pero estamos dispostos a aceptar unha transacción coa emenda que plantexa o Partido Socialista para que sexa digamos que unha duración máis alá dos tres meses habituais a día de hoxe pero que poida ser, dende logo, cercana aos nove meses, aínda que non teñan que ser exactamente eses nove meses.

Polo tanto, do que estamos a falar é de dignificar un colectivo de traballadores que está sendo seriamente afectado por unha política do Partido Popular que pretende mudar ou expulsar estes traballadores a través de facerlles imposibles as súas condicións laborais para que isto se traslade ás patrullas, ás patrullas municipais, que, como sabemos todos, son utilizadas por parte do Partido Popular para o clientelismo político do alcalde de turno, que ten unha bolsa de emprego durante dous, tres, catro meses ao longo do ano para colocar os afíns no que son os labores de extinción, e eliminando, por exemplo, a capacidade de profesionalización e de continuidade de persoal absolutamente necesario e que, dende logo, debe ter unha capacitación. Cando, por exemplo, no último chamamento que se fixo o ano pasado se pedía expresamente que as persoas que acudisen a estas patrullas municipais non tivesen experiencia previa, o cal supón, dende logo, unha absoluta aberración en termos de seguridade e saúde no traballo e tamén de seguridade e saúde das persoas atendidas a través da extinción de lumes.

E unha das últimas cuestións que traemos é que se cumpra a lei. Unha vez máis temos que traer a pleno que o Partido

Popular cumpra a lei, en concreto a Lei 16/2010, do 17 de decembro, que na súa disposición transitoria sexta di dunha forma moi clara que se establece a partir do 2010 un período transitorio de dous anos para que a Xunta de Galicia negocie cos colectivos de persoal, cos representantes de persoal, destas empresas e da Xunta o seu acollemento ao convenio de persoal laboral da Xunta de Galicia e, polo tanto, equiparar as condicións laborais tanto salariais como contractuais e, sobre todo, de seguridade e saúde co persoal laboral da Xunta.

Isto foi no 2010, estamos xa no 2016 e vemos como, a pesar de terse superado xa os dous anos que se plantexaban de prazo para que isto se dera, non se deu nin sequera nin unha xuntanza para trasladar este colectivo ao que ten que ser unha normativa laboral que dea un mínimo de garantías.

Polo tanto, as nosas propostas son moi claras. Xa se trouxo a este Pleno nalgunha outra ocasión, xa se debateu en comisión, pero esperamos que neste momento o Partido Popular entenda que é o momento de cumprir a lei. Se o facemos agora, facémolo, ademais, porque moi pronto teremos que empezar a volver traer a este Pleno que se faga dunha forma rápida e áxil o chamamento para os seus traballadores. Non vale de nada chamar os traballadores que están pensados para mantemento e extinción no momento en que se producen os lumes, senón que ten que ser con moita antelación para que poidan facer ese traballo de prevención previo. Pero nosoutros non queremos que se comparta nos meses de xullo e agosto a prevención coa extinción, senón que poidan ser chamados a traballar con anterioridade para garantir que teñan máis meses de traballo e, sobre todo, para que cheguen con certa calidade ás tarefas de prevención e que, polo tanto, cando cheguen os meses de maior dificultade e de risco de lume a situación dos nosos montes sexa distinta.

Estamos ante unha reivindicación laboral xusta, estamos ante unha petición de que se recoñezan dereitos laborais e de que se faga unha equiparación dos traballadores, pero, sobre todo, de que se aplique o Estatuto dos traballadores, que, a pesar dos recortes, dos retallos do Partido Popular en contínuas reformas laborais, reconece a necesidade de que os traballadores teñan as mesmas percepcións salariais polo mesmo traballo, feito que non se dá nestes traballadores a respecto do persoal da Xunta, incluso das brigadas municipais.

Polo tanto, esperando que sexa apoiada polo grupo maioritario desta Cámara esta iniciativa, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor García, ten vostede a palabra.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Nós concordamos con esta iniciativa, como tamén así o temos manifestado xa en diversas ocasións tanto en pleno coma en comisión, unha iniciativa que recolle a demanda dos traballadores de Seaga; demandas, efectivamente, tan razoables e obvias como que se cumpra a lei, que se cumpra o convenio colectivo, aínda que na comisión xa nos acostumamos, incluso por responsables do Partido Popular e por voceiros do Partido Popular, a dicir que isto do convenio colectivo tampouco significaba nada. O recoñecemento do traballo realizado para despois optar ás prazas de contratación no servizo propio da Xunta de Galicia é verdade que de pouco lles vale, posto que esas prazas non se cobren ningún ano. E hai algo tan obvio como é separar temporalmente os labores de prevención coas de extinción. É dicir, ¿como imos facer prevención nos meses de xullo e agosto? Isto, que é tan razoable para calquera, para o Partido Popular e para o Goberno non é así e, polo tanto, coincidimos a grandes rasgos.

E concordamos –e eu centrareime na outra parte– non só porque sexa unha demanda xusta dos traballadores, senón que é imposible ou é inevitable abordar este problema que están a sufrir os traballadores de Seaga se non facemos referencia ao marco global da política de prevención e extinción de incendios levada a cabo por este goberno. E, polo tanto, nós manifestamos claramente que eses labores que o Seaga facía e que o Seaga demanda facer encaixan perfectamente nas políticas ou na filosofía ou modelo de prevención e extinción de incendios que o Partido Socialista comparte. E por iso, ademais, nese sentido concordamos coas demandas dos traballadores.

Isto é bastante sinxelo –dígoo para os que non estean tan metidos nos detalles–. O Partido Popular chega ao poder e toma a decisión política de desmantelar o servizo de preven-

ción e extinción de incendios, o modelo tal e como estaba concibido, e crear outro modelo distinto baseado en dúas cousas fundamentais: na creación das brigadas municipais e na privatización de determinados aspectos, como son as brigadas dos helicópteros, a través dunha empresa privada. Polo tanto, loxicamente como os recursos son limitados e os recursos son os que son, ten que desmantelar o modelo que existía. E esta é unha decisión política que o Partido Popular toma. Polo tanto, non podemos ter contratados, e por iso eu fago referencia a iso na emenda presentada –que supoño que lograremos unha transaccional, ou, dalgún xeito, reflectir iso–...; é dicir, no que non estamos ou o que se podería desprender, e por iso non queremos dar lugar a malas interpretacións, é que a iniciativa e os traballadores de Seaga o que piden é que todos os traballadores que estean contratados por Seaga pasen a estar tamén contratados nove meses. Isto é imposible e non ten sentido se non hai unha reorganización de todo o sistema e, dalgún xeito, se reorganice todo o sistema e toda a confluencia tanto do servizo propio como dos traballadores de Seaga como doutros dispositivos. E tampouco sen esa reorganización podemos dicir tan tajantemente –como se pode malinterpretar desa iniciativa– que teñan que ser os 300 ou os 400 ou os 500 traballadores na súa totalidade os que estean contratados en nove meses, ou en catro meses, ou en seis meses, ou en dous meses. É dicir, teremos que abordar esa reorganización para saber cantos traballadores precisamos, cun modelo, e ademais respectando... E por iso digo que encaixa perfectamente no que tamén temos manifestado aquí en moitísimas ocasións. Nós cremos nun modelo que ten que ser, primeiro, máis barato. Efectivamente, non só no modelo de prevención e extinción, senón noutros aspectos, como é o aluguer de medios ou como sobre outros determinados aspectos, este país –incluso aínda que seguisse gobernando o PP– non pode gastar 100 millóns de euros ao ano en apagar o lume. Polo tanto, temos que ir a un modelo máis sostible no tempo e que non sexa iso. Un modelo baseado na prevención –e nisto concordan as demandas do Seaga–; e, primeiro, como eixo fundamental desa prevención, na ocupación do territorio mediante a actividade agrícola, gandeira e forestal. Hai que investir máis nesa prevención activa que pasa por xerar actividade, e tamén contar ou complementar esa prevención cun servizo público –que aí é onde encaixan totalmente os traballos que fan os traballadores de Seaga–, público, centralizado e totalmente dependente da Consellería, ou da Xunta de Galicia. Polo tanto, que sexa máis eficiente e máis profesional.

E fálaos alguén que no primeiro ano, e así incluso temos tido debates con outros grupos da oposición, non se opuxo por sistema ás brigadas municipais.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Opúxose a partir do primeiro ano, cando se evidenciou e se puxo de manifesto claramente que para nada o servizo era máis eficiente e, sobre todo, que era moitísimo máis caro para os contribuíntes galegos.

Polo tanto, nese sentido vai a nosa emenda, supoño que poderemos arranxarnos. O único que queríamos deixar claro, porque pode malinterpretarse, é que isto non significa que, ademais dos que temos, teñamos que ter os traballadores de Tragsa nove meses contratados nese punto, senón que tería que ser dentro dunha reorganización de todo o sistema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor García.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Hai unhas semanas tivemos un gran despregamento de medios, cando a Xunta fixo a presentación dunha entrega dun número determinado de autobombas aos concellos e aos distritos forestais para contribuír a esta loita contra os incendios. Evidentemente, estamos xa en campaña desde hai bastante tempo. E esta achega de material non será polos anos e polas veces que se leva reivindicando máis medios para a prevención e a extinción de incendios e melloras para o persoal laboral. E a mellora do persoal laboral é o tema que nos trae: resolver o problema de Seaga.

A pesar de ser Seaga unha empresa pública –aínda que funciona como unha ETT dos incendios forestais da Administración– e de non existir diferenzas funcionais entre as brigadas contratadas directamente pola Consellería e as dependentes de Seaga, mantéñense as diferenzas en dereitos laborais que condenan o persoal de Seaga a unha precariedade laboral impropia dunha administración pública do século XXI.

Non é necesario xustificar o dereito dos traballadores e traballadoras de Seaga a que se aplique V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galiza, xa que están sometidos á normativa básica do Estatuto dos traballadores, o que significa unha clara discriminación en relación cos outros traballadores e traballadoras que prestan servizos para a Administración galega, xa sexa dunha forma directa ou a través de empresas privadas.

Por este motivo, débense convocar con carácter de urxencia as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregadas e Empregados Públicos para a aplicación deste V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galiza a esta empresa.

Ademais, débese ampliar a duración dos seus contratos ata nove meses –nós si consideramos que deben traballar os nove meses–, realizando tarefas de extinción durante o período de alto risco de incendios forestais e labores de prevención e todo tipo de traballos encomendados á empresa durante o resto do tempo de contrato.

E o de Seaga é escandaloso dentro do servizo, que a día de hoxe segue a contar con dispositivos totalmente fragmentados e cada vez máis privatizados e menos profesionalizados, cunha ausencia dun mando único e tamén cunha falta de coordinación que vai en detrimento da eficacia.

O recoñecemento do tempo traballado en Seaga no acceso ás listas de contratación da Xunta de Galiza, a experiencia neste traballo, consideramos que é fundamental, sobre todo polo risco e os coñecementos determinados que conleva. Pero só vemos a total desprofesionalización deste dispositivo, no que non se ten en conta a experiencia dos profesionais e das profesionais, e empréganse listados diferentes sen un criterio uniforme de selección. Non se mantén un persoal estable que garanta a profesionalización destes equipos.

As precarias condicións laborais poñen en perigo as súas vidas, con xornadas excesivas, ata a extenuación, maquinaria obsoleta, variables de temperatura, falta de medios materiais, como os EPI precisos para actuar fronte aos incendios e o seu correcto uso –incluso en meses como en agosto, que a Consellería non ofrece a todo o persoal–; ou medios obsoletos.

Cómpre a dotación para as traballadoras e traballadores de máscaras con filtros aptos para o monóxido ou o dióxido de carbono e outra serie de compoñentes ou substancias que emanan da combustión, do incendio forestal. Non se pode traballar nestas condicións.

É evidente que sempre hai que ter en conta as condicións meteorolóxicas durante todo o ano, porque o risco de lume está aí.

Hai que falar das medidas, de que non temos un servizo de prevención traballando no monte nos meses de baixo risco, como na limpeza de monte como medida de precaución. E é moi importante o coñecemento do lume, do seu comportamento, de como protexer a propia vida e a allea durante a actuación da extinción.

Non se pode poñer en valor o patrimonio forestal, a biodiversidade. Habería moitos menos incendiarios se o monte fora un valor para a Xunta, se tiveramos un goberno que velara polo coidado e a explotación racional do monte.

E como consecuencia tamén destas políticas ponse en perigo a vida da veciñanza próxima ao incendio, a vida de numerosos animais e de plantas, e tamén aumenta a superficie afectada polo incendio.

É moi importante tamén, dentro das políticas que debería levar a Xunta, a educación da poboación en materia de emerxencia, pois é preciso unha rede que desenvolva estas competencias co mesmo nivel de implicación e calidade que a propia resposta operativa, xa que a formación cidadá é fundamental para minimizar as consecuencias, sobre todo naquelas zonas rurais que quedan moito máis afastadas e ás que se tarda moito máis tempo en chegar para que os propios profesionais poidan facer a extinción do lume.

Imos apoiar a proposición non de lei de AGE porque entendemos que todos o profesionais deben ter unhas condicións mínimas para o traballo, para o desenvolvemento do seu traballo, e para a súa vida. E tamén entendemos que é importantísima, dentro da política de fixar a poboación, esta medida.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, como xa manifestou o señor Fajardo na súa intervención, esta iniciativa foi debatida xa en diferentes ocasións e en diferentes formatos neste Parlamento. Poderíamos dicir que o que dá orixe a esta iniciativa é o que xa definimos nalgunha ocasión neste Parlamento como “a brigada de demolicións Feijóo”, que consiste fundamentalmente en demoler todas aquelas políticas que tiñan como finalidade promover cambios estruturais neste país e, por suposto, todas aquelas políticas que deixaran algún vestixio positivo da existencia daquel maldito bipartito que gobernou este país durante algo máis de tres anos.

Aínda que as intervencións anteriores se centraron fundamentalmente no aspecto laboral desta política concreta de demolicións do señor Núñez Feijóo, poderíamos dicir que esta iniciativa ten dúas vertentes. Por un lado, a vertente estritamente laboral, da que xa se falou aquí, de traballadores dunha empresa pública que na práctica actúa como unha ETT de traballadores que traballan como moito tres meses ao ano e que, pola súa condición de fixos discontinuos, non teñen dereito nin a prestacións nin a subsidios de desemprego, que en moitas ocasións mesmo tiveron que devolver ao cabo dos meses miles de euros que percibiran por prestacións, por subsidios de desemprego; traballadores, en definitiva, nunha situación de explotación que, como se dixo, nin teñen convenio. Mesmo a Xunta de Galiza —e así nos respondeu a este grupo parlamentario unha directora xeral nunha comisión— se nega a cumprir as súas propias leis, como é a Lofaxga, que establece que é de aplicación a todo o que se coñece como “administración instrumental”, a todo o persoal desa administración paralela, o convenio colectivo de persoal laboral único.

A directora xeral dixo que se comprometían a negociar un convenio de empresa cos traballadores de Seaga, e levan practicamente dous anos desde a última reunión que houbo para a negociación dese convenio sen que volvese haber ningún outro sinal de vida intelixente na Xunta de Galiza en

relación con este asunto. Por certo, igual que en relación con moitos outros.

Pero hai un tema que para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten tamén moita importancia, que ademais, efectivamente, é a causa pola que estes traballadores están nesta situación. A empresa pública Seaga non naceu nin para ser unha empresa de traballo temporal nin naceu para ser un complemento unicamente do dispositivo de extinción de incendios durante os meses de máximo risco de incendios forestais, durante a temporada alta. A empresa pública Seaga naceu para ser unha empresa de servizos agrarios e forestais, para promover cambios estruturais neste país, para ser unha empresa ao servizo do desenvolvemento agrario e forestal deste país, para crear riqueza e, polo tanto, non para ser un instrumento de precarización dos traballadores. Porque a filosofía da empresa pública, e así figuraba no decreto da súa creación e así figuraba na propia empresa, era ter unha plantilla estable de traballadores formados, con formación en políticas de desenvolvemento rural, forestal e medioambiental, que traballasen todo o ano para a empresa pública e, en todo caso, e tamén coa formación adecuada, para, nos meses de máximo risco, integrarse no dispositivo de loita contra os incendios forestais, e non —insisto— nun instrumento para precarizar.

Pero o Partido Popular ten un modelo de loita contra os incendios forestais totalmente diferente por varias razóns. Primeiro porque vostedes non cren na organización e na ordenación preventiva do noso territorio nin do noso espazo forestal; porque vostedes cren que todo ten que facer a iniciativa privada e, polo tanto, non cren que a Administración pública teña que intervir para establecer unha ordenación preventiva do noso espazo forestal; porque vostedes o que cren é que os incendios teñen que ser un gran negocio para as empresas privadas e para as empresas amigas e, polo tanto, non lles interesaba nin que houbese unha ordenación preventiva nin que houbese un instrumento público ao servizo da política forestal.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Por iso desmantelan vostedes un instrumento público ao servizo do país, da prevención e da loita contra os incendios forestais, e non lles importa, de paso, levar por diante todos os dereitos laborais mínimos e básicos dos traballadores.

Por iso eu digo que este grupo parlamentario, o BNG, vai votar favorablemente esta iniciativa. Pero por desgraza, en vista dos antecedentes tanto pretéritos como máis recentes, teño moitas dúbidas de que o Partido Popular saiba nisto, igual que noutras moitas cousas, rectificar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, eu quixera comezar a miña intervención cun recoñecemento, cun recoñecemento ao traballo que desempeñan as e os profesionais do servizo de prevención e de extinción de incendios pola súa contribución á protección dos nosos montes, á protección da gran riqueza natural e ambiental de Galicia, e en moitos casos tamén polo esforzo e salvagarda do patrimonio e incluso da vida de persoas.

O dispositivo –xa se falou aquí– é un dispositivo amplo, brigadas de Seaga, brigadas da Xunta de Galicia, brigadas dos concellos e tamén os grupos de emerxencias supramunicipais. Polo cal contan todos co recoñecemento do Grupo Popular nesta Cámara, non só co recoñecemento senón tamén co apoio do Grupo Popular.

E dito isto, e entrando no fondo do asunto, AGE recupera eu diría que o mal costume de aplicar a doutrina do mínimo esforzo, de volver traer iniciativas que xa foron debatidas e votadas en comisión e en pleno. Esta, en concreto, vívola en comisión dúas veces, o 18 de decembro do ano 2015 e o 2 de febreiro do ano 2016, ambas na Comisión 7ª desta Cámara, e ambas con acordos idénticos ou practicamente idénticos.

E eu téñolles que dicir que a posición do Partido Popular non variou, a posición do Partido Popular non variou. E non porque non pensem que este persoal non mereza recibir todas as melloras posibles. Incluso reclamamos a Seaga que as estude e, en función do posible, que as poña en marcha.

Pero resulta, cando menos, eu diría que absurdo pensar que este Parlamento ten que substituír os foros axeitados para discutir este asunto, sobre todo cando son cuestións que están a tratarse no seo dun proceso de negociación colectiva. E eu creo que, ademais, vostedes intentan xogar cos traballadores e vostedes intentan xerarlles, neste caso, falsas expectativas sobre unha empresa que é certo que se trata dunha sociedade mercantil pública, pero que ten autonomía na súa organización. Tamén eu creo que xogan cando intencionadamente esquecen dicir algunhas cousas, como, por exemplo, que as brigadas de Seaga son un dispositivo de reforzo para períodos de alto risco. E isto, como é lóxico, condiciona a duración dos contratos. Este período abarca os meses de xullo, agosto e setembro; é dicir, tres meses, de igual xeito que aconteceu coa maioría do persoal implicado no dispositivo, nesta época, das brigadas, por poñer un exemplo, dos concellos.

E explicado isto, si que resulta curioso que agora vostedes propoñan aumentar este tempo. Porque parece que teñen vostedes unha memoria selectiva e que teñen vostedes un comportamento distinto cando están na oposición que cando están no goberno. Porque no dispositivo creado en Seaga no ano 2007, baixo o Goberno bipartito –dirixía esta consellería o Bloque Nacionalista Galego, a Consellería de Medio Rural–, os traballadores eran contratados por obra ou servizo determinado, en períodos incluso inferiores aos tres meses. Iso está aí, eran contratados por obra ou servizo en períodos incluso inferiores aos tres meses. E daquela vostedes non falaban, e daquela vostedes non dicían que estes eran uns contratos indignos, como din na exposición de motivos desta iniciativa.

E en relación coa aplicación dos convenios aos que fai referencia o señor Fajardo, a lectura da lei non pode facerse parcialmente, e a disposición transitoria sexta dá ese prazo de dous anos para negociar a aplicación do convenio da Xunta, pero tamén condiciona esta negociación á situación orzamentaria e a un calendario que se negociará no seo da Mesa Xeral de Empregados Públicos. E non entendemos por que queren substituír este proceso de diálogo, porque as condicións en Seaga poden ser incluso mellores que as previstas pola Xunta de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Polo cal, eu xa sei que vostedes probablemente traen esta iniciativa porque, traendo esta iniciativa catro, cinco ou seis veces, aforran vostedes de facer catro, cinco ou seis iniciativas. Pero a vostedes páganlles por traballar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: A verdade é que un non deixa de sorprenderse cada vez que fala o señor Balseiro, porque que diga o da doutrina do mínimo esforzo e que nos pagan por traballar unha persoa a quen lle escriben ata as pausas das súas intervencións, que é incapaz de redactar nada el por si mesmo e vir aquí a expoñer a súa posición se non é o que lle pon alguén que pon a wikipedia, como xa demostramos nunha comisión máis dunha vez, pois ten narices, e que nos acuse aos demais de vagos incluso unha persoa que é incapaz de saltar polo forro o acordo da Mesa do Parlamento de non utilizar os medios de transporte da Mesa para cousas que non teñen nada que ver con actos oficiais. Polo tanto, aqueles que acusan aos demais de non traballar que se apliquen o conto, que traballen un pouquiño e que fagan as cousas, que non veñan aquí a tomar o pelo.

E, despois, que cada vez que este grupo toma unha iniciativa en defensa dos traballadores vostedes digan que non faciamos nada no 2009 no Bipartito, ¡home!, por desgraza para nós AGE no 2009 aínda estaba en proceso... Non sei como chamarlle, porque no 2009 nin sequera sabiamos que ía existir AGE.

Pero, dende logo, o que xa é bastante lamentable é que vostede diga que é absurdo –absurdo, dixo, non sei o que significa pero dixo que é absurdo– que se traia esta iniciativa cando hai un proceso de negociación. Home, a lei plantexa que o proceso de negociación se comece no 2010, cun prazo de dous anos. Polo tanto, eu creo que a ese proceso de negociación nin sequera se lle deu comezo. Pero o que xa é unha tomadura de pelo é que me diga vostede que non o apoia porque non vaia ser que o proceso de negociación

deia unhas condicións mellores que ao persoal laboral da Xunta. Mire, a min non me tome o pelo, non me tome o pelo. Porque eu pode ser que sexa un deputado novato, pero gilipollas non son, e dende logo aínda descoñezo algunha iniciativa do Partido Popular, o partido dos traballadores –como dixeron ultimamente–, que mellore as condicións laborais de calquera traballador deste país, ¡ningunha!, ¡nunca!, nunca foi así.

Pero, dende logo, non invente as cousas, non invente as cousas. Se vostede vai ao que é a constitución de Seaga e os seus obxectivos, en ningún sitio deses obxectivos pon que sexa un equipo de reforzo para situacións de risco extremo.

Vostede ten unha capacidade enorme para inventar as posicións que defenden segundo que cousas, e ademais inventa incluso a norma cando vostede me di que na lei está referido á situación orzamentaria. Dígame onde, dígame artigo, parágrafo concreto, se é capaz, se é que algún día leu a lei, que esa é outra cousa que eu dubido, que algún día lera máis alá do extracto que lle dan para comparecer aquí.

Pero, sobre todo, a min gustárame que me dixera por que vostede non quere cumprir con algo que di simplemente “mellorar as condicións laborais dos traballadores”. A segunda cuestión que se plantexa é: “Ante a situación de risco evidente, cremos que é necesario que este servizo teña un elemento de prevención”. E é imposible facer prevención en xullo e agosto.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Fajardo, vai rematar o seu tempo, posicione se sobre a emenda socialista, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Aínda me quedan vinte segundos, quédame tempo de sobra. A verdade é que o nivel... Bueno, non digo nada, quédanme vinte segundos para falar do que ía falar, e estaba plantexando a necesidade de que se dea maior capacidade de contrato ás persoas non só pola súa situación laboral senón para mellorar a situación dos nosos montes. E dábame tempo de sobra, antes de que vostede me cortara con algunha intencionalidade, para dicirlles aos compañeiros do Partido Socialista que aceptaba integramente a súa emenda como substitución do noso punto 2. Pero, dende logo, aquí a capacidade de liberdade de expresión para cada un, segundo quen fale...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Máis nada e moitas grazas.
(Aplausos.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar e co conxunto das forzas políticas

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta proposición non de lei presentáronse tres emendas, unha do Grupo Mixto, outra do Grupo do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Popular.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e voceira, Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á inmediata paralización da aplicación da LOMCE.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que inste o Goberno do Estado a derogar a LOMCE e realizar as actuacións necesarias conducentes a acadar un necesario pacto de Estado para a educación cuxo obxectivo sexa a elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar e co conxunto das forzas políticas representadas nas Cortes, co fin de dotar dunha vez por todas de estabilidade ao sistema educativo deste país”.)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Propoñemos a modificación da parte resolutiva que quedaría da seguinte maneira:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Paralizar a aplicación da LOMCE na Galiza.

2. Dirixirse ao novo Goberno do Estado para que derogue a LOMCE e proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar, coas comunidades con competencias exclusivas en educación e co conxunto das forzas políticas representadas nas Cortes, co fin de dotar dunha vez por todas de estabilidade ao sistema educativo deste país Unha nova lei que teña en conta o carácter plurinacional do Estado e que facilite a existencia dunha lei educativa propia para Galiza que teña en conta, respecte e promova a nosa cultura, a nosa historia, o noso idioma e os nosos intereses educativos”.)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, a partir da lei orgánica en vigor, se explore a posibilidade de acadar un pacto de Estado pola educación que trate de consolidar a senda de mellora dos indicadores de resultados consecuencia das innovacións pedagóxicas e metodolóxicas postas en marcha nos últimos anos.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a iniciativa, ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Estamos xa en familia, toca ver o fútbol e xa marchou o señor Santalices.

Aquí está de novo o Grupo Socialista insistindo e perseverando na súa constante loita contra a LOMCE. E facémolo recollendo unha vez máis o amplo sentir da comunidade educativa deste país, aínda que tamén sabemos que temos diante de nós unha auténtica rocha, o Partido Popular, que segue erre que erre, coma o martelo pilón, defendendo esa lei que fixeron en solitario. E seguen defendéndoa na máis absoluta soidade política e social.

Hai poucos días, este deputado que lles fala compareceu publicamente nunha rolda de prensa para pedir por enésima vez a Núñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran de maneira inmediata o temerario calendario de implantación da LOMCE, e hoxe pídoos de novo aquí en sede parlamentaria. Comparecín hai uns días, señorías, para pedirilles a Núñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran a reválida de 6º de Primaria, prevista para o próximo mes de maio, en plena semana das letras galegas –como di a miña compañeira Marisol Soneira, ¡manda chover na Habana!–, tal e como está demandando neste momento masivamente o conxunto da comunidade educativa.

E comparecín asemade para pedirilles que paralizaran a reválida de 2º de Bacharelato, tal e como están pedindo os representantes dos institutos, os estudantes, os colectivos de nais e pais, e mesmo a propia Conferencia de Reitores.

E comparecín tamén, ¡como non!, para pedirilles que deixaran de enganar, manipular e confundir a opinión pública con este controvertido asunto.

Señorías, o Grupo Socialista é un grupo responsable, e por iso cómpre de novo aclararlle á sociedade galega o que nós queremos facer e na orde en que queremos facelo. Hoxe os socialistas queremos, primeiro, paralizar a LOMCE; segundo, elaborar unha nova lei de educación consensuada co conxunto da comunidade educativa, e con capacidade de durar no tempo; e, terceiro, e feito o anterior, soamente feito o anterior, nese momento si derrogar a LOMCE. Agardo que lles quede claro fundamentalmente ás señorías do Grupo Popular, para que deixen de enredar e manipular a opinión pública poñendo na nosa boca cousas que nós nin dixemos nin queremos facer.

Todos e todas vostedes saben que este deputado que lles fala dixo sempre que o calendario de implantación da LOMCE

foi e segue sendo a día de hoxe precipitado e temerario. E sirvan como exemplos do que digo a posta en marcha á présa e correndo dos decretos de Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP básica, as novas programacións didácticas ou a posta en escena das diferentes e variadas reválidas que a LOMCE trouxo baixo o brazo.

E teñen que saber todos vostedes que a día de hoxe temos unha nova razón para pedirilles publicamente que paralicen o calendario da implantación da LOMCE. Esa nova razón, señorías, é xustamente que o Congreso dos Deputados, que segue tendo a día de hoxe toda a lexitimidade democrática, votou e aprobou por ampla maioría hai uns días unha proposición de lei do Grupo Socialista nese senso.

Señorías, o Partido Socialista ten sido tremendamente crítico durante todo o proceso de elaboración e posta en marcha da LOMCE, tanto no conxunto de España como aquí en Galicia. Entendíamos no seu momento e seguimos entendendo a día de hoxe que este país perdera por motivos sectoriais e claramente partidarios unha nova oportunidade de dar estabilidade ao sistema educativo; unha estabilidade que leva demandando –por certo, con gran insistencia– o conxunto da comunidade educativa deste país.

É necesario dicir unha vez máis neste Parlamento, alto e claro, que o goberno do Partido Popular se empeñou a fondo para poñer en marcha esta nova lei educativa, que case ninguén quería, e para intentar deixala atada e ben atada. Pero olvidaron nada máis e nada menos que había pendentes unhas eleccións xerais. E probablemente nos próximos días teremos outras.

O Grupo Socialista dixo sempre que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado tiveran demasiada présa por implantar a LOMCE, porque sabían que era unha lei que duraría exactamente o que durara o goberno do presidente Rajoy na Moncloa. E dixemos tamén que, chegado ese momento –se finalmente chega–, os socialistas abordaríamos a elaboración dunha lei educativa con amplo consenso social e político, e con capacidade real de durar no tempo. Dixemos que chegado ese momento iniciariamos paulatinamente o camiño para alcanzar en oito anos un investimento educativo do 7 % do PIB, que empezariamos a recuperar paulatinamente as inxentes cantidades de recursos recortados na educación galega –en total 400 millóns de euros nos

últimos anos–, que empezariamos a repoñer progresivamente as condicións laborais e profesionais arrebatadas ao profesorado e as cantidades dedicadas ás becas dos nosos estudantes. E quero dicirlles hoxe de novo en sede parlamentaria que todos eses compromisos seguen vixentes a día de hoxe.

Señorías, eu sempre sostiven e sosteño tamén hoxe que en educación non hai receitas máxicas, en educación existe o traballo constante e sostido no tempo. A educación necesita estabilidade, necesita recursos, si, pero por riba de todo necesita coidar e respectar o seu profesorado, pois sen el non hai reforma milagreira que mellore o sistema educativo de ningún país no mundo.

A LOMCE supuxo sen dúbida un ataque sen precedentes á escola pública deste país, e para os socialistas esa era claramente unha liña vermella que o Partido Popular traspasou sen complexos, utilizando a súa maioría absoluta.

Os pasos que nós queremos dar se temos a oportunidade de gobernar en España –e insisto niso– son moi clariños e non admiten manipulación: primeiro, paralizar o calendario de implantación da LOMCE; segundo, elaborar consensuadamente nos próximos seis meses unha nova lei educativa con capacidade de durar no tempo; e, terceiro, nese momento si derrogar a LOMCE.

E, sinceramente, cústame moito entender cal destes tres pasos que queremos dar non entenden as señorías do Grupo Popular.

Señorías, aínda estamos a tempo de paralizar o calendario de implantación da LOMCE en Galicia, en consonancia co que están a pedir 12 das 17 comunidades autónomas. Estamos a tempo de non poñer en marcha as reválidas de 6º de Primaria e de 2º BAC, e estamos tamén a tempo de non implantar no curso próximo os cursos de 2º e 4º da ESO mentres non se clarifique cal será o futuro da propia LOMCE.

Teñen vostedes unha nova oportunidade hoxe de escoitar ese sentir xeneralizado ou optar, como fixeron ata o de agora, por seguir erre que erre coa súa aposta en solitario pola LOMCE e polo seu atropelado calendario de implantación. Vostedes deciden, donas e cabaleiros do Grupo Popular.

Pola miña parte, máis nada neste primeiro turno, e agardo que esta iniciativa mereza a aprobación desta Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Iglesias Sueiro ten a palabra.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A emenda que propoño inclúe a paralización na aplicación da LOMCE na Galiza e que a elaboración dunha nova lei consensuada se faga dentro dun pacto de Estado, que reforzaría a necesaria estabilidade do sistema educativo que se propón na proposición non de lei do PSdeG-PSOE.

A LOMCE é unha lei que foi imposta na lexislatura anterior pola maioría absoluta do Partido Popular sen contar con consenso dos outros grupos parlamentarios nin da comunidade educativa nin dos sindicatos nin da sociedade civil en xeral. Pero o mapa político que deixou a última convocatoria electoral e a situación política actual, un goberno en funcións e unha moi posible repetición das eleccións, vislumbran un novo arco parlamentario sen maiorías absolutas, máis plural e representativo, un arco parlamentario sen maiorías absolutas e obrigado a gobernar en función do consenso e a negociación. A min permítanme que me pareza moito máis democrático e representativo.

Pero volvendo á cuestión da que trata esta PNL, e que vai contar co noso voto favorable, resulta imprescindible un pacto de Estado pola educación que mire cando menos cara a unha xeración, non a unha lexislatura ou a un goberno, e que garanta un sistema educativo público e de calidade para todas.

É o uso da educación como ferramenta partidista o que impide que contemos cun sistema pedagóxico perdurable no tempo. Xa se perde a conta das leis educativas que levamos dende a Transición. Eu non sei, corríxanme, pero creo que son oito. Cada novo turno na alternativa bipartidista xera

unha modificación lexislativa na educación. Bueno, ao mellor trabuqueime aí, pero máis ou menos é así señor conselleiro.

Unha lei educativa impulsada única e exclusivamente por unha maioría parlamentaria está condenada ao fracaso. Ao non existir un acordo entre as forzas políticas, os sectores profesionais, a comunidade educativa e os sindicatos, a súa duración está supeditada á duración da permanencia no Goberno do partido que a creou e a impulsou.

Está claro, polo tanto, que é necesario e urxente un acordo social e político que sente as bases dun sistema educativo e público de calidade para as vindeiras décadas, como mínimo. É un reto que exige reflexionar sobre pactar, pactar un novo modelo educativo que parta das propostas e criterios de expertas representantes da comunidade educativa e da sociedade civil, que estableza e fixe as liñas irrenunciáveis en idoneidade da educación pública.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

Señor Docasar, coincidimos con vostede na necesidade, desde logo, de derrogar a LOMCE, unha lei totalmente nociva para os intereses do ensino público galego, unha lei que introduce cambios lexislativos que deterioran a calidade do ensino público galego, e unha desas deterioracións graves son as famosas reválidas que hoxe están, por desgraza, de actualidade. Coincidimos coa necesidade de derrogar a LOMCE, mais presentamos unha emenda coa idea de completar a súa proposición non de lei, emenda de adición, en dous aspectos clave.

O BNG entende que tamén hai que instar a Xunta para que paralice a aplicación da LOMCE na Galiza, o mesmo que reclaman a inmensa maioría das comunidades autónomas do

Estado. E un segundo aspecto que nós pensamos é que cómpre tamén consensuar, efectivamente, unha nova lei, mais que teña en conta o carácter plurinacional do Estado e que facilite unha lei educativa propia para Galiza, que teña en conta, respecte e promova a nosa cultura, a nosa historia, o noso idioma e os nosos intereses educativos.

Cómpre derrogar a LOMCE, señorías, esa lei imposta que concitou na Galiza a maior oposición nunca habida en contra dunha lei educativa, a oposición das ANPA galegas, dos sindicatos do ensino, movementos de renovación pedagóxica, partidos políticos e mesmo do estudantado, que o pasado día 12 se manifestou por milleiros en contra da LOMCE enchendo as rúas do noso país.

Cómpre derrogar a LOMCE, señoras e señores deputados, atendendo ás reclamacións da comunidade educativa galega. Onte mesmo a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público chamaba a mobilizarse para derrogar a LOMCE e para derrogar de paso as famosas reválidas de 3º e 6º, impostas en contra da vontade maioritaria da comunidade educativa galega. Chamou a concentrarse a todos os pais e profesores o día 4 de maio, o día 9 e o día 11, que é cando comeza a nova reválida de 6º; unhas reválidas que se lles imponen a unhas nenas e a uns nenos de menos de 12 anos. O pasado ano máis do 50 % das familias que acoden cos fillos ao ensino público protestaron enerxicamente contra esta proba. E o día 11 do presente mes de maio queren imponer unha nova a 22.000 alumnos de menos de 12 anos, de 6º de Primaria, e sometelos a un estrés innecesario, ninguneando a avaliación continua que fai o profesorado galego e en contra, xa digo, da opinión maioritaria da comunidade educativa galega. As reválidas foron contestadas, xa dixen antes tamén, pola maioría das comunidades autónomas.

A LOMCE é unha lei que nace morta, como dixo o portavoz do Grupo Socialista, e debe ser derogada por recentralizadora, porque invade as competencias educativas galegas e porque intenta afastar totalmente o ensino da nosa realidade social, histórica e cultural. E por desgraza, coa venia da propia Consellería e do Goberno galego.

Curiosamente hoxe, 26 de abril, que se cumpren 170 anos do fusilamento dos mártires de Carral, 170 anos despois do fusilamento dos mártires da liberdade, negados pola historia oficial, os mártires contra a recentralización, aqueles dos que

o poeta Manuel María dicía: “En Carral está a cova/ dos Heroes da Libertá/ ¡semente fecunda e nova/ que un día florecerá!”. Eses que foron derrotados en Cacheiras, mais que permanecen na historia, hoxe 170 anos despois, dende o estrado do Parlamento galego, reclamamos coma eles en contra da recentralización dunha lei educativa, que hai que derrogar porque supón unha afronta ao profesorado, e un desprezo ao traballo que eles fan; que hai que derrogar porque só miden os resultados das materias obxecto de exame dos alumnos, e porque pretende recuperar unhas reválidas, esquecidas xa, do franquismo que o único que pretenden é cribar, seleccionar e apartar o estudantado galego de poder continuar estudos superiores.

Agardo, señor Docasar, que acepte a emenda de adición que o BNG plantexa. De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Popular, ten a palabra o señor Fariñas Sobrino.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Presentamos unha emenda hoxe, señor Docasar, que o único que persegue é acadar unha vontade xeneralizada de acordo aquí nesta Cámara, para ver se somos capaces de ceder todos aínda que sexa nunha parte que nos toque a cada un, porque niso consisten os acordos, e ser capaces de materializar un sistema educativo de calidade, un sistema educativo –como di vostede– que perdure no tempo, e, á parte, que sexa equitativo tamén, ¿verdade?, e que dea resposta a unha sociedade que pretende ter a xuventude mellor formada da historia de España; cuestión que acostumamos a repetir e que parece ser que a única maneira de conseguila é tendo leis socialistas. Porque fala vostede de estabilidade, pero se non houbo estabilidade sería porque as leis socialistas se foron reformando a si mesmas continuamente, pero ningunha outra lei estivo en vigor máis que as súas. Polo tanto, cando falamos de pactos e falamos da LOMCE poderíamos falar de calquera outra lei, de calquera outra, porque non houbo consenso, nunca houbo consenso.

En calquera caso, parece recomendable que para falar de consensos e de acordos teñamos que recorrer á obxectividade,

á responsabilidade, para poder acadalos por todas as partes. Pero, claro, vén vostede aquí e di que o señor conselleiro, o grupo parlamentario e este voceiro somos uns temerarios. E inmediatamente despois di vostede que hai que paralizar a lei, non cumprila, incumplir unha lei. E dío nunha cámara lexislativa, incumplir unha lei orgánica, iso non é temerario. *(Murmurios.)* Non, non é temerario non aplicar a lei cando xa está aplicada na metade dos cursos. Estase aplicando agora en calendario no resto dos cursos. ¿Que pasa? ¿Aplicámola á metade, a uns si, a outros non? ¿Que lles aplicamos aos que quere vostede paralizar? ¿Facemos convivir dous sistemas distintos? ¿Como os avaliamos despois? Aquí *pan para hoy y hambre para mañana*, ¿ou como o facemos? ¿Que pasen sen avaliación e raseiro por abaixo? ¿Iso é o que está proponendo vostede? E iso non é ser temerario. Bueno, ¿volvemos ao sistema anterior? ¿Volvemos ao sistema do fracaso, ao 30 % de fracaso escolar? ¿Iso é o que está proponendo?

Porque, claro, fala de derrogar e facer unha lei, ¿con quen?, ¿cos partidos nacionalistas e separatistas, que foi cos que fixeron sempre as leis? *(Murmurios.)* Porque co Partido Popular nunca pactaron ningunha, nunca. *(Murmurios.)*

Eu presento unha emenda. A ver, en Madrid tampouco foron capaces de pactar a semana pasada nin a anterior, nin sequera con aqueles que firman documentos para unha suposta campaña de goberno ou tarefa de goberno, nin sequera con Ciudadanos foron capaces de pactar unha proposición que foi ao Pleno do Parlamento en Madrid, non foron capaces, non houbo consenso. Tampouco houbo consenso cunha que presentou o Partido Popular precisamente para que houbera consenso. Para que haxa consenso ten que haber unha disposición a ese consenso.

Despois, eu insisto, a LOMCE non derogou a LOE, non a derogou. Simplemente a modificou; curiosamente en 95 artigos e disposicións dos 228 dos que consta, un 41,6 %. É dicir, aceptamos un 60 % da lei, se quere vostede, e aínda encima –cousa que nunca se dixo aquí, non o deben de considerar oportuno–, o 70 % das propostas que fixo o ex ministro de Educación, o señor Gabilondo, no seu pacto social e político pola educación foron incorporadas a esta lei. Pero non teñen ningún criterio, non deben de valer para nada. Iso non vale para consensuar. Pois nós cremos que a LOMCE é unha boa base para consensuar, é unha boa base porque está

en vigor, é unha lei orgánica e hai que cumprila, señor Docasar. Vostede sabeo, e eu non quero ser temerario. E sei que vostede tampouco quere ser temerario.

Despois algo aprendemos, xa di de derrogar a LOMCE despois de non aplicala. Bueno, antes xa presentou vostede, para a aprobación aquí, iniciativas para derrogar a LOMCE. Agora xa imos mellorando. No que non melloramos é no das probas de avaliación individualizada. Aí seguimos chamándolles reválidas cando sabe vostede, como docente, que nada hai que revalidar, que non é un exame, nin sequera unha proba de coñecementos dos alumnos. É unha avaliación da idoneidade do sistema educativo para ver se lles proporciona as habilidades, destrezas e competencias clave aos estudantes.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Remato, señora presidenta.

Por iso presentamos esta iniciativa, a ver se somos capaces aquí desde o Parlamento de Galicia de mandar ao Congreso dos Deputados, ao Goberno de España, ao que resulte, de mandar un recado –aos nosos tamén– de que Galicia sexa a primeira comunidade autónoma de España que conte cun acordo dun parlamento que insta o Goberno central a aplicar unha lei con consenso de todos os partidos políticos. Ese é o compromiso do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fariñas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta. E boa tarde a todas e a todos.

A realidade é que o absurdo e o empeño do Partido Popular por salvar a LOMCE nestes momentos alcanza e mesmo sobrepasa xa o absurdo. Vostedes saben, saben os señores do Partido Popular, que a estas alturas a LOMCE non ten percorrido xa. É unha lei que non ten salvación, que está en fase terminal, e iso é unha evidencia. O Congreso dos Deputados

aprobou a súa paralización. Pero é que é máis: todos os partidos están en contra da LOMCE agás os señores do Partido Popular. E vostedes semella que non entenden e que aínda non asumiron que o tempo das maiorías absolutas do Partido Popular rematou. Polo tanto, non ten sentido apostar por unha lei que só vostedes defenden. Esa é unha realidade que teñen que asumir.

Póñolle un exemplo. O 21 de abril, o pasado 21, o Ministerio de Educación convocou unha xuntanza técnica para organizar as reválidas, e tan só asistiron as comunidades gobernadas polo Partido Popular, cinco e Navarra. Once comunidades autónomas deixaron plantado o Partido Popular. Neste momento, a día de hoxe, o 70 % do alumnado de 3º e 6º de todo o Estado non será convocado para realizar as súas reválidas, e vostedes erre que erre coas reválidas. E saben que non hai maior inseguridade xurídica que aprobar unha lei que non se pode poñer en marcha, iso si é inseguridade xurídica. E vostedes insisten nunha norma que provoca inseguridade xurídica porque soamente vostedes apostan por ela. Esa é a realidade, a LOMCE non se vai aplicar, as reválidas non se van aplicar. E vostedes, que son os grandes defensores da gobernabilidade, deberían entender esa cuestión e a partir de aí poñerse a traballar. Pero, bueno, insisten no error.

Creo que sobre esta cuestión debatemos xa suficientemente neste Parlamento. Polo tanto, eu vou dicir que coincido en liñas xerais coa iniciativa defendida polo Grupo Socialista. Pero quixera tamén, por avanzar e por incorporar novos elementos ao debate, facer un par de matizacións, dúas matizacións.

En primeiro lugar, non asumo o relato de que tivemos demasiadas leis educativas en España e que cada goberno que chega implanta a súa propia lei. Sei que non é politicamente correcto, pero eu non o asumo. Voulle explicar por que. No Estado español ten habido dúas grandes leis educativas nos últimos cincuenta anos: a Lei xeral de educación, de 1970 e a LOXSE, en 1990. Non son demasiadas. A partir de aí houbo reformas e modificacións da lei. A Lei de calidade foi un intento de modificación pero frustrado porque non se levou adiante, e a LOE foi unha reforma parcial da LOXSE, esa é a realidade. Polo tanto, agora a LOMCE é un terceiro intento de gran reforma pero tampouco vai ser aplicado. Polo tanto, en cincuenta anos levamos dúas grandes refor-

mas educativas. Non podemos estender un tópico que non é real, que non é verdade, por moi asumido que sexa de xeito irracional.

Segundo matiz: tampouco asumo que o consenso sexa o gran reto educativo do noso país, non é certo. Os grandes retos do noso sistema educativo son, en primeiro lugar, acadar un ensino público universalizado e de calidade para todas as persoas, independentemente da súa condición social, económica, étnica ou persoal, primeiro gran reto. Segundo gran reto: acadar un ensino laico no que a relixión quede fóra do ensino público e reservado ao ámbito do privado, iso si é un reto. Terceiro reto: acadar un ensino público de calidade con suficientes recursos e cadros de persoal, reservando o dereito de elección de centro —é dicir, o dereito de escoller centro privado— a aquelas persoas que queiran e poidan pagalo; e, polo tanto, deixar de derivar recursos públicos ao ensino privado, coa eliminación progresiva e paulatina dos concertos educativos para garantir un ensino público de calidade. Cuarto reto: asumir as aportacións da pedagogía, da psicoloxía, da socioloxía e artellar un modelo educativo científico, o contrario do que fai a LOMCE, onde se perpetúan e defenden cuestións que non teñen contido científico, como é a segregación do alumnado, absolutamente acientífico, como é utilizar metodoloxías de ensino absolutamente superadas. A LOMCE é unha lei acientífica, fóra do seu tempo, recupera reválidas, recupera o modelo do aprendiz a través da FP, onde o que se fai é substituír empregados con antigüidade para establecer traballadores simplemente polo caldo, como nos anos cincuenta; polo tanto, recuperar un modelo de ensino de calidade. Quinto lugar: poñer o ensino ao servizo da sociedade, (*Murmurios.*) e entender o ensino como unha panca social que defina o noso modelo de convivencia...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...que defina o que somos e que, polo tanto, defina tamén o que queremos ser. E non facer como se está facendo na actualidade, que é entender o sistema educativo ao servizo do mercado laboral. E esa non é a función da escola.

Sobre estes cinco elementos pódese mellorar o ensino. O consenso polo consenso, dende logo, non mellora o ensino. E moito temo que coa dereita...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...vai ser imposible traballar sobre estes cinco elementos. O que temos que conseguir é acadar un contrapoder a esta dereita para conseguir levar a adiante as reformas necesarias para mellorar o ensino. Nós, dende logo, imos traballar por iso.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señorías, de novo boas tardes.

Benvido, señor conselleiro.

Señor Fariñas, vostede hoxe está que se sae. (*Murmurios.*) Si, si, está que se sae falando de consenso despois de facer unha lei educativa en solitario sen contar vostedes con ningún. E hoxe vén aquí e ofrece consenso.

Por certo, todos os grupos fixeron unha emenda, menos o Grupo da AGE, e quero dicirlles que agradezo moito sinceramente que as fixeran. Cada un fixo a súa aportación. Pero vou pedir que se vote a iniciativa socialista tal e como nós a plantexamos, porque creo que é bastante clarificadora. É un xesto posiblemente, soamente é un xesto, pero creo que é un xesto importante deste Parlamento, estando como estamos na parte final da lexislatura. Como tamén sería un xesto de cara ao Goberno central, de cara ao propio Parlamento en Madrid.

Polo tanto, vaise votar a iniciativa tal e como foi presentada polo Grupo Socialista, agradecendo, iso si, a emenda que me presentou AGE, o BNG e mais o Grupo Popular —que tamén lle agradezo, señor Fariñas, que vostede tamén fixo a súa aportación—. (*Murmurios.*)

Dito iso, quero dicirlles que eu non sei cantas veces vou explicar en sede parlamentaria qué é o que queremos facer. Sempre intentan manipular e confundir a opinión pública co

que eu digo. Hoxe díxeno na primeira parte da miña intervención e díxeno na segunda parte, intentando ser moi didáctico e moi pedagóxico. Creo que non o conseguín, vouno volver intentar, vou atender a diversidade, neste caso do Grupo Popular e do señor Fariña.

¿Que queremos facer? Vouno dicir moi despaciño. Primeiro, queremos xustamente paralizar o calendario de implantación –ata aí imos entendendo–. Iso quere dicir que non fagamos a reválida de 6º de Primaria, que vai ser na semana das Letras Galegas, non fagamos iso. Non implantemos 2º de Bacharelato e 4º da ESO o ano que vén, e 2º da ESO, e fagamos durante ese tempo, elaborem durante seis meses –iso si, se hai un goberno en Madrid–, unha nova lei de educación con consenso, si, con consenso. E unha lei –como dixen eu na miña iniciativa– con capacidade de durar no tempo. Porque esa sería a mellor contribución da política ao sistema educativo deste país. É un tema que nos están pedindo os profesores, podemos facerlles caso ou non, pero iso é o que pide a comunidade escolar. E mentres non fagamos iso non haberá sistema educativo que poida mellorar. Señor Fariñas, iso é así. Mentres non teñamos estabilidade, señor Vázquez, esa estabilidade é fundamental, e iso quererá dicir que todos temos que estar razoablemente insatisfeitos. Ninguén pode pensar que fai unha lei socialista, popular, da AGE, do Grupo Mixto ou do BNG, porque iso non é así. Mentres non teñamos unha lei de educación para o sistema educativo deste país non será posible mellorar o noso sistema educativo. Iso é o que queremos facer, e a partir de aí deixen de manipular e enganar a opinión pública. Paralicemos, elaborem unha nova lei e despois si derroguemos a LOMCE. Iso non é, señor Fariñas, ser temerario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e media do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copá, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Paçín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermin	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25